FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

TRABALLO DE FIN DE GRAO

GRAO EN XORNALISMO

A TELEVISIÓN LOCAL EN GALICIA

CARA A CONCEPCIÓN DUN NOVO PROXECTO DE TELEVISIÓN LOCAL NO ÁMBITO DE LUGO

Autora: Jessica Fernández Cerdeira

Titora: Ana Isabel Rodríguez Vázquez

SANTIAGO DE COMPOSTELA

2020 – 2021

A TELEVISIÓN LOCAL EN GALICIA

CARA A CONCEPCIÓN DUN NOVO PROXECTO DE TELEVISIÓN LOCAL NO ÁMBITO DE LUGO

LA TELEVISIÓN LOCAL EN GALICIA

HACIA LA CONCEPCIÓN DE UN NUEVO PROYECTO DE TELEVISIÓN LOCAL EN EL ÁMBITO DE LUGO

LOCAL TELEVISION IN GALICIA

TOWARDS THE CONCEPTION OF A NEW PROYECT OF LOCAL TELEVISION IN THE AREA OF LUGO

RESUMO

A televisión local naceu como resposta á necesidade da sociedade por ter contido informativo audiovisual que tratase dos temas máis próximos ás persoas. Este modelo de televisión permite, ademais, que os cidadáns poidan participar dela e contar as súas historias na televisión. No caso concreto de Lugo, a cidadanía lucense puido desfrutar de tres proxectos televisivos entre 1994 e 2017, ano no que cesaron as emisións a través de TDT. Por esta razón, esta investigación ten por finalidade descubrir se o grupo propietario da última televisión local lucense Telelugo está disposto a volver a poñer en marcha as emisións da televisión local, catro anos máis tarde; se a sociedade lucense bota en falta unha televisión local lucense e, de habela, de que forma a imaxina.

PALABRAS CHAVE

Televisión local; Televisión Dixital Terrestre (TDT); novas plataformas dixitais; sociedade; Lugo.

RESUMEN

La televisión local nació como respuesta a la necesidad de la sociedad por tener contenido informativo audiovisual que tratase los temas más próximos a las personas. Este modelo de televisión permite, además, que los ciudadanos puedan participar de ella y contar sus historias en la televisión. En el caso concreto de Lugo, la ciudadanía lucense pudo disfrutar de tres proyectos televisivos entre 1994 y 2017, año en el que cesaron las emisiones a través de TDT. Por esta razón, esta investigación tiene por finalidad descubrir si el grupo propietario de la última televisión local lucense Telelugo está dispuesto a volver a poner en marcha las emisiones de la televisión local, cuatro años más tarde; si la sociedad lucense echa de menos una televisión local lucense y, de haberla, de qué forma la imagina.

PALABRAS CLAVE

Televisión local; Televisión Digital Terrestre (TDT); nuevas plataformas digitales; sociedad; Lugo.

ABSTRACT

Local television was born as a response to society's need for audiovisual news content that dealt with the issues closest to the people. This television model also allows citizens to participate and tell their stories on television. In the specific case of Lugo, the citizens of Lugo were able to enjoy three television projects between 1994 and 2017, the year in which DTT broadcasts ceased. For this reason, this research aims to discover whether the group that owned the last local television station in Lugo Telelugo is willing to restart local television broadcasts four years later; and whether Lugo society is missing a local television station in Lugo and, if so, how it imagines it to be.

KEY WORDS:

Local television; Digital Terrestrial Television (DTT); new digital platforms; society; Lugo.

ÍNDICE

1. Introdución 9
   1.1. Obxecto de estudo 9
   1.2. Xustificación da investigación 10
2. Marco teórico 11
   2.1. Revisión e redefinición da televisión local 11
   2.2. Breve historia da televisión local en España 27
      2.2.1. A televisión en España antes da chegada das televisións locais .. 30
      2.2.2. O desenvolvemento da televisión local en España 34
   2.3. O desenvolvemento da televisión local en Galicia 46
   2.4. A televisión local en Lugo 60
3. Obxectivos 81
4. Hipóteses 83
5. Metodoloxía 84
   5.1. Entrevistas 86
   5.2. Listado de persoas entrevistadas 89
6. Resultados da investigación 98
   6.1. Posibilidade de rexurdimento de Telelugo 98
   6.2. Pasado, presente e futuro da televisión local en Lugo 101
      6.2.1. Bloque 1: Recordar os proxectos de televisión local 101
      6.2.2. Bloque 2: Oportunidade actual 114
      6.2.3. Bloque 3: Modelo da futura televisión local en Lugo 128
7. Conclusións 151
8. Referencias bibliográficas 158
9. Anexos 167
   9.1. Anexo 1: Entrevista a Alfonso Riveiro, director de El Progreso 167
   9.2. Anexo 2: Entrevista a Lara Méndez, alcaldesa de Lugo 169
   9.3. Anexo 3: Entrevista a Ramón Carballo, portavoz municipal do PP de Lugo 171
   9.4. Anexo 4: Entrevista a Rubén Arroxo, portavoz municipal do BNG de Lugo 172

9.5. Anexo 5: Entrevista a Olga Louzao, portavoz municipal de Ciudadanos en Lugo 175

9.6. Anexo 6: Entrevista a Carlos Portomeñe, portavoz de Esquerda Unida de Lugo 177

9.7. Anexo 7: Entrevista a Paula González, portavoz de Lugonovo..... 181

9.8. Anexo 8: Entrevista a José Tomé, presidente da Deputación de Lugo..... 184

9.9. Anexo 9: Entrevista a Julio Díaz, presidente do sindicato ANPE en Lugo... 185

9.10. Anexo 10: Entrevista a Jesús Varela Lodeiro, secretario xeral de Comisións Obreiras en Lugo..... 187

9.11. Anexo 11: Entrevista a Antonio Niño, secretario comarcal da CIG en Lugo.. 190

9.12. Anexo 12: Entrevista a José Berciano, presidente provincial do sindicato CSIF en Lugo 191

9.13. Anexo 13: Entrevista a Daniel Sinde, secretario provincial do sindicato Jupol en Lugo 194

9.14. Anexo 14: Entrevista a Verónica Peteiro, vicesecretaria do sindicato SATSE en Lugo 197

9.15. Anexo 15: Entrevista a Brais Álvarez, coordinador do Sindicato Labrego Galego en Lugo 199

9.16. Anexo 16: Entrevista a Jesús Pedreira, secretario provincial do Sindicato Libre de Correos e Telecomunicacións..... 202

9.17. Anexo 17: Entrevista a Lois Pérez, representante do Sindicato de Traballadores do Ensino Galego en Lugo..... 204

9.18. Anexo 18: Entrevista a Verónica Marcos, secretaria de Igualdade en Unións Agrarias en Lugo..... 207

9.19. Anexo 19: Entrevista a Ángel Tomé, secretario xeral de UGT en Lugo..... 209

9.20. Anexo 20: Entrevista a Fernando López, responsable provincial en Lugo da Unión Sindical Obreira 212

9.21. Anexo 21: Entrevista a Víctor Manuel Álvarez, secretario comarcal da Unión Sindical de Traballadores de Galicia en Lugo..... 214

9.22. Anexo 22: Entrevista a Isabel Calvete, presidenta da federación FAPACEL..... 216

9.23. Anexo 23: Entrevista a María Eugenia Díaz-Valverde, presidenta da federación FAPA en Lugo 218

9.24. Anexo 24: Entrevista a José María Seijas, presidente da Federación Provincial de Comercio de Lugo 219

9.25. Anexo 25: Entrevista a Jaime López, secretario xeral da Confederación de Empresarios de Lugo 222

9.26. Anexo 26: Entrevista a Luís Abel, secretario da Federación de Asociacións Veciñais ‘Lucus Augusti’ 224

9.27. Anexo 27: Entrevista a Luís Eusebio Fidalgo, vicepresidente da Subdelegación Galega de Caza en Lugo..... 225

9.28. Anexo 28: Entrevista a Gerardo Castedo, presidente da federación FADAS de Lugo 228

9.29. Anexo 29: Entrevista a Iria Santidrián, orientadora laboral na delegación de Lugo de FADEMGA 230

9.30. Anexo 30: Entrevista a Vanesa Fernández, referente en funcións en FEAFES na delegación de Lugo..... 232

9.31. Anexo 31: Entrevista a Juan Gude, coordinador do centro en Lugo de COGAMI 234

9.32. Anexo 32: Entrevista a Fernando González, director xeral da asociación Alar Galicia de Lugo..... 236

9.33. Anexo 33: Entrevista a Iria Abel, directora da asociación Adace en Lugo... 239

9.34. Anexo 34: Entrevista a Estefanía Sánchez, presidenta da asociación Bonhomía de Lugo..... 240

9.35. Anexo 35: Entrevista a Patricia Casal, psicóloga da asociación Alcer Lugo.. 243

9.36. Anexo 36: Entrevista a Eduardo Fernández, vicepresidente da asociación Aspalu 244

9.37. Anexo 37: Entrevista a Verónica Fernández, secretaria da asociación ALUCEM 246

9.38. Anexo 38: Entrevista a Lucía Martínez, traballadora social de ASPACE en Lugo 248

9.39. Anexo 39: Entrevista a Jose Castro, tesoureiro da Sociedade Micolóxica Lucus. 249

9.40. Anexo 40: Entrevista a Ángel Trabada, presidente da Asociación Amigos do Camiño de Santiago en Lugo..... 251

9.41. Anexo 41: Entrevista a María Ángeles Valero, secretaria da Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo 252

9.42. Anexo 42: Entrevista a Jose Luís Díaz, secretario da Sociedade Filarmónica de Lugo..... 255

9.43. Anexo 43: Entrevista a Cristina Gómez, presidenta da Asociación Mercenarios Galaicos 257

9.44. Anexo 44: Entrevista a Jesús Varela Zapata, adxunto ao vicerreitorado de coordinación do Campus de Lugo da Universidade de Ssantiago de Compostela..... 258

9.45. Anexo 45: Entrevista a Encarna Lago, xerente da Rede Museística provincial de Lugo..... 260

9.46. Anexo 46: Entrevista a Jose Luís Fernández, secretario provincial en Lugo de Cruz Roja Española 262

9.47. Anexo 47: Entrevista a Mario Vázquez, vicario xeral da Diocese de Lugo.. 264

9.48. Anexo 48: Entrevista a Raúl Fernández, xefe provincial da Inspección de Telecomunicacións de Lugo 267

9.49. Anexo 49: Entrevista a Bibí Bouza, presidenta do Club Voleibol Arenal Emevé 271

9.50. Anexo 50: Entrevista a Paco Nieto, ex xornalista..... 272

9.51. Anexo 51: Entrevista a Guido Álvarez, Guía Oficial de Turismo de Galicia en Lugo 275

1. Introdución

1.1. Obxecto de estudo

O estudo da televisión local, tanto no contexto español como, en concreto, en Galicia; foi sempre un proceso complexo debido aos cambios e á evolución que experimentou dende o seu nacemento no ano 1981 en Cardedeu, no contexto estatal, e no ano 1984 en Narón, no contexto autonómico galego; ata a actualidade.

Durante os 40 anos da existencia dun medio audiovisual que dá conta do que sucede no ámbito máis próximo a nós, o contexto político, económico, tecnolóxico e social mudou de forma radical. Estes cambios foron modificando, á súa vez, a televisión local, que foi estigmatizada dende o seu nacemento e condicionada na súa evolución polo que sucedía ao seu redor.

Pola súa parte, as novas redes de telecomunicacións tamén xogaron un papel clave no desenvolvemento da concepción da televisión local. O cambio da emisión de contidos a través dunha tecnoloxía analóxica e a consecuente aparición dunha tecnoloxía nova e dixital, a chamada 'televisión dixital terrestre' (TDT), supuxo unha adaptación técnica e económica das televisións locais que, de por si, xa lles custaba subsistir cos poucos ingresos que se obtiñan das emisións e cos grandes custos que supoñían as infraestruturas e o tempo de emisión.

Do mesmo modo, co *boom* das redes sociais, das plataformas dixitais de pago como Movistar +, Netflix ou HBO e das novas xeracións de tecnoloxías de telefonía móbil, producíronse cambios irreversibles na forma de consumo dos espectadores con respecto aos contidos televisivos.

Por todos estes factores, estudaremos a evolución do concepto de televisión local, así como o desenvolvemento desta no contexto estatal e, en máis profundidade, o progreso da televisión local en Galicia, focalizando o noso estudo no caso concreto da televisión local en Lugo, que experimentou tres proxectos de televisión local -Televisión Lugo, Lugovisión e Telelugo-, destacando a última pola súa permanencia de case 20 anos (1998-2017).

1.2. Xustificación da investigación

No presente traballo, estudaremos a evolución do concepto da televisión local da man dos diferentes autores que analizaron este termo e as súas variantes dende o seu nacemento ata a actualidade, permitíndonos redefinir o que é na actualidade a televisión local e que misión debe cumprir na sociedade.

Ademais, analizaremos en profundidade a evolución da televisión local no ámbito específico da provincia de Lugo, enmarcada dentro da evolución da televisión local en Galicia e, á súa vez, no desenvolvemento da televisión local en España. Así, destacará o estudo dos tres proxectos televisivos que se puxeron en marcha en Lugo: Televisión Lugo, Lugovisión e Telelugo, que mantívose na provincia lucense ata o ano 2017, hai catro anos.

Encadrándonos no contexto concreto de Lugo, na nosa investigación, mediante técnicas da metodoloxía cualitativa, levaremos a cabo un estudo de caso de El Progreso con respecto á intención do grupo propietario de Telelugo por recuperar a televisión local. Desta maneira, contactaremos co director do grupo de comunicación El Progreso, Alfonso Álvarez Riveiro, e, mediante a técnica da entrevista, conversaremos con el sobre o que foi Telelugo, as causas do cese da súa actividade e a posibilidade, ou non, de retomar as emisións de contidos de Telelugo a través de TDT, xa que posúen a licenza administrativa e un canle múltiplex (o 46) que lles permite transmitir contidos a través desta tecnoloxía dixital.

Por outra banda, analizaremos o contexto actual lucense para coñecer a idoneidade, ou non, de levar a cabo un novo proxecto de televisión local en Lugo. Así, tamén mediante a técnica cualitativa da entrevista, contactaremos cos sectores máis representativos da sociedade lucense para entrevistar ás persoas representantes dos diferentes colectivos aos que preguntaremos cuestións acerca do seu recordo dos proxectos televisivos lucenses que houbo, do seu desexo, ou non, de ter de novo unha televisión local lucense e, de habela, como a imaxinan. Grazas a isto, poderemos ter unha visión conxunta da opinión das forzas vivas da cidadanía lucense con respecto a un novo proxecto de televisión local en Lugo.

2. Marco teórico

2.1. Revisión e redefinición da televisión local

Son moitos os autores que dende o nacemento da televisión local tentaron ofrecer unha definición axeitada para o novo medio de comunicación audiovisual de proximidade que estaba emerxendo. Todos eles definiron a televisión local segundo a concibían no contexto que estaban a vivir, tendo en conta os condicionamentos sociais, económicos, políticos e tecnolóxicos da época.

Os numerosos investigadores que dedicaron o seu tempo e esforzo a definir a televisión local amosan unha liña común, e esa é que a televisión local é unha maneira de facer á sociedade a protagonista do que acontece e do que se fala nesa localidade. Porque o máis relevante da televisión local é a proximidade e a intimidade coa que se contan as cousas que lle pasan ás persoas que viven e que forman parte do lugar onde acontecen.

Como defende Ana Isabel Rodríguez Vázquez no seu artigo '20 anos de TVL en Galicia: Estigmas, Condicionamentos e retos'[1], "A televisión local despexou o camiño cara un novo xeito de facer comunicación estreitamente vencellado ao cidadán, ao seu ámbito de vida, á súa localidade e aos seus intereses" (Rodríguez Vázquez, 2002).

Ademais, falar de televisión local implica ter en conta os condicionamentos tecnolóxicos e económicos que axudaron ou dificultaron ás diferentes televisións locais á súa supervivencia ou ao seu declive, xa que o emprazamento, a evolución dixital, a programación e as audiencias tomaron un papel determinante na conformación destes medios de comunicación.

A pretensión deste primeiro índice é presentar as definicións de televisión local a través do tempo e ata o momento actual, onde proporemos unha redefinición do concepto de televisión local na actualidade, tendo en conta os

[1] Rodríguez Vázquez, A.I. (2002). 20 anos de TVL en Galicia. Estigmas, condicionamentos e retos. Traballo inédito (correspóndese cunha bolsa da Secretaría Xeral de Comunicacións). Xunta de Galicia.

desafíos aos que se enfronta esta televisión de proximidade no panorama e contexto actual, en concreto en Galicia.

Para comezar co agrupamento das diferentes definicións de televisión local, debemos viaxar ata Cataluña, onde apareceu a primeira televisión local de España no 1981, Ràdio Televisiò de Cardedeu. Aquí déronse as primeiras nocións do que sería a conformación dunha televisión de proximidade de calidade.

Un dos primeiros autores que escribiu sobre as televisión locais foi Miguel Rodrigo Alsina (1998), quen defendeu que a televisión local produce unha mirada cara dentro, poñendo como o importante o que está máis cerca. O obxecto da televisión local é o entorno próximo, en contraposición coas televisións nacionais, que "dan lugar a unha globalización da experiencia comunicativa". En función desta concepción, Alsina propón unhas pautas de funcionamento das televisións locais no contexto do nacemento das televisións locais:

- "A produción de programas debe estar a cargo dos membros da comunidade onde atópase a televisión local.
- A información que ofreza debe ser útil e debe sintonizar coa vida local.
- A televisión local debe potenciar a comunicación cultural e debe crear programas educativos. Ademais, pode experimentar novos xéneros televisivos e novas linguaxes audiovisuais.
- A programación debe atender a todos os colectivos e grupos da comunidades, especialmente aos máis marxinais.
- A televisión local debe propiciar o debate social e político da colectividade como un foro de diálogo permanente, crítica social e expresión de ideas e condicionamentos.
- Debe establecer un fluxo intenso de información de todo o que acontece no entorno máis próximo, analizando e descodificando a realidade social da localidade e facendo unha crítica obxectiva cara o territorio co fin de servir para comprender de mellor maneira ese territorio.

- O desenvolvemento da información debe consistir na recuperación, fixación, asunción e proxección da identidade colectiva, necesaria para a estruturación do territorio en canto a unidade social".

Este concepto de 'territorialidade' tamén foi tratado polo autor Mario Viché (1991), quen considera que a televisión local é un dos elementos que axudan a facer territorio e a fixar e desenvolver a identidade colectiva da localidade. Defende a existencia destes medios como unha peza fundamental dende o punto de vista da identidade cultural e dende a perspectiva do establecemento de redes de comunicación intraterritoriais. Ademais, o local, segundo este autor, é garante da liberdade de expresión e da comunicación entre a colectividade.

No mesmo libro de Mario Viché o autor recolleu as declaracións de Pedro Pablo Núñez Sabín, antigo director da Emisora Municipal de Televisión de Puçol nas que define ao profesional da televisión local como unha persoa que posúe unha sensibilidade suficiente para xestionar unha empresa "tan idealista como necesaria". E fai alusión directa directo aos xornalistas de información local: "É vostede un auténtico demócrata que aspira a que os seus veciños vivan mellor comunicados e que se coñezan mellor. É un ser excepcional, pero carece de sentido común. Acaba de renunciar ás longas noites de soño, a que lle saúden todos os seus veciños e ao retiro anticipado. Agora non só vai ter que mellorar as súas relacións públicas, senón tamén os seus coñecementos técnicos e loitar polas audiencias". Así, este profesional proponnos unha serie de "armas para gañar audiencia":

- "Informativo local de actualidade para facer chegar as noticias de interese local ás que non chegarán outras televisións.
- Reenfoque de temas de actualidade nacional, pero poñendo o foco no ámbito local.
- Entrevistas a personaxes locais e reportaxes para ilustrar a entrevista co fin de contextualizar á persoa nun ambiente e alixeirar o tema que estamos a tratar.
- Realizar enquisas sobre os diferentes temas para facer á xente da localidade parte do tema.

- Atender aos deportes da localidade, tanto aos que xa aparecen nas televisións nacionais coma os minoritarios.
- Facer reportaxes sobre os comercios locais para saber de que viven os veciños da localidade.
- Coñecer a propia localidade, destacando as costumes e os monumentos locais.
- Propiciar debates sobre temas de actualidade".

Pola súa parte, outros autores como Emili Prado e Míquel Moragas (1991) levaron a cabo un estudo conxunto no que tentaron dar unha aproximación ao concepto de 'local', que interpretan como un lugar da experiencia individual posible (próxima) no grado cero da mediación mass-mediática, é dicir, a comunicación no ámbito local sería a mediación técnica nun lugar no que é posible a comunicación sen mediatizar e interpersoal, descrita tamén no paradigma de Westley e McLean da comunicación de masas, do 1957. Estes autores, máis adiante -no ano 2002- recolleron nunha publicación conxunta os principios acordados aos que chegaron os promotores da televisión local na primeira Asemblea de televisión local:

- "A televisión local debe ser un servizo público para a comunidade e o seu obxectivo é dinamizar as actividades de interese social no ámbito local.
- Non ten sentido que haxa dúas televisións locais nun mesmo municipio, xa que a televisión local é un instrumento de participación e de acceso directo.
- A programación debe ser fundamentalmente de produción propia.
- A televisión local exclúe dos seus obxectivos o ánimo de lucro.
- As televisións locais deben ofrecer a súa colaboración ás televisións públicas.
- A cobertura das televisións locais será de ámbito local.

- As televisións locais poden admitir “información local de carácter comercial”, previa regulación e evitando que sexa motivo de presión cara os seus promotores.
- A televisión local debe ser iniciativa popular entendida de dúas formas: como unha entidade municipal con participación do pobo ou como televisión comunitaria xestionada por unha entidade cidadá”.

Por outra banda, nunha publicación conxunta, Pere Oriol Costa, José Manuel Pérez Tornero e José Martínez Abadía (1992) tentaron definir as bases da televisión local, á que definen como unha realidade en alza en España orientada ao servizo público e ligada estreitamente ao municipio onde xorde. Segundo estes autores, a televisión local ten un carácter participativo e debe contar con programas educativos, informativos e culturais; servindo de estímulo á dinamización económica e cultural da poboación, que asegura a participación e a accesibilidade dos cidadáns da localidade ao medio.

Ademais, destacan no seu estudo que o local suscita a enerxía dos colectivos sociais que o consideran como un dos poucos que non ten en conta unicamente o pragmatismo propio das sociedades industrializadas. Por outro lado, defenden que o local é o espazo que a mocidade considera ideal para o desenvolvemento práctico das súas inquedanzas polo audiovisual.

Os autores deste estudo consideran que as televisións locais axudan a equilibrar os efectos dun sistema de medios dominantes gobernados por forzas transnacionais e pouco respectuosos coas culturas locais. Por isto, formulan unha serie de recursos que consideran básicos para o asentamento dos medios locais:

- “A televisión local débese concibir e regular coma un servizo público, converténdose nun instrumento útil da vida comunitaria.
- A xestión da televisión local debe orientarse cara o servizo directo da localidade.
- As funcións da televisión local serán esencialmente de carácter socio-cultural, de información, animación e participación. As máis importantes

serán contribuír á información municipal e dar saída á participación cidadá nos asuntos públicos que lles afecten.

- A televisión local deberá colaborar e potenciar os traballos culturais e educativos de todas as institucións públicas ou comunitarias.
- A televisión local deberá propiciar a libre expresión do pluralismo ideolóxico, cultural e social da localidade e a solidariedade e o respecto polos principios que rexen a difusión dunha información veraz, responsable e crible.
- A televisión local debe axustarse aos principios que emanan da vontade popular da localidade a través dos seus órganos de representación política.
- A televisión local debe ser de titularidade pública municipal e as liñas xerais dos seus contidos e a súa orientación teñen que ser responsabilidade municipal tamén.
- A xestión da televisión local comportará a utilización de recursos económicos e materiais do municipio, pero non rexeitará outros recursos procedentes de convenios, publicidade ou patrocinios.
- A circunscrición das emisión e da orientación da televisión local deberá enmarcarse no ámbito da localidade, pero non rexeitará a federación ou a cooperación con outros televisións locais, pero mantendo a súa autonomía e sen subordinarse a un tipo de cadea de emisión conxunta.
- A televisión local é un ámbito mixto de desenvolvemento profesional e de aprendizaxe. Poderase coordinar co sistema educativo local e cos sistemas ligados á formación permanente.
- O modo de difusión máis adecuado para a televisión local é o cable, xa que permite complementarse cun gran número de canles, é de estrita base local e potencia a interactividade. Mais a súa instalación é lenta e custosa, polo que a televisión local poderá desenvolverse por vía hertziana respectando as frecuencias xa ocupadas.

- A programación da televisión local terá que basearse nunha porcentaxe moi alta de produción propia e deberá admitir producións derivadas da súa colaboración con outras televisións locais ou centros de produción e difusión. Ademais, complementará a súa programación coa programación das televisións xeralistas, potenciando a colaboración con elas.

- A televisión local deberá rexeitar a utilización de producións que se afastan dos seus fins ou que teñen unha orientación diferente do local e deberá asegurar uns niveis de calidade razoables, sen excluír a participación da sociedade local".

Con respecto aos últimos apartados que falan da programación da televisión local, os autores expuxeron unha serie de principios que debe cumprir o contido da programación dunha televisión local:

- "Debe ser información útil e práctica para a comunidade.

- Debe formar parte da vida local.

- Debe atender aos aspectos concretos e particulares dos grupos ou colectivos.

- Debe buscar novas formas de presentar os programas".

Ademais destes autores, tamén foron diversos os profesionais que tentaron definir o concepto de local dende a súa experiencia como expertos no sector. Así, Antonio Reyes, coordinador de Onda Jerez no 1994 tentou definir a televisión local como "un medio extraordinario de conexión co cidadán e de potenciación das televisións tradicionais. Todas teñen un denominador común: a súa programación alternativa ás actuais televisións convencionais". Esta definición foi recollida no artigo de Jose F. Beaumont 'La Rebelión de las otras televisiones' en El País.

Outro profesional vencellado ao mundo audiovisual, como é José María Besteiro (1998), tamén tentou dar unha visión do que é a televisión local, á que definiu como un medio de comunicación concibido para as persoas. "Os seus contidos locais e a súa inmediatez son a mellor arma para competiren coas xeralistas. As televisións locais baséanse na realidade. Este non é un medio de

bustos paroleiros, senón se xornalistas que saen á rúa a buscar a noticia para contar en primeira persoa, sen peneiras nin porteiros mediáticos".

Da mesma forma, a xornalista e doutora en Comunicación Ana Isabel Rodríguez Vázquez (2002) definiu a televisión local como unha televisión de proximidade que emite para un concello, unha comarca ou barrio. "É aquí onde o concepto de proximidade axuda a establecer os límites dunha emisora local que, xunto coa produción propia de interese local, a participación directa dos cidadáns, a publicidade local, o servizo público, o pluralismo e o interese por erixirse como instrumento socio-cultural e de normalización lingüística, completa as súas principais características definitorias".

A autora defende que falar de televisión local é facelo dunha televisión próxima a un pobo, facendo fincapé na proximidade tanto física (lugar onde están dispostas as instalacións desa televisión local, os equipos emisores, os xornalistas da localidade...) como social (atende aos temas que afectan á comunidade). Segundo Rodríguez Vázquez (2002), cada canle é diferente, pero todas deben contar coa participación do cidadán porque a proximidade constitúe o sentido fundamental da televisión local e, para subsistir, necesitará que o cidadán síntase identificado e representado nela. Por isto, a doutora defende que a televisión local debe ter moi en conta o emprazamento, a programación e as audiencias e recolle unhas bases definitorias das televisións locais:

- "A televisión local é un servizo público para a comunidade, pluralista e aberta a todos, co fin de dinamizar calquera tipo de actividade de interese social que teña como marco o ámbito local. Son medios de proximidade que poden emitir para un barrio, un concello ou unha comarca.
- A televisión local debe ser un ente de participación e de acceso directo, fomentando a bidireccionalidade comunicativa que ofrece este medio e que acentúase coa incorporación das novas tecnoloxías.
- A televisión local debe ser un instrumento sociocultural de normalización lingüística e un motor de expresión do idioma propio do lugar. É tamén un instrumento de convivencia e de respecto polas demais formas de expresión culturais e lingüísticas, así como un soporte de conservación de tradicións.

- A programación será, fundamentalmente, de produción propia e de interese local, respectándose ademais a legalidade vixente sobre a propiedade intelectual. Terase en conta que cómpre elaborar unha programación alternativa ao do resto de televisións, que estará condicionada pola localidade dos contidos e pola limitación dos recursos técnicos e humanos.

- Na grella das televisións locais, os informativos constitúen a principal razón de ser destes medios. Espazos de noticias integramente locais, onde todos os contidos sexan do entorno máis próximo, o que permite ofrecer noticias obtidas das fontes máis directas. Así, a televisión local convértese na transmisora directa do que sucede na cidade.

- O ámbito de cobertura está no municipio onde se emite. No caso de que o ámbito sexa provincial ou comarcal, deberase contar coa aprobación dos órganos de goberno dos Concellos afectados e artellarse conforme ao establecido no artigo 3 e 7 da Lei 41/1995 de Televisión Local por Ondas Hertzianas, que ademais prohibe as emisións en cadea.

- Cada televisión local creará o seu sistema para garantir a participación das diversas forzas políticas, dos usuarios e dos entes vivos da localidade, de tal xeito que exista a liberdade de expresión e o pluralismo.

- Os contidos locais deben estar presentes na publicidade que debe servir de plataforma pública aos empresarios e comerciantes da localidade. A televisión local convértese así nun soporte audiovisual accesible e nun escaparate da oferta local.

- Considéranse televisións locais as emisoras que emiten por ondas hertzianas como as que o fan a través da rede (Internet). Todas circunscríbense a un ámbito xeográfico concreto e centrado no concello, comarca ou barrio e nelas a cobertura condiciona os seus contidos baseados na produción propia.

- Como centro de produción, a televisión local ten que conxugar uns niveis de profesionalidade que garantan unha programación de digna calidade, ao tempo que serven de puntos de aprendizaxe en materia audiovisual.

- A televisión local poderá funcionar con recursos derivados da venda de publicidade e poderá recibir fondos de entidades oficiais".

A autora vai en contra do que defenden outros autores que defenden un modelo de televisión local pública e sen ánimo de lucro como o único que permitiría respectar os fundamentos esenciais destes medios, excluíndo outras formas privadas. A autora propón a liberdade de elección no modelo empresarial da emisora e resalta que o maior número de emisoras de televisión local no contexto (2002) eran maioritariamente privadas.

Pola súa banda, o catedrático Xosé López (2003), resalta a importancia da información de proximidade na sociedade globalizada porque, segundo o autor, reforza a defensa das características propias dunha identidade. Tamén defende que o ámbito local é un espazo esencial para a democracia e que a información local serve para a dinamización sociocultural, tendo como obxectivo reafirmar a personalidade propia fronte a outros pobos.

Xunto con estas definicións do que é a televisión local, debemos aportar a este estudo a definición que dá o único texto legal vixente que atende ás televisións locais como medio de comunicación. É a Lei 41/1995, do 22 de decembro de Televisión Local por Ondas Terrestres, publicada no BOE o 27 de decembro do mesmo ano. Segundo o primeiro artigo desta Lei, "enténdese por Televisión local por ondas terrestres a modalidade de televisión consistente na emisión ou transmisión de imaxes non permanentes dirixidas ao público sen contraprestación económica directa por medio de ondas electromagnéticas propagadas por unha estación retransmisora terreal no ámbito territorial sinalada no artigo 3 desta Lei". Ademais, no artigo segundo, establece que "a televisión local por ondas terrestres como medio audiovisual de comunicación social ten a natureza de servizo público". Do mesmo modo, no apartado 'g' do artigo 6 desta Lei, establécense os principios básicos da televisión local, que consisten na "promoción dos intereses locais, impulsando a participación dos grupos sociais da comunidade co obxectivo de fomentar, promover e defender a cultura e a convivencia local".

Por outra banda, tamén é importante resaltar que o artigo 5 da Lei 6/1999 do 1 de setembro do Audiovisual de Galicia resaltou que a televisión local é un

sector estratéxico e prioritario, conferíndolle unha importancia cultural, social e económica como instrumento para a expresión do dereito á promoción e divulgación da cultura, a historia e a lingua como datos de autoidentificación.

Outra das autoras que analizou a televisión local e que tentou ofrecer unha definición o máis axeitada posible foi Ana Zulima Iglesias Cruz (2007), que estableceu unha serie de funcións que, segundo ela debe cumprir a información de proximidade:

- "Facilitar a participación e o debate social.
- Representar a realidade local e rexional como distintas, mais relacionadas coa realidade nacional e transnacional.
- Presentar e interpretar as noticias e as crónicas sobre política, cultura e economía nacional e internacional a partir das claves de selección e de referencias baseadas nas especificacións e nos intereses locais e rexionais.
- Destacar e dar visibilidade ás relacións que a localidade mantén con outras realidades locais do mesmo estado ou internacionais, e aos proxectos que derivan desas relacións.
- Manter as identidades culturais.
- Contribuír á difusión e á consolidación dunha política cultural moderna, establecendo múltiples relacións entre o sector audiovisual e o teatro, a música, as festas e o patrimonio artístico.
- O desenvolvemento dunha política educativa, tanto a nivel escolar e universitario como a nivel de educación permanente.
- Contribuír á política do benestar social, que implica múltiples retos en sectores como os da terceira idade, o desenvolvemento rural, ámbitos tradicionalmente marxinados ou esquecidos nas políticas de comunicación convencionais".

Pola súa banda, a investigadora e doutora en Comunicación, Mercedes Román Portas (2008), quen reuniu no seu artigo 'Televisión Digital Terrestre Local en Galicia' as anteriores funcións que definiu Iglesias, resalta que a

televisión local está constituída por uns contidos propios, “é dicir, situados dentro da realidade social da comunidade na que está localizada a emisora. Este é o verdadeiro sentido e a verdadeira obriga polo menos das televisións de titularidade pública. As televisións de proximidade teñen unha clara identificación e, polo tanto, unha fácil rendibilidade social e económica. Débese reivindicar o coñecemento público dos contidos máis próximos, os que se refiren aos asuntos que máis directamente afectan aos cidadáns dun entorno determinado”.

Ademais, destaca que as televisións locais poden promover mediante este medio de comunicación local proxectos multimedia de servizo aos cidadáns da súa localidade. “A integración da televisión coa radio e con Internet pode facilitar un espazo audiovisual propio, a partir do que pódense desenvolver numerosas actividades de apoio, información e entretemento en todos os sectores da poboación”, defende a autora.

A partir do 2008, ano no que comezou a crise económica en España e iniciouse o chamado ‘apagado analóxico’ dentro do Plan Nacional de Transición á Televisión Dixital Terrestre, que se completou en 2010 en Galicia; apareceron con forza novas iniciativas audiovisuais na redes, en Internet, e a televisión tivo que demostrar as súas fortalezas na conformación do actual ecosistema mediático construído ao redor do novo paradigma de comunicación (López, 2015). Isto é posible grazas á capacidade de adaptación das televisións, en concreto, grazas á televisión de proximidade, xa que, como defenden os autores Xosé López García, Xosé Soengas Pérez e Ana Isabel Rodríguez Vázquez (2015) nunha publicación conxunta, “este escenario de proximidade foi o mellor laboratorio para experimentar o potencial da televisión como eixo da información visual próxima”.

Neste contexto no que Internet permite o acceso a todo tipo de contidos, mestúrase o concepto de local e global, que dá lugar a un panorama mediático no que se busca unha combinación entre ambos, dando forma ao ‘glocal’, un concepto que xa tratou o autor Xosé López adiantándose ao seu tempo (2003). Para López, a información de proximidade é un lugar propicio para a participación da cidadanía e como unha vía fronte á uniformización da oferta informativa. Ademais, destaca que o novo escenario creado pola converxencia

de telecomunicacións, a informática e a industria de contidos deu lugar a unha globalización que, tamén, multiplicou os espazos locais, polo que na actualidade a información local pode ser transmitida a espazos globais, polo que a información local é local e, ao mesmo tempo, global.

Neste sentido, podemos volver á publicación conxunta dos autores López, Soengas e Rodríguez (2005), no que destacan que o sistema mediático ten a unha dobre tendencia, ao mundial e ao local, que conviven e compiten. Segundo estes autores, a televisión pública de proximidade desempeña un importante papel no funcionamento das sociedades democráticas actuais, que inclúe "o fomento da participación, o cultivo da diversidade, a formación dos cidadáns e a conformación de elementos identitarios da sociedade na que se enmarca e á que informa". Ademais, defenden que os medios de proximidade están caracterizados" pola exclusividade diferenciadora da construción informativa, pola proximidade, polo vínculo activo coa experiencia da vida cotiá nun espazo xeográfico único e concreto".

Con respecto á evolución dos medios de comunicación que deron lugar aos cibermedios, é dicir, medios que están presentes na rede e aos que se pode acceder a través de diferentes dispositivos como son o mbiil e o ordenador con conexión a Internet, o local tamén quixo facerse un oco neste contexto virtual.

Os autores María Cruz Negreira Rey e Xosé López García (2016), nunha publicación conxunta aproximaron ao coñecemento un novo concepto, o 'hiperlocalismo'. Defenden que nos medios hiperlocais danse as seguintes características: a colaboración activa do autor na comunidade e a interpretación dos feitos, a participación dos cidadáns no medio, a cobertura de pequenos temas e acontecementos e a súa constante actualización, o uso de varias plataformas tecnolóxicas para a creación e distribución do contido, así como a paixón e a independencia para soster un medio de difícil rendibilidade.

Nesta publicación conxunta, os autores contan coas definicións doutros como Sha (2007), quen define os medios hiperlocais como sitios web de noticias dedicados a pequenas historias dunha área xeográfica moi concreta, que pode abarcar dende unha cidade a un barrio. Este ámbito xeográfico tan definido está determinado por unha clara orientación de servizo á comunidade e compren un

papel democrático fundamental, como defenderon outros autores comentados anteriormente. Ademais, estes medios deben dar voz a unha maior variedade de fontes respecto aos medios tradicionais, contando cos veciños, coas organizacións cívicas e con outras fontes dixitais pouco exploradas (Crucianelli, 2010).

Outro dos elementos definitorios dos medios hiperlocais é o papel participativo das audiencias, que implícanse e participan, converténdose en colaboradores do medios e adoptando distintos roles propios do xornalismo cidadán. Esta colaboración é moi relevante, xa que estes colaboradores teñen coñecementos extenso sobre o que acontece na localidade, ademais de que son fontes que dan veracidade ás noticias.

Xa definido o ámbito local e, en concreto, a televisión local de proximidade dende diversos puntos de vista e segundo diferentes autores, investigadores, profesionais do sector audiovisual e xornalístico, así como tendo en conta tamén as Leis que definiron este medio de comunicación, podemos agora ofrecer unha visión máis ampla do que é a televisión no ámbito local na actualidade.

Hoxe, en 2021, hai 41 anos do nacemento da primeira experiencia de televisión local en España -Ràdio Televisiò Cardedeu- e, tras esta, foron moitas as que lle sucederon, pasando do ámbito puramente local ao comarcal, provincial e incluso ao hiperlocal do que falamos anteriormente. Pero todas estas televisións locais teñen algo en común: o servizo público que lévase a cabo cun esforzo maiúsculo para conseguir rendibilidade económica e que poidan subsistir pese aos cambios tecnolóxicos e ás crisis económicas.

Está claro que na actualidade hai moitas menos televisións dixitais terrestres locais que antes en España e, sobre todo, en Galicia. Primeiro, pola crise económica de 2008 que produciu grandes perdas ás pequenas televisión locais, e segundo, polo cambio da emisión das canles analóxicas a dixitais. Estes dous sucesos provocaron que as televisións locais foran desaparecendo pouco a pouco no panorama audiovisual, ata quedar poucas. Ademais, moitas delas, coa introdución do 5G, decidiron pasar de emitir dixitalmente por ondas terrestres a converterse en cibermedios que emiten os seus contidos a través de Internet.

Por isto, a televisión dixital terrestre local tal como a coñeciamos e, segundo os regulamentos tecnolóxicos vixentes, está case desaparecida. Seméllase máis importante que nunca a necesidade dunha redefinición que inclúa o carácter dixital das televisión locais nun contexto no que cada vez gañan máis presencia na sociedade as redes sociais e as plataformas de streaming como poden ser Youtube e Twitch, dous lugares que son consumidos polo amplo público novo da nosa sociedade e onde pódense xerar beneficios grazas á participación e á colaboración dos interesados nos contidos máis próximos.

Propoñemos entón unha redefinición das bases da televisión local na actualidade, marcada polas novas redes que conforman o panorama tecnolóxico:

- A televisión local é un medio de comunicación no que destaca o contido audiovisual de calidade, contando co equipamento técnico necesario para cumprir esta función nun contexto no que todos os aparatos electrónicos de gravación posúen xa a resolución de HD e unha boa captación do son.
- A función principal da televisión local debe ser sempre garantir a participación da comunidade na elaboración dos seus contidos, xa que os espectadores son coprotagonistas da información.
- Os contidos locais deben atender a todos os colectivos, organizacións e sindicatos locais que representen os intereses de certos grupos de persoas que teñan algo que dicir nun momento concreto da historia, co fin de poder utilizar este medio de comunicación para reivindicar as súas necesidades, loitas e sentimentos.
- En concreto, a televisión local debe atender aos colectivos que representen a persoas en risco de pobreza ou marxinación, dando voz aos que non a teñen e podendo interpretar os acontecementos que lles afectan a estes colectivos dende unha visión de crítica social.
- De igual forma debe dar voz aos grupos políticos representados no concello e na deputación da localidade co fin de cubrir a información política da localidade.

- A televisión local dará prioridade ás fontes directa co fin producir noticias de maior credibilidade, xa que as fontes directas que forman parte do acontecemento son fontes máis verídicas que as demais. De todos modos, sempre contrastará a información con outras que poidan estar do outro bando.

- En canto á programación, a televisión local propiciará que se desenvolvan programas de diverso tipo, non só informativos, co fin de integrar na súa emisión espectáculos, actuacións teatrais, concertos, e demais actividades de tipo cultural que se leven a cabo na localidade. Tamén terán cabida debates políticos, emisións deportivas, programas de humor, divulgativos, magazines, realities e concursos.

- A televisión local, en pro de mellorar a comunicación coa sociedade, poderá habilitar un caixón de propostas online (xa sexa a través da súa web ou das súas redes sociais) para que os propios cidadáns propoñan os temas dos que queren que se fale na súa televisión.

- O fin da televisión local é producir canto máis contido propio, mellor, dando voz a todas as persoas da localidade para que poidan contribuír a este fin.

- Como estamos nun momento no que hai moitas posibilidades a nivel tecnolóxico, a televisión local pode concibirse como un cibermedio ao que pode acceder xente da localidade, pero que está lonxe dela por diversas circunstancias. Por isto, a televisión local convértese nun medio de comunicación que non só emite na localidade, senón que pode acceder aos seus contidos o que queira.

- Con respecto á forma de financiamento, a televisión local debe incluír na súa programación a publicidade, de onde virán o maior número de ingresos. É de vital importancia que a televisión local conte con publicidade dos comercios do propio municipio, xa que así daráselle visibilidade a estes para que os espectadores merquen nel e ademais a televisión pública verase reforzada.

En definitiva, a televisión local é o medio de comunicación con máis peso nas nosas sociedades: ten en conta a todas as persoas da localidade e dá voz aos

que non a teñen. Compre un papel determinante na conformación da democracia na propia localidade e serve para denunciar a través de imaxes de calidade o que acontece no entorno máis próximo.

É o altofalante dos intereses da sociedade, o lugar onde todos podemos ser alguén sen distinción de raza, clase ou condición. Un lugar onde ser nós mesmos, onde podemos vernos representados física e psicoloxicamente. É un lugar onde mostrar o noso ser e que outros nos coñezan. Facer sociedade entre todos e coñecernos entre todos, sabendo as nosas fortalezas e debilidades co fin de contribuír á formación dunha sociedade máis democrática, unida e sa.

Ademais, a conxunción da televisión local con outros medios locais como son a radio e o xornal, xa sexa dixital ou a prensa escrita, non é competencia, é convivencia entre medios de comunicación que fan un servizo á sociedade de información necesario para a creación dun lugar o máis positivo posible no que todas as persoas que forman parte desa sociedade camiñen xuntas cara o mesmo fin: axudarnos os uns aos outros.

2.2. Breve historia da televisión local en España

O nacemento da televisión remóntase a hai case 150 anos, cando en 1883 o estudante da Universidade de Berlín, Paul G. Nipkow, levou a cabo un experimento que consistiu nun disco metálico no que uns puntos e raias, que xiraban en torno a unha espiral furada pola que entraba unha fonte de luz, transformábanse en impulsos eléctricos e agrupábanse grazas a outro disco similar formando a efixie orixinal no receptor. Un ano despois, en 1884, Paula Nipkow patentou este disco, chamado *disco de Nipkow*, que se utilizou no desenvolvemento dos sistemas de televisión dos inicios do século XX. Porén, como afirma o autor Francisco Javier Pérez del Olmo (1997) no seu libro *Orígenes de la televisión en España*, “o nacemento e desenvolvemento da televisión é obra de varios científicos e técnicos que evolucionaron por diferentes camiños”.

Non foi ata o 1924 cando o inventor escocés John Logie Baird decidiu tomar como referencia o experimento de Nipkow para sincronizar os dous discos, usando un como transmisor e outro como receptor, unidos ao mesmo eixe. Así,

conseguiu fabricar un equipo de televisión co que poder proxectar siluetas e imaxes en movemento a pequena distancia. Baird replicou a experiencia fronte á Royal Institution en Londres, converténdose no primeiro en demostrar publicamente o funcionamento dun sistema de televisión. En 1927, logrou transmitir a mesma imaxe, pero a 438 millas, usando un cable telefónico. Por isto, chegou a un acordo coa BBC para crear a primeira experiencia televisiva, a Baird Television Development Co., que encargouse de transmitir a primeira emisión televisiva da historia entre Glasgow e Londres. Poucos meses máis tarde, en 1928, a empresa conseguiu a primeira sinal de televisión transatlántica e levou a cabo a primeira emisión de imaxes en movemento entre Londres e New York. No 1929 comezan as emisións regulares en Londres e Berlín baseadas no sistema Nipkow Baird, que emitía en banda media de radio.

Ao mesmo tempo, o investigador ruso Vladimir Zworykin, que traballaba para a empresa americana Westinghouse, realizou diversos experimentos nos que descubriu a forma de proxectar unha imaxe sobre unha superficie tratada como un elemento químico sensible á luz usando un feixe de electróns para transmitir a imaxe como una sinal electrónica. Este descubrimento levouno a patentar en 1923 o iconoscopio, un tubo de raios catódicos que permitía a captación de imaxes de televisión e o seu envío a un receptor. Foi o primeiro método en transmitir de forma electrónica, polo que permitiu substituír aos demais sistemas televisivos anteriores e pasouse da televisión mecánica á electrónica. A primeira emisión experimental con este sistema en Estados Unidos foi realizada por Charles F. Jenkins, en colaboración coa Bell Telephone e a ATT, entre Washington e New York. A partir deste momento, produciuse unha expansión da televisión en países como Alemaña, Gran Bretaña, Estados Unidos, Rusia e Francia.

A evolución da televisión seguiu diferentes camiños segundo o país. En Alemaña creouse a primeira emisora de televisión no 1931, en casa de Manfred von Ardenne, onde utilizábase o sistema mecánico de Nipkow e en 1995, segundo autores como Faus Belau (1995), comezaron as primeiras emisión regulares dende o emisor Paul Nipkow de Berlín. Con motivo dos Xogos Olímpicos de 1936, a empresa Telefunken de Berlín cubriu o acontecemento mediante cámaras de captación electrónica. Pola súa banda, en Francia

realizáronse as primeiras emisións televisivas en 1932 de maneira mecánica, pero non é ata o 1937 cando comezan as emisións regulares en París -dende a torre Eiffel- mediante un sistema de televisión electrónica. Gran Bretaña, pola súa parte, decidiu en 1934 que a televisión británica debía ser un servizo público, polo que encargouse do seu desenvolvemento a empresa pública British Broadcasting Corporation e en 1936, a BBC comezou a súa emisión regular televisiva. Ata 1937, as emisións realizábanse nos dous sistemas -mecánico e electrónico- mais un incendio das instalacións da BBC deixa como único o sistema electrónico de Emi-Marconi de 405 liñas. En Estados Unidos as emisións televisivas tardaron máis en regularizarse e foron as empresas privadas as que, en contraposición co que sucedía en Europa, desenvolveron o sistema de televisión baseado no iconoscopio de Zworykin. En 1934 creouse a Federal Communications Commission (FCC), que adoptou o sistema de 525 liñas e 30 imaxes por segundo. Pola súa parte, as empresas radiofónicas xa existentes consolidáronse como un potente monopolio que pasou a controlar o medio televisivo co apoio dos poderes públicos.

Cabe destacar a relevancia dun dos antecedentes máis importantes da televisión que, ademais, permitiu o desenvolvemento técnico desta, a radio. Para poder levar a cabo a emisión televisiva, tívose que recorrer a ondas similares ás da radio que se emitisen á mesma velocidade que a luz, pero máis complexas, xa que ademais do son, debían transmitir imaxes. Para conseguir este fin, as ondas debían ser de maior frecuencia e moito máis curtas que as da radio, polo que escolleron utilizar as ondas hertzianas UHF (Ultra High Frecuency) e VHF (Very High Frecuency), que viaxaban en liña recta e podían toparse con obstáculos que impedise a súa propagación. Para isto, comezáronse a instalar antenas emisoras e repetidores de sinal en lugares moi altos para que a propagación das ondas chegase o máis lonxe posible.

A emisión de televisión en cor tamén é un fito importante a recalcar, xa que xa en 1928, John Logie Baird desenvolveu experimentos con disco de Nikow para transmitir imaxes en cor baseándose na teoría tricromática do fisiólogo Thomas Young. Cubría os buratos dos discos que utilizaba con filtros verdes, vermellos e azuis logrando emitir as primeiras imaxes en cor en 1928. Pero non foi ata 1940, coincidindo co desenvolvemento da Segunda Guerra Mundial,

cando o científico mexicano Guillermo González Camarena patenta no seu país e en Estados Unidos un Sistema Tricromático Secuencial de Campos. Neste contexto, no que destaca a conflitividade bélica, a televisión pasou polo seu peor momento a nivel global; soamente Alemaña e Estados Unidos mantiveron a emisión televisiva regular. Co remate da Segunda Guerra Mundial, Francia e Gran Bretaña retoman as súas emisións, ás que se lle suman novas emisións experimentais en Italia, Holanda e Suiza. No 1948, o enxeñeiro Peter Goldmark crea o Sistema Secuencial de Campos, baseado nas ideas de Camarena e Baird, que tivo tal éxito que a empresa Columbia Broadcasting System adquiriu este invento para as súas transmisións de televisión.

Así, chegou a chamada 'era dourada' da televisión dos anos 50, cando consolídanse as emisións de televisión debido ao perfeccionamento dos equipos, a formación do persoal técnico e abaratamento dos televisores. Nesta década comezan a xurdir as primeiras emisións televisivas, fúndanse as primeiras emisoras nacionais de cada país e nacen os grandes consorcios televisivos privados. En concreto, en 1953, créase Eurovisión, que conectou vía microondas as estacións das televisións dos países europeos; e en 1960 créase Mundovisión nun intento de facer o mesmo, pero a nivel mundial. Neste contexto encádrase o nacemento da Televisión en España.

2.2.1. A televisión en España antes da chegada das televisións locais

Mentres que en Gran Bretaña e en Francia nos anos 30 xa estaban levando a cabo emisións televisivas, en España aínda estabamos comezando a dar pasos experimentais cara o que sería a primeira televisión do noso país. A historia da televisión en España nace totalmente vencellada ao desenvolvemento da radio. En 1932 o enxeñeiro e deportista barcelonés Vicente Guiñau instalou na súa casa un aparato receptor que adquirira en Inglaterra co que puido captar algunhas frecuencias estranxeiras e co que realizou diversas probas de transmisión, pero foi Joaquín Sánchez Cordovés, o primeiro licenciado en Telecomunicacións en España -e director de Radio Barcelona- o que realizou retransmisións para o público en Barcelona cun aparato construído por el.

Entre o 1936 e o 1939, época na que se desenvolveu a Guerra Civil Española, os avances en materia televisiva detivéronse. Porén, debido á colaboración do que sería durante 40 anos o ditador de España co ditador alemán Hitler, en 1938 un conxunto de técnicos nazis chegaron a Burgos para realizar unhas probas de emisión televisiva mediante Fonovisión, unha especie de videoteléfono patentado por Telefunken que permitía enviar a distancia son e imaxe. A Alemaña nazi proporcionou a España a infraestrutura técnica e de telecomunicacións necesaria para que os militares sublevados, liderados por Franco, puideran construír dúas emisoras de radio. A técnica da Fonovisión foi outra máis das derrotas alemás na Segunda Guerra Mundial, polo que os ensaios non tiveron continuidade e este artefacto acabou no Paseo da Habana de Madrid, primeira sede do que sería a Televisión Española.

Co fracaso da Fonovisión e o comezo da ditadura franquista en España, non foi ata xuño de 1948, durante a Feira de Mostras de Barcelona, cando Franco permitiu que a empresa holandesa Philips realizase probas televisivas a través de varios televisores que transmitiron imaxes recollidas nun estudio de televisión situado a 200 metros de alí, onde actuaron artistas e cantantes da época. Este acontecemento tivo tanto éxito que pouco despois, en agosto, a empresa norteamericana Radio Corporation of America (RCA) retransmitiu unha corrida de touros en Madrid. Os técnicos norteamericanos quedáronse en España para seguir realizando ensaios de circuíto cerrado de televisión co apoio de Radio Nacional e da Dirección Xeral de Radiodifusión. A partir de 1950 os técnicos da Dirección Xeral de Radiodifusión decidiron abandonar as probas en circuítos pechados e comezar coas emisións por ondas hertzianas, mais tiveron que enfrontarse a problemas como a escaseza de aparatos receptores nin antenas que captasen a sinal televisiva. Luis Guijarro, Director Xeral de Radiodifusión, conseguiu que Philips regalase vinte televisores que repartíronse entre as persoas da elite franquista. O equipo Philips tivo que ser adaptado a 625 liñas, norma recomendada para Europa polo Comité Consultivo Internacional de Radiocomunicacións da Unión Internacional de Telecomunicacións.

En 1951, coa remodelación do gabinete ministerial, a radiodifusión pasa a formar parte do novo Ministerio de Información e Turismo, e neste créase unha nova cadea xerárquica no ámbito televisivo. O que sería Televisión Española

comezou as súas emisións de proba nun local no Paseo da Habana adquirido pola Dirección Xeral de Radiodifusión creando o primeiro equipo técnico e de programación, no que colaboraron José Luis Colina como director de programas e Joaquín Sánchez Cordovés como responsable encargado dos enxeñeiros técnicos. Estas probas experimentais foron ensaios técnicos que intentaron convencer ao ditador da necesidade en España da emisión televisiva. Por isto, leváronse a cabo melloras na recepción da sinal televisiva na propia casa de Franco, elevando o punto de recepción do Palacio de el Pardo cun poste telescópico duns sesenta metros en 1953 e construíndo, posteriormente, unha antena especial para a familia Franco.

Coa fundación en 1956 da corporación Radio Televisión Española, comezan de forma oficial as emisións regulares de televisión española o 28 de outubro de 1956 ás 18:15 horas unicamente para a cidade de Madrid. Estas primeiras emisións, que realizáronse dende un estudio de cen metros cadrados do Paseo da Habana, consistiron na retransmisión da misa, de discursos oficiais, e de actuacións de orquestra, entre outros acontecementos sociais. No ano seguinte non hai a intención de que cheguen as ondas de televisión española a outros lugares do país, mediante a creación dunha rede estatal ou a posta en marcha dunha segunda emisora. Xa, por fin, en 1958 comézase a construír a rede centralizada e estatal que permitiu a chegada da televisión a Barcelona en abril de 1959. Nese mesmo ano estreouse un partido de fútbol do Real Madrid contra o F.C. Barcelona que foi difundido en Madrid, Barcelona e tamén en Zaragoza. Porén, tardáronse anos en que a maioría de fogares españois tiveran acceso aos programas televisivos e aos televisores, xa que os televisores eran produtos de luxo que había que importar dende o estranxeiro, xa que non se fabricaban en España. En concreto, a recepción da sinal televisiva chega á comunidade galega en 1961.

A partir dos anos 60, os poderes públicos expuxeron políticas para incentivar o consumo da televisión por parte da sociedade, por isto decidiuse levar a cabo a iniciativa de pór á venta a prazos os televisores e promover tarifas inferiores a outros produtos. Ademais, comezaron a implantarse as emisións televisivas durante esta década en diferentes cidades de España: chegou a Valencia en febreiro de 1960, a Bilbao en decembro de 1960, a Galicia e a Andalucía en

outubro de 1961 e a Canarias en 1964. Á finais dos 60, a televisión xa tiña gran cobertura en España: había 3 millóns de televisores, situados maiormente en grandes territorios urbanos. Apenas o 25% dos campesiños tiñan un aparato televisivo.

Mentres, a televisión española viviu durante a segunda metade dos anos sesenta a súa 'Idade de Ouro', xa que non tiña problemas financeiros e converteuse na principal forma de ocio da sociedade española, ofrecendo numerosos programas competitivos nos festivais europeos. Ademais, a publicidade televisiva non estaba prohibida, polo que os ingresos proviñan dos anuncios e así a cadea aumentaba o tempo de publicidade e subía as tarifas cando necesitaba fondos. En 1964, TVE inaugurou os seus estudios de Prado do Rei e propuxo a creación dunha segunda canle para a emisión de máis programas e así satisfacer as demandas da súa audiencia. Esta canle comezou as súas emisións en proba en 1965 utilizando a tecnoloxía UHF e baseábase nunha programación de catro horas pola noite na que ofrecíanse espazos musicais e retransmisións de contidos xa emitidos na cadea principal. A programación regular comezou en novembro de 1966 na que destacou a grella de contidos específicos realizados por TVE e polo centro de produción de Barcelona.

As emisións da TVE e da segunda canle foron durante toda a ditadura franquista emitidas en branco e negro, combinando co contexto gris que inundaba a política do país. Aínda que non foi ata a chegada da Constitución en 1978 cando TVE introduciu a cor nas súas emisións televisivas, xa no 1969 a TVE retransmitiu en cor o Festival de Eurovisión dende Madrid con cámaras prestadas. Grazas a este avance, a partir de 1973 TVE comezou a emitir tanto en branco e negro coma en cor, e en 1975 adoptou o sistema norteamericano PAL, usado para transmitir sinais de televisión analóxica a cor. Porén, non foi ata o 1978 cando prodúcese o cambio definitivo de brando e negro a cor.

Neste contexto cabe destacar a morte do ditador Francisco Franco en 1975, que dá paso a unha nova etapa política, chamada a Transición democrática, na que a televisión xogou un papel decisivo, xa que era a principal forma de información e de coñecemento de milleiros de persoas da sociedade española

da época. A televisión axudou a conformar o que sería a conseguinte democracia mediante a erosión dos valores sociais impostos na ditadura e actuando como un altofalante dos valores democráticos aos que aspiraba o país. Como exemplo, en 1977 producíronse atentados por parte da formación ETA, pero tamén por parte de defensores do franquismo e os xornalistas que presentaban as noticias en TVE denunciaron que a violencia non podía utilizarse como arma política.

Co remate da ditadura franquista e o comezo da Transición española, xorde na sociedade a necesidade de romper co centralismo no ámbito xornalístico e audiovisual que primaba nos trinta anos anteriores e nacen as primeiras iniciativas de televisión local como unha manifestación do compromiso da sociedade civil na loita pola consolidación das liberdades democráticas (Prado, 2005), reclamando a identidade cultural de cada sociedade específica.

2.2.2. O desenvolvemento da televisión local en España

Na década dos 70, fronte ao poder dos grandes grupos de comunicación tanto televisivos como radiofónicos, xurdiu o concepto de “proximidade” por parte das empresas de comunicación, cuxo obxectivo era buscar novos mercados a través do auxe de características propias de cada realidade social do país (García, 2015). Segundo o autor Ángel García Castillejo (2015), a aparición da radio e da televisión local en España estivo influída por factores sociais, demográficos, políticos, económicos e tecnolóxicos, pero os que axudaron de forma implícita á aparición do ámbito local nas comunicacións foi, por unha banda, un novo sentimento rexionalista reivindicativo que levou á creación de medios de comunicación baseados na proximidade (apoiadas en asociacións culturais ou veciñais) e, por outro lado, o interese económico dalgúns empresarios locais que vían no negocio publicitaria local como unha posible xeración de beneficios. Ademais, a necesidade de recuperar as tradicións locais, abandonadas polas cadeas xeralistas e o fracaso dos medios de comunicación por satisfacer a demanda dos espectadores que querían sentirse identificados co que se falaba nos medios, foi outra das causas polas que deuse a aparición dos medios de comunicación locais. “Os grandes grupos de comunicación tenden a unificar contidos e centrarse nas producións transnacionais, o que potencia a perda dos valores propios de cada grupo” (García, 2015).

Xorden, así, as iniciativas de apropiación popular das tecnoloxías electrónicas de comunicación, protagonizadas pola sociedade civil, que plasmáronse no movemento de Radios Libres de 1978 e que deron lugar a que ese mesmo ano levárase a cabo a primeira experiencia local en España, a través da emisión dunha radio en xullo de 1978, meses antes da aprobación da Constitución Española. Esta radio convértese na primeira radio libre estable do Estado e comeza as súas emisións en abril de 1979 en Barcelona. Á súa vez, en 1979, xorde outra iniciativa, o movemento de Radios Municipais que dá lugar ao seguinte movemento de 1980 que é de Televisións Locais.

Neste contexto sitúanse as primeiras emisións experimentais da considerada como primeira televisión local de España, a radiotelevisión da localidade de Cardedeu, da provincia de Barcelona, que comezan en 6 de xullo de 1980, baseadas nun ideario democrático. Aínda que, segundo as investigadoras Montserrat Llinés e María Corominas (1998) existiu un proxecto anterior no ano 1977, unha iniciativa impulsada pola sociedade "Promotora de Televisió Catalana, S.A." co obxectivo de realizar unha programación integramente en catalán para a área de Barcelona, pero fracasou, dando paso á televisión local de Cardedeu. Radiotelevisión de Cardedeu reclamábase como "un dereito que se ten que poder exercer" e definiuse como un "medio comunitario, expresión público da comunidade, pluralista e aberta a todos, con programas de produción propia na que o traballo de todos os colaboradores é gratuíto e espontáneo", como recolle Emili Prado (2005).

Porén, a primeira lei sobre o audiovisual -a Lei 4/1980, de 10 de xaneiro, do Estatuto da Radio e a Televisión- establecía que a televisión era un servizo público esencial que xestionaba o Estado, polo que non contemplaba a posibilidade da existencia de televisións privadas. Por este motivo, o Goberno Civil de Barcelona ordenou a clausura da RTV de Cardedeu ao anunciarse as emisións regulares desta en 1981. Porén, a televisión local de Cardedeu comezou a emitir o 23 de xuño dese ano e non cesou a súa actividade. Foron moitas as localidades que seguiron os seus pasos ao longo da comunidade catalá ademais de por outras comunidades autónomas como Andalucía. Estas emisoras comezaron a desenvolverse grazas á acción de entidades sen ánimo de lucro e co apoio dos concellos que permitíronlles emitir con escasos recursos

económicos e case sen medios. E, pese á intervención obstrucionista das Administracións, en 1984 xuntáronse 32 representantes das televisións locais de 32 localidades nas primeiras xornadas de Televisións Locais celebradas en Cardedeu.

Á súa vez, cabe destacar a aparición das emisoras televisivas autonómicas, que nacen á par que as televisións locais e xorden da man do artigo 2 da Constitución Española que recuperou os Estatutos de Autonomía de Galicia, Cataluña e o País Vasco aprobados durante a II República Española: "A Constitución fundaméntase na indisoluble unidade da Nación española, patria común e indivisible de todos os españois e recoñece e garante o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que intégrana e a solidariedade entre elas". Este feito levou a que todas as comunidades autónomas e, en especial, as consideradas históricas, demandaran a súa televisión autónoma propia co fin de producir contido específico e de interese para a poboación. En concreto, en 1985 fúndase a Televisión de Galicia, que comeza a emitir oficialmente en xullo dese ano.

As primeiras estacións de emisión televisiva en Cataluña son herdeiras das primeiras radios libres: o seu primeiro argumento é o do libre acceso ao espazo radioeléctrico en nome das liberdades democráticas contra o poder do Estado na administración dese recurso (Navarro, 1999; Prado i Picó e Moragas, 1991, citado en Badillo, 2005). Así as cousas, a Administración seguiu intentando pechar emisoras locais xustificando esta acción na Lei 31/1987, de 18 de decembro, de Ordenación das Telecomunicacións que sostiña que a televisión tiña natureza de servizo público de titularidade exclusivamente estatal e esixindo aos particulares a previa obtención da correspondente concesión administrativa deste servizo para poder levar a cabo a actividade de difusión televisiva de ámbito local. Esta situación provocou na configuración de dous modelos diferenciados segundo Badillo (2005): por un lado, a experiencia catalá, onde o maior desenvolvemento da sociedade civil e a implicación dos concellos xera un gran número de experiencias de comunicación local apartadas da legalidade que contaban co apoio de entidades locais e incluso autonómicas.

Por outro lado, no resto de España, a situación foi moi distinta. A pesar de comezar a desenvolverse diversas experiencias de televisión local nos 80, estas estiveron marcadas, na súa maioría, pola temporalidade e pola actividade bélica da Administración central, a través da Dirección Xeral de Telecomunicacións, que outorgaba licenzas para a emisión temporal. Ademais, os técnicos acudían a cortar as emisións, alegando que a ausencia de regulación da televisión local por ondas terrestres impedía o feito da obtención da concesión ou da autorización desa actividade, o que supuxo a prohibición da xestión das emisoras televisivas por parte de particulares. Estes, pola súa parte, denunciaban que iso limitaba a liberdade de expresión, de información e de comunicación recoñecida na Constitución Española.

En 1988 apróbase a Lei 10/88, de 3 de maio, de Televisión Privada que permitiu o xurdimento das televisións privadas xeralistas, como Antena 3 en 1989, mais non abordaba o conxunto da televisión, deixando no limbo legal ás televisións locais. Debido á situación de indefinición regulatoria, denunciada por estacións de emisión televisiva e operadores, lévanse a cabo as primeiras reunións entre televisións locais co obxectivo de tratar de definir o futuro das televisións locais. En concreto, do Primeiro Congreso de Televisións Locais celebrado en Plentzia (Vizcaya) en 1988 xorde a agrupación de emisoras, a *Coordinadora Estatal de Televisións locais*, que decide solicitar un marzo legal para as televisións locais existentes e un reforzamento das organizacións nacionais e internacionais que trataban de soster ao sector, como a *Federación Europea de Televisións Locais*, que xorde tamén da reunión (Badillo, 2005). Ao marxe desta Federación, nace a Asociación de Televisións Locais (ATEL), que converteuse nun dos actores máis dinámicos na presión ao Goberno para regular o sector.

Así, o Goberno anuncia en 1990, a realización de estudos para desenvolver un Plan Técnico Nacional que garantira coberturas para todas as localidades. De feito, a unha pregunta parlamentaria do deputado popular por aquel entón, Javier Arenas, o executivo asegura que ata que non se fixera unha planificación de frecuencias, non se podería poñer en marcha a regulación efectiva do servizo de televisión local por ondas. Porén, as televisións privadas vían ás televisións locais como unha ameaza para os seus mercados publicitarios, polo que o

Goberno a finais de 1991 comeza a afastarse da posible legalización do fenómeno da televisión local. Así, no proxecto lei de presupostos para 1992 contempla a regularización do cable e o satélite, pero deixa fóra á televisión local. Desta maneira, na Lei 32/1992, de 3 de decembro, de modificación da Lei 31/1987, de 18 de decembro, de Ordenación das Telecomunicacións atopamos como o Goberno tiña previsto eliminar a televisión local por ondas debido ao aumento de oferta producido pola chegada das emisoras privadas e polas actuacións gobernamentais tendentes á orientación das experiencias de ondas cara o cable (Dirección Xeral de Telecomunicacións, 1992, citado en Badillo, 2005).

A finais de 1994, o Consello de Ministros encomendou ao ministro Borrell a tarefa de dirixir o proceso para regular definitivamente as diferentes formas de televisión, polo que comezou a levar a cabo un proceso no que elaborar os marcos de desenvolvemento propios para cable, satélite e televisión local por ondas. O Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente fixo circular varias versións do anteproxecto, mais sen apoio dos operadores, ata que o Goberno presentou en febreiro de 1995 ante o Congreso o texto que ía que regular o estado da televisión local. Nel, quedou patente a preferencia por parte do Goberno polo modelo público e sen ánimo de lucro fronte ás propostas desreguladoras que facíanse dende o sector da televisión e apoiadas polo Partido Popular nas Cortes. Así, danse tres modelos na concepción da televisión local por parte dos distintos grupos parlamentarios:

a) O modelo proposto polo Goberno socialista, que concibía a televisión local como o modelo de televisión pública local implantada en Andalucía.

b) O modelo que combina a actividade dos concellos coa dos entes sociais sen ánimo de lucro, apoiado polo IU-IC e CiU.

c) O modelo que quería sacar beneficio desta actividade, proposto por Coalición Canaria e o PP, que concibían a televisión privada como o camiño para incrementar o debate democrático local.

Así, o PSOE decidiu aproximarse máis ao segundo modelo e o texto apróbase para ser publicado no BOE o 22 de decembro de 1995 como Lei 41/1995, de

Televisión Local por Ondas Terrestres. Badillo recolle as claves finais do texto mediante un resumo destas:

a) “Mantense a televisión local como un servizo público de titularidade estatal debido á escaseza de espectro.

b) O ámbito de actividade será no núcleo principal do municipio, con posibilidade de estendelo en función da decisión que tome a correspondente comunidade autónoma.

c) A limitación do número de licenzas a dúas como máximo enmárcase nun deseño estrutural do sistema televisivo terrestre composto por dúas canles públicas nacionais e unha autonómica, tres privadas e dúas locais, unha vez máis xustificado pola escaseza de espectro.

d) Os que concederán as licenzas serán os concellos, de maneira prioritaria, como persoas naturais ou xurídicas con ou sen ánimo de lucro, soamente no caso de que o concello non desexara a xestión da primeira licenza ou que a capacidade do espectro permitise máis dunha.

e) Queda prohibida a emisión en cadea, salvo os casos específicos que cada comunidade autónoma poida determinar coa conformidade dos plenos dos municipios afectados.

f) O prazo das concesións fíxase en cinco anos, con 5 máis de prórroga, debido á migración dixital nun prazo indeterminado, pero próximo.

g) Con respecto á cuestión das frecuencias, o Goberno inclínase polo modelo de asignación de frecuencias a solicitude das comunidades autónomas.

Con isto, queda deseñada a base dunha infraestrutura audiovisual local provisional condicionada polas transformacións tecnolóxicas a curto prazo que impulsarían o desenvolvemento dun audiovisual local dun ou dous operadores con gran peso da iniciativa das administracións locais. Porén, o voto en contra desta lei do Partido Popular, así como a súa vitoria nas eleccións do ano seguinte -1996- supuxo que a regulación da Lei do 1995 fose pouco estable. En febreiro de 1997, o Goberno lanza o *Plan de Liberalización e de impulso da actividade económica* no que se propón a supresión do carácter de servizo público das televisións locais e autonómicas, pasando dun réxime de concesión a un proceso

de obtención da autorización regulada. Así, o Goberno leva ao Parlamento un Proxecto de Lei para modificar a Lei de 1995 e permitir que os operadores non precisasen dunha concesión, senón unha autorización administrativa. Ademais, este proxecto estableceu que o número de operadores podía ampliarse a máis de dous por municipio -como estaba establecido na Lei de 1995-, xa que dependería do que permitise o espectro radioeléctrico (art. 1.2). Porén, o PSOE e IU-IPC opuxéronse e o grupo de apoio do PP no Parlamento, CiU, forzou ao grupo popular a cambiar a súa proposta e volver a escribir o texto da lei recuperando para as locais a consideración de servizo público. Por isto, o Goberno decidiu retirar a proposta do Parlamento en setembro de 1997.

Neste contexto, cabe destacar a cantidade de televisións locais que naceron tras a Lei de Televisión Local do 1995, que ocuparon frecuencias de maneira ilegal. Como recolle Badillo, é imposible saber cantas frecuencias ocupadas por sinais de cobertura local existían neses momentos en España, pero eran moitísimas. A revista *Cine y Teleinforme* falaba en 2001 de 1.500 televisións locais (Badillo, 2005). Así, o autor defende que a cantidade de ocupacións de frecuencias non foi perseguida pola Administracións, xa que, como amosan os datos do censo de AIMC de 1999, soamente o 69% das emisoras existentes foran creadas antes da Lei de Televisión Local, como quedou regulado e esixido pola Lei da Televisión Local. Por outra parte, cos datos do censo de 2002, este establecía que o 47% das emisoras locais foron creadas despois de 1995. Isto amosa que nun prazo de 7 anos creáronse máis emisoras -cando non se podía- que nos primeiros anos do nacemento das televisións locais (entre 1980 e 1995).

Por isto, todas as emisoras locais creadas nese espazo de tempo, entre 1995 ata 2002 -cando promúlgase a Lei 53/2002, de 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Orde Social- foron ilegais (Badillo, 2005). Neste contexto, o Goberno lanza a Lei 66/1997, do 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Orde Social na que establecéronse as bases de implantación da Televisión Dixital Terrestre en España, que concretáronse un ano despois no Plan Técnico da Televisión Dixital Terreal -publicado no Real Decreto 2169/1998-. Mais non é ata 2004 cando publícase o Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Local mediante o Real Decreto 439/2004, do 12 de marzo.

A Lei do 2002, que denominouse como Lei de Acompañamento dos Presupostos Xerais de 2003, estableceu o marco estatal básico ao fixar o ámbito de cobertura da televisión local non no municipio, senón en "demarcacións" construídas con criterios poboacionais e incorpórase a novidade de reservar unha cuarta parte de cada múltiplex (unha canle) para a xestión municipal. Como Badillo, tamén Bustamante fixouse na pobre actividade sancionadora por parte da Administración e recalcou que nos últimos tres anos antes da Lei do 2002, houbo unha grande "pasividade cómplice por parte da Administración" (Bustamante, 2002, citado en Badillo, 2005).

O 3 de decembro de 2003, o Goberno anunciou o contido do Plan Técnico Nacional de Televisión Dixital Local, que contemplaría as solicitudes presentadas polas Comunidades Autónomas, tendo en conta as frecuencias dispoñibles, determinadas respectando o dereito ao acceso equitativo delas aos recursos de espectro, á compatibilidade radioeléctrica entre comunidades, así como limitacións derivadas da coordinación radioeléctrica internacional (Haro, 2014). Así, o Plan apróbase o 12 de marzo, cuxas bases principais son recollidas por Badillo (2005):

a) "Establecéronse 266 demarcacións en todo o Estado español, cada unha delas destinada a conter un múltiplex de emisións de televisión local. Cada múltiplex contiña catro emisións distintas, das cales unha era municipal e as outras tres, privadas. Grazas a isto, máis de mil emisoras de televisión local podían operar legalmente.
b) Fixáronse os prazos de actividade para os concesionarios, que debían cumprir o 50% da poboación da demarcación en 6 meses, o 80% en dous anos e o 95% antes do 2012".

Con este, o Goberno abordou a ordenación do sector tendo en conta as frecuencias dispoñibles e as peticións das Comunidades Autónomas, que serían as responsables de realizar os concursos públicos para outorgar as concesións. Ademais, este Plan Nacional da Televisión Local Dixital estableceu as canles múltiples para obter a cobertura das capitais de provincia e autonómicas e dos municipios cunha poboación superior aos 100.000 habitantes ou con menos de esa cantidade, no caso de que houbese frecuencias dispoñibles (Román, 2005).

Ademais, estableceu que as entidades públicas autonómicas que contaban cunha concesión para explotar o servizo de televisión con tecnoloxía dixital, deberían iniciar as emisións a través desa tecnoloxía antes do 1 de xaneiro de 2005.

Tras a aprobación do Plan, o 14 de marzo de 2004 o PSOE gañou as eleccións xerais, que decidiu revisar o Plan co obxectivo de ampliar ata o 1 de xaneiro de 2008 o prazo para a suspensión das emisións analóxicas das televisións que tiñan a licenza para emitir en dixital. Ademais, terían que deixar de emitir as televisións que non obtiveran a correspondente concesión para emitir en dixital ata a data marcada, establecendo así o peche total das televisións ilegais. Así, en decembro de 2004 aprobouse o Real Decreto 2268/2004, que modificaba o de 12 de marzo, co fin de realizar axustes nas demarcacións e a adxudicación de canles adicionais, e establecer o reinicio do cómputo dos prazos para as actuacións que debían executar algunhas comunidades autónomas.

Sen que pasara nin un mes, o 31 de decembro de 2004 o Goberno puxo en marcha unha nova modificación, esta vez referida ás canles dixitais autonómicas e nacionais que acaba afectando á televisión local. Así, o Consello de Ministros aprobou o *Plan de Impulso da Televisión Dixital Terreal, de Liberalización da Televisión por Cable e de Fomento do Pluralismo*, que incluíu nos seus obxectivos o adianto do apagado analóxico ao 2010 e tres modificacións da Lei do 1995: o recoñecemento ás comunidades autónomas da fixación do número de licenzas públicas en cada múltiple de TDT local, a extensión do prazo de concesión aos operadores de televisión local de 5 a 10 anos e a unificación dos prazos para a petición dos concellos, o concurso e a adxudicación de emisoras locais de TDT en oito meses. Esta Lei estableceu que as canles autonómicas tiñan que comezar a emitir en xaneiro de 2005, as estatais a partir de outubro de 2005 e as televisións locais entre agosto de 2005 e xaneiro de 2008. Este Plan integrouse na Lei 10/2005, de 14 de xuño, de Medidas Urxentes para o Impulso da Televisión Dixital Terrestre, de Liberalización da Televisión por Cable e de Fomento do Pluralismo, que, ademais, instaurou a partir do 1 de xullo de 2006, a eliminación de operadores de televisión local emitindo en analóxico sen ter a concesión de TDT no ámbito local.

Así mesmo, o 29 de xullo de 2005 aprobouse o Real Decreto 944/2005, que estableceu que “se unha entidade á que se lle asignou a explotación íntegra dun múltiple dixital de ámbito estatal ou autonómico, poderá emitir o número de canles que tecnicamente sexan viables”. Así, decretou a creación do múltiple dixital de cobertura estatal con capacidade para efectuar desconexións territoriais de ámbito autonómico -reservado a RTVE-, cinco múltiples dixitais de cobertura estatal sen capacidade para facer desconexións (un reservado para RTVE e que podería utilizar despois do apagado analóxico de 2010), e dous múltiples dixitais por comunidade autónoma, dos que un poderá realizar desconexións e o outro poderá facelo dependo da dispoñibilidade de espazo radioeléctrico, mais non estaría operativo ata 2010.

Así, entre 2004 e 2006, convocáronse e resolvéronse os concursos para a xestión indirecta de Televisión Dixital Terrestre Local en sete Comunidades Autónomas: en Baleares, en Madrid, en Murcia, na Comunidade Valenciana, en Cataluña, en Aragón e en Galicia. A TDT cambia así a fisionomía da televisión local no que os operadores privados conformaron o eixo da nova televisión local deseñada coa dixitalización. O novo marco promoveu o sector privado, ao que se reservou o 75% da capacidade de cada múltiplex, e estivo caracterizado pola reordenación dos actores (desaparición de históricos, adxudicatarios sen experiencia en TVL, grupos de comunicación de distintos tamaños...), un grado significativo de concentración da propiedade (horizontal e/ou multimedia), e a introdución dun novo modelo de negocio sobre a base das demarcacións como unidades de organización (Corominas et. alt., 2007).

Isto marcou unha diferenza con respecto ao deseño da estrutura público-privada da televisión autonómica, xa que o informe do Parlamento Europeo sobre medios comunitarios de 2007 recoñecía a existencia de unicamente tres televisións comunitarias en España (Parlamento europeo, 2007, citado en Badillo, 2011). Na Lei 56/2007, de 28 de decembro, de Medidas de Impulso da Sociedade de Información, estableceuse a diferenciación entre as televisións de proximidade e as televisións comerciais, e expuxo que as televisións locais non podían emitir publicidade ou televenda. Ademais, a Lei deixou claro que a planificación de espectro para estas televisións non era unha prioridade con respecto a outros servizos planificados e que utilizarían as frecuencias “que en

razón do seu uso por servizos próximos non estean dispoñibles para servizos de difusión de televisión comercialmente viables", como recolle Badillo (2011). Esta normativa non chegou a desenvolverse e serviu como a Disposición Transitoria décimo cuarta da Lei Xeral da Comunicación Audiovisual de 2010.

Dende a aprobación do Plan Nacional da Televisión Local Dixital ata a Lei Xeral de Comunicación Audiovisual de 2010, ano no que se produce o apagado analóxico, a televisión local é regulada sen consenso, modificando con demasiada frecuencia a normativa por presións empresariais e polos cambios políticos. Así, esta inestabilidade vese tamén nos cambios na regulación de licenzas, da formación de emisoras e da emisión en cadea, ademais de que os plans de desenvolvemento da televisión local non se executan nos prazos establecidos. Así, a Lei 7/2010, de 31 de marzo, consigue a desexada estabilidade (Haro, 2014), xa que declara expresamente que "o servizo de comunicación audiovisual constitúe un servizo público esencial, que se presta no exercicio do dereito á libre expresión de ideas, do dereito a comunicar e recibir información, do dereito á participación na vida política e social e do dereito á liberdade de empresa e dentro do fomento da igualdade, a pluralidade e os valores democráticos" (BOE, 2011). Grazas a esta, a televisión local deixou de ter unha regulación específica, encadrándose nun réxime xeral que concibiu a televisión como un servizo de interese xeral.

En abril de 2010 culminou o proceso do apagado analóxico para dar paso ao dixital, que para a televisión local supuxo a confirmación dun feito que xa se intuía: non todos os operadores de TDT local estarían listos para esta transición. No caso dos canles públicos, tamén serviu para confirmar que o cambio sería moito máis profundo do que o Plan Nacional de Televisión Dixital Terrestre Local xa prevía. As razóns de que a TDT pública no ámbito local non se implantase de forma xeralizada son moitas, pero pódense agrupar en tres grandes categorías: política, económica e mediática (Guimerà e Alborch, 2001; Monedero, 2014; Martori, 2014, citado en Guimerà et. alt., 2017).

Estes autores establecen algunhas razóns estruturais e políticas que axudan a explicar a falta de vontade por implantar televisións locais. Por unha banda, había unha ausencia real de interese por crear unha televisión local, en moitas

ocasións, asociada a unha falta de tradición de emisora (analóxica) de proximidade no municipio. Nesta situación era máis difícil de valorar plenamente ao servizo ao que se renunciaba. Ademais, había que compartir os tempos de emisión nos municipios con varias canles de televisión, un elemento problemático en territorios que non tiñan vínculos históricos. Por outra parte, outra causa da pouca implantación de emisoras televisivas locais foi a falta de acordo entre gobernos locais en aspectos básicos da creación do ente para xestionar a canle, o que adoitaba estar asociado á falta dun liderado claro dentro do proxecto. Ademais, o desacordo era partidista, a resistencia de consistorios gobernados por forzas políticas diferentes a compartir un medio de comunicación.

Esta situación deuse nun contexto de inestabilidade total, xa que en 2008 comezou a crise económica, que converteuse en crise financeira das administracións públicas en 2010, que produciu tensión nos presupostos municipais. Por isto, os concellos defendían que non era lóxico investir nunha televisión -e máis cando empezábase dende cero- cando había problemas para atender os gastos diarios, como necesidades sociais crecentes que estaban por cubrir. Pola súa banda, tamén houbo razóns de comunicación polas que non se levou a cabo a implantación de televisións, como os concellos que decidiron crear canles de televisión por internet en vez de integrarse en consorcios. A existencia doutros medios locais, públicos ou privados, como a prensa, a radio, a televisión privada e as webs que cubrían a realidade da sociedade próxima; foron outros dos argumentos dos concellos para non apostar pola implantación de televisións locais a través de TDT-L pública.

Así, tras a transición de televisión analóxica a dixital, a televisión pública viviu unha época de inestabilidade financeira e con problemas herdados dunhas políticas de dixitalización que non tiveron en conta a realidade preexistente, configurando un sector practicamente novo e moi complexo, que deu lugar a un sector aínda máis débil e fráxil do que xa o era na época analóxica (Guimerà e Alborch, 2001; Monedero, 2014; Martori, 2014, citado en Guimerà et. alt., 2017). Na actualidade, a situación é aínda peor, moi poucas son as televisións locais que seguen emitindo en España. En concreto, soamente quedan dúas emisoras en Galicia que seguen emitindo e estas subsisten grazas ao apoio dos concellos.

2.3. O desenvolvemento da televisión local en Galicia

O desenvolvemento da televisión local en Galicia caracterizouse por unha ausencia dunha política coherente, a ausencia de relación entre a "comunidade de interese" e a comunidade real, a ausencia dunha liberdade interna dentro da "comunidade de interese" (Martínez, 2001). Con esta afirmación do autor Martínez podemos resumir o que foi a historia da televisión local en Galicia, que estivo marcada polo marco alegal e o desregulamento que xeraron un único modelo de televisión local: a comercial.

Miguel Otero e Marcelo Martínez (2002) sinalan que para abordar a historia da televisión local en Galicia debemos atender aos seus antecedentes, situados na época da descentralización de TVE, que realizou a primeira emisión dende Santiago de Compostela das festas do Apóstolo o 24 e 25 de xullo de 1962, tras esta comezou a realizar as súas primeiras desconexións territoriais nos anos setenta grazas á apertura de TVE-Galicia como primeiro centro produtor de contidos televisivos de Galicia, realizando a primeira emisión en lingua galega en 1974. Así, segundo a autora Rodríguez, TVE-Galicia sustentou durante unha década o peso da emisión mentres que xurdían as primeiras iniciativas de produción allea a través de pioneiras produtoras independentes de contidos televisivos. A apertura da TVG en 1985 marcou un punto de inflexión, xa que ademais de ampliar as posibilidades de emisión de contidos galegos, amplificou tamén o sector audiovisual ao xurdir outras empresas produtoras que "axudaron" a completar a grella da TVG.

Esta etapa de descentralización coincide coa crise do modelo de monopolio público de toda Europa e "débese á rexionalización político-administrativa, á revalorización das variables culturais e lingüísticas, á lenta, pero progresiva privatización do sector e á transformación tecnolóxica" (Villanueva, 2001, citado en Otero e Martínez, 2002). Así, a finais dos anos setenta aparece en Galicia un novo medio, o vídeo, grazas á evolución tecnolóxica.

Así nacen as asociacións de "Amigos do Vídeo" ou "Amigos da Televisión", que foron as pioneiras en crear as primeiras televisións locais en Galicia. Martínez sinala, noutro estudo (2001), que a televisión local comezou a desenvolveuse en Galicia grazas ao "pioneirismo" ao redor do vídeo que, tanto

os *amateurs* do “cinema galego” coma os fotógrafos vilegos promotores dos medios audiovisuais locais utilizaron para expresaren imaxes e ideas, e facer difusión e distribución delas. Nesta fase non había unha relación medio-comunidade de intercambio ou diálogo pleno, senón de experimentación de certos grupos ao redor da tecnoloxía”.

Grazas a estas asociacións, naceu a primeira Televisión Local de Galicia, Televisión de Narón, que realizou as súas primeiras probas de emisión en 1984 e comezou a transmitir de maneira regular en 1987. Esta iniciativa foi impulsada por un particular, Fernando Masafret, quen puxo en marcha unha televisión local privada apoiada polo Concello de Narón. Esta televisión tomou como modelo as experiencias de televisión local en Cataluña, en concreto, da Televisión de Manresa. Así, redactou uns estatutos idénticos aos das televisións locais catalás que se amparaban na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local para evitar o maior número de problemas legais e que contemplaba que as corporacións municipais debían facilitar a máis ampla información sobre a súa actividade e a dos cidadáns.

Pouco a pouco foron xurdindo televisións locais por todo o territorio galego, principalmente de carácter privado e clandestino, xerando nos seus promotores problemas legais e de recursos, xa que os medios tecnolóxicos costaban moito diñeiro. Esta rede de emisoras locais de propiedade privada non formaba parte do sistema de comunicación establecido, existía de forma *alegal*, polo que sufriron moitos peches ao ocupar o espazo radioeléctrico sen licenza. Mais non todas as iniciativas foron privadas, tamén houbo experiencias impulsadas polos concellos, como a Radio Televisión Municipal de Cerceda ou a Radio Televisión Municipal de Ponteareas. Porén, estas televisións estiveron marcadas polas dificultades políticas, xa que a oposición do goberno do concello denunciaba imparcialidade nas emisións das televisións locais subvencionadas por ese concello. Desta maneira, aínda que as televisións locais ofreceran un servizo informativo útil aos seus veciños, a parcialidade política do partido que estaba no poder na programación propia da emisora sempre estivo patente (Otero e Martínez, 2002).

Por outra banda, ademais dos dous impulsores maioritarios da televisión en Galicia, os axentes privados e as iniciativas municipais, comezan a aparecer nos anos 80 os medios de prensa hexemónicos de Galicia, como La Voz de Galicia, El Progreso ou La Región, que ao chegar a un acordo coa Televisión de Galicia, crean as súas divisións audiovisuais locais para vender imaxes na súa zona de influencia á televisión autonómica, que comeza a emitir no 1985. Así, os grandes medios galegos aseguran o seu espazo no discurso televisivo autonómico. Nesta etapa de pioneirismo televisivo, como establecen os autores, é cando xorden por primeira vez as primeiras asociacións de televisións en Galicia como a Federación de Televisións Locais de Galicia, creada en 1990 en Ferrol, que loitou pola legalización das televisións locais.

A mediados dos noventa comeza a seguinte fase establecida polos autores, a de institucionalización das televisións locais tanto en Galicia como no resto de España grazas á Lei 41/1995 sobre Televisións Locais por Ondas Terrestres. Con esta Lei, xorden televisións locais de propiedade privada cunha clara finalidade lucrativa. “A busca de beneficio económico está por encima do acceso da cidadanía ao medio e da promoción das tradicións, costumes e valores da comunidade” (Villanueva, 2001, citado en Otero e Martínez, 2002). Estes fins lucrativos provocaron nas televisións locais unha vocación expansionista que tivo como finalidade buscar cada vez máis audiencia para os seus anunciantes. Estas televisións comezaron a reubicarse, pasando das vilas ás cidades en busca dunha maior cobertura e de máis audiencia potencial.

Así, no modelo municipal aparecen dúas variantes: buscar publicidade para poder subsistir e pasar a unha xestión privada ou reforzar o modelo mostrándose tal como é, unha televisión da alcaldía, propagandística e pouco democrática, controlada totalmente polo goberno local. Como exemplo, a Radio Televisión Municipal de Ponteareas derivou na segunda vertente do modelo municipal, que chegou a emitir un programa titulado “Mi amigo el Alcalde”, no que o edil do municipio era o único protagonista. Así, o investigador Xosé López (2005) estableceu unha clasificación das televisións locais que existían en Galicia:

- “Políticas, as televisións do alcalde.

- Político asociativa, que implica o apoio do concello aos amigos da televisión.
- Político empresarial, que subliña a concesión da explotación por parte do concello a unha empresa.
- Privadas «asociativas», aquelas asociacións que non dependen do eido político.
- Empresa privada, que explota recursos basicamente publicitarios.
- Aquelas que son extensión dun medio hexemónico".

Desta maneira, tanto o modelo municipal que derivou na variante que buscaba publicidade para poder subsistir como o modelo privado, comezaron a reproducir a programación das cadeas xeralistas coa mesma estrutura nos informativos, os mesmos formatos, a mesma publicidade, os mesmos contidos, etc. convertendo o espazo local nunha "astracanada" moi visible (Otero e Martínez, 2002). Así, o espectador comezou a desprestixiar a televisión local, xa que emitía o mesmo que a televisión xeralista estatal, pero con menos calidade técnica e sen tantos recursos. A televisión debía comportarse como servizo público de proximidade e fomentar programación diferenciada e centrada na localidade para diferenciarse do que se emitía a nivel estatal.

Segundo a investigadora Patricia Villanueva, "a televisión local municipal difire do modelo exposto na propiedade e na xestión, no financiamento, no número de persoas que compoñen o seu cadro de persoal, e nas súas" (Villanueva, 2001, citado en López, 2005). Ademais, a publicidade tamén constitúe unha fonte de ingresos para este modelo de titularidade. Por todo o visto, Villanueva presenta as características principais do modelo de comunicación televisiva local en Galicia:

- "A xestión privada con finalidade lucrativa.
- A difusión vía hertziana (máis xeneralizada que a difusión vía cable).
- Posuír estratexias de programación debedoras das emisoras xeralistas e escasamente innovadoras en canto a contidos e a formatos.
- A súa escasa porcentaxe de produción propia.

- O incremento paulatino da preparación profesional dos traballadores do medio, procedentes das Facultades de Xornalismo e Audiovisuais, e o abuso da figura do colaborador.

- Cadros de persoal compostos por entre 10 e 15 persoas, que se dedican fundamentalmente á elaboración dos informativos, que supoñen o núcleo central da súa emisión.

- A promoción dos intereses locais e a participación da cidadanía non se contemplan entre os principios básicos da televisión local galega".

Así, e segundo os autores Otero e Martínez (2002), chegou un momento no que a televisión local colapsou por diversos motivos: porque non se desenvolveu o estatuto técnico da Lei 41/1995, porque son demasiadas as televisións locais que buscaban unha audiencia cada vez máis ampla, porque moitos dos proxectos non tiñan unha estratexia de comunicación concreta, porque algunhas televisións non atopan unha comunidade de interese que lles soporte e quedan sen subvencións, porque non hai un asociacionismo sólido... Por todas estas razóns, chega un momento no que moitos proxectos desaparecen.

No ano 1999, aprobouse a Lei 6/1999, de 1 de setembro, do Audiovisual de Galicia, que definiu que o sector audiovisual galego quedaba circunscrito ao conxunto de actividades que utilizaban como canle de desenvolvemento e transmisión da mensaxe dos medios auditivos e visuais (artigo primeiro). Así, delimitou que o audiovisual galego integraba empresas produtoras (de cine, de vídeo, de televisión de arquivos multimedia e de servizos), distribuidoras (de vídeo ou filmes), exhibidoras (salas de cine) e emisoras (autonómica, operadora de cable e locais), que tiñan como obxectivo impulsar un sector cualificado de "estratéxico e prioritario" polo artigo 5, conferíndolle unha importancia cultural, social e económica ao audiovisual como instrumento para a expresión do dereito á promoción e divulgación da cultura, a historia e a lingua como elementos de autoidentificación (Rodríguez, 2004).

E con isto, chega a fase de diversificación, na que algunhas televisións locais que se manteñen, aproveitan o impulso das páxinas web para promocionarse e para servir a súa programación. Por outra banda, o modelo de televisión local que formaba parte dun grupo de comunicación rexional ou nacional implantouse

para liderar o sector en Galicia, como noutros territorios de España. Os medios hexemónicos en Galicia para protexer o seu territorio, ademais de ter asegurado o ámbito autonómico co contrato coa TVG, comezaron a centrarse no espazo local, xurdindo así Telemiño en Ourense de La Región e Telelugo de El Progreso. Pola súa parte, La Voz de Galicia fracasa neste proceso de diversificación debido á súa intención de abarcar toda a comunidade autónoma creando televisións locais en todas as súas delegacións, o que non se sostivo economicamente.

É no ano 2000 cando o grupo mediático PRISA (Promotora de Informacións S.A.) crea PRETESA (Promotora de Emisoras de Televisión), dedicada ao desenvolvemento da televisión local e a prestación de servizos e subministro de contidos para as televisións autonómicas, que ofrecían contidos de calidade técnica e visual. Porén, esta promotora carecía de contido atractivo para as audiencias das televisións locais galegas, xa que a emisión de contido era en castelán e centralizada, é dicir, non atendía á necesidade da comunidade de consumir contidos que profundase na realidade galega. “As televisións locais non fomentaron o uso da lingua galega, que debería ser o trazo diferenciador externo máis recoñecible das televisións locais, polo que estas non protexeron nin fomentaron o uso das variedades lingüísticas e dialectais da súa zona. Así, á comunidade furtóuselle dende a televisión local o seu espazo, a súa lingua, o seu nome e a súa memoria” (Otero e Martínez, 2002).

Con respecto á programación, a doutora Rodríguez Vázquez, que en 2003 presentou xunto con Martínez Hermida un estudo no que integraron o conversado nunhas xuntanzas do Consello da Cultura Galega (2003), analizou o tipo de contidos que se producían nas televisións locais galegas. “A televisión local presenta en Galicia unha programación que fundamenta a súa produción na información local de actualidade o que, vistos os recursos, absorbe todo o tempo propio, non atopando outras formas e xéneros que axilicen e oxixenen a grella. Certo é que hai dúas opcións, ambas as dúas baseadas no diálogo, que van gañando terreo en certas franxas horarias: o magazine e os temáticos semanais dispostos en *checkerboarding* (un programa á mesma hora de tema diferente cada día da semana). Tales opcións, xunto á redifusión de contidos e as tentativas axustadas a calendarios festivos ou a visións do entorno en forma de reportaxes ou documentais, van conformando a dispoñibilidade de arquivos

que representan grande esforzo e pouca continuidade. Aínda non se se transformou a televisión local galega nunha televisión produtora de contidos propios, sen que sexa como agora para o inmediato consumo ou coma complemento de servicios publicitarios ó anunciante".

Debido aos intereses económicos de particulares e de grupos de comunicación con poder, así como á escaseza de contidos propios locais, en 2002, Otero e Martínez avisaron do principal problema do modelo desenvolvido de televisión local galega: omitiu por completo a comunidade real. "As televisións galegas non habilitaron estratexias de participación e unicamente estimularon participacións interesadas. En Galicia non se deu a televisión comunitaria nin na súa etapa pioneira nin despois". Ademais, resaltaron que a Lei de Acompañamento así como a rede de televisións locais "Localia" fixeron que o espazo local fose visto por estas redes estatais como unha canle máis onde impoñer un discurso centralizado, volvendo ao modelo de desconexións ou fiestras de antes. As emisoras de Localia emitían dende Galicia os mesmos contidos que a de Madrid. "Actualmente moitas das estacións locais funcionan de maneira artesanal e producen con medios técnicos reducidos programas que se basean na improvisación e no enorme esforzo dos poucos xornalistas contratados. As emisoras que emiten hoxe caracterízanse pola escasa produción propia, feito que impide o ingreso por venda de produtos audiovisuais propios e ademais obstaculiza a creación dun mercado de produción local" (Amorín, 2002, citado en Otero e Martínez, 2002).

Así, estes autores sinalaron que o modelo de televisión local galego era "case unicamente comercial nun contexto político de desregularización e inantención por parte das institucións presuntamente reguladoras", contexto que derivou na inexistencia dunha política de comunicación autonómica estruturada. En Galicia, a relación entre os medios de comunicación e a Administración destacou polo clientelismo que había entre os dous asentado sobre tres eixos de acción: os municipios, que estaban instrumentalizados e eran unha extensión do poder político; as televisións locais privadas, que eran extensión dos medios hexemónicos de Galicia; e o modelo comercial colonizador, propio dos grandes grupos de comunicación, vixente en todo o territorio español. Ademais, o modelo galego caracterizouse pola carencia de recursos tecnolóxicos, de coñecemento

empresarial e xestión mediática. Por outra banda, non houbo un proceso de asociacionismo entre televisións locais para actuar como un grupo de presión forte fronte aos poderes establecidos, "converténdose nuns súbditos que realizaron unha política mendigante fronte ao poder local e autonómico" (Amorín, 2002, citado en Otero e Martínez, 2002).

A pesar de todos estes problemas, a autora Rodríguez sinalou que en 2004 había 34 emisoras locais en Galicia: "A maior concentración de emisoras de proximidade de Galicia localízase na provincia de Pontevedra con 14 televisións (Canal 41-Fátima; Canal 50 A Guarda; Canal Deza; Galivisión Marín; Tele Baixo Miño; TV Luso-Galaica; Localia Tv Pontevedra; Localia Tv Vigo, RTV Tui, TVM Cangas, A Estrada Tv, Ponteareas Tv, TeleSalnés e Televigo-La 7); seguida de A Coruña con 11 (TV Ames; TV As Mariñas-Oleiros; Localia Tv Coruña; Localia Tv Ferrol; Localia Tv Santiago; RTV As Pontes, RTV Cerceda, Telecoruña, TV Ferrol-Canal 31; TV Teo e Tv Tambre); Ourense con 5 (Cablevisión O Carballiño; Ourense Tv Benposta; Ribeira Sacra Tv, Tele Miño e Tv Arnoia), e Lugo con só 4 emisoras (Localia Telelugo; RTVM Quiroga; Televinte Chantada e TV7 Sur)" (Rodríguez, 2004).

Neste momento, cabe destacar un novo elemento de inestabilidade para as televisións locais: a dixitalización, que implicou o cambio de emisións televisivas analóxicas a dixitais. O ano 2005 foi o ano da consolidación do primeiro mapa dixital da televisión local en Galicia, xa que en abril de 2005 aprobouse el Decreto 81/2005 (14 de abril) polo que se regulou o réxime xurídico de xestión do servicio público de televisión dixital na Comunidade Autónoma de Galicia, incluíndo nel o referente á televisión dixital local. Así, a Xunta de Galicia sacou a concurso 63 concesións nas 21 demarcacións definidas polo Plan Técnico Nacional da TDT: A Coruña (municipio), A Coruña (comarca sen Oleiros), Oleiros, Eume, Betanzos, Ferrol (comarca) e Ortegal, Ferrol (municipio), Bergantiños, Ordes, Terra de Melide e Arzúa, Xallas-A Barcala-Sar-Comarca de Santiago, Muros e Noia, Barbanza, Santiago municipio, Terra de Sonería e Fisterra, na provincia de A Coruña; Mariña Occidental, Mariña Central e Mariña Oriental, Terra Cha, Meira-A Fonsagrada-Os Ancares, Lugo comarca, Sarria, Terra de Lemos e Quiroga, A Ulloa e Chantada, na provincia de Lugo; Ourense comarca (con Allariz-Maceda), O Carballiño, O Ribeiro e Terra de Celanova, A Limia e Baixa

Limia, Verín, Terra de Caldelas-de Trives-Valdeorras e Viana, na provincia de Ourense; e Pontevedra (municipio), Pontevedra (comarca), Vigo (municipio), Vigo (comarca sen Redondela), Redondela (municipio), Morrazo (sen Marín), Marín municipio, Salnés (sen Vilagarcía e Vilanova), Vilagarcía e Vilanova de Arousa (municipios), Deza, Tabeiros-Terra de Montes-Caldas, A Paradanta e O Condado, e o Baixo Miño (Rodríguez, 2005). Neste ano, tamén, aprobouse o Plan Técnico Nacional da TDT e quedou aprobada tamén a Lei 10/2005, de 14 de xuño, de Medidas Urxentes para o Impulso da TDT, de Liberalización da Televisión por cable e de Fomento do Pluralismo.

En xullo de 2006 saíu a resolución do concurso público para as concesións de cobertura da TDT local privada. Así, o goberno galego levou a cabo a concesión de 46 licenzas de televisión dixital local e as emisoras locais que funcionaban de forma estable en analóxico, pero que non recibiron a licenza pertinente, tiveron que pechar as súas emisións. Neste reparto, saíu beneficiada Localia, que emitía en analóxico, e recibiu a concesión dixital na Coruña, en Lugo, Ourense e Vigo a través da empresa UTEGA (Unión Temporal de Televisións Galegas). Por outra banda, Prensa Ibérica recibiu a concesión para TDT-L a través de Faro de Vigo S.A.U. e de La Opinión S.L. en A Coruña, Ferrol, Santiago, Ourense, Pontevedra, Vigo y Carballo (Román, 2008).

Porén, aquelas televisións locais que emitían en analóxico e non recibiron a licenza dixital, como La 7 Televigo, Código Tv (Santiago), Telecoruña Canal, 41, TV Ferrol Canal 31, As Mariñas TV, TV Barbanza, Estrada TV-canal 57, RTV Cerceda, TV de Arnoia, RTV Quiroga, Canal 50 TVL, Cablevisión do Carballiño; déuselles a oportunidade de seguir emitindo ata o apagado analóxico que estaba programado en principio para 2008, mais retrasouse ata o 2010. Ademais, algunhas emisoras de televisión local que non conseguiron concesións denunciaron que o Goberno galego repartira as licenzas de maneira pouco favorable, prexudicando o uso da lingua galega, a pluralidade de contidos, e o sector empresarial galego, xa que entendían que podía darse unha colonización do espazo da TDT local galega polas grandes canles con base en Madrid.

Así, en abril de 2010 completouse o apagamento analóxico e formulouse en España un novo modelo audiovisual que pretendía aproveitar as posibilidades

da emisión dixital. Apostouse pola multiplicación da oferta e por un marco legal con notables limitacións, entre elas a emisión en cadea ou a porcentaxe de emprego do galego e do castelán. Moitas empresas lanzáronse a concursar polas licenzas na seguridade de que se abría un bo negocio para medios de comunicación que ata o momento non tiñan televisións ou para consolidar a situación dos que se atreveron a adiantarse e crearon emisoras analóxicas alegais. Pero cando chegou o momento do inicio das emisións, o sector xa auguraba malos resultados económicos. O contexto viuse aínda máis alterado pola promulgación da Lei xeral da comunicación audiovisual, de ámbito estatal e do mesmo ano (2010), a Lei autonómica de 2011 (Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia), o inicio das emisións en alta definición e as fusións de televisións españolas, co conseguinte movemento de medios e políticas de emisión, así como a denominada fase dúas do dividendo dixital, que obrigou a modificar unha vez máis o dial nos televisores domésticos (Sanjuán, Martínez e Díaz, 2013).

Ademais da inestabilidade no dial, produciuse tamén outra novidade tecnolóxica que tivo unha orixe máis conceptual ou política que técnica. En España, a diferenza doutros países, optouse por un modelo de TDT que aproveitaba o espectro para emitir máis canles en vez de máis información por canle. Na práctica isto significou un maior número de canles con definición estándar (SD) en vez de menos con alta definición (HD). Mentres tanto, as tendas de televisores vendían aparellos con variadas denominacións ao respecto, esencialmente HD Ready e Full HD. Isto á marxe das características do tipo de televisión que estaba previsto que se emitira no país, como xa pasara anos atrás cos televisores estéreo. De feito, os primeiros aparellos que traían o decoficador da TDT incorporado non contemplaban a TDT en alta definición nin de pagamento. Porén, o Goberno decidiu apostar pola TDT de alta definición, o que favoreceu ás empresas de ámbito estatal fronte ás autonómicas e locais. Galicia non foi unha excepción: moitos galegos viron como os seus receptores non servían e as emisoras de televisión galegas quedaron fóra dese mercado (Sanjuán, Martínez e Díaz, 2013).

Os problemas que xeraron as novas tecnoloxías, as poucas perspectivas económicas do negocio da televisión, así como o pouco valor que lle deron as

televisións locais privadas ao uso da lingua propia das localidades, fixo que pouco a pouco as televisións locais foran decrecendo. En 2012, das 64 canles con concesión para emitir en TDT, só emitían 26. O cambio ao dixital fixo que as televisións locais tiveran que investir moito diñeiro en adaptarse a esa nova tecnoloxía, o que provocou que tiveran que axustar custes e gastos para poder producir programas propia para crear comunidade de intereses e ámbitos culturais activos e recoñecibles pola audiencia. Porén, os problemas legais, técnicos e económicos fixeron patente a realidade de que moitas emisoras locais non podían facer fronte aos grandes custos que eses problemas estaban a provocar, polo que, a pesar de ter licencia para emitir, moitas deixaron de facelo.

Desta maneira, en 2014 a Xunta concedeu as últimas 20 licenzas de televisión local privada a 11 empresas –(RESOLUCIÓN de 29 de diciembre de 2014, de la Secretaria General de Medios, por la que se da publicidad al otorgamiento de licencias para la prestación del servicio de comunicación audiovisual televisiva de titularidad privada de ámbito local) quedando desertas 6 das posibles concesións por demarcacións ás que non optou ningunha empresa; como foi o caso das Pontes, do Barco, de Chantada, de Verín, de Vilalba e de Viveiro. Tratouse de permisos que quedaran vacantes (17), en desuso (4 renuncias de empresas concesionarias) ou anuladas polo Tribunal Supremo (5) logo do proceso de concesión de 46 concesións do ano 2006 en 21 demarcacións (transformadas en licenzas en xuño de 2012, segundo o Decreto de 29 de marzo dese ano).

Así, a doutora Rodríguez Vázquez (2016) recolleu o mapa de televisións locais en Galicia en 2016, tomando como fonte á Secretaría Xeral de Medios de Comunicación da Xunta de Galicia.

Táboa 1: Mapa de televisións locais en Galicia en 2016

PROVINCIA	DEMARCACIÓN	LICENCIATARIO
Coruña A	Carballo	EDITORIAL LA CAPITAL, S.L.
Coruña A	Carballo	SALITRE SC
Coruña A	Carballo	ONDA HIT, S.L.
Coruña A	Coruña A	LA OPINION DE LA CORUÑA, S, L.
Coruña A	Coruña A	EDITORIAL LA CAPITAL, S.L.
Coruña A	Coruña A	UTEGA, S.A.

Coruña A	Ferrol	EDITORIAL LA CAPITAL, S.L.
Coruña A	Ferrol	RADIO CORUÑA SL
Coruña A	Ferrol	AGENCIA AUDIOVISUAL GALLEGA DE COMUNICACION, S.L.
Coruña A	Ribeira	EDITORIAL COMPOSTELA SA
Coruña A	Ribeira	EVENTOS INSUELA SL
Coruña A	Ribeira	TELEVISION MANCOMUNIDADE DO SALNES, S.L.
Coruña A	Santiago	FARO DE VIGO SA
Coruña A	Santiago	EDITORIAL COMPOSTELA SA
Coruña A	Santiago	COMPOSTELAVISION, S.L.
Coruña A	Vimianzo	EDITORIAL COMPOSTELA SA
Coruña A	Vimianzo	ANTONIO JORGE CAMPOS VAZQUEZ
Coruña A	Vimianzo	AUDIOVISUALES SOGAVI, S.L.U.
Lugo	Chantada	CHANTADA COMUNICACION, S.L.
Lugo	Chantada	MATERIALES ELECTRICOS DISGETEC, S.L.
Lugo	Lugo	UTEGA, S.A.
Lugo	Lugo	ALTERNATIVAS DE MEDIOS AUDIOVISUALES, S.A.
Lugo	Lugo	TELELUGO EL PROGRESO, S.L.
Lugo	Monforte de Lemos	TELEMIÑO, S.L.
Lugo	Monforte de Lemos	TV7 MONFORTE, S.A.
Lugo	Monforte de Lemos	MATERIALES ELECTRICOS DISGETEC, S.L.
Lugo	Viveiro	TELELUGO EL PROGRESO, S.L.
Lugo	Viveiro	MATERIALES ELECTRICOS DISGETEC, S.L.
Ourense	Barco de Valdeorras O	TELEMIÑO, S.L.
Ourense	Barco de Valdeorras O	MATERIALES ELECTRICOS DISGETEC, S.L.
Ourense	Carballiño O	TELEMIÑO, S.L.
Ourense	Carballiño O	AUDIOVISUALES SOGAVI, S.L.U.
Ourense	Carballiño O	CANAL 26 TV CARBALLIÑO
Ourense	Ourense	FARO DE VIGO SA
Ourense	Ourense	UTEGA, S.A.
Ourense	Ourense	TELEMIÑO, S.L.
Ourense	Verín	TELEMIÑO, S.L.
Ourense	Verín	MATERIALES ELECTRICOS DISGETEC, S.L.
Pontevedra	Pontevedra	UNION DE TELEVISIONES GALLEGAS, S.A.
Pontevedra	Pontevedra	TELEVISION MANCOMUNIDADE DO SALNES, S.L.
Pontevedra	Pontevedra	VIGO RTV DIGITAL LOCAL, S.L.U.
Pontevedra	Vigo	FARO DE VIGO SA
Pontevedra	Vigo	UTEGA, S.A.
Pontevedra	Vigo	RIAS BAIXAS DE PRODUCCION, VIDEO Y TELEVISION, S.L.
Pontevedra	Vilagarcía	TELEVISION MANCOMUNIDADE DO SALNES, S.L.
Pontevedra	Vilagarcía	VIGO RTV DIGITAL LOCAL, S.L.U.
Pontevedra	Vilagarcía	LIDIA NODAR SUAREZ

Fonte: Secretaría Xeral de Medios de Comunicación da Xunta de Galicia

Así, por municipios, a clasificación de licenzas de TDT na actualidade visualízase desta maneira:

- Carballo: Onda Hit S.L., Editorial La Capital, S.L. e Salitre Multimedia.
- A Coruña: La Opinión de La Coruña S.L., Editorial La Capital S.L. e Utega S.A.
- Ferrol: Agencia Audiovisual Gallega de Comunicación S.L., Editorial La Capital S.L. e Radio Coruña S.L.
- Ribeira: Editorial Compostela S.A., Eventos Insuela S.L: e Televisión Mancomunidade do Salnés.
- Santiago: Faro de Vigo, S.A.U., Editorial Compostela S.A. e Galicia Gestión Audiovisual S.L. (Arrendatario)
- Vimianzo: Editorial Compostela S.A. Antonio Jorge Campos Vázquez e Audiovisuales Sogavi S.L.U.
- As Pontes: Audiovisuales Sogavi S.L.U e Canal 26 TV Carballiño S.L.
- Chantada: Chantada Comunicación S.L e Materiales Eléctricos Disgetec S.L.
- Lugo: Telelugo El Progreso de Lugo S.L., Utega S.A. e Alternativas de Medios Audiovisuales.
- Monforte: Materiales Eléctricos Disgetec S.L., Telemiño S.A. e TV7 Monforte S.A.
- Vilalba: Audiovisuales Sogavi S.L.U. e TV7 Monforte S.A.
- Viveiro: Telelugo El Progreso de Lugo S.L. e Materiales Eléctricos Disgetec S.L.
- Barco de Valdeorras:Telemiño S.A.e Materiales Eléctricos Disgetec S.L.
- Carballiño: Telemiño S.A., Audiovisuales Sogavi e Canal 26 Carballiño S.L.

- Ourense: Telemiño S.A., Faro de Vigo S.A. e Pérez Jácome, Gonzálo (Arrendatrario).
- Verín: Telemiño S.A. e Materiales Eléctricos Disgetec S.L.
- Lalín: Editorial Compostela S.A. e Deza Visión S.A.
- Ponteareas: Rías Baixas de Produción S.L., Josefa López Pousa e Eurorexión Sinerxia S.L.
- Pontevedra: Utega S.A., Televisión Mancomunidade do Salnés S.L. e Vigo RTV Digital Local S.L.U.
- Vigo: Faro de Vigo S.A.U., Iniciativas Audiovisuales Vigo S.L. (Arrendatrario) e Salida 129 TDT S.L. (Arrendatario)
- Vilagarcía de Arousa: Televisión Mancomunidade do Salnés, Vigo RTV Digital Local S.L.U. e Lidia Nodar Suárez

A pesar de que o mapa das televisións locais en Galicia é, como vemos na táboa, bastante extenso, e que as empresas ás que llas concederon as licenzas tiñan verdadeira intención de emitir, os problemas técnicos e económicos; que non deixaron de medrar, provocaron que as emisións por TDT de televisións locais en Galicia foran desaparecendo pouco a pouco. Así, na actualidade moitas delas deixaron de emitir, como é o caso de Telelugo, que cesou a súa actividade no 2017, aínda que segue tendo a licenza que lle permite emitir por TDT.

As televisións, como resposta a estes problemas que non lles permitiron seguir emitindo en TDT, buscaron outras fórmulas para producir e ofrecer aos seus habitantes contido local. Así, comezaron -xa dende o ano 2016- a adaptarse ás novas tecnoloxías emerxentes, elixindo novos soportes dixitais de difusión de información a través de internet para lograr captar o interese dun espectador "surfista", que manifesta unha actitude de consumo "multitasking", participativa en redes sociais e en mobilidade (smartphones) (Rodríguez, 2016). Así, comezaron a traballar na aplicación de novas estratexias expansivas, abrindo o seu camiño en páxinas web, con enlaces ás súas redes sociais, especialmente en Facebook, Twitter, Instagram e Youtube. Este é o caso de iniciativas de televisión local deseñadas exclusivamente para emitir na rede como a Irmandande.tv ou Nóstv.

2.4. A televisión local en Lugo

As iniciativas de televisión local que se estaban producindo en diferentes puntos do mapa estatal, provocaron na sociedade lucense a necesidade de producir contido local feito polos veciños e dedicado aos mesmos. Coa ilusión de ofrecer aos lucenses unha televisión local, o fotógrafo Carlos Rodríguez e o xornalista Xulio Xiz comezaron a concibir unha experiencia piloto do que sería a televisión local de Lugo. En outubro de 1994, durante as festas patronais de San Froilán, os creadores da televisión local decidiron levar a cabo as primeiras emisións televisivas a modo de proba que, debido ao seu éxito, decidiron que a partir de decembro se retomara a emisión televisiva regular.

Este proxecto, denominado Televisión Lugo, conformou a primeira experiencia de televisión local na localidade. A programación baseábase nunha mestura entre contidos de produción propia, que emitíanse entre as 6 da tarde e as 12 da noite, e contidos mercados como filmes ou series. Carlos Rodríguez, cofundador de Televisión Lugo, realizador e produtor de programas da cadea, explica[2] que a idea de crear Televisión Lugo naceu xa no ano 1981, cando xurdiu a primeira televisión local en España, en Cardedeu.

Para entender a conformación da televisión local, debemos entender que Carlos Rodríguez estivo sempre moi vencellado ao mundo audiovisual. Aos 17 anos realizou un curso de fotografía e, grazas a el, comezou a traballar nunha tenda de fotografía en 1964 e na Asociación fotográfica Lucense de Educación e Descanso, onde atopábanse os fotógrafos afeccionados máis recoñecidos da cidade na época. Por outra banda, en 1969 participa nun corto co comunicador Manolo Sicart co que gañan o segundo premio no festival de Vilagarcía. En 1970 exerce como fotógrafo profesional “Carlos Foto-Cine” e en 1973 comeza a colaborar como fotógrafo co xornal El Progreso e a axencia Europa Press. En 1979 funda o Grupo Fotocinematográfico Fonmiñá e a Semana do Cine de autor de Lugo. No 1980 dirixe o primeiro taller de vídeo e vídeo club ‘Videolugo’ e en 1986 funda a Produtora de Vídeo Ophiusa S.L. En concreto, o logotipo do que sería a partir de 1994 Televisión Lugo (TVL), é unha evolución do logotipo de

[2] Todas as declaracións directas e indirectas de Carlos Rodríguez expostas están recollidas nunha entrevista persoal feita para o traballo *Telelugo, el sueño lucense* da materia Historia da comunicación de 3º Curso do Grado de Xornalismo. (2019). Autora: Jessica Fernández Cerdeira.

Videolugo, a empresa de vídeo club de Carlos Rodríguez. Así o defende Xulio Xiz, cofundador de Televisión Lugo, quen explicou na revista Lucensia (2002) que o logotipo que identificou á televisión local "data de 1982, sendo confeccionado por un deseñador xovencísimo entón, de procedencia vilalbesa -Xesús Antón Fraga- que viña de ser unha evolución de Videolugo, a empresa de video-clube de Carlos Rodríguez, existente no número 30 da rúas das Nóreas, da cidade de Lugo".

Fotografía 1: Logotipo de Televisión Lugo

Fonte: Imaxe cedida por Carlos Rodríguez

Porén, tampouco debemos esquecernos do outro, e non menos importante, fundador da primeira televisión local de Lugo, Xulio Xiz, xornalista recoñecido que comezou traballando en Radio Popular de Lugo e na delegación en Lugo de El Ideal Gallego. A mediados dos anos 80 dirixiu programas culturais na Radio Galega e entre o 1983 e o 1989 foi Xerente do Patronato de cultura do Concello de Lugo. Nesta etapa é cando o seu Carlos Rodríguez suxírelle a idea de que en Lugo había que facer algo diferente e novo no ámbito da imaxe e por isto xuntos deciden fundar a Produtora de Vídeo Ophiusa S.L.

Mais para eles non era suficiente, xa que deciden visitar Televisión Sabadell e Televisión Narón para comprobar que a modestia das instalacións e dos medios técnicos non imposibilitaban o funcionamento da televisión. "Visitando Televisión Sabadell, comprobamos que a modestia de instalación e medios non impedían un funcionamento continuado. ¡Podíase facer! Vendo Televisión Narón, moi preto de Ferrol, comprobamos que podiamos afrontar unha iniciativa

similar", sostén Xulio Xiz na mesma publicación da Revista Lucensia. Así, decidiron levar a cabo o primeiro experimento televisivo de Lugo durante as festas de San Froilán, emitindo dende o Polígono do Ceao, onde tiñan a infraestrutura técnica de Ophiusa. Esta constaba dun estudio, cámaras e unha sala de edición, polo que foi doado emitir grazas ao que xa tiñan avanzado con Ophiusa. Porén, tiveron que investir unha grande cantidade de diñeiro para poder emitir de forma continuada debido ás necesidades que emanaban da produción e realización televisiva.

Carlos Rodríguez defende que tiveron que "inventar unha televisión en menos dun mes aproveitando a infraestrutura de Ophiusa" montando un control de realización, outro de emisión e outro de continuidade. Ademais, no estudio tiveron que ampliar os sets informativos e crear outros dez, cinco para os programas en directo (un para cada día) e cinco para os programas xa gravados. Por outra parte, tiveron que contratar locutores, presentadores, técnicos e demais persoal necesario para poder poñer en marcha unha televisión. "En 300 metros cadrados conseguín dispoñer de oito sets para facer distintos programas. Inventei decorados móbiles e versátiles que permitían cambiar os ambientes en pouco tempo e con relativo pouco esforzo, o que permitíanos gravar uns programas polo día e pola noite facer directos", defende o produtor.

Fotografía 2: Un dos programas de Televisión Lugo

Fonte: Imaxe cedida por Carlos Rodríguez

A este problema sumóuselle o da alegalidade das televisións locais, xa que ao comezar en 1994 non había ningunha lei que regulara a emisión televisiva de maneira local, polo que os enxeñeiros técnicos da Xefatura Provincial de Telecomunicacións da Provincia de Lugo levantaron diversas actas á Televisión Lugo por considerala 'ilegal' dentro dos marxes radioeléctricos. Porén, Carlos Rodríguez presume de que a sinal que utilizaron para emitir dependeu sempre dos seus propios equipos técnicos, xa que instalaron a torre de emisións en terreos da factoría de Frigsa, en Lamablanca, e aforraron o alugamento dese lugar, xa que nunca pedíronlles o pagamento deste nin o gasto da enerxía eléctrica que consumían. Coa aprobación da Lei 41/1995 de Televisión Local por Ondas Terrestres e o posterior proceso desregulatorio impulsado polo Partido Popular, a televisión local en Lugo viviría mellores tempos.

A nivel técnico, Carlos Rodríguez, e a nivel de contidos, Xulio Xiz, levaron a cabo as emisións televisivas locais cos menos recursos posibles, usando os equipos técnicos máis económicos que atopaban e cubrindo as necesidades "como se podía", afirma Rodríguez. "A competencia dicía de nós que faciamos que a televisión funcionase ata con unha escoba". Xulio Xiz na Revista Lucensia destaca que, cando preguntábanlles como era posible manter en marcha Televisión Lugo, este sempre respondía que "é como ir montado nunha moto sen freos, polo que o único que podemos facer é pilotala" e que "os millóns de esforzos, toneladas de ilusións e carretadas de soños" era o que os impulsaba a seguir adiante. Pola súa parte, empresas como Caixa Galicia e Bankinter foron as encargadas de sustentar a cadea local, que coas súas aportacións, mantiñan unha televisión que apenas conseguía beneficios. Por outra banda, tamén os colaboradores da cadea axudaron a manter as infraestruturas e equipos ofrecendo o seu patrimonio particular. Como destaca Carlos Rodríguez, "Os colaboradores que, con toda a ilusión apostaron por este proxecto, nunca tiveron remuneración económica por contribuír a esta iniciativa, pensando sempre no ben para Lugo e para os lucenses".

Os contidos de produción propia e locais foron a guinda do pastel dunha televisión enfocada no que demandaba a sociedade. Así, Televisión Lugo producía programas diarios como o informativo Lugonoticias, onde comunicábanse as noticias máis relevantes e actuais da localidade lucense,

facendo así partícipe á sociedade do que pasaba ao seu redor. Tamén emitíanse programas en directo cada día como ‘Cronos. Só Deporte’ os luns, ‘Contraste de Opinións’ os martes, ‘Feminino Plural’ os mércores, ‘Lucenses’ os xoves, e ‘A Carón da Lúa’ os venres; e programas en diferido como ‘¡Hai que celebralo!’, ‘Artesa clip’, ‘Catro tempos’ e ‘La cocina de Alberto’, un programa que emitíase para toda España a través da Asociación Local Media. Porén, a programación que alcanzaba maior audiencia debido á importancia que lle daban os lucenses eran as retransmisións de programas especiais que realizábanse para dar conta dos acontecementos locais máis relevantes da época. Xulio Xiz destacou no seu escrito para a Revista Lucensia que “ter unha televisión en Lugo significaba democratizar o acceso dos lucenses a un medio tan poderoso, significaba permitir o acceso a profesionais ou afeccionados, a anunciantes ou artistas... Os lucenses souberon, grazas a Televisión Lugo, que en Lugo pasaban cousas e estas interesábannos a todos”.

Destes, cabe destacar a programación especial producida durante o ano 1997, cando levouse a cabo a primeira retransmisión en directo vía satélite dunha televisión local, onde viuse o partido de baloncesto no que enfrontábase o Club Baloncesto Breogán contra o Melilla na cidade autónoma, e no que o Breogán xogábase o ascenso á liga ACB. Ese mesmo ano, Televisión Lugo tamén emitiu en directo a entrega de Trofeos de Fútbol Alevín dos diferentes equipos de fútbol da provincia de Lugo compostos por nenos de entre 11 e 12 anos. Por outra banda, xa deixando a un lado o deporte, Televisión Lugo retransmitiu en 1997, en directo e para toda España, a XIX Mostra Folclórica Internacional dende a praza Pastor Díaz de Viveiro, un acontecemento sen precedentes. Tamén ese ano, con motivo do San Froilán, celebrouse o Certame Nacional de Tunas, que foi retransmitido en directo por Televisión Lugo dende a praza de Santa María da cidade amurallada e co fin de chegar a máis público, conectaron con TVL diversas emisoras de Local Media de diferentes puntos de España. Como último acontecemento memorable dese ano, cabe destacar que en decembro Televisión Lugo emitiu en directo durante oito horas seguidas o III Aniversario-Marathón, no que recadáronse máis de medio millón de pesetas para os fins da asociación Aspnais.

Fotografía 3: Certame Nacional de Tunas emitido por Televisión Lugo

Fonte: Imaxe cedida por Carlos Rodríguez

Outras programacións especiais que realizáronse dende a cadea local e que xeraron moita audiencia foron as emisións de actividades nos que a propia sociedade era a protagonista, é dicir, participaba delas. En concreto, aos lucenses gustáballe ver aos seus fillos e fillas saíndo na televisión da cidade e, por isto, Televisión Lugo convidaba a escolas, centro de educación externos e asociacións de ocio, entre outros, a traer aos máis pequenos a participar das emisións televisivas.

Fotografía 4: Actuación dun grupo de nenos e nenas músicos en TVL

Fonte: Imaxe cedida por Carlos Rodríguez

Fotografía 5: Participación dunha escola nun programa de TVL

Fonte: Imaxe cedida por Carlos Rodríguez

En concreto, durante o Nadal, convidábase aos Reis Magos a participar da Televisión local e que tamén os nenos e nenas puideran estar presentes, emitindo así un momento de auténtica ledicia que chegaba aos fogares lucenses.

Fotografía 6: Chegada dos Reis Magos a Lugo en TVL

Fonte: Imaxe cedida por Carlos Rodríguez

Carlos Rodríguez defende que “a audiencia sempre acompañounos” e isto comprobárono porque, ademais das emisións televisivas, tamén analizaron as audiencias que conseguían coa súa programación e redactaron boletíns informativos sobre a actualidade de TVL. Estes boletíns informativos de Televisión de Lugo creáronse en 1996 co fin de apoiar ao novo medio televisivo, xa que este “precisaba dun medio escrito para a súa difusión e potenciación”, como defende Xulio Xiz na Revista Lucensia. Os boletíns informativos, que incluían información sobre a programación do mes correspondente e críticas ou crónicas sobre programas xa emitidos, redactábanse para distribuírse polas caixas de correo dos diferentes fogares da localidade e sustentábanse con publicidade de anunciantes lucenses. En concreto, no Boletín TVL de xaneiro de 1997, recollíanse os datos dunha enquisa de audiencia realizada por Vox Pública -empresa dedicada ao sector da análise social, que xa non existe- na que relatábase que máis de 21.500 lucenses vían a diario Televisión Lugo e ese dato supoñía o aumento dun 15,52% da audiencia que tiñan en xaneiro do ano anterior. Ademais, no mesmo estudo de Vox Pública, consolídase Televisión Lugo como a segunda televisión local con maior audiencia diaria do territorio da península. Nese contexto, no Boletín TVL de xaneiro de 1997, tal e como comentounos Carlos Rodríguez, aparecían as súas declaracións: “No momento no que Televisión Lugo vén de cumprir 17.600 horas de emisión, quere reafirmarse na súa vontade de servizo a todos os lucenses e no desexo de seguir traballando e medrando en atención a todos os temas que preocupen á xente de Lugo, así como no agradecemento aos habitantes do Concello pola súa fidelidade e atención”.

Pero non todo foi de cor de rosa. En 1996, dous anos despois da aparición de Televisión Lugo, o forte grupo de comunicación presente na provincia de Lugo dende a súa fundación en 1908, El Progreso, decidiu poñer en marcha a súa propia televisión local levando a cabo unha campaña de publicidade enorme, xa que contaba con máis recursos económicos que Televisión Lugo. Así, Lugovisión promocionou a través de El Progreso, o medio de comunicación máis relevante da provincia, os contidos da súa programación, entre os que destacaron o informativo diario ‘Lugodiario’, conducido por xornalistas como María de la Torre Liborio García, María Varela, Antonio Valverde e María Taboada; o magazine

diario ‘La Puerta 11’, dirixido por José De Cora; o informativo semanal do motor ‘Km 500’, presentado por Arturo Reboredo; ou Tododeporte, un informativo semanal do deporte presentado por Antonio Valverde. O director do que foi Lugovisión, o produtor audiovisual Yago Mazoy, defende que o seu traballo consistiu en determinar de era posible unha nova televisión local en Lugo, converténdose na segunda televisión local, e consolidar esta televisión asumindo a dirección, produción e realización dos programas que se emitiron.

Carlos Rodríguez amosou o seu malestar por esta circunstancia: “Lugovisión foi o noso particular 23F (referíndose ao golpe de estado do militar Antonio Tejero de febreiro de 1973). Despois dunha moi forte campaña publicitaria no xornal El Progreso, naceu unha emisora que pretendía varrernos do mapa televisivo”. Nese momento, os fundadores de Televisión Lugo consideraron a creación da segunda cadea de televisión local de Lugo como unha ameaza evidente decidiron emprender accións legais contra esta emisora. Así, a dirección de TVL denunciou diante da Xefatura de Inspección de Telecomunicacións e o Goberno Civil de Lugo a existencia de dúas emisoras ilegais de televisión local: Lugovisión e Televoz, propiedade de La Voz de Galicia. “Televisión Lugo era a única que estaba contemplada na Disposición Transitoria da Lei da Televisión Local, o que a situaba nunha posición de recoñecemento de legalidade”, defendeu Carlos Rodríguez. Porén, a pesar das denuncias interpostas pola dirección da televisión local, en 1998 El Progreso merca Televisión Lugo, ignorando os esforzos de Carlos Rodríguez e de Xulio Xiz por evitalo. Así, nace Telelugo, unha fusión entre Televisión Lugo e Lugovisión.

Este feito provoca que Carlos Rodríguez abandone a televisión local, solo quedouse uns meses nela preocupándose da integración do equipo técnico na nova televisión local para darlle continuidade. Ao ser preguntado polas razóns do seu abandono, explicou que a visión de televisión local que tiñan dende o grupo El Progreso era diferente á deles, “nós éramos máis próximos á xente e máis familiares, onde participaba todo o que quería e tiña algo que aportar. Colaboramos e participábamos nos acontecementos máis importantes a nivel social, cultural e empresarial da nosa cidade”. Por outra banda, Xulio Xiz en 2002, na publicación da Revista Lucensia recoñeceu que, cos anos deuse de conta de que a competencia fora positiva porque “puidemos comprobar os

resultados da desigual loita, os diferentes xeitos de traballar... e a sociedade lucense elixiunos a nós por abrumadora maioría". Porén, fala con nostalxia do que conseguiron levar a cabo tanto como Carlos Rodríguez na posta en marcha dunha televisión local, porque fixérono eles, e non o grupo que "tanto aclamaban os políticos por fundar unha televisión local ilícita", defende Xiz. Os recursos económicos de Televisión Lugo non eran "nin de lonxe" os que posuía El Progreso, polo que en 1998, cando "pensabamos, inicialmente, en facer unha empresa potente que seguira coa televisión, a competencia chegounos cargada de argumentos económicos e decidimos venderlla".

"Televisión Lugo foi un soño fermoso que conseguimos facer realidade, que nos realizou, que nos encheu, que nos fixo máis profesionais, máis fortes, máis valentes, máis sensibles... e máis lucenses. A nosa maior satisfacción foi darlle a Lugo un novo medio, darlle á nosa cidade catro anos de liberdade a través das ondas, da que alguén terá que ter beneficiado. Gracias a Lugo, como colectividade; gracias ós lucenses, un a un, unha a unha, individualmente, polo seguimento e o agarimo. Os que levamos adiante aquela iniciativa que se chamou Televisión Lugo sabemos que nunca faremos nada tan fermoso por moito que nos quede de vida".

Así nace Telelugo, no ano 1998, como unha "fusión" entre Televisión Lugo e Lugovisión. Cabe destacar que se buscamos en Internet 'Telelugo', a primeira entrada que aparece é de Wikipedia, na que se recolle que Telelugo comezou a emitir en 1994, ano no que comezou a emitir, realmente, Televisión Lugo.

Fotografía 7: Entrada do concepto 'Telelugo' en Wikipedia



Fonte: Wikipedia

Desta forma, El Progreso, con esta fusión, conseguiu que non se recordase esta experiencia local anterior -Televisión Lugo- como a primeira, senón que fose Telelugo a única e pioneira televisión local en Lugo. Así, El Progreso consolidouse na provincia lucense como o medio de comunicación hexemónico, xa que antes coa prensa escrita e, despois, coa propiedade da televisión local, converteuse na empresa de comunicación máis importante de Lugo. Neste proceso, destaca Margarita Soilán[3], directora da televisión local a partir do ano 2000, xa que durante os dous primeiros anos de existencia desta canle, a súa dirección levouse a cabo dende a propia dirección de El Progreso.

Soilán xa formaba parte do grupo antes de dirixir a televisión local, levando a cabo a función de Xefa de Produción, polo que estivo presente no desenvolvemento da creación de Lugovisión e a conseguinte compra de Televisión Lugo por parte de El Progreso. Ela defende que "este proxecto de televisión local xurdiu da directiva de El Progreso, e a vontade coa que naceu a idea de xuntar as dúas emisoras locais, foi o anhelo dunha televisión local para Lugo máis ambiciosa, con mellor equipo humano e técnico, mellores instalacións e con máis programación de produción propia que se emitise durante varias horas ao día".

Porén, ao principio, Telelugo atopou grandes dificultades, como todas as televisións locais, xa que soamente tiñan o apoio económico do grupo de comunicación El Progreso e para a emisión de calquera programa televisivo, requiríase moito material técnico que, neses momentos, era moi custoso. Necesitábanse varias cámaras de gravación, trípodes, focos, pantallas de iluminación, a decoracións dos sets, os controis de realización e de emisión... Polo que, aínda que os medios técnicos que adquirían eran de baixo custo, a produción de calquera programa era moi cara. "A maior dificultade coa que nos atopamos foi 'a de sempre'. Os decorados dos sets eran simples e cutres, os programas non tiñan nin iluminación nin os planos de calidade que podían ter as televisións nacionais e neste negocio fanse comparacións", recorda con nostalxia Margarita Soilán.

[3] Todas as declaracións directas e indirectas de Margarita Soilán expostas están recollidas nunha entrevista persoal feita para o traballo *Telelugo, el sueño lucense* da materia Historia da comunicación de 3º Curso do Grado de Xornalismo. (2019). Autora: Jessica Fernández Cerdeira.

Fotografía 8: Programa ‘Cerros de Úbeda’ no 1999



Fonte: Imaxe cedida por Margarita Soilán

Fotografía 9: Programa ‘El Kiosko de Bonifacio’ no 2000

Fonte: Imaxe cedida por Margarita Soilán

No mesmo ano no que Margarita Soilán toma as rendas da televisión local, no 2000, nace Localia TV, a marca da compañía do grupo PRISA (Promotora de Informacións S.A.) enmarcada no proxecto PRETESA (Promotora de Emisoras de Televisión), dedicada ao desenvolvemento da televisión local e a prestación

de servizos e subministro de contidos para as televisións autonómicas. Localia TV foi un proxecto ambicioso que tiña como obxectivo unir ás televisións locais de toda España. Ademais, ofrecía ás televisións locais que formaban parte desta comunidade programación producida dende Madrid para que tiveran máis contidos que emitir nas súas televisións locais a cambio dunha aportación económica. Neste contexto, o grupo El Progreso decide participar deste proxecto integrando no 2001 a Telelugo como unha das televisións locais de Localia TV, pasando así a chamarse Localia Telelugo. Segundo Margarita Soilán, "pareceunos interesante porque íanos ofrecer unha parte da programación como magazines, ficción, entre outros contidos; que nos non podiamos producir o que non tería a calidade suficiente á que aspirabamos".

A partir dese momento, Telelugo medrou, xa que a emisora local comezou a emitir máis contido e máis tempo, á vez que deu a posibilidade aos técnicos e xornalistas que traballaban nela de baixar o ritmo de traballo, ao ter que producir menos programación propia. Así, durante os primeiros anos do que foi Localia Telelugo, a programación propia que producíase era bastante escasa: un informativo ao mediodía, un magazine pola tarde no que destacaban as conversas entre persoas recoñecidas da cidade e as actuacións; un informativo pola noite e un programa no horario *prime time*. A audiencia cada vez era maior, xa que a cadea local contaba, na súa programación, con persoas admiradas pola sociedade lucense como o xornalista Paco Rivera Cela, o comunicador Manolo Sicart, quen viña de Radiolugo e conseguiu ter o seu propio programa en Telelugo; ou o xornalista deportivo Paco Basanta. "A televisión era como unha cooperativa, todo Lugo axudaba a facer televisión e grazas a iso saímos adiante", recoñece Soilán. Grazas a estes persoeiros da sociedade, a audiencia foi medrando cada vez máis, destacando os debates políticos, que foron os programas que máis éxito acadaron, xa que, como explica Soilán: "Á sociedade lucense gustáballe que falaran na televisión deles e dos seus problemas, por iso gustaron moito os debates políticos".

Fotografía 10: Programa ‘Falamos Con’ de Telelugo

Fonte: Imaxe cedida por Margarita Soilán

Con respecto ao aspecto puramente técnico, tras a Lei 41/1995, a primeira Lei que concibía a televisión local como unha realidade legal no territorio español, en 2002 consagrouse a primeira modificación desta Lei, denominada Lei 53/2002, de 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Orde Social, que estableceu a necesidade das televisións locais de implantar o TDT (televisión dixital terrestre), sendo o primeiro ámbito televisivo en ter a obriga de facer a transición da tecnoloxía analóxica á dixital como condición imprescindible para a súa legalización ou regularización. “Enténdese pola TVL exclusivamente aos efectos da Lei aquela modalidade de televisión consistente na emisión ou transmisión, con tecnoloxía dixital, de imaxes”, establecía a Lei. Neste contexto, Margarita Soilán defende que o cambio da era analóxica á dixital supuxo en Telelugo a renovación completa dos medios técnicos de Telelugo, levando a cabo un esforzo maiúsculo para poder facer fronte aos gastos e custos necesarios para poder manter a calidade de produción e emisión dos programas que ata o momento fora o “selo identificador de Telelugo”.

Así, o grupo de comunicación El Progreso levou a cabo un grande investimento de diñeiro destinado á obtención de todos os medios técnicos dixitais necesarios, onde destacaron as novas cámaras dixitais, un novo control de realización dixital e unha unidade móbil para poder transmitir en directo fóra

do estudio; como os elementos nos que máis se investiu. “O equipamento técnico era dos mellores das televisións locais de España. O grupo El Progreso investiu moito diñeiro no equipamento técnico dixital de último xeración”, defende Margarita Soilán.

Fotografía 11: Control de realización analóxico de Telelugo

Fonte: Imaxe cedida por Margarita Soilán

Fotografía 12: Control de realización dixital de Telelugo

Fonte: Imaxe cedida por Margarita Soilán

Así, o grupo de comunicación El Progreso levou a cabo un grande investimento de diñeiro destinado a obter todos os medios técnicos dixitais necesarios, destacando as cámaras dixitais, un novo control de realización dixital e unha unidade móbil para poder transmitir en directo fóra do estudio; como os elementos nos que máis se investiu. “O equipamento técnico era dos mellores das televisións locais de España. O grupo El Progreso investiu moito diñeiro no equipamento técnico dixital de último xeración”, defende Margarita Soilán.

Fotografía 12: Programa ‘Verdades a medias’ de Telelugo en 2003

Fonte: Imaxe cedida por Margarita Soilán

Porén, os sets de gravación do estudio seguían a estar pouco iluminados e decorados, xa que o diñeiro non chegaba para todo o que querían facer, polo que os programas seguían a ser dunha calidade media. Ademais, nestes anos, Telelugo comezou a beneficiarse de máis recursos económicos que o que lle facilitaba o seu propietario, El Progreso, xa que os comercios locais comezaron a interesarse por anunciar os seus produtos a través da emisión televisiva, e isto deulle a Telelugo a posibilidade de obter máis beneficios a través da publicidade. Este feito promoveu que Telelugo adaptárase de forma eficaz ao cambio da tecnoloxía analóxica á dixital durante os primeiros anos.

Fotografía 13: Informativo de Telelugo en 2004

Fonte: Imaxe cedida por Margarita Soilán

Por outra banda, esta Lei establecía que a Administración central das comunidades autónomas onde había televisións locais sería a encargada de establecer as demarcacións (áreas de cobertura) definitivas para as televisións locais. Así, estableceuse que os límites de emisión da televisión local xa non eran municipais, senón que estas dependerían do número de habitantes e das dimensións do territorio que quixérase cubrir: segundo a Lei 53/2002, "o plan poderá reservar canais múltiples para atender conxuntamente as necesidades de varios municipios colindantes cuxa poboación de dereito total sexa superior a 25.000 habitantes o cuxa cobertura inclúa todos os municipios nun radio de, polo menos 25 quilómetros". Pero, para isto, había que esperar á aprobación do Plan Técnico Nacional de TDT-L, polo que na comentada Lei dispúxose de prazos para a elaboración deste plan técnico, previsto para o 31 de outubro de 2003 e a adxudicación das licencias de TDT local, para o 30 de xuño de 2004.

Así, o Plan Técnico de Televisión Dixital Local apróbase con atraso no Real Decreto 439/2004 e é modificado no Real Decreto 2268/2004, que dividiu o territorio estatal en 281 demarcacións. No caso de Galicia, o concurso de demarcacións resolveuse o 6 de xullo de 2006, cando quedou o territorio galego dividido en 21 demarcacións. No caso de Localia Telelugo, conseguiu catro licencias de TDT local: En Lugo, en Monforte, en Vilalba e en Viveiro, abarcando

así toda a provincia lucense. Porén, Telelugo viviu nunha situación de ilegalidade durante anos, xa que, debido á súa ambición, decidiu instalar unha antena no Páramo, a uns 35 quilómetros da localidade de Lugo, coa intención de expandirse e que a súa sinal de televisión chegase ata Sarria e Monforte antes de que o Plan Técnico estivera redactado e aprobado e as concesións estiveran distribuídas. A pesar disto, conseguiron emitir e gañar audiencia, o que beneficioulles de forma clara. Por isto, os enxeñeiros de telecomunicacións da provincia de Lugo levantaron diversas actas e estiveron sempre detrás destas emisións ilegais, mais Telelugo seguiu emitindo a pesar destas circunstancias.

Ademais, dende a Xefatura Provincial de Telecomunicacións de Lugo, Raúl Fernández[4] defende que viviron nunha situación de ilegalidade moito tempo máis, xa que, a pesar das concesións que conseguiu Telelugo, non regularizou a súa situación ata 2017, ano no que, por outra parte, deixou de emitir. A súa ilegalidade correspondeuse coa emisión de contido televisivo no canal 46 de UHF e na instalación da antena no monte do Páramo, unha emisión que non estaba permitida pola Xefatura de Telecomunicacións, aínda que tivera as catro concesións que proporcionoulle a Xunta. Porén, emitiron durante toda a súa existencia de forma ilegal, xa que non pagaban pola utilización desta canle como facían as demais televisións locais e, cando conseguiron legalizar Telelugo, coa Resolución de Autorización de Posta en Servizo: 02/06/2017 nunha notificación a Telelugo dende a Direción Xeral da Xefatura Provincial de Telecomunicacións de Lugo (DGLU-1300163), xa era demasiado tarde.

A pesar de seguir emitindo, no 2008, co comezo da crise económica mundial -a Gran Recesión-, deuse unha circunstancia que provocou que, pouco a pouco, Telelugo fose perdendo forza. Este acontecemento foi a desaparición do grupo PRETESA, de Prisa, o propietario de Localia Televisión, proxecto no que se encadraba Telelugo. Así o explicaba nun artigo o xornal 'El Confidencial' (2008), que expuxo as razóns polas que decidiu o parón da súa actividade: "A compañía de medios achacou esta situación á crise económica e á caída da inversión publicitaria e precisou que tomou esta decisión ante as dificultades e a

[4] Todas as declaracións directas e indirectas de Raúl Fernández expostas foron recollidas nunha conversa persoal entre o Xefe Provincial e máis eu que concertei con el para resolver certas dúbidas que tiña sobre o aspecto técnico da emisión de Telelugo.

incoherencia que presenta o marco regulatorio actual. Segundo explicaron, o modelo de televisión local está imposible, debido á saturación de licencias de TDT e o desorde do sector, que imposibilitan a viabilidade do proxecto".

Así, Telelugo perde a programación que proporcionáballe Localia TV, mais non deixa de emitir como fixeron outras televisións locais que pecharon á vez que Localia TV. Segundo Margarita Soilán, en Lugo mantívose a emisora porque "os lucenses querían a televisión local, tiñamos moita audiencia e a emisión de contidos abarcaba toda a provincia de Lugo". Mais, a razón máis importante pola que Telelugo seguiu emitindo a pesar do peche de PRETESA foi que tiña contratos firmados e licencias TDT que querían explotar, polo que negociaron coa Central de Telecontidos (CTC), unha empresa de servizos de contidos audiovisuais para televisións locais que puxo en marcha o empresario coruñés José María Besteiro. Isto supuxo un antes e un despois en Telelugo, xa que a o grupo El Progreso, debido a todos os cambios que estaban experimentando, decidiron darlle un novo aire á emisora local e decidiron prescindir de Margarita Soilán como directora de Telelugo ese mesmo ano, en 2008, cando contaban con soamente 25 traballadores para cubrir toda a programación provincial que se estaba a levar a cabo, mais segundo Soilán, eran os mellores: "Todos eles eran os mellores técnicos que podiamos ter, eran bos profesionais, estaban moi implicados, tiñan moita ilusión e ganas de facer cousas e facelas ben".

Fotografía 14: Programa Mazacine Telelugo 2005

Fonte: Imaxe cedida por Margarita Soilán

Co cese de Margarita Soilán, chegou Sonia Díaz Corcuera, unha xornalista procedente do País Vasco que non coñecía Lugo nin á sociedade lucense. Segundo Margarita Soilán, “era unha persoa que non formaba parte de Lugo, que acababa de chegar e non coñecía os problemas e as preocupacións da poboación lucense, polo que Lugo non a aceptou de boa maneira”. Así comezou o principio do fin da televisión local, xa que comezaron a facer contido moito máis enfocado a cidades como A Coruña, copiando o estilo de programas das cidades máis grandes, esquecéndose de que a sociedade lucense estaba acostumada a participar do que se emitía na televisión, gustáballe axudar e cooperar para facela posible; polo que estes contidos non funcionaron.

O grupo de comunicación El Progreso deuse conta do seu erro e, tras unha crise interna no medio de comunicación, a finais de 2011 a cadea decidiu cesar a Sonia Díaz, sendo o grupo El Progreso o que encargaríase da dirección da emisora local de aí en diante, ata o seu peche en 2017. De novo, isto non funcionou porque, como afirma Margarita Soilán, dirixir unha emisora de televisión implica ter moitos coñecementos en emisión televisiva e ter un equipo de apoio especializado en cada ámbito técnico e produtivo dos contidos da programación, analizando o que esixa a audiencia. “Non se pode encargar o mesmo equipo de persoas da información dun xornal que da información para televisión porque son soportes completamente diferentes con necesidades diferentes”, defende Soilán.

Nos últimos anos de Telelugo, cada se vez contábase menos coa participación cidadá, xa que facíase menos programación propia dedicada aos lucenses, apoiándose no estilo no que actuaban as televisións xeralistas: probaban diferentes contidos para saber que programas triunfaban entre a audiencia e cales non. Pero isto soamente provocou que a audiencia descendese a grande escala e que perderan diñeiro, xa que producir un programa custa moito para unha televisión local. “As televisións locais deben analizar exactamente se un programa vai ter éxito e debe telo, xa que ese programa debes conservalo para sacarlle beneficio”.

O último intento de conservar a televisión local de Lugo foi aportar en 2015 polas conversas e debates locais que presentaba o xornalista lucense Paco

Nieto, que proviña de Radiolugo (Cadena Ser) e era unha persoa recoñecida e admirada entre a sociedade lucense. Este converteu o estudio de Telelugo na continuación do extinto Club de Opinión que iniciara Tonina Gray en Telelugo. Así, o programa 'A Tertulia', un xénero de opinión que xuntaba nun mesmo espazo a representantes de diferentes partidos políticos de Lugo para debater sobre asuntos de interese social para Lugo, recobrou un pouco o espírito local co que nacera nun principio a emisora.

Durante as dúas tempadas nas que emitiuse o programa, o contido audiovisual era de alta calidade, mais Telelugo tiña pouca audiencia en comparación con anos anteriores e os custos de manter a televisión local eran tan elevados que El Progreso non puido conservar ao seu equipo técnico, polo que foi reducindo a súa forza de traballo ata que en abril de 2017 soamente quedaban dúas persoas que facíanse cargo de todo. Como recorda Paco Nieto, "o último ano que estiven na Tertulia, quedaba soamente un técnico traballando... Dende que cheguei á emisora local souben que Telelugo non ía sobrevivir".

Debido a todos estes problemas económicos e de non saber adaptarse ás necesidades lucenses, así como á aparición das novas plataformas dixitais e redes sociais que comíalle terreo á televisión local, El Progreso decidiu deixar de emitir definitivamente en 2017, no mesmo ano no que 'por fin' legalizouse a emisión da televisión local, coa Resolución de Autorización de Posta en Servizo: 02/06/2017 con nome DGLU-1300163, á que fixemos referencia anteriormente. De todos modos, El Progreso aproveitou as vantaxes que ofrecían as plataformas dixitais que estaban gañando cada vez máis adeptos e, así, a empresa creou El Progreso TV, un apartado na súa páxina web como medio de comunicación tamén dixital e, á súa vez, unha canle de Youtube co mesmo nome no que comezouse a producir contido audiovisual con menor custo económico.

Na actualidade, El Progreso segue a ter aberto El Progreso TV, pero como un repositorio de contidos xa dados no cornal, non como un lugar onde emítese información. Ademais, dende 2017 cando legalizouse a emisión televisiva local de Telelugo, El Progreso paga anualmente a propiedade do canle 46 que non está utilizando, pero podería emitir, polo que no futuro se alguén quixera poñer en marcha de novo a televisión local e emitir, podería.

3. Obxectivos

Despois de coñecer en profundidade a historia da televisión local en Lugo, encadrada no contexto da historia da televisión local en Galicia e, á súa vez, dentro do panorama de televisións locais a nivel estatal, é o momento de expoñer os obxectivos xerais que queremos perseguir con esta investigación.

Desta maneira, o obxectivo principal desta análise é recuperar a historia da televisión local en Lugo no marco da historia da televisión local en Galicia, dentro do marco da historia da historia da televisión local en España, mostrando, á súa vez, o desenvolvemento e a evolución do concepto de televisión local a través dos diferentes autores que tratando o concepto de 'televisión local', así como deixar constancia do proceso de transformación da televisión local dende o seu nacemento en España ata a actualidade no ámbito local lucense.

Este obxectivo xeral conforma o contexto dos nosos obxectivos específicos. Ao agrupar todo o coñecemento existente da historia da televisión local en Lugo, que remata co peche de Telelugo en 2017, queremos abordar a posibilidade de que volva a haber unha televisión local en Lugo, que estará condicionada por dous factores: o grupo de comunicación El Progreso ten as infraestruturas necesarias que permiten a produción de contidos dunha televisión local e que, ademais, conta coa licenza para emitir por TDT e chegar a toda a provincia; e as vontade da sociedade lucense por apostar por unha nova iniciativa dun novo proxecto de televisión local en Lugo.

Desta maneira, os obxectivos específicos serán dous:

- Analizar a situación do grupo de comunicación hexemónico de Lugo, El Progreso, para saber se estarían dispostos a apostar polo rexurdimento de Telelugo como televisión local lucense, xa que contan cos medios e coa autorización legal para emitir para toda a provincia lucense.
- Demostrar a existencia, ou non, dun escenario proclive no contexto actual lucense para poñer en marcha un novo proxecto de televisión local a través das testemuñas dos sectores representativos da sociedade lucense.

As preguntas principais obxecto desta investigación poderían resumirse nas seguintes:

- É posible o rexurdimento de Telelugo, propiedade de El Progreso, no contexto actual?
- Estaría disposto o grupo de comunicación lucense a poñer en marcha un novo proxecto de televisión local na provincia de Lugo?
- Permitiría o grupo de comunicación El Progreso que outro grupo de persoas alleas ao medio recuperase a televisión local mediante o alugamento das infraestruturas e da licenza que posúe El Progreso?
- A sociedade lucense recorda as experiencias de televisión local en Lugo?
- Hai oportunidade real no escenario actual para emprender un novo proxecto de televisión local en Lugo?
- Tería apoio da sociedade?
- Como imaxinan os cidadáns e cidadás de Lugo esa nova televisión local?

4. Hipóteses

Tendo os obxectivos claros e ben definidos, o seguinte paso é marcar as hipóteses da investigación, que veñen da man dos obxectivos específicos. Así, as hipóteses de partida para afrontar este traballo serían:

- O grupo de comunicación El Progreso, propietario da licenza de TDT para emitir a través dunha televisión local en Lugo, non manifesta interese por recuperar as súas emisións.
- O grupo de comunicación El Progreso amosa a súa conformidade con que un novo grupo de profesionais poidan asumir a dirección da televisión local en Lugo, pagando por utilizar as infraestruturas propiedade do grupo de comunicación.
- A sociedade lucense lembra as experiencias de televisión local nas distintas etapas da súa existencia (Televisión Lugo, Lugovisión e Telelugo).
- A sociedade lucense valora positivamente estas experiencias de televisión local.
- Detéctanse na sociedade lucense ganas por recuperar a existencia dunha televisión local en Lugo.
- As forzas vivas lucenses apostan por un novo proxecto de televisión local en Lugo a través de TDT, combinado con emisións a través de plataformas dixitais.

As hipóteses servirannos para analizar as sensacións, as opinións, as ganas, e as forzas da sociedade por apostar -ou non- por unha televisión local que inclúa a todos os organismos vivos da sociedade lucense.

Coa exposición das anteriores hipóteses pretendemos, en definitiva, descubrir, no caso concreto de Lugo, as inquedanzas da sociedade lucense con respecto un proxecto futuro de televisión local, xa que a cidadanía viviu non unha, senón dúas televisións locais na cidade e agora non hai ningunha; e, como consecuencia, a vontade ou o rexeitamento de apoiar a unha nova televisión local privada que fomente a participación activa da poboación nos seus contidos.

5. Metodoloxía

A metodoloxía que utilizaremos para desenvolver esta investigación é a do método científico, que segundo Sierra Bravo (1994) é "o proceso de aplicación do método e ciencias científicas a situacións e problemas teóricos e prácticos concretos na área da realidade social para buscar respostas a eles e obter novos coñecementos, que se axusten o máis posible á realidade". Así, o proceso de investigación científica comprende tres fases: en primeiro lugar a adquisición de coñecemento a través da documentación existente do tema, en segundo lugar a investigación empírica, mediante a obtención e tratamento efectivo dos datos obtidos de forma directa, e en terceiro lugar a elaboración do traballo público e exposición do mesmo.

Estas tres fases que compoñen a investigación científica son as que conforman o proceso da nosa investigación, na que xa recollemos documentación de diferentes libros, revistas e artigos académicos para poder coñecer o estado da cuestión sobre a televisión local en Lugo, partindo do concepto existente de televisión local ata unha análise da historia da televisión local en España, en Galicia, e en concreto, en Lugo.

O enfoque máis apropiado para a obtención de datos e o seu tratamento na nosa investigación empírica é o da metodoloxía cualitativa, que utiliza métodos e técnicas diversas para reunir os datos necesarios que se utilizarán para a inferencia, a interpretación, a explicación e a predición (Munarriz, 1992). Para a nosa investigación, utilizaremos dúas técnicas cualitativas que son centrais na investigación cualitativa: o estudo de caso exploratorio e as entrevistas persoais.

O estudo de caso exploratorio consistirá na análise do contexto actual lucense para saber se existe, ou non, un escenario proclive para o desenvolvemento dun novo proxecto de televisión local en Lugo. Yin (1989), define o estudo de casos na metodoloxía de investigación como “unha investigación empírica que investiga un fenómeno contemporáneo no seu contexto real, onde os límites entre o fenómeno e o contexto non se mostran de forma precisa, e no, que múltiples fontes de evidencia son utilizadas”. Por outra banda, Munarriz (1992), expón algunhas das características máis importantes que definen o estudo de casos, que serán as seguidas nesta investigación concreta:

- “Participación intensiva e a longo prazo nun contexto de campo.
- Interrelación continua entre investigador-participantes no escenario natural.
- Comprensión das acciones-significados de estes a partir dos feitos observados, sen especificación de teoría previa”.

Como complemento necesario á técnica do estudo de caso de exploratorio, tamén utilizaremos a técnica cualitativa da entrevista que, segundo Munarriz (1992), refírese á conversación mantida entre investigador e investigados para comprender, a través das propias palabras dos suxeitos entrevistados, as perspectivas, situacións, problemas, solucións e experiencias que eles teñen respecto ás súas vidas. Esta técnica serviranos como base de recollida de datos a través de entrevistas en profundidade que esixirán encontros entre entrevistador e entrevistado. As entrevistas terán un carácter semi-estructurado, é dicir, partiremos da observación previa do contexto lucense, neste caso, con respecto á televisión local en Lugo, e levaremos a cabo estas entrevistas co fin de profundar na investigación. Así, as entrevistas consistirán en conversacións cara a cara, a través de videoconferencia ou a través de correo electrónico cos entrevistados nas que exporemos unha serie de preguntas, que parten das hipóteses.

As entrevistas terán dous camiños: o primeiro, analizar o caso concreto da situación do grupo de comunicación El Progreso e a viabilidade de facer renacer a televisión local Telelugo, promovendo un encontro co director do medio de comunicación, Alfonso Álvarez Riveiro; e o segundo, recoller as impresións dos representantes dos sectores máis representativos da sociedade lucense sobre o pasado da televisión local, a posibilidade dun novo proxecto de televisión local en Lugo e de que maneira imaxinan esa nova canle.

Desta maneira, entrevistaremos a representantes, presidentes e portavoces de diferentes organismos lucenses que conformarán unha representación das forzas vivas da sociedade lucense. Contactaremos con todos os portavoces dos partidos políticos municipais de Lugo, ao presidente de Deputación de Lugo, aos representantes dos sindicatos lucenses, aos representantes dalgunhas das Federacións máis importantes de Lugo, ás representantes dalgunhas das

asociacións máis relevantes que representan á cidadanía lucense, e aos representantes dos organismos da sociedade lucense, como o secretario do organismo social Cruz Roja Española en Lugo, a xerente da Rede Museística provincial de Lugo, o vicario xeral da Diocese de Lugo e ao xefe provincial de Telecomunicacións de Lugo. Ademais, entrevistaremos a dous perfís concretos que, a pesar de non formar parte de ningunha entidade ou organización concreta, representan os intereses da sociedade lucense polo labor que fixeron e que seguen levando a cabo: Paco Nieto, xornalista xubilado que exerceu a súa profesión tanto en prensa, como en televisión e en radio -onde desenvolveu a súa actividade de forma máis extensa- e que é un referente do xornalismo lucense; e Guido Álvarez, guía oficial de turismo de Galicia e creador do proxecto 'Guido Guía' en Lugo, promovendo o coñecemento e a posta en valor da riqueza cultural lucense, promotor, ademais da actividade 'O Lugo menos coñecido' e o movemento 'Coidemos Lugo'.

5.1. Entrevistas

Como xa comentamos anteriormente, utilizaremos a técnica, dentro da metodoloxía cualitativa, da entrevista, tanto para coñecer o contexto actual do grupo de comunicación El Progreso, como para analizar o pasado, presente e futuro da televisión local en Lugo dende o punto de vista das persoas que forman parte e representan todos os sectores da sociedade lucense.

Estas entrevistas levarémolas a cabo contactando coas persoas obxecto de estudo e acudindo de maneira presencial aos seus postos de traballo para levar a cabo a entrevista persoal cara a cara. Se por algún motivo, os entrevistados non puidesen atendernos en persoa, realizaremos as entrevistas a través de videoconferencia por algunha plataforma dixital (Zoom, Skype ou Teams) e, de non haber dispoñibilidade por parte da persoa a entrevistar, podería contestar ás nosas cuestións a través do cuestionario que mandaremos ao correo electrónico do organismo ou entidade.

En primeiro lugar, entrevistaremos ao director do medio de comunicación El Progreso, grupo que posúe a licenza que permite a emisión de contidos e as infraestruturas necesarias para levar a cabo a produción de contidos televisivos. Esta entrevista a Alfonso Álvarez Riveiro, en concreto, levarémola a cabo cara a

cara, co fin de xerar un diálogo máis profundo co directo do Progreso e conversar con el sobre o recordo de Telelugo por parte do Progreso, así como, sobre o posible, ou non, rexurdimento do canle local.

Desta maneira, realizaremos unhas preguntas de cortesía antes de comezar a entrevista:

- Prefire que lle trate de ti ou de vostede?
- Prefire a entrevista en castelán ou en galego?
- Pode dicirme o seu nome completo e cargo para que conste?

Tras isto, comezaremos a entrevista. A continuación exporemos as cuestións que conformarán a entrevista ao director do Progreso:

- Como recorda Telelugo?
- Cales foron as causas do cese de actividade da televisión local
- Bota en falta unha televisión local en Lugo?
- Dende o ano que deixaron de emitir, en 2017, posúen a licenza que permite emitir en TDT, pero está sen utilizar, por que non a venderon?
- Concretamente, o grupo El Progreso estaría disposto a retomar as emisións da Televisión local?
- É posible un novo proxecto de televisión local en Lugo, por parte doutro grupo de profesionais, que quixera asumir as emisións de televisión local?
- Autoriza a difusión destes datos no Traballo Final de Grado de Jessica Fernández Cerdeira, titorizado pola doutora Ana Isabel Rodríguez Vázquez?

Tras coñecer e analizar o contexto do Progreso con respecto á posibilidade de retomar a produción de contido local e as emisións de Telelugo, contactaremos e entrevistaremos ás persoas que lideren entidades e organismos que representan o conxunto da sociedade lucense. Como xa comentamos anteriormente, intentaremos que as conversas sexan en persoa ou

por videoconferencia, excepto algúns casos excepcionais nos que, por mor da pouca dispoñibilidade, contéstennos a través de correo electrónico.

Nos encontros persoais coas persoas entrevistadas, como no caso anterior, realizaremos unhas preguntas de cortesía antes de comezar a entrevista:

- Prefire que lle trate de ti ou de vostede?
- Prefire a entrevista en castelán ou en galego?
- Pode dicirme o seu nome completo e cargo para que conste?

Con respecto ás preguntas que conformarán as entrevistas, construímos un cuestionario dividido en tres bloques: o primeiro bloque está orientado a percibir se a sociedade lucense recorda os proxectos de televisión local que existiron en Lugo; o segundo, a advertir se a sociedade lucense bota de menos unha televisión local no contexto actual; e, o terceiro, a analizar de que maneira podería ser ese novo proxecto de televisión local segundo as opinións dos sectores representativos da sociedade lucense.

A continuación, reflexamos o catálogo de preguntas que, baixo uns parámetros comúns, realizaremos ao conxunto de entrevistados:

<u>BLOQUE 1: RECORDAR OS PROXECTOS DE TELEVISIÓN LOCAL</u>

- Recorda Televisión Lugo?
    - Con que sentimento recorda esta televisión local?
    - Cales son os contidos que máis lle gustaban?
    - Recorda cando deixou de emitir?
- Recorda Lugovisión?
    - Con que sentimento recorda esta televisión local?
    - Cales son os contidos que máis lle gustaban?
    - Recorda cando deixou de emitir?
- Recorda Telelugo?
    - Con que sentimento recorda esta televisión local?
    - Cales son os contidos que máis lle gustaban?
    - Recorda cando deixou de emitir?

BLOQUE 2: OPORTUNIDADE ACTUAL

- Bota en falta unha televisión local en Lugo?
- Que aportaría hoxe unha televisión local en Lugo?
- Colaboraría dalgunha maneira coa televisión local?
    - Se resposta que si: De que maneira?
- Contribuiría ao financiamento da nova televisión local en Lugo?
    - Se resposta que si: De que maneira?

BLOQUE 3: MODELO DA FUTURA TELEVISIÓN LOCAL EN LUGO

- Que tipo de financiamento debería ter esa televisión local, público ou privado?
- Que tipo de cobertura cree que sería máis adecuada: municipal comarcal ou provincial?
- Que contidos lle gustaría ver na televisión local?
- En que lingua cre que deberían emitirse eses contidos?
- Que tipo de emisión de contidos sería a máis propicia: a través de TDT ou a través de novas plataformas dixitais?
- Autoriza a difusión destes datos no Traballo Final de Grado de Jessica Fernández Cerdeira, titorizado pola doutora Ana Isabel Rodríguez Vázquez?

Todas estas cuestións formarán parte das entrevistas que levaremos a cabo no presente traballo co fin de coñecer as respostas das 53 persoas que representan a todos os sectores da sociedade lucense e que temos por obxecto estudar.

5.2. Listado de persoas entrevistadas

Na seguinte táboa recolleremos o listado dos entrevistados e entrevistadas que serán obxecto da nosa análise: 53 persoas representativas da sociedade lucense, das que 50 accederon á entrevista. Cada unha delas levará consigo unha ficha composta por unha fotografía, polo seu nome, polo seu cargo, pola data da entrevista e pola metodoloxía empregada para realizar as entrevistas:

Táboa 2: Listado de entrevistados/as e a metodoloxía das entrevistas

FOTO	NOME	CARGO	DATA	MODO DE CONVERSA
 Fonte: Diario de Pontevedra	Lara Méndez	Alcaldesa e portavoz municipal do PSOE de Lugo	07/05/2021	A través de correo electrónico
Fonte: Faro de Vigo	Ramón Carballo	Portavoz municipal do Partido Popular de Lugo	21/04/2021	A través de correo electrónico
Fonte: Cope	Rubén Arroxo	Portavoz municipal do BNG de Lugo	13/04/2021	Videoconferencia por Zoom
Fonte: Cope	Olga Louzao	Portavoz municipal de Ciudadanos de Lugo	21/04/2021	Presencial
 Fonte: Conta persoal Twitter	Carlos Portomeñe	Portavoz municipal de Esquerda Unida de Lugo	14/04/2021	Videoconferencia por Zoom
Fonte: Conta persoal Facebook	Paula González	Portavoz municipal de Lugonovo de Lugo	13/04/2021	Videoconferencia por Zoom
Fonte: El Progreso de Lugo	José Tomé	Presidente da Deputación de Lugo	29/04/2021	A través de correo electrónico

Fonte: Faro de Vigo	Julio Díaz	Presidente do sindicato ANPE en Lugo	16/04/2021	Presencial
	Jesús Varela	Secretario xeral de Comisións Obreiras en Lugo	09/04/2021	Presencial
Fonte: La Voz de Galicia	Antonio Niño	Secretario comarcal da Confederación Intersindical Galega en Lugo	16/04/2021	Presencial
	José Berciano	Central Sindical Independiente y de Funcionarios en Lugo	09/04/2021	Presencial
	Daniel Sinde	Representante do Sindicato de Justicia Policial en Lugo	09/04/2021	Presencial
Fonte: Web SATSE Lugo	Verónica Peteiro	Vicesecretaria provincial do Sindicato de Enfermería (SATSE) en Lugo	16/04/2021	Presencial
	Brais Álvarez	Coordinador do Sindicato Labrego Galego en Lugo	19/04/2021	Presencial

Fonte: Conta persoal Facebook	Jesús Pedreira	Secretario provincial do Sindicato Libre de Correos e Telecomunicacións en Lugo	13/04/2021	Videoconferencia por Zoom
Fonte: Web da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega	Lois Pérez	Representante do Sindicato de Traballadoras e Traballadores de Ensino de Galicia en Lugo	09/04/2021	Presencial
Fonte: Conta persoal Facebook	Verónica Marcos	Secretaria de igualdade da Unións Agrarias en Lugo	15/04/2021	Videoconferencia por Zoom
Fonte: El Progreso de Lugo	Ángel Tomé	Secretario Xeral da Unión Xeral de Traballadores de Lugo	09/04/2021	Presencial
	Fernando López	Responsable provincial da Unión Sindical Obreira en Lugo	19/04/2021	Presencial
	Víctor Manuel Álvarez	Secretario comarcal da Unión Sindical de Traballadores de Galicia en Lugo	19/04/2021	Presencial
Fonte: La Voz de Galicia	Isabel Calvete	Presidenta da Federación Provincial de Anpas de Centros Públicos de Lugo (FAPACEL)	14/04/2021	Videoconferencia por Zoom

non me proporcionou fotografías nin atopei en Internet	Mª Eugenia Díaz-Valverde	Presidenta da Federación de Pais e Nais de Alumnos da provincia de Lugo (FAPA)	23/04/2021	Telefónica
Fonte: El Progreso de Lugo	José María Seijas	Presidente da Federación provincial de Comercio de Lugo	21/04/2021	Presencial
Fonte: La Voz de Galicia	Jaime López	Secretario xeral da Confederación de Empresarios de Lugo	19/04/2021	Presencial
non me proporcionou fotografías nin atopei en Internet	Luís Abel	Secretario da Federación Provincial Asociacións de Veciños de Lugo	03/05/2021	A través de correo electrónico
Fonte: Web Federación Española de Caza	Luís Eusebio Fidalgo	Vicepresidente da Federación Galega de Caza en Lugo	27/04/2021	Videoconferencia por Teams
Fonte: Conta de Facebook da Asociación de Reiki Lugo	Gerardo Castedo	Presidente da Federación de Asociacións de Ámbito Social de Lugo	16/04/2021	Presencial
	Iria Santidrián	Orientadora laboral de FADEMGA Plena Inclusión Galicia en Lugo	19/04/2021	Presencial

	Vanesa Fernández	Referente en funcións da Federación de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental (FEAFES) en Lugo	23/04/2021	Presencial
Fonte: Revista Grupo Isonor	Juan Gude	Coordinador da Federación Galega de Persoas con Discapacidade en Lugo (COGAMI).	06/05/2021	Presencial
	Fernando González	Director xeral da Asociación Alar Galicia en Lugo	21/04/2021	Presencial
Fonte: Conta de Facebook de Adace Lugo	Iria Abel	Directora da Asociación de dano cerebral sobrevido/adquirido (Adace) de Lugo	27/04/2021	Videoconferencia por Zoom
Fonte: Web Bonhomía	Estefanía Sánchez	Presidenta da Asociación Bonhomía Lugo	25/04/2021	Videoconferencia por Skype
	Patricia Casal	Psicóloga da Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais (Alcer) en Lugo	30/04/2021	Presencial

	Eduardo Fernández	Vicepresidente da Asociación de Párkinson de Lugo	30/04/2021	Presencial
	Verónica Fernández	Secretaria da Asociación Lucense de Esclerose Múltiple (Alucem)	05/05/2021	Presencial
 Fonte: Conta persoal Linkedin	Lucía Martínez	Traballadora social da Asociación de Parálise Cerebral (Aspace) en Lugo	10/05/2021	A través de correo electrónico
	Jose Castro	Tesoureiro da Asociación Micolóxica de Lugo	30/04/2021	Presencial
	Ángel Trabada	Presidente da Asociación Amigos do Camiño de Santiago da provincia de Lugo	03/05/2021	Presencial
Fonte: Web Teaming	María Ángeles Valero	Secretaria da Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo	29/04/2021	Videoconferencia por Skype
	Jose Luís Díaz	Secretario da Sociedade Filarmónica de Lugo	30/04/2021	Presencial

	Cristina Gómez	Presidenta da Asociación Mercenarios Galaicos	06/05/2021	A través de Whatsapp
Fonte: El Progreso de Lugo	Ana Torrón	Portavoz Plataforma Feminista de Lugo	Non obtiven resposta	
Fonte: Diario de Pontevedra	Jesús Varela	Vicerreitor adxunto do Campus de Lugo da USC	27/04/2021	Videoconferencia por Teams
Fonte: Conta persoal Facebook	Encarna Lago	Xerente da Rede Museística da provincia de Lugo	27/04/2021	Videoconferencia por Zoom
	Jose Luís Fernández	Secretario provincial de Cruz Roja en Lugo	30/04/2021	Presencial
Fonte: Web Diócesis de Lugo	Mario Vázquez	Vicario xeral da Diocese de Lugo	05/05/2021	Presencial
Fonte: Whatsapp persoal	Raúl Fernández	Xefe provincial da Inspección de Telecomunicacións de Lugo	03/05/2021	Presencial

Fonte: El Progreso de Lugo	Bibí Bouza	Presidenta do Club Voleibol Arenal Emevé de Lugo	01/05/2021	A través de correo electrónico
Fonte: El Progreso de Lugo	Tino Saqués	Presidente do Club Deportivo Lugo	Non obtiven resposta	
Fonte: El Progreso de Lugo	José Caneda	Presidente do Club Baloncesto Breogán de Lugo	Non obtiven resposta	
Fonte: Conta persoal Facebook	Paco Nieto	Ex xornalista en prensa, radio e televisión da provincia de Lugo	26/04/2021	Presencial
	Guido Álvarez	Guía oficial de turismo de Galicia e creador do proxecto ‘Guido Guía’	30/04/2021	Presencial

Fonte: Elaboración propia

6. Resultados da investigación

A investigación que desenvolveremos neste apartado do presente traballo realizarase, como expuxemos no anterior punto, a través dun enfoque cualitativo no que primará a técnica do estudo de caso e da entrevista persoal. Para isto, contactamos, en primeiro lugar, co director do Progreso e, para a segunda parte da investigación, coas 53 persoas representativas da sociedade lucense.

Os resultados obtidos da nosa investigación, recollen as opinións transmitidas polas persoas entrevistadas, que se trasladan de forma que as declaracións que utilicemos de cada entrevista aparecerán entre comiñas e facendo referencia ao anexo concreto onde se atopan, polo que todas as declaracións sitúanse no apartado '9. Anexos'. Desta maneira, poderanse comprobar que as testemuñas recollidas na investigación, responden de forma fiel ás entrevistas que mantivemos coas persoas entrevistadas.

6.1. Posibilidade de rexurdimento de Telelugo

Telelugo, como reflexamos no punto 2.4., foi unha experiencia de televisión local en Lugo por parte do grupo de comunicación El Progreso que comezou as súas emisións en 1998, cando o grupo comprou a primeira televisión local lucense e unírona ao que fora Lugovisión. Esta televisión local, que comezou as súas emisións en analóxico e a nivel local, acabou sendo unha televisión que emitía a nivel provincial a través de TDT nunha canle múltiplex. Todos estes avances no mundo tecnolóxico e a grande audiencia que tiña ao principio, non impediron que a crise económica e os custos que tivo que enfrontar, supuxeran o cese das emisións desta televisión local e acabara por pechar no ano 2017.

El Progreso, que conseguiu nese mesmo ano a concesión administrativa que permitía as emisións de televisión a través de TDT, abriu unha sección na páxina web do Progreso e unha canle de Youtube (El Progreso TV) para seguir emitindo contido audiovisual, aínda que non fose a través dunha televisión convencional.

Catro anos máis tarde, en 2021, o director do medio de comunicación El Progreso, Alfonso Álvarez Riveiro, máis coñecido como Alfonso Riveiro "porque Álvarez hai moitos" (véxase apartado 8.1. Anexo 1: Entrevista a Alfonso Riveiro);

defende (nun encontro persoal producido o 5 de maio de 2021), que a causa do peche de Telelugo non foi "unha cuestión concreta de Lugo, senón que na maioría dos sitios, salvo rarísimas excepcións, televisións locais foron desaparecendo, basicamente por unha razón económica". Ademais, sostén que outra das razóns polas que as televisión locais deixaron de emitir é que "descendeu o consumo de televisión entre a xente nova e tamén ese consumo está moi fragmentado pola chea de canles que hai".

Riveiro argumenta que "os tempos cambiaron" e que "cambiou o concepto de *prime time* a *my time*, é dicir, ti elixes cando ves as cousas". Por iso, di que bota de menos unha televisión local, pero a través de web: "eu agora mesmo vería difícil implantar unha televisión local, a vexo máis unha televisión a través de web", a pesar de que recoñece que en Lugo, en concreto "hai un unha poboación máis envellecida e hai un sentimento identitario" que podería beneficiar a unha televisión local convencional. Ademais, reitera os problemas económicos aos que se ten que enfrontar unha televisión local, xa que "as horas de emisión a través de TDT son tremendamente caras" e sostén que "tendo a Televisión Galega, que ten unha parte de desconexión local, é complexo e complicado montar no contexto actual unha televisión local", aludindo a que esa desconexión local da TVG xa reúne a información televisiva importante de Lugo.

Por isto, cando lle preguntamos a Riveiro se El Progreso estaría disposto a retomar as emisións de Telelugo, o director do grupo é claro: "eu non o vexo a día de hoxe posible" e, ademais, "considerámolo un paso atrás" porque "eu creo que cada cousa ten o seu tempo". O director do grupo baséase na "experiencia de ver desaparecer as televisións locais" para soster que "agora mesmo a xente vai máis a un consumo directo e dixital e os tempos actuais demandan unha aposta dixital", xa que "o dixital dáche moita máis profundidade nas visitas e chegas a moito máis público". Por isto, proclama abertamente que "sería bo ter unha televisión local en Lugo", pero imaxina esa televisión local "vencellada á nosa páxina web". Así, relátanos que agora El Progreso están pensando en facer cambios na web: "queremos darlle máis profundidade e apostar polos contidos audiovisuais" porque "nós aí temos unha carencia que temos que tentar subsanar, é dicir, intentar ter máis contidos audiovisuais vinculados con Lugo ou vencellados a Lugo".

Desta maneira, El Progreso despexa a dúbida: non quere retomar as emisións de Telelugo. Porén, a pesar de que o grupo El Progreso non siga transmitindo contido televisivo, aínda é propietario do canle múltiplex 46 e das infraestruturas necesarias para poñer en funcionamento as emisións televisivas a través de TDT: “temos material, temos infraestruturas, temos unha nave no Ceao, independente do Progreso...”. Riveiro explica que non sabe por que non se venderon ou alugaron eses recursos necesarios para recuperar as emisións de televisión local porque “na empresa non xurdiu ningunha oferta nese aspecto”.

En todo caso, Riveiro expresa que estarían dispostos a “negociar” se houbese un grupo de profesionais, alleos ao medio de comunicación, interesados en utilizar eses recursos técnicos propiedade do Progreso e crear un novo proxecto de televisión local en Lugo: “nós estamos abertos a todo, todo o que sexa Lugo e haxa que apostar por iso, nós sempre imos estar aí para apoiar e implicarnos”. E reitera que “se xurdise ese escenario, pois posiblemente estariamos aí e poderiámolo ver”.

Fotografía 15: Retrato de Alfonso Álvarez Riveiro, director de El Progreso

Fonte: El Progreso

6.2. Pasado, presente e futuro da televisión local en Lugo

Considerando que no anterior capítulo analizamos a posibilidade do rexurdimento da televisión local lucense Telelugo atendendo ás declaracións do director de El Progreso, que manifesta que o medio de comunicación non ten a intención de recuperar as emisións televisivas, neste apartado procederemos á investigación de se hai -ou non- un espírito colectivo por parte da sociedade lucense de poñer en marcha un novo proxecto de televisión local.

Deste modo, dividiremos a análise das entrevistas en tres bloques, tal e como se dividiu o cuestionario: un primeiro bloque para analizar se as 50 persoas entrevistadas recordan os proxectos de televisión local en Lugo, un segundo bloque no que cuestionamos se a sociedade lucense ten ansias dun novo proxecto televisivo en Lugo, e un terceiro bloque onde coñeceremos que tipo de televisión local propoñen os cidadáns lucenses; todo isto, apoiado, como comentabamos anteriormente, nas declaracións de cada persoa entrevistada, segundo a información que aportamos no punto '9. Anexos'.

6.2.1. Bloque 1: Recordar os proxectos de televisión local

En xeral, as persoas entrevistadas recordan un proxecto de televisión local en Lugo, mais non todas as iniciativas televisivas. Sobre todo, recordan Telelugo, aínda que, algúns confunden Telelugo con Televisión Lugo, xa que, como dixemos no apartado 2.4. do marco teórico, El Progreso, ao comprar Televisión Lugo, fíxoa desaparecer e, en consecuencia, moitos recordan Televisión Lugo, pero chámana Telelugo. Este é o caso de Rubén Arroxo, portavoz do Bloque Nacionalista Galego en Lugo, que explica (véxase apartado 9.4. Anexo 4: Entrevista a Rubén Arroxo) que "tería 7 ou 8 anos cando se fundou Telelugo e recordo que empezaron a emitir nun San Froilán e que despois xa se mantivo". Como xa sabemos, a televisión que comezou a emitir nun San Froilán, foi Televisión Lugo, mais Telelugo consolidouse como a única televisión local de Lugo e é a que, todos os entrevistados e entrevistadas, recordan.

A pesar deste feito, algunhas das persoas entrevistadas si que recordan e, ademais, con agarimo, a primeira televisión local de Lugo. En concreto, dos 6 portavoces das agrupacións políticas municipais de Lugo, só Lara Méndez,

alcaldesa do concello de Lugo e representante do PSOE municipal, recorda Televisión Lugo (véxase apartado 9.2. Anexo 2: Entrevista a Lara Méndez) “con curiosidade e interese porque era a primeira televisión local lucense”, e defende que “foi unha iniciativa privada e, polo tanto, valente neses anos”. Porén, Méndez confunde os contidos de Televisión Lugo cos da canle do Progreso ao dicir que, da primeira televisión local, recorda ‘Foro Lucense’, “que era un debate de actualidade”, e ‘Buxainas’, “que era un programa de variedades”.

Con respecto aos representantes sindicais de Lugo, dos 13 entrevistados, soamente Daniel Sinde, secretario provincial do sindicato Jupol de Lugo, recorda (véxase apartado 9.13. Anexo 13: Entrevista a Daniel Sinde) “con nostalxia” este proxecto “que foi a primeira así local e que logo quedou en nada”. Dos contidos non recorda moito, porque confunde os emitidos nas distintas televisións: “non sei se Liborio García entrevistara a Manuel Fraga en Televisión Lugo, en Lugovisión ou nos principios de Telelugo, aínda que esta xa me pillou fóra porque marchei de Lugo a estudar”.

Outra das persoas entrevistadas que si recordan o que foi Telelugo é José María Seijas, presidente da Federación Provincial de Comercio de Lugo, que recorda (véxase apartado 9.24. Anexo 24: Entrevista a José María Seijas) “perfectamente a televisión, a primeira” e para exemplificalo dinos que recorda perfectamente “o frío que pasabamos antes de entrar e logo o calor diante dos focos” e sostén que esta televisión “era moi interesante e había moita xente que estaba interesada e que a vía”. A este entrevistado súmaselle Gerardo Castedo, presidente da Federación de Asociacións de Ámbito Social de Lugo, que tamén recorda esta televisión local (véxase apartado 9.28. Anexo 28: Entrevista a Gerardo Castedo) “como algo próximo que poñía en relevo o de aquí” e que “te decatabas de cousas que afectaban á xente da cidade”. Ademais, Castedo, explica que coñecía a Xulio Xiz e a Carlos Rodríguez e “nós axudabámoslles, colaborábamos e nós fixemos algúns programas de asociacións”. Pola súa parte, das 13 persoas entrevistadas representantes de asociacións lucenses, ningunha recorda Televisión Lugo, só Telelugo.

Só dúas persoas máis recordan Televisión Lugo: Bibí Bouza, presidenta do Club Voleibol Arenal Emevé de Lugo, e Paco Nieto, xornalista xubilado que

participou e colaborou nas televisións locais lucenses. Desta maneira, Bibí Bouza, recorda (véxase apartado 9.49. Anexo 49: Entrevista a Bibí Bouza) "con agarimo e sentimento positivo" esta televisión local que "facía referencia ás cousas de Lugo". Pola súa banda, Paco Nieto conmóvese ao recordar Televisión Lugo (véxase apartado 9.50. Anexo 50: Entrevista a Paco Nieto) porque foron "dous bos amigos e as súas mulleres os que xuntaron forzas, xunto a outros colaboradores, para sacar adiante unha historia que resultou ser moi bonita". Por petición de Xulio Xiz, comezou a colaborar con esta televisión local dando ideas de programación: "a min é moi doado meterme en proxectos cando son así de bonitos" e, máis adiante, Xiz convidouno a poñer en marcha o seu propio programa de música, 'Artesa Clip', onde "presentaba videoclips de grupos e artistas internacionais". Ademais deste, Nieto recorda con tenrura outro programa que se emitía nesa televisión local, 'Ao carón da Lúa', "que era espléndido e magnífico, con colaboradores de primeira liña".

Como vemos, poucas persoas (6) das entrevistadas (50) recordan o proxecto concreto de Televisión Lugo. As demais, case todas, confunden Televisión Lugo con Telelugo. Pero, se xa é común que confundan estas dúas iniciativas de televisión local lucense, que tiña propietarios diferentes, moito máis difícil é para eles e elas diferenciar Lugovisión de Telelugo, xa que naceron da iniciativa do mesmo grupo de comunicación. Porén, dous dos entrevistados si que recordan, en concreto, o proxecto televisivo de Lugovisión. Este é o caso de José María Seijas, que ten un recordo nítido das tres televisións locais e, neste caso, recorda Lugovisión como "unha televisión un pouco máis perfeccionada que a primeira porque contaba con outros medios economicamente do Progreso". Do ámbito económico tamén fala Paco Nieto, quen tamén recorda claramente os tres proxectos de televisión local e, de Lugovisión, afirma que a canle, "promovida polo xornal El Progreso", tiña "uns custos máis aquilatados". Sobre os contidos, Seijas asegura que "había un programa que presentaba Antón Grande, que era unha persoa destacada de Lugo".

As demais persoas entrevistadas, excepto casos excepcionais como Daniel Sinde e Gerardo Castedo, que só recordan Televisión Lugo, e Lucía Martínez, traballadora social da Asociación de Parálise Cerebral (Aspace) de Lugo, e Vanesa Fernández, referente en funcións na Federación de Asociacións de

Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia na delegación de Lugo, que non recordan ningún proxecto de televisión local, recordan Telelugo, aínda que algúns, como comentabamos ao principio, consideran que esta televisión local foi o único proxecto de televisión local en Lugo. Este é o caso dalgúns portavoces políticos como Rubén Arroxo e Carlos Portomeñe. Este último, ao preguntarlle por Televisión Lugo, sostén que a recorda (véxase apartado 9.6. Anexo 6: Entrevista a Carlos Portomeñe) como "unha iniciativa bastante plural que naceu amparada na alegalidade e que enganchou enseguida á poboación lucense porque trataba todo o tiña que ver coa cidade e o municipio e que deixou de emitir ante a imposibilidade de competir con outras televisións". Por outra banda, rememora algúns dos contidos como "as mesas de debate presentadas por Antón Grande", programa que Seijas recorda en Lugovisión e que Jaime López, secretario xeral da Confederación de Empresarios de Lugo, tamén destaca nas súas declaracións (véxase apartado 9.25. Anexo 25: Entrevista a Jaime López) con respecto ao seu recordo da televisión local: "participei de forma bastante activa en certos programas como 'Foro Aberto', que era un debate con Antón Grande".

Con respecto aos demais representantes políticos municipais lucenses, tanto Ramón Carballo, portavoz do PP; Olga Louzao, portavoz de Ciudadanos como Paula González, portavoz de Lugonovo, recordan Telelugo de forma máis lúcida que os demais proxectos televisivos. Carballo, en concreto, cóntanos (véxase apartado 9.3. Anexo 3: Entrevista a Ramón Carballo) que recorda esta televisión local "xa que se convertera en parte do meu día a día, xa que todas as noites adoitaba ver os informativos e, cando non podía, aproveitaba para velos na repetición que facían despois". Pola súa parte, Louzao a recorda (véxase apartado 9.5. Anexo 5: Entrevista a Olga Louzao) como "algo noso" e que a información local "contábase dunha forma diferente en comparación con outros medios". A portavoz laranxa destaca que, con respecto aos contidos que adoitaba ver, o programa que "vía sempre" era o de "Orozco no programa do Alcalde" porque "a xente chamaba e comentaban os problemas que había e el anotábao". Este sentimento cara este programa é compartido por Paula González, que defende (véxase apartado 9.7. Anexo 7: Entrevista a Paula González) que o programa que máis lle gustaba era "o programa co alcalde de

Lugo, que naquel momento era Orozco, que recibía chamadas telefónicas dos cidadáns".

José Tomé, o presidente da Deputación de Lugo, tamén recorda (véxase apartado 9.8. Anexo 8: Entrevista a José Tomé) "con cariño", só, dunha maneira significativa Telelugo, aínda que defende que "non a vía habitualmente porque non se vía na zona sur que é onde eu vivo, pero si teño participado en algúns debates que se gravaban nas propias instalacións de Telelugo".

Por outra banda, dos 13 representantes sindicais entrevistados, Jesús Varela Lodeiro, secretario xeral de Comisións Obreiras de Lugo; Brais Álvarez, coordinador do Sindicato Labrego Galego en Lugo, e Julio Díaz, presidente do sindicato ANPE en Galicia, recordan que houbo máis dun proxecto televisivo, mais non diferencian entre os seus contidos. Así, Varela di recordar (véxase apartado 9.10. Anexo 10: Entrevista a Jesús Varela Lodeiro) "as dúas con moi boa perspectiva" e que "era unha canle que nós tiñamos en moi boa estima por facer que as cousas do ámbito sindical se trasladasen ao público", pero que "nos últimos pasos, politizouse bastante". Mentres, Álvarez manifesta (véxase apartado 9.15. Anexo 15: Entrevista a Brais Álvarez) un "bo sentimento porque tiña unha programación local, que emitían cousas moi interesantes para a xente" e recorda de que "había 3 canles que logo se acabaron fusionando e derivaron nunha". Pola súa parte, Díaz expón (véxase apartado 9.9. Anexo 9: Entrevista a Julio Díaz): "recordo participar en varios coloquios na antiga televisión de Lugo, falo de Telelugo, das outras dúas non me acordo ben".

Con respecto aos contidos, Varela fai referencia ao programa mencionado anteriormente por dúas das portavoces políticas, o programa do alcalde, ao afirmar que "algúns dicían que Telelugo era o plató de Orozco porque tiña unha tertulia e a xente facía as súas consultas ao alcalde". Álvarez e Díaz, pola súa parte, recordan máis os debates políticos, sociais, sindicais e educativos.

Os demais representantes sindicais recordan Telelugo como a única televisión local de Lugo, como di Verónica Peteiro, vicesecretaria do Sindicato de Enfermería SATSE en Lugo (véxase apartado 9.14. Anexo 14: Entrevista a Verónica Peteiro): "a verdade é que eu sempre a chamei Telelugo, non sei diferenciar entre as televisións que houbo" ou Víctor Manuel Álvarez, secretario

comarcal de Lugo de Unión Sindical de Traballadores de Galicia, quen asegura (véxase apartado 9.21. Anexo 21: Entrevista a Víctor Manuel Álvarez) que “realmente era a única televisión local que tivemos”.

As persoas á cabeza dos distintos sindicatos lucenses entrevistadas valoran positivamente o labor de Telelugo, como Antonio Niño, secretario comarcal da Confederación Intersindical Galega en Lugo, que recorda (véxase apartado 9.11. Anexo 11: Entrevista a Antonio Niño) que “cubría un papel importante para as organizacións sindicais” e que “tiña bastante seguimento dos conflitos locais que se daban aquí, dábannos cobertura e había bastante pluralidade”. Este sentimento é compartido por Verónica Marcos, secretaria de Igualdade en Unións Agrarias en Lugo, quen recorda (véxase apartado 9.18. Anexo 18: Entrevista a Verónica Marcos) participar en Telelugo: “faciamos moitas cousas e tiña moi en conta todas as cosas da provincia”, da mesma maneira que Ángel Tomé, secretario xeral de Unión Xeral de Traballadores en Lugo, que cóntanos (véxase apartado 9.19. Anexo 19: Entrevista a Ángel Tomé) que para el esta televisión “facía unha labor importante de primeira man moi importante da zona” e que participou “nun debate que se facía entre os sindicatos representativos e a Confederación de Empresarios”.

José Berciano, presidente provincial en Lugo da Central Sindical Independente e de Funcionarios, recorda (véxase apartado 9.12. Anexo 12: Entrevista a José Berciano) que Telelugo “durou pouco”, pero que “estaba ben” e lle gustaban sobre todo “os informativos que tiñan de ámbito local e as entrevistas a todo tipo de personalidades”. Con respecto aos contidos, Verónica Peteiro, defende que ela “vía o programa do alcalde porque gustábame moito saber ata que punto o Concello de Lugo tiña coñecemento dos problemas dos cidadáns e como se podían solucionar”, razoamento que comparte Lois Pérez, representante do Sindicato de Traballadores de Ensino Galego, quen afirma (véxase apartado 9.17. Anexo 17: Entrevista a Lois Pérez) que “o alcalde Orozco atendía chamadas da cidadanía e creo que ese era un espazo interesante”, mais tamén lembra “espazos de tipo cultural”.

Pola súa parte, Jesús Pedreira, secretario provincial do Sindicato Libre de Correos e Telecomunicacións, defende (véxase apartado 9.16. Anexo 16:

Entrevista a Jesús Pedreira) que Telelugo “axudaba a saber un pouco de temas de interese que son información da nosa cidade”. Mentres que Fernando López, responsable provincial en Lugo da Unión Sindical Obreira, recoñece (véxase apartado 9.20. Anexo 20: Entrevista a Fernando López) non recordar moito Telelugo: “recórdoa vagamente con un sentimento bo porque trataba os temas da provincia de Lugo” e recorda contidos como “un programa de primeira man que se dedicaba moito a facer reportaxes do que era Lugo”.

Con respecto ás persoas que encabezan as 10 federacións coas que contactamos, 8 deles si recordan Telelugo. Jaime López, do que xa falamos, recorda Telelugo como “algo importante en sitios como Lugo este tipo de actividades e de empresas que se dedican á comunicación” e José María Seijas, que recorda os tres proxectos televisivos, di que Telelugo daba cabida a “programas que trataban os problemas que xurdían en Lugo”. Pola súa parte, Juan Gude, coordinador do centro en Lugo da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade, manifesta (véxase apartado 9.31. Anexo 31: Entrevista a Juan Gude) que “a recordo porque a miraba con asiduidade e ademais participei nalgún programa e nalgunha entrevista á que nos convidaron a participar”. As demais persoas entrevistadas, a recordan menos. Así, Isabel Calvete, presidenta da Federación Provincial de Asociacións de nais e pais de Lugo, recoñece (véxase apartado 9.22. Anexo 22: Entrevista a Isabel Calvete) que “a teño visto a través de TDT, pero a verdade é que a recordo pouco porque eu vexo pouco a televisión”; igual que Luís Eusebio Fidalgo, vicepresidente da Subdelegación Galega de Caza en Lugo, que di recordar (véxase apartado 9.27. Anexo 27: Entrevista a Luís Eusebio Fidalgo) Telelugo “un pouco, porque eu non era un gran seguidor, aínda que pola tarde-noite a víamos de vez en cando”. Do mesmo xeito, Luís Abel, secretario da Federación de Asociacións Veciñais ‘Lucus Augusti’, a pesar de ter a concepción de Telelugo (véxase apartado 9.26. Anexo 26: Entrevista a Luís Abel) como un proxecto “interesante”, soamente recorda os contidos de “debates e variedades”. Pola súa parte, María Eugenia Díaz-Velarde, presidenta da Federacións de Asociacións de pais e nais de centros concertados e privados de Lugo, considera (véxase apartado 9.23. Anexo 23: Entrevista a María Eugenia Díaz-Velarde) que “tampouco tiña moito contido interesante” e Iria Santidrián, orientadora laboral en FADEMGA, di (véxase apartado 9.29.

Anexo 29: Entrevista a Iria Santidrián) que non recorda dos contidos “nada destacable”.

Como comentabamos anteriormente, 11 das persoas que representan ás 12 asociacións coas que puidemos falar, só recordan o proxecto de Telelugo, como Fernando González, director xeral de Alar Galicia en Lugo, que participou (véxase apartado 9.32. Anexo 32: Entrevista a Fernando González) nela “varias veces tanto para falar dos proxectos que tiñamos en Alar Galicia, como para falar dos resultados das eleccións” e a recorda “con moito cariño porque trataba os temas que nos afectaban directamente”. Da mesma maneira, Eduardo Fernández, vicepresidente da Asociación de Parálise Cerebral, recorda Telelugo (véxase apartado 9.36. Anexo 36: Entrevista a Eduardo Fernández) “moi gratamente e teño recordos persoais porque participei nos programas”. Porén, representantes das outras tres asociacións relacionadas co ámbito das enfermidades (Adace, Alucem e Alcer), non teñen un recordo moi vívido do que foi Telelugo. Iria Abel, directora da Asociación de Dano Cerebral en Lugo, di non recordar (véxase apartado 9.33. Anexo 33: Entrevista a Iria Abel) “moito”, pero que “si daba un pouco de información do que pasaba cerca de nós”. Verónica Fernández, secretaria da Asociación Lucense de Esclerose Múltiple, pola súa parte, afirma (véxase apartado 9.37. Anexo 37: Entrevista a Verónica Fernández) que “non a vía habitualmente, pero si que a poñía nalgún momento”. E Patricia Casal, psicóloga na Asociación para a Loita contra a Enfermidade Renal, recorda (véxase apartado 9.35. Anexo 35: Entrevista a Patricia Casal) “moi pouco cando Localia empezou e participei na televisión como intérprete de linguaxe de signos”.

Con respecto aos representantes das asociacións de ámbito máis social, estes tamén recordan Telelugo de forma escasa, como a presidenta da asociación Bonhomía, Estefanía Sánchez, que afirma (véxase apartado 9.34. Anexo 34: Entrevista a Estefanía Sánchez) ter “recordos puntuais, pero non moito máis” ou a secretaria da Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo, María Ángeles Valero, que recorda (véxase apartado 9.41. Anexo 41: Entrevista a María Ángeles Valero) Telelugo como algo “de hai moito tempo” e que recorda “ver algunha vez noticias e algunha entrevista”. Do mesmo xeito, Jose Luís Díaz, secretario da Sociedade Filarmónica de Lugo, explica (véxase

apartado 9.42. Anexo 42: Entrevista a Jose Luís Díaz) que, aínda que participou nalgún programa, “non a vía moito, como televidente pouco consumín, algún debate, algunha tertulia, pero teño unha visión escéptica dos medios locais, a min non me aportou en exceso”.

Porén, Jose Castro, tesoureiro da Sociedade Micolóxica Lucus; Ángel Trabada, presidente da Asociación de Amigos do Camiño de Santiago da provincia de Lugo, e Cristina Gómez, presidenta da Asociación Mercenarios Galaicos, teñen un sentimento máis claro e positivo cara Telelugo, televisión que recordan con “nostalxia porque era unha televisión de ámbito local que daba unha información que agora mesmo non existe na televisión” (véxase apartado 9.39. Anexo 39: Entrevista a Jose Castro), “cun sentimento de cariño e bo recordo porque era interesante” (véxase apartado 9.40. Anexo 40: Entrevista a Ángel Trabada) e “nostalxia, xa que era habitual ver os programas que emitían nas comidas familiares” (véxase apartado 9.43. Anexo 43: Entrevista a Cristina Gómez).

No que atinxe aos representantes entrevistados de 6 organismos lucenses, Jesús Varela Zapata, adxunto ao vicerreitorado de coordinación do Campus de Lugo da USC, en concreto, recorda (véxase apartado 9.44. Anexo 44: Entrevista a Jesús Varela Zapata) “a existencia de varias canles de televisión local, pero o meu recordo máis nítido é de Telelugo”. O secretario provincial de Cruz Roja Española en Lugo, Jose Luís Fernández, recorda (véxase apartado 9.44. Anexo 44: Entrevista a Jose Luís Fernández) os comezos de Telelugo ligados á orixe da súa actividade profesional: “coincide o recordo dos primeiros programas cos meus inicios en Cruz Roja” e da televisión “chamábame a atención que eran contidos máis próximos en comparación cos das outras cadeas”, idea que sostén tamén Bibí Bouza, presidenta do Club Voleibol Arenal Emevé de Lugo, quen recorda (véxase apartado 9.49. Anexo 49: Entrevista a Bibí Bouza) cun sentimento “moi positivo” esta televisión ao ser “a única televisión, no seu momento, que sacaba algo de voleibol”; e tamén Mario Vázquez, vicario xeral da Diocese de Lugo, que presume (véxase apartado 9.47. Anexo 47: Entrevista a Mario Vázquez) de ter participado “moito na televisión local, mesmo nos ofreceron como institución a realización dun programa con entrevistas relacionadas co mundo da Igrexa e actividades da Igrexa”.

En cambio, Encarna Lago, xerente da Rede Museística provincial de Lugo, e Raúl Fernández, xefe provincial da Inspección de Telecomunicacións de Lugo, non gardan un recordo tan positivo da televisión local Telelugo. Por un lado, Encarna Lago recorda (véxase apartado 9.45. Anexo 45: Entrevista a Encarna Lago) Telelugo como "algo excesivamente localista" e que "era un medio moi pouco innovador con algúns momentos mellores ao longo da súa traxectoria, pero que confirmou e visibilizou o tradicional de Lugo de toda a vida". No caso de Raúl Fernández, loa (véxase apartado 9.48. Anexo 48: Entrevista a Raúl Fernández) o traballo de Telelugo ao promover unha televisión local que "tivo a misión de informar dos asuntos que preocupaban e que se producían en Lugo", mais comparte con Lago a visión de que era unha televisión "moi enfocada ao ámbito local" e que "estaba bastante orientada ao ámbito político". Ademais, resalta o feito, como enxeñeiro de telecomunicacións, de que "a televisión local de Lugo durante moitos anos foi ilegal, xa que non tiña autorización para emitir".

En referencia aos dous perfís concretos entrevistados, Paco Nieto, do xa falamos ao principio da investigación, e Guido Álvarez, guía de Turismo Oficial de Galicia e creador do proxecto 'Guido Guía' en Lugo, ambos recordan con agarimo Telelugo. Paco Nieto, que xa participara en Televisión Lugo, explícanos que anos despois do nacemento de Telelugo, "chámanme do Progreso para propoñerme unha colaboración para facer un programa de faladoiros e debates, un proxecto grande, no que contei con compañeiros que me apoiaron desde o principio", recordando especialmente "unhas eleccións xerais nas que tiven a ocasión de entrevistar a Alberto Núñez Feijóo". En contraposición, Guido Álvarez, que apenas ten 35 anos, recorda (véxase apartado 9.51. Anexo 51: Entrevista a Guido Álvarez) Telelugo como algo "emocionante como neno, que eu era naquel tempo" e a sensación de participar do programa 'Batallas', "un programa tipo concurso infantil no que fun cos meus compañeiros de colexio que era moi divertido"; ademais de recordar outros contidos, como o xa repetido por moitos dos entrevistados, o programa "que tiña Orozco, que respondía a preguntas dos cidadáns".

Por último, fáltannos por recoller as respostas dos entrevistados ao derradeiro interrogante do primeiro bloque do noso cuestionario, que fai referencia a se recordan cando parou a transmisión de contido a través da televisión local

lucense. Para isto, dispoñemos a continuación dunha táboa na que situaremos a cada persoa entrevistada relacionándoa co seu ámbito profesional, co seu recordo e coa declaración que clarifica esta clasificación:

Táboa 3: Recordo dos e das entrevistadas sobre o peche de Telelugo

Nome	Ámbito	Recordo	Resposta á pregunta: Recordas cando deixou de emitir?
Lara Méndez	Política	Nítido	"Pechou no 2017".
Ramón Carballo	Política	Nítido	"Se non lembro mal, Telelugo rematou a súa emisión en xullo de 2017".
Rubén Arroxo	Política	Confuso	"Creo que pechou no 2018".
Olga Louzao	Política	Confuso	"Creo que foi por problemas económicos".
Carlos Portomeñe	Política	Confuso	"Dáme a sensación de que pechou ante a imposibilidade de competir con outras televisións".
Paula González	Política	Confuso	"Nin idea, pero por aí por 2015 ou así".
José Tomé	Política	Triste	"Cando deixou de emitir foi un desgusto".
Julio Díaz	Sindicato	Baleiro	"Non o recordo moi ben".
Jesús Varela Lodeiro	Sindicato	Triste	"Foi unha pena, unha mágoa".
Antonio Niño	Sindicato	Confuso	"Deixou de emitir hai 10 anos".
José Berciano	Sindicato	Baleiro	"Non, sinxelamente vin que non se emitían os programas".
Daniel Sinde	Sindicato	Baleiro	"Telelugo pilloume un pouco fóra".
Verónica Peteiro	Sindicato	Baleiro	"Non recordo cando deixou de emitir".
Brais Álvarez	Sindicato	Confuso	"Eu creo lembrar que pode ser no 2011 ou 2012".
Jesús Pedreira	Sindicato	Baleiro	"Non sabía que pechara".
Lois Pérez	Sindicato	Confuso	"Talvez nalgún momento entre o 2000 e o 2010 creo que foi".
Verónica Marcos	Sindicato	Baleiro	"Non".

Ángel Tomé	Sindicato	Confuso	“Deixou de emitir coa crise económica de 2008”.
Fernando López	Sindicato	Baleiro	“Non”.
Víctor Manuel Álvarez	Sindicato	Baleiro	“A verdade é que non”.
Isabel Calvete	Federación	Confuso	“Si, sei que deixou de emitir, pero non era unha cousa que me preocupara”.
María Eugenia Díaz-Valverde	Federación		*Non lle preguntei porque tiña présa*.
José María Seijas	Federación	Baleiro	“Non”.
Jaime López	Federación	Triste	“Eu recordo con tristeza a perda de calquera medio de comunicación”.
Luís Abel	Federación	Baleiro	“Non”.
Luís Eusebio Fidalgo	Federación	Baleiro	“Non, a verdade”.
Gerardo Castedo	Federación	Baleiro	“Non recordo moito como foi o cambio”.
Iria Santidrián	Federación	Baleiro	“Non”.
Vanesa Fernández	Federación	Baleiro	“Cando eu vin vivir a Lugo hai 7 anos eu creo que xa desaparecera”.
Juan Gude	Federación	Baleiro	“Non fun moi consciente da desaparición”.
Fernando González	Asociación	Baleiro	“Non, a verdade”
Iria Abel	Asociación	Baleiro	“Non moito”.
Estefanía Sánchez	Asociación		*Non lle preguntei porque tiña présa*.
Patricia Casal	Asociación	Confuso	“Non me acordo a verdade, pero pode ser por 2010”.
Eduardo Fernández	Asociación	Nítido	“Recordo porque houbera unha problemática entre os propietarios”.
Verónica Fernández	Asociación	Baleiro	“Non”.
Lucía Martínez	Asociación		*Non recorda proxectos televisivos lucenses*.
Jose Castro	Asociación	Triste	“Recordo como deixou de emitir: dun día para outro e sen previo aviso o recordo con tristeza”.

Ángel Trabada	Asociación	Confuso	“Non, non recordo, creo que tiveron problemas internos económicos”.
María Ángeles Valero	Asociación	Baleiro	“Non o recordo”.
Jose Luís Díaz	Asociación	Baleiro	“Sinceramente, non”.
Cristina Gómez	Asociación	Confuso	“Debe de facer algo así como 5 anos”.
Jesús Varela Zapata	Organismo	Baleiro	“Non recordo a data”.
Encarna Lago	Organismo	Baleiro	“Non moito”.
Jose Luís Fernández	Organismo	Baleiro	“Recordo vagamente, pero tampouco te podo ser máis explícito”.
Mario Vázquez	Organismo	Confuso	“Pois non me acordo, igual hai 10 anos”.
Raúl Fernández	Organismo	Nítido	“No ano 2017 obtivo a autorización administrativa para poder transmitir e, unha semana máis tarde deixou de transmitir”.
Bibí Bouza	Organismo	Baleiro	“Non”.
Paco Nieto	Perfil concreto	Nítido	“Os custos que ten unha televisión son importantes. E xusto coincidiu co estoupido das redes sociais, de Internet, de todo isto. Entón, houbo aí unha reflexión e unha parada e dixemos que isto non ía máis aló”.
Guido Álvarez	Perfil concreto	Triste	“Non teño recordo nítido, pero si que lembro a pena de que desaparecese Telelugo”.

Fonte: Elaboración propia

Con esta táboa, queda exposto o recordo das persoas entrevistadas sobre o o cese de emisión de contidos televisivos de Telelugo. Como vemos, son poucas (5) as que recordan con nitidez o peche da televisión local, mentres que 13 delas recordan este de maneira confusa, xa que non saberían dicir cando pechou nin por que, e 4 das persoas entrevistadas recordan este feito como algo triste. Así, a maioría dos entrevistados (24 dos 50) non recorda a morte de Telelugo.

6.2.2. Bloque 2: Oportunidade actual

Neste segundo bloque, estudaremos a oportunidade actual de crear un novo proxecto televisivo no contexto da sociedade lucense a través das respostas das 50 persoas entrevistadas recollidas no presente traballo. Así, o primeiro que faremos será analizar se a representación das forzas vivas lucenses bota de menos unha televisión local lucense no contexto actual e que cre que aportaría á sociedade lucense este novo medio de comunicación.

Comezando este estudo polos representantes políticos lucenses, cabe destacar que todos eles botan en falta unha televisión local porque, como defende Ramón Carballo, "unha canle con contidos próximos, da actualidade máis próxima, para min é fundamental" e di que a televisión aportaría "un dinamismo informativo que hoxe en día non temos e calidade de contidos e de como se transmite a información". Da mesma maneira, a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, critica que "actualmente, a información local só ten presenza en medios escritos e radios" como Paula González, quen resalta que "hai algúns xornais dixitais súper interesantes e que se comparten moito en redes sociais, pero si que é certo que a televisión tamén che dá outro extracto".

Así, Lara Méndez expón, dunha maneira clara e argumentada, que unha televisión local é un "servizo público moi necesario, podendo informar sobre os temas que á xente da rúa máis lle preocupan, loitar contra as *fake news*, que tamén abondan nos ámbitos locais, pódelle dar voz a colectivos e podería facilitar a participación e o debate social e representar a realidade e a identidade local como un feito diferencial da realidade nacional e transnacional, así como potenciar a cultura propia e máis próxima". Con respecto a este último apunte de "diferenciar a identidade local", o seu compañeiro político, Rubén Arroxo, defende que a televisión local conseguiría "que a xente soubese o que pasa en Lugo e non tanto de Madrid". Este pensamento é compartido por todos os demais representantes políticos, como Olga Louzao, quen afirma que unha posible televisión local ofrecería "proximidade, coñecemento e visibilidade para que a política sexa moito máis próxima aos cidadáns e, para os que estamos dentro desta actividade política, poder achegarnos máis a eles"; ou Carlos Portomeñe,

ao que lle parece “importantísimo” que unha televisión local “cubra e dea unha información que interese á xente, sobre todo o que está a pasar na súa cidade”.

Por outra banda, tanto Olga Louzao como Carlos Portomeñe botan de menos unha televisión local na que teña presenza o ámbito político. Louzao, pola súa parte, afirma que “a forma visual é moi importante para visualizar ao representante público de forma directa” e, pola súa parte, Carlos Portomeñe sostén que “fai falta unha televisión, pero unha televisión pública, ou o máis parecido, plural, que dea voz a todos os grupos políticos e que permita a participación cidadá”.

Mentres, Paula González, Rubén Arroxo e José Tomé poñen de manifesto a necesidade de que unha televisión local debería acoller á xente da provincia porque, como recorda Arroxo, “a xente maior era como se decataba das cousas que pasaban en Lugo, entón quitámoslle esa ferramenta que era importantísimo”. Tomé, que comparte cos demais portavoces políticos que a televisión local aportaría “proximidade e inmediatez”, engade “que cubra o conxunto da provincia para acercar aquelas cousas que pasan nas casas dos veciños e non teñen forma de decatarse”, mentres que González defende que “unha televisión propia daría información máis accesible ou para xente que está afeita pasar horas e horas diante da pantalla”.

Con respecto á opinión dos representantes sindicais, quen tamén botan de menos unha televisión local, destaca Brais Álvarez, quen defende que “unha televisión local é moi importante para chegar á cidadanía e nos viría ben a calquera tipo de organización de Lugo como espazo para ter voz, para chegar aos veciños e como unha plataforma de obter información a nivel local”, argumento que comparte Daniel Sinde, que pensa na televisión local como “un bo instrumento” que serviría “para achegarnos ao cidadáns e para que os lucenses coñecésennos máis e darnos a coñecer” e “para seguir as noticias de ámbito local e ter máis repercusión”, como explica José Berciano, que continúa argumentando que “así hai máis medios para difundir esas noticias que xera o sindicato”. A necesidade de máis medios tamén a resaltan persoas como Jesús Varela Lodeiro, que indican que a televisión podería aportar “máis información, porque a que tes da túa cidade está na Voz de Galicia e no Progreso, pero ás

veces moi limitada", como tamén explica Jesús Pedreira: "poder ampliar os medios de comunicación, dar máis visibilidade a certas persoas do ámbito cultural, deportivo, e mesmo político". Antonio Niño, pola súa parte, defende que é necesaria unha televisión local porque "hai un baleiro aí que non se cubre" e que "nos permitiría ser máis coñecedores da nosa realidade máis inmediata e da problemática próxima porque te identificas con iso".

Por outra banda, algunhas das persoas entrevistadas do ámbito sindical, fan fincapé no feito de ter unha televisión local que sirva para "dar a coñecer moitísimas das cousas que se fan na provincia de Lugo", como sostén Julio Díaz, porque "non todo o mundo ten acceso ao papel nin accede ás edicións dixitais" e Ángel Tomé, quen di que a televisión podería aportar "difusión e obxectividade para cubrir ese día a día e para cubrir esas cousas do que pasa en Lugo e na provincia", igual que Víctor Manuel Álvarez, quen cre que ofrecería "coñecemento de todo o que pasa aquí"; e Fernando López, quen defende que a televisión local podería "darlle a coñecer á xente o que temos, que temos cousas moi bonitas e hai xente que non o sabe, así daríalle difusión e coñecemento do que temos aos demais". Verónica Marcos, que comparte estas afirmacións, di que a televisión local podería aportar "información, coñecemento e educación, ver o que fan os outros e ver como mellorar nós vendo como o fan outros".

En contraposición con estas visións positivas do que podería proporcionar a Lugo a televisión local, Lois Pérez imaxina a televisión local dun xeito concreto: "estaría ben, pero debería ser ben levada e de interese para a cidadanía" e cre que aportaría "se o seu labor contribuíse a que a cidadanía estivese máis informada sobre elementos que poden cohesionar e son de importancia fundamental para calquera colectivo e para unha sociedade"; como Verónica Peteiro, que condiciona a existencia da televisión local "centrada nos contidos locais que realmente nos interesan aos cidadáns" na que "houbese un programa acerca de prevención sanitaria, aportaría moitísimo para cambiar o *chip* en canto a prevención, que é a mellor saúde".

Con respecto ao ámbito das federacións, como Lois Pérez e Verónica Peteiro, Isabel Calvete condiciona a existencia dunha televisión local segundo o

tratamento que faga da información: “bótoa en falta para que trate os temas que realmente interesan á cidadanía, non se un repolo creceu 4 metros” e defende as ideas recollidas de Julio Díaz, Ángel Tomé, Verónica Marcos, Fernando López e Víctor Manuel Álvarez; ao crer que a televisión local lucense debería ser “a nivel provincial, dando a coñecer o que pasa noutras localidades”. Do mesmo xeito, Jose María Seijas cre que “deberiamos ter unha televisión local” e que esta aportaría “unión entre a xente e podería ser unha guía para os que rexen a vida normal de Lugo”; e Jaime López di que daría “ese toque de personalidade propia como lucenses e ter unha información máis próxima”. Incluso Vanesa Fernández, que non recorda os proxectos de televisión local lucense, defende que “estaría ben ter unha televisión local en Lugo porque na situación do día a día a xente pódese decatar das cousas que pasan en diferentes concellos”.

Por outra banda, Luís Abel, pensa que aportaría “máis información social e local”, como Gerardo Castedo que, referíndose ao tema social, cre que a televisión local “tería o seu espazo” e podería “poñer en valor á xente de aquí”. Así, Iria Santidrián asegura que esta televisión podería “potenciar Lugo e aportar un pouco de identidade e sentido de pertenza a un sitio, sentirse lucense e sentirse orgulloso do que hai aquí”. Juan Gude, que tamén vai por este camiño, expón que a televisión local ofrecería “coñecemento dos acontecementos de ámbito local e profundar sobre todo en nós mesmos, sendo máis conscientes do que está a pasar no entorno máis próximo”. Pola súa parte, María Eugenia Díaz-Valverde que que a televisión local podería aportar “máis coñecemento do que pasa nos colexios”, pero “se informa con certo rigor”.

Pola contra, Luís Eusebio Fidalgo, da Federación Galega de Caza en Lugo, non bota en falta unha televisión local “porque hai unha oferta moi grande”, aínda que, contraditoriamente, di que si lle gustaría ter unha canle lucense, que “cubriría ese oco que non temos na amplísima oferta televisiva actual para saber que pasou na nosa rexión”.

Con respecto ao sector asociativo, as persoas entrevistadas botan en falta unha televisión local lucense porque, como afirma Fernando González: “é algo fundamental”. O representante de Alar Galicia en Lugo defende que “as televisións locais reflexan as cousas do día a día de barrio” e, por iso, “a xente

síntese máis relacionada e próxima ao veciño, xerando un sentimento de cidade". Este sentimento é compartido por Jose Castro, que afirma que "hai unha carencia de información local, sobre todo nas cidades pequenas como a nosa na que cremos que ten unha idiosincrasia especial que agora non se está a tratar" e defende que aportaría "unha valoración da cidade, é dicir, un sentimento de amor da cidadanía cara a cidade" porque "é moi necesario para Lugo co patrimonio artístico e natural que temos e o pouco que o valoramos, que o coñecemos e que o amamos".

Da mesma maneira, Eduardo Fernández sostén que estraña unha televisión local lucense "como todos os medios de comunicación, canto máis próximos, mellor" e sostén que, de habela, podería aportar "información e formación porque tamén aprendes cousas do que tes ao redor e quizais non repararas nelas". Igual que Ángel Trabada, que cre que "sería interesante unha televisión local en Lugo como beneficio para toda a xente de Lugo porque estariamos máis informados e máis ao día da situación actual do noso Concello". María Ángeles Valero, quen tamén bota en falta unha televisión local, engade que esta aportaría "entretemento porque agora, co tema da pandemia, pasa máis tempo en casa, e así estarían máis entretidos e informados das cousas de Lugo".

Outros, como Iria Abel, defenden que unha televisión local sería "bo para nós como colectivo para poder ofrecer os nosos servicios, dar información sobre o que facemos e chegar a máis xente". Igual que Patricia Casal, quen di que "a nós viríanos moi ben que nos dese visibilidade e que nos coñeceran". Da mesma forma, Cristina Gómez sostén que a televisión local "como asociación, é o medio perfecto para compartir a nosa cultura e sería un escaparate perfecto para dar a coñecela aínda máis, o legado dos nosos antepasados e a nosa gastronomía".

Pola contra, Estefanía Sánchez non bota de menos unha televisión local, aínda que cre que sería "produtiva", porque "eu creo que estamos nunha época moi globalizada na que a información nos chega moi inmediata a través de moitas canles". Igual que Verónica Fernández, quen di que "non lle vexo moito sentido aquí en Lugo e non creo que a vise moita xente". Do mesmo xeito, Lucía Martínez, que non recordaba ningún proxecto de televisión local en Lugo, di que non estraña unha televisión local porque "xa non a vía cando a había", porén, di

que, se a houbese, “podería dar a coñecer o traballo de entidades sociais, dos comercios e negocios e informar da axenda cultural de Lugo”. Con referencia ao último representante asociativo, Jose Luís Díaz, tampouco o ve claro: “entendo que podería ter interese para certo público, pero facer programas de fondo cultural ou poñer películas como se facía en Telelugo non o vexo porque non vai a ningún sitio”.

En canto aos distintos representantes de certos organismos lucenses, botan de menos unha televisión local en Lugo. Por exemplo, Jesús Varela Zapata afirma que “se se xustifica a prensa local tamén se xustificaría un medio visual como a televisión” e que aportaría “un sentimento de comunidade, de cohesión social, de fomento de participación cidadá e dinamizar a economía local”. Mario Vázquez comparte estas afirmacións e sentencia que “o local é fundamental porque se non somos capaces de entender a realidade e de comprendela e facela visible, pérdese o contacto coa realidade”.

Pola súa parte, como Iria Abel e Patricia Casal, tamén Jose Luís Díaz defende que “para unha institución como Cruz Vermella ter unha canle onde poder difundir a súa actividade, suporía chegar a xente de maneira máis próxima no día a día”. Igual que Bibí Bouza, que sostén que cunha televisión local “trataríanse os temas de xeito máis directo” e “abordaría as preocupacións dos lucenses”.

Encarna Lago, pola súa parte, defende que si bota en falta unha televisión local porque “o audiovisual, unha imaxe con voz, vale máis que mil palabras”, e defende que “fai falta outra forma de facer prensa onde os xornalistas e as xornalistas permítanvos de verdade facer xornalismo de calidade”. Ademais, cre que unha televisión “innovadora, libre e con credibilidade” podería aportar “información que informe e enriqueza”.

Raúl Fernández, pola súa parte, argumenta que estraña unha televisión local que actúe como “altofalante no que as forzas vivas puidesen utilizar para chegar a todos os seus concidadáns” e que “estea enfocada nos problemas da cidade de Lugo porque hai moitos que as persoas deberían coñecer”. Ademais, como xefe provincial da Inspección de Telecomunicacións en Lugo, demanda que esta “transmita de acordo coa lei de televisión local”. Ademais, cre que esta televisión

aportaría “unha visión do mundo adaptado á idiosincrasia do galego e, en particular, do lucense”.

Por último, con respecto ás cuestións de se as persoas entrevistadas botan de menos unha televisión local en Lugo e que aportaría esta de habela, os dous entrevistados concretos, Paco Nieto e Guido Álvarez, discrepan nas súas apreciacións. Por unha banda, Paco Nieto non bota en falta unha televisión local lucense porque “a televisión local neste momento non ten sentido” porque “a xente nova non vai ver televisión local porque teñen cantidade de canles” e, sentencia: “non é culpa da televisión, é culpa do mundo no que vivimos, é o que hai”. Pola outra parte, Guido Álvarez si que demostra as súas ganas por ter unha televisión local ao dicir que a bota de menos “moito, porque creo que é moi positivo porque cando vemos algo nos medios, neste caso na televisión, parece que toma certo valor” e cre que, falando dende a súa experiencia, “é moi interesante presentar os lugares e presentar as persoas, que se coñezan tanto os recursos naturais e históricos, como humanos”.

Sabendo que a maioría das persoas entrevistadas (agás 6) botan de menos unha televisión local en Lugo, a seguinte cuestión a abordar é se o conxunto de entrevistados estaría disposto a colaborar coa nova televisión local lucense. En xeral, as persoas entrevistadas colaborarían con ela no caso de habela: todos os representantes políticos, agás Lara Méndez -que condiciona a súa colaboración ao tipo de televisión local-; os representantes sindicais, agás Lois Pérez e Víctor Manuel Álvarez -que non o teñen claro-; os representantes asociativos, salvo María Eugenia Díaz-Valverde, Iria Santidrián e Vanesa Fernández -que non saben de que maneira-; os encargados dos distintos organismos, excepto Encarna Lago -que explica que “depende da calidade do proxecto”- e Raúl Fernández -quen di rotundamente que non-; e os dous entrevistados con perfís concretos, que estarían “encantados” de colaborar, como afirma Guido Álvarez.

Así, na seguinte gráfica recollemos as respostas positivas, dubitativas e negativas con respecto a se colaborarían coa televisión local para exemplificar a cantidade de si, non e depende das persoas entrevistadas a esta pregunta:

Gráfica 1: Respostas á cuestión: ‘Colaboraría coa televisión local?’



Fonte: Elaboración propia

Como se pode apreciar, a gran maioría das persoas entrevistadas afirman que colaborarían coa televisión local lucense se existise, mais 9 persoas din que depende e unha, Raúl Fernández, di que non e explica por que: “eu non podo colaborar debido ao meu ámbito”, pero “si que aportaría o meu granito de area como asesoramento para que se puidese implantar de novo a televisión local”.

Tras explicar por que Fernández sostén que non pode colaborar, a continuación temos que analizar as respostas das persoas indecisas, para saber de que dependería a súa colaboración. Así, en concreto, Lara Méndez, xustifica as súas dúbidas dicindo que “primeiro habería que definir e deseñar un formato de televisión que chegase á veciñanza, cunha programación realmente de interese para os distintos colectivos e que tivese unha viabilidade económica”. Igual que Encarna Lago, quen argumenta que “calquera proxecto ten que saber a quen se dirixe, que obxectivos quere conseguir... e, en función da calidade do proxecto, apostaría ou non”. Tamén Lucía Martínez sostén que “se fose interesante, colaboraríamos participando no contido e promovendo a televisión local”. E María Eugenia Díaz-Valverde, manifesta que “habería que velo, de que modo”.

Pola súa parte, o representante sindical Lois Pérez, que tamén dubida da colaboración do seu sindicato coa posible televisión local, defende que colaborarían se “o noso sindicato xulga a ese medio plural, democrático e responde verdadeiramente as necesidades de información”. O seu compañeiro, Víctor Manuel Álvarez, condiciona a súa participación ao que manden os dirixentes do sindicato a nivel galego: “este sindicato lévano a nivel Galicia desde Ferrol, sería cuestión de contactar con eles”. Igual que Iria Santidrián, quen afirma que colaboraría “se me deixan, non teño ningún problema”.

Pola súa parte, Verónica Fernández dubida que puidese colaborar porque non sabe que podería aportar: “non sei en que podería colaborar eu”. E Estefanía Sánchez, quen argumenta que “eu quizais non podería axudar moito diante dunha cámara, pero si que desde Bonhomía si que poderiamos colaborar detrás”.

Con respecto ás demais persoas entrevistadas, as 40 restantes, todas elas afirman orgullosas que colaborarían neste proxecto televisivo, como di Rubén Arroxo, “porque as institucións teñen que apoiar aos medios de comunicación, porque é un dereito e para que a sociedade teña acceso universal a unha televisión”. Ademais, no caso dos portavoces políticos, defenden, como Olga Louzao, que “como representante público todo aquelo que te facilite ou que te permita ter contacto directo coa sociedade, é fundamental”. Igualmente, Ramón Carballo expón que lle gustaría “poder participar en debates, charlas, entrevistas ou calquera formato que se puidera poñer en marcha”, argumento que comparte Paula González: “queremos participar de todos os debates que se dean na cidade e facer ver que unha nova visión de Lugo é posible”.

Estas ganas de participar na televisión local para dar visibilidade aos ámbitos aos que pertencen os diferentes entrevistados, tamén se poden advertir nos representantes sindicais, como Antonio Niño, quen di que “se houbese un altofalante para trasladar as nosas propostas e alternativas, temos a obriga de facelo” ou Jesús Pedreira, quen sostén que “os medios de comunicación axúdannos a explicar ao usuario os motivos das nosas concentracións”. Outros, como Ángel Tomé, Fernando López ou Verónica Peteiro defenden que colaborarían en “calquera cousa que se pida para ese novo medio”.

Con respecto á opinión das persoas representativas das diferentes federacións, tres delas non o teñen claro e, das outras sete que si teñen claro que participarían -como Isabel Calvete, que afirma que “eu colaboro en todo o que me parece máis ou menos interesante, así que si, sen dúbida”-, cabe destacar a opinión de Gerardo Castedo, quen resalta que “todo o que sexan sinerxías, porque ao final son sinerxías, colaboramos”.

Por outra banda, é interesante o feito de que todas as persoas entrevistadas do ámbito asociativo contestáronnos que si estarían dispostas a colaborar coa televisión local, como Eduardo Fernández, quen afirma que “estaría disposto a colaborar, desinteresadamente ademais”. Outros, como Verónica Fernández, cre que esta colaboración sería interesante para “axudar porque aquí en Lugo hai moita xente con esclerose múltiple, entón podería estar aí e axudar”. Igual que María Ángeles Valero, quen sostén que “en todos os sitios onde me din, eu vou falar de animaliños, de adopcións e das acollidas”. E tamén Cristina Gómez, que “como asociación de recreación histórica, prestariámonos a colaborar en calquera actividade histórico-cultural que se propuxese”.

Con respecto aos organismos, como xa vimos, Raúl Fernández non colaboraría coa televisión local e Encarna Lago cre que depende do tipo de televisión, mais Jesús Varela Zapata, Jose Luís Fernández, Mario Vázquez e Bibí Bouza inclínanse favorablemente a participar co fin de dar visibilidade aos seus organismos, como defende Jose Luis Fernández: “estariámonos dirixindo nun hipotético espazo que puidésemos ter ao noso público e seríamos moito máis próximos”.

Por último con respecto a este apartado, Paco Nieto e Guido Álvarez si que colaborarían con esta televisión local, aínda que Nieto recoñece que “eu vou cara a vello” e que “son consciente de que un vaise esmorecendo e que vai perdendo o ritmo e hai que deixar sitio á xente nova”, pero “estaría disposto a colaborar con quen eu considero que o meu traballo ou a miña profesión puidese dar de si algo interesante”. Pola súa parte, Álvarez, recoñece que estaría “encantadísimo” de colaborar porque “o mundo audiovisual encántame e traballar con profesionais sería un luxo”.

Para rematar con este bloque, fáltanos recoller as declaracións das persoas entrevistadas con respecto a se contribuirían ao financiamento da televisión local, un paso máis alá da colaboración inicial que lles preguntamos. Así, as persoas que anteriormente contestaran que "si", reducíronse notablemente, como presentamos na seguinte gráfica:

Gráfica 2: Respostas á cuestión: 'Contribuiría ao financiamento da televisión local?'



Fonte: Elaboración propia

Como se pode apreciar na gráfica anterior, a percepción das persoas entrevistadas cambiou notablemente con respecta da proposta de colaboración na posible televisión local lucense. Neste caso, á cuestión de se contribuirían economicamente coa televisión local, a maioría das respostas non son nin positivas nin negativas, senón que obedecen ás condicións que os entrevistados consideran necesarias na televisión local.

Así, dos partidos políticos, so Ramón Carballo, Rubén Arroxo e José Tomé apostarían por contribuír "ao desenvolvemento deste novo canal de comunicación se se chega a producir", como afirma Tomé, "do mesmo xeito que se está a colaborar con outros medios de comunicación na actualidade", como destaca Carballo, e Arroxo, que di que "incluso persoalmente si que estaría disposto a poñer diñeiro persoal para que houbese unha televisión local".

As demais portavoces políticas, Lara Méndez, Olga Louzao, Carlos Portomeñe e Paula González argumentan que “primeiro habería que definir e deseñar un formato de televisión que chegase á veciñanza, cunha programación realmente de interese”, como defende Méndez. Así, contribuirían se “isto se presentase como algo local, como algo que tivese uns contidos que como cidadán puideses valorar os contidos e como se presenta”, sostén Olga Louzao. Pola súa parte, Portomeñe, di que “participaría máis a gusto nunha televisión que se crea cun modelo de cooperativa, na que eu podería axudar economicamente, para que a miña voz non sexa menos que a doutra persoa que está a colaborar nesa televisión”. En cambio, Paula González, afirma que “para este tipo de decisións teriamos que ter unha asemblea e as persoas participantes deberían decidir que achegar e como achegalo”.

Con respecto aos representantes sindicais, soamente Fernando López responde afirmativamente á pregunta, sostendo que “a min persoalmente non me importaría”. En cambio, Verónica Marcos, en contraposición, é a única líder sindical que responde rotundamente que non contribuiría co proxecto televisivo porque “nós non podemos, somos unha organización agraria, que non temos beneficios”.

Os demais, aínda que as súas explicacións son iguais que as que relata Marcos, deixan aberta a posibilidade á contribución cos televisión local. Como relata Ángel Tomé, “como organización partimos dunha situación económica débil e precaria, pero como cidadán colaboraría”, idea que defenden outros líderes sindicais como José Berciano, que explica que “nós vivimos exclusivamente das cotas dos nosos afiliados, polo que algún momento concreto poderíase facer, pero de forma habitual non no lo permite a nosa economía”, ou Jesús Pedreira, que reafirma o dito por Berciano: “unha cousa puntual igual si, pero unha cousa de compromiso é máis complicado”. E Verónica Peteiro, que di que “depende da cantidade da que estamos a falar”.

Ademais, a maioría dos sindicatos son nacionais ou galegos, aínda que teñan representación en Lugo, dependen dos fondos das sedes principais. Por exemplo, Julio Díaz argumenta que “nós somos unha organización nacional, entón sería difícil que nós participásemos en temas locais, pero se se organizan

actos e fanse concursos, tamén temos certa autonomía, poderiamos participar niso" ou Víctor Manuel Álvarez, que di que "sería cuestión de Ferrol, porque eu non tería ningún inconveniente se o sindicato dime que colaboramos, pero dependo deles". Pola súa parte, Jesús Varela Lodeiro tamén condiciona a contribución económica de CC.OO. á "opinión de cada un dos afiliados e das direccións que temos a nivel Galicia como a nivel estatal" e Lois Pérez: "teriamos que sometelo a debate, votalo e, en función diso, actuaríamos".

Porén, algúns representantes sindicais non achacan a súa indecisión a contribuír coa televisión local ao tipo de televisión que se propoña. Así, Antonio Niño defende que "tendo un proxecto, coñecéndoo e vendo a finalidade e os obxectivos que persegue, encaixando tamén que sexa información plural, non habería problema en colaborar". Pola súa parte, Daniel Sinde di que "se é independente e se financia con aportacións cidadás, estaría encantado de colaborar para a súa creación e funcionamento". E Brais Álvarez, que di colaboraría "a nivel de subscrición se tivese uns contidos amplos".

Cambiando de ámbito, das 10 federacións representadas polas persoas entrevistadas, a maioría (7 persoas) argumentan que non colaborarían, dúas si que colaborarían e unha, Juan Gude, di que depende porque "non é unha resposta que puidese dar eu, que habería que velo" por ser unha confederación galega, cun centro en Lugo, pero con sede en Santiago de Compostela. Os dous presidentes federativos que afirman a súa contribución coa televisión local son José María Seijas, que recorda que na anterior televisión tamén "colaboramos nalgúns momentos economicamente con anuncios e fomentando que os comerciantes tamén colaborasen" e Luís Eusebio Fidalgo, quen sostén que contribuirían "na medida das nosas escasas posibilidades, poderiamos contribuír de algunha maneira".

As demais persoas entrevistadas do ámbito federativo responden negativamente á pregunta explicando, como Isabel Calvete, que "nós somos unha entidade sen ánimo de lucro, non temos capacidade económica para colaborar economicamente en nada", ao igual que María Eugenia Díaz-Valverde, Luís Abel, Iria Santidrián e Gerardo Castedo, quen "defende que deberían ser empresas máis grandes as que teñan fondos para poder aportar, porque nós non

poderiamos colaborar a nivel económico". Vanesa Fernández, pola súa parte, di que non colaboraría porque cre que esta televisión debería ser "pública" e ter financiamento "a través de axudas e subvencións da administración da Xunta e tamén podería ter publicidade". E Jaime López tampouco colaboraría economicamente "polo meu labor" porque "intento non estar implicado en proxectos empresariais de carácter particular".

Da mesma maneira, a maioría das persoas entrevistadas representantes das diferentes asociacións non contribuirían ao financiamento da televisión local, como afirma Fernando González, que o xustifica dicindo que "nós somos unha entidade sen ánimo de lucro e non dispoñemos do capital", argumento que comparten Patricia Casal, Verónica Fernández, Lucúa Martínez e Jose Castro, quen explica que "é moi difícil que unha asociación sen ánimo de lucro puidese contribuír economicamente porque os recursos son limitados e escasos". Por outra parte, Estefanía Sánchez, María Ángeles Valero e Jose Luís Díaz afirman que non contribuirían ao financiamento da televisión porque cren que esta debería ser "pública", é dicir, que "tivese financiamento público", como sostén Sánchez.

Por outra banda, Iria Abel expón que a contribución económica "dependerá do momento e da contribución", polo que non ofrece unha resposta nin negativa nin positiva. Da outra, Eduardo Fernández, Ángel Trabada e Cristina Gómez si que apostarían pola contribución económica, aínda que "conforme ás nosas posibilidades", como recoñece Fernández. No caso de Trabada: "se temos que aportar o noso granito de area, aportariamos" e Gómez defende que "como asociación e entendendo que o medio é perfecto para compartir a nosa cultura, estariamos dispostos a financiar".

No caso das persoas entrevistadas dos diferentes organismos, as respostas están moi equiparadas: dúas persoas din que si contribuirían, dúas que non e dúas que depende. Os que si contribuirían son Jesús Varela Zapata, quen explica que "a Universidade ten unha política de comunicación na que podería entrar a televisión local", e Jose Luís Fernández, que argumenta que contribuirían "modestamente e na medidas das nosas posibilidades". Pola parte dos que non o teñen claro, Encarna Lago di que que contribuiría coa televisión

local “en función da calidade do proxecto” e Mario Vázquez sostén que “depende das ofertas que nos faga a televisión, porque iso é un intercambio: de ter un informativo para nós, colaborariamos economicamente”. E os dous que non contribuirían está, por unha parte, Raúl Fernández, que xa argumentara que “polo meu cargo” non pode colaborar coa televisión local, por outra, Bibí Bouza, quen di rotundamente que “non” contribuiría sen aportar explicacións.

Por último, Paco Nieto e Guido Álvarez, que xa contestaran positivamente a se colaborarían coa televisión local, tamén, nesta ocasión, afirmaron a súa aposta por contribuír economicamente. Así, Paco Nieto defende que colaboraría “nas miñas posibilidades”, igual que Guido Álvarez: “eu, sempre que me vaia ben a min, póidamo permitir e na medida en que puidese colaborar en algo tan positivo como unha televisión lucense, pois sería estupendo”.

Acabado este segundo bloque no que analizamos a oportunidade actual de poñer en marcha unha televisión local en Lugo e puidemos estudar as distintas opinións da sociedade lucense con respecto a ese posible novo proxecto, fáltanos a parte da investigación na que as persoas entrevistadas representativas dos diferentes colectivos imaxinan como debería ser para cada un deles e delas esa televisión local lucense.

6.2.3. Bloque 3: Modelo da futura televisión local en Lugo

Neste último bloque da investigación, analizaremos as respostas das persoas entrevistadas que representan aos diferentes sectores da sociedade lucense ás seguintes preguntas: ‘Que tipo de financiamento debería ter esa televisión local: público ou privado?’, ‘Que tipo de cobertura cre que sería máis adecuada: municipal, comarcal ou provincial?’, ‘Que contidos lle gustaría ver na televisión local?’, ‘En que lingua cre que deberían emitirse eses contidos?’ e ‘Que tipo de emisión de contidos sería máis propicia: a través de TDT ou a través de novas plataformas dixitais?’. Para estudar detalladamente o conxunto de opinións e mostrar por que tipo de televisión se inclinan, construiremos unhas gráficas que servirán para exemplificar de forma visual a tendencia da sociedade cara unha resposta ou outra, agás na de contidos, que elaboraremos unha táboa con todos os contidos propostos por cada persoa entrevistada.

Con respecto á primeira cuestión, como se pode apreciar na seguinte gráfica, a maioría dos e das representantes entrevistadas, opinan que a televisión local lucense debería ter financiamento tanto público como privado:

Gráfica 3: Respostas á cuestión: 'Que tipo de financiamento debería ter?'



Fonte: Elaboración propia

Cos datos recollidos, 31 persoas das 50 entrevistadas preferirían un financiamento mixto entre aportacións públicas e privadas, o que dista moito das 7 que quererían un financiamento exclusivamente privado e das 12 que apostarían por unha televisión local integramente pública.

Centrándonos nos representantes políticos lucenses, todos defenden o modelo mixto, agás Carlos Portomeñe, que aposta por unha canle pública: "se hai unha televisión local ten que ser pública, porque sempre ten que estar o público por encima do privado", e José Tomé, quen aposta polo contrario: "se a iniciativa se fose privada, mellor, porque as administracións públicas temos moitas competencias onde investir os recursos públicos".

Con respecto aos demais, que prefiren o modelo mixto, destaca Lara Méndez, quen acerca a súa opinión á de Portomeñe sobre o público, aínda que non pecha a porta á contribución tanto pública como privada: "o ideal será dispor dunha programación local cun financiamento público ou mixto, pero en todos os casos cun réxime de control que poida garantir a súa independencia. Os demais,

conscientes da situación difícil que atravesan as televisións debido aos custos, defenden tamén o modelo privado, como Rubén Arroxo, quen di que "son un firme defensor dos servizos públicos, pero coas trabas legais que hai, non ía funcionar, polo que deberiamos ter un período de televisión privada-pública" e Ramón Carballo, quen tamén recoñece que "o modelo mixto pode ser o menos complicado de manter na situación actual". Pola súa parte, Olga Louzao defende que a televisión "podería financiar por publicidade, por convenios con empresas e tamén acudiría a financiación pública", e Paula González que sostén "apostaría por un modelo mixto porque cando o financiamento é mixto é porque hai un interese e hai xente promovendo".

Con respecto aos representantes sindicais, as opinións non son tan homoxéneas, xa que 4 defenden o financiamento público, 2 o privado e 7 o mixto. Con respecto aos defensores da televisión pública atópase Julio Díaz, quen cre que o "unha parte do orzamento dos concellos, da Deputación, e todo o que veña" debería estar destinado á televisión local, como Antonio Niño, que cre que "debería haber apoio das distintas administracións porque é un dereito que teñen os cidadáns e hai que garantilo", e Brais Álvarez, quen afirma que "a televisión ou os medios de comunicación son un servizo público tan importante como a sanidade e a educación, debería ser un ente público e estar subvencionado". Pola súa parte, Lois Pérez, que tamén cre que debería ser unha televisión pública, fai unha clara crítica á televisión pública de Galicia: "ten que ser pública, pero de medios públicos que non estean en mans do poder político de turno: é unha anomalía democrática e un síntoma de sociedade enferma que non podamos ter a día de hoxe unha televisión galega e non a podamos ver".

Por outro lado, José Berciano e Daniel Sinde cren que a televisión local lucense debería ter financiamento unicamente privado porque, como defende Berciano, "sería totalmente independente e non dependería de ningún tipo de Goberno nin de nada". Daniel Sinde explica que preferiría privada porque "hai varios modelos novos de financiamento como o *crowdfunding*, de empresas privadas que poden intervir…Incluso a empresa privada pode aportar coa súa publicidade emitindo anuncios".

Os demais defenden, como Verónica Marcos e Jesús Varela Lodeiro, que “a televisión local debería ter os dous” porque, como afirma Verónica Peteiro, “non creo que puidese subsistir cun só”, argumento que comparte Fernando López: “realmente non sei canto pode custar manter unha televisión”, e Víctor Manuel Álvarez: “se quere subsistir, tería que ser dese xeito ata que creza e logo pois xa cando creza, pois se financia soa”. Pola súa parte, Jesús Pedreira e Ángel Tomé están a favor da televisión pública, pero con achegas privadas como a publicidade, como defende Jesús Pedreira: “a publicidade achega moito diñeiro ás televisións e entendo que é unha forma de subsistencia” que poden ser de menos do 50%, como explica Tomé: “a idea é que sexa pública, que tivese unha participación ampla pública de institucións, e logo pode ter unha achega privada, menos do dous do 50%, para manter esa televisión pública”.

Con respecto aos e ás portavoces das distintas federacións, só Isabe Calvete, Iria Santidrián e Juan Gude apostarían por un financiamento público porque, como afirma Santidrián, “igual que o noso traballo é un servizo público, as televisións tamén deberían selo”. Gude, pola súa parte, di que se na televisión “se potencian determinados contidos do ámbito social ou cultural para que haxa unha oferta que vaia a potenciar estes contidos, pois si que debería estar apoiado polo tema público”.

Con respecto aos demais, José María Seijas e Luís Abel cren que debería ter financiamento privado porque “tes outra liberdade que non ten o público”, afirma Seijas. Pero a maioría defenden o financiamento mixto: María Eugenia Díaz-Valverde, Jaime López, Luís Eusebio Fidalgo, Gerardo Castedo e Vanesa Fernández cren que “non hai que renunciar a ningún tipo de financiamento”, como explica Fidalgo, mesturando “as axudas e subvencións da administración con publicidade”, como sostén Fernández. Por outra banda, tanto López como Castedo preferirían un financiamento unicamente privado, mais entenden que “os medios compren unha función pública e social, polo que tamén teñen que estar financiados polo público”.

Das 10 persoas representantes de asociacións lucenses entrevistadas, Estefanía Sánchez, e Lucía Martínez cren que esta televisión local debería estar financiada con fondos públicos porque “para falar de entidades sociais da

provincia, de cultura, ofertar unha información de calidade e imparcial... debería de ser pública", asegura Martínez. No caso contrario, Verónica Fernández opina que debería ter só financiamento privado porque "non creo que a xente dese moito diñeiro para financiala".

As outras 7 persoas representantes de asociacións, defende o modelo mixto porque "o público non é suficiente" como di Patricia Casal: debería ser máis público con algún tipo de colaboración privada, no sentido de que, ás veces, o público non chega", argumento que comparte Eduardo Fernández: "mellor financiamento público e, no caso de que o público non chegue, pois habería que botar man da privada como pasa cos medios de comunicación".

Pola súa parte, Fernando González e Iria Abel, sosteñen que "a administración pública tería que contribuír porque sería beneficioso para eles, pero tamén a parte privada co tema da publicidade", explica Abel, ao que González engade que "grazas á publicidade susténtase o medio e iso xera reciprocidade entre empresas e medio". Da mesma maneira, Ángel Trabada, Jose Luís Díaz, María Ángeles Valero e Jose Castro tamén defenden o modelo mixto e Castro comenta que "sería un erro o financiamento todo público ou todo privado porque obtería presións que non lle convirían" e Valero engade que "ao ser unha cousa de interese xeral, debería financiarse con anuncios e con subvencións públicas".

Con respecto ás persoas entrevistadas que encabezan distintos organismos lucenses, neste caso a opinión é unánime: todos prefiren un modelo de financiamento mixto. Así, Cristina Gómez e Mario Vázquez preferirían un financiamento público "pero con aportacións privadas, tanto monetarias como con proxectos", como defende Gómez, porque, como di Vázquez, "a televisión é moi custosa, por tanto, tamén se podería financiar de forma privada a través de publicidade". Pola súa parte, Jesús Varela Zapata, Encarna Lago, Jose Luís Fernández, Raúl Fernández e Bibí Bouza apoian un modelo mixto no que "a iniciativa privada tivera axudas e colaboracións", como defende Lago, porque "necesitaría que as institucións se implicasen polas circunstancias que están pasando os medios", explica Varela. Da mesma forma, Raúl Fernández sostén

que, aínda que “é un servizo público, é una televisión que debe navegar e tratar de ser autosuficiente”.

Por último con respecto ao análise das opinións dos e das entrevistadas con respecto a que tipo de financiamento debería ter a televisión local lucense, os dous entrevistados concretos difiren nas súas opinións. Por unha parte, Paco Nieto cre que o financiamento debería ser unicamente privado porque “os cartos dos cidadáns, xa sexan do Concello ou da Deputación non se pode xogar con eles” e sentencia que “estou rotundamente en contra, en calquera ámbito, do mal uso dos cartos públicos, da política da subvención e hai que acabar con isto dunha vez”. Pola outra parte, Guido Álvarez si aposta por un financiamento público porque “ eu son un gran defensor da televisión galega, que ten que coidarse moitísimo sobre todo porque as televisións grandes parece que xa caen máis de caixón, pero ás pequenas se cuestiona o valor que teñen”.

Tendo analizadas as impresións da sociedade lucense con respecto a que tipo de financiamento debería ter a televisión local lucense no caso de habela, pasamos a analizar as declaracións das persoas entrevistadas con respecto á cuestión de se a televisión local debería cobertura municipal, comarcal ou provincial. Así, na seguinte gráfica mostramos o conxunto de respostas:

Gráfica 4: Respostas á cuestión: ‘Que tipo de cobertura sería máis adecuada?’



Fonte: Elaboración propia

Como podemos apreciar na gráfica anterior, as consideracións da representatividade lucense indícannos que a maioría das persoas entrevistadas prefiren unha televisión local con cobertura provincial, agás 9 persoas que divídense entre unha televisión local lucense de ámbito municipal (5), comarcal (2) e persoas ás que lles da igual o tipo de cobertura (2) “sempre que falemos de programación e contidos de calidade”, como afirma a alcaldesa Lara Méndez, porque “cada cobertura ten o seu público, as tres son importantes e as tres reflectirían as necesidades”, como defende Bibí Bouza.

Con respecto ás persoas que prefiren a televisión local no ámbito municipal, destaca o portavoz de Esquerda Unida, Carlos Portomeñe, quen di que “o que necesitas é unha televisión municipal que a poida ver todo o municipio e iso significa que se integre o municipio de Lugo, non soamente o ámbito urbano”. Da mesma opinión é José Berciano, quen sostén que “se é de ámbito local, é de ámbito local, porque de ámbito provincial xa temos as televisións que fan as súas conexións”, igual que Ángel Trabada, quen afirma que “cada unha debería estar no seu Concello”. Pola súa parte, Lois Pérez, di: “se se fixese a nivel de cidade, o seu labor xa sería moito, que hai moitas cousas que se poden atender” e Jose Luís Díaz defende que provincial sería máis complicado porque “tería que ter uns medios para moverse, polo que unha local o teño máis claro”.

Das demais, só dúas apostan por unha televisión local de ámbito comarcal: Paula González, que argumenta que “hai unha serie de asentamentos na contorna de Lugo, como Outeiro de Rei, que están totalmente esquecidos, que non saen nunca, e desa xente non se preocupa ninguén”, e Vanesa Fernández, quen di que sería “máis interesante que a municipal” porque “podería ter máis espectadores”. As 41 persoas restantes, apostan de forma homoxénea por unha televisión local provincial.

Así, os portavoces políticos, agás Lara Méndez e Paula González, apostan por unha televisión provincial porque “a nivel provincial tes moita máis cobertura e hai moitas máis posibilidades para dotala de contidos porque a provincia de Lugo é moi rica en moitísimos aspectos”, como explica Olga Louzao. Pola súa parte, tamén Ramón Carballo, Rubén Arroxo e José Tomé defenden unha televisión de cobertura provincial, xa que, no caso de Tomé, “dende o punto de

vista da Deputación, nós temos que aspirar a unha televisión que dese cobertura ao conxunto da provincia".

Con respecto aos líderes sindicais lucenses, excepto José Berciano e Lois Pérez, dos que xa falamos anteriormente, os demais apostan por unha televisión que chegue a toda a provincia. Así, Julio Díaz, Jesús Varela Lodeiro, Antonio Niño, Brais Álvarez e Víctor Manuel Álvarez defenden a mesma idea de ter unha televisión local que dese cobertura "ás distintas localidades" porque "hai moitos lazos entre elas", como sostén Niño, e porque "sería máis interesante que englobase a todas as comarcas e que abarcase todo tipo de noticias", como explica Álvarez. Verónica Marcos, pola súa parte, argumenta que preferiría unha canle de ámbito provincial porque "agora non hai nada provincial".

Outros como Daniel Sinde, Verónica Peteiro, Jesús Pedreira e Fernando López argumentan a falta de contidos que habería de ser simplemente unha televisión da localidade lucense: "se te centras soamente na localidade de Lugo, faltaríache algo, polo que eu creo que se podería facer contido a nivel provincial", sostén Sinde. De igual maneira, Peteiro comenta que "a provincia de Lugo é unha provincia grandísima e así abarcabamos un contido máis amplo", como Pedreira, que considera que "debería ser máis provincial que local, mesmo para vós, porque teredes máis contido" e Fernando López, que ao dito por Pedreira, engade: "estaría máis representada a poboación en xeral de Lugo". No caso de Ángel Tomé, o representante sindical defende que "Lugo non se entende sen a súa provincia" e que esa televisión local, no caso de habela, "ten que ter cobertura e ten que saberse en Lugo o que está a pasar ao redor".

Pola parte que compete aos representantes das diferentes federacións, agás Verónica Fernández, as demais persoas entrevistadas apostan polo ámbito provincial na posible televisión local lucense. Así, Isabel Calvete, que cre "debería haber algún sitio para as noticias importantes e imparciais que abarcase toda a provincia" porque "iso enriqueceríanos a todos", como Jose María Seijas e Jaime López, que defenden que "a provincia de Lugo ten moitos pequenos territorios que se identifican por particularidades e poderían ter ese elemento común na comunicación", sostén López.

Mentres, María Eugenia Díaz-Valverde e Gerardo Castedo defenden a televisión con cobertura provincial porque “nós tamén traballamos a nivel provincial”, como explica Castedo. Tamén Luís Abel, Juan Gude, Iria Santidrián e Luís Eusebio Fidalgo defende o carácter provincial da televisión local porque “se centrámonos só en Lugo cidade, igual queda moi curta”, como di Santidrián, porque “vivimos nunha comunidade moi orientada sobre todo cara a zonas próximas e fomentar a provincia”, relata Gude, e porque “todo o mundo ten aldea e estamos moi orgullosos delas e iso non o deberiamos romper”.

En referencia ás persoas entrevistadas que representan distintas asociacións lucenses, agás Jose Luís Díaz e Ángel Trabada, as demais tamén defenden a cobertura provincial da televisión local. Por unha parte, Iria Abel, Patricia Casal, Lucía Martínez, Jose Castro e Cristina Gómez non dan un motivo claro polo que se inclinan en favor da cobertura provincial. Pola outra, o resto si que o explican. Entre os motivos destacan os de Fernando González, quen di que “sería lóxico afondar nas noticias provinciais” porque, como explica Verónica Fernández, “sería mellor para velo en todos lados” porque, se non, “quedaría todo como moi pechado en Lugo só e tampoco hai tanta noticia nin tanta cousa interesante como para que quede iso así”, defende María Ángeles Valero. Pola súa parte, Estefanía Sánchez defende que “se falamos de ocio e cultura, deberiamos ter información máis xeralizada” porque “queiramos ou non temos que vivir do turismo e o turismo e a cultura a nivel informativo están esquecidos”, critica Eduardo Fernández.

Cambiando de sector, as persoas entrevistadas que encabezan os distintos organismos contactados, agás Bibí Bouza, opinan que esta televisión local debería ser de ámbito provincial “por ter un ámbito maior e que existan outras sinerxias”, como sostén Jesús Varela Zapata. Do mesmo modo, Jose Luís Fernández, Mario Vázquez e Encarna Lago apostarían pola provincia “porque a riqueza é a diversidade”, como sostén Lago. Pola súa parte, Raúl Fernández defende a televisión de cobertura provincial porque “existen na provincia zonas absolutamente diferenciadas desde o punto de vista natural, do pensamento, e da idiosincrasia que rodea esas zonas con respecto doutras”.

Por último con respecto ás impresións da sociedade lucense cara esta cuestión, Paco Nieto e Guido Álvarez tamén apoiarían unha televisión de cobertura provincial porque "daría máis xogo", como afirma Nieto, e porque "pode abarcar moito máis e, aínda que non o abarcase, podería emitirse igualmente, a televisión local en Lugo podería verse noutros lugares", argumenta Álvarez.

Sabendo as consideracións das persoas entrevistadas, que constitúen a opinión da sociedade lucense, o seguinte obxecto de estudo é a tipoloxía e cantidade de contidos que nos propoñen os e as representantes dos diferentes sectores e ámbitos da sociedade lucense. Desta maneira, na seguinte táboa recolleremos o nome de cada entrevistado e entrevistada, o ámbito que representa e o tipo de contidos que propón para a nova televisión local lucense:

Táboa 4: Contidos para a televisión local ideados polas persoas entrevistadas

Nome	Ámbito	Proposta de contidos
Lara Méndez	Política	"Información sobre o que acontece no día a día, contidos pensados para todas as idades e onde todos os colectivos poidan ter a súa voz".
Ramón Carballo	Política	"Informativos, debates, magacines, contido deportivo, motor e cultura".
Rubén Arroxo	Política	"Informativos, debates e programas sobre colectivos"
Olga Louzao	Política	"Contidos para coñecer e poñer en valor a nosa cidade, espazos divulgativos de patrimonio histórico e cultural que estean dirixidos a xeracións máis novas, espazo cunha axenda cultural para que a xente coñecese que actividades pódense facer, un espazo para toda esta xente que pon a Lugo no mapa...".
Carlos Portomeñe	Política	"Información sobre o máis próximo, que dea cabida a todos os grupos sociais e grupos políticos, iniciativas de todo tipo".
Paula González	Política	"Debates, faladoiros, redescubrir Lugo, de poñer na mesa cuestións reais que están aí sobre a nosa historia e sobre a nosa identidade".
José Tomé	Política	"Debates, informativos, poñer en valor os recursos naturais da nosa provincia, dar a coñecer todo aquelo que temos na provincia, que é moi rica e moi variada".
Julio Díaz	Sindicato	"Deporte, informativos, debates, contidos educativos, saber que se fai en ANPE...".

Jesús Varela Lodeiro	Sindicato	“Actualidade do día a día, reflectindo na televisión local o que repercute en Lugo; contido do medio rural, laboral, político e cultural”.
Antonio Niño	Sindicato	“Actualidade, problemática social, conflitos laborais, temas de sociedade, culturais, deporte... e temas de coñecemento e de posta en valor da provincia, do noso enorme patrimonio cultural paisaxístico”.
José Berciano	Sindicato	“Noticias, entrevistas, reportaxes históricos de lugares ou monumentos da localidade de Lugo”.
Daniel Sinde	Sindicato	“Informativos, documentais, programas concurso nos que aprendes e ademais te entretés, un documental sobre a policía de Lugo, sobre empresas de Lugo, asociacións, deportes...”.
Verónica Peteiro	Sindicato	“Documentais sobre a historia de Lugo, programas onde dar uns contidos de educación sanitaria como educación sexual, nutrición, etc., e programas lúdicos”.
Brais Álvarez	Sindicato	“Uns amplos telexornais que fixesen un seguimento diario do que pasa na cidade e na provincia, o deporte en xeral porque temos dous equipos de voleibol que está en Superliga e non temos ningún sitio por onde seguilo, e tamén programas que desen a coñecer o que é a provincia máis aló do turístico, a nivel cultural”.
Jesús Pedreira	Sindicato	“Máis que nada, á parte do deportivo e cultural, pois feiras. Un programa sobre os nosos costumes, o que temos en Galicia e Lugo, que é moito. E tamén sitios de sendeirismo, carreiros, camiños…”.
Lois Pérez	Sindicato	“Podería ser unha escola de maiores no sentido de que alimentaria o sentido crítico, daría ferramentas para ter máis autonomía e independencia na vida ao saber que sucede. Debería tratarse a actualidade informativa local sobre política, sanidade, educación, dependencia, infancia, exclusión social, ecoloxía, solidariedade e contidos audiovisuais para infancia e adolescencia galega”.
Verónica Marcos	Sindicato	“Todos os temas que traten da gandaría e da agricultura, todos os que nos afecten ao rural”.
Ángel Tomé	Sindicato	Información de todas as cousas e eventos da provincia, deportes e entretemento
Fernando López	Sindicato	“Programas culturais de redescubrir, de redes museísticas e exposicións, amosar as zonas que temos máis abandonadas, as festas locais; e contidos a nivel de sindicato, pois que nos dean máis a coñecer, que expliquen o noso funcionamento e como vivimos”.

Víctor Manuel Álvarez	Sindicato	“Fomentar a cidade en todos os seus aspectos, noticias, o que pasa realmente na provincia e, como sindicato: publicidade, máis difusión nas noticias para crecer”.
Isabel Calvete	Federación	“Algún programa no que se traten os temas que nós damos nas charlas e formacións, incidir en que os pais estean pendentes dos riscos que teñen as redes sociais, e normalización da igualdade”.
María Eugenia Díaz-Valverde	Federación	“Contidos culturais, educativos, tertulias, noticias reais, seguimento da vida importante de Lugo e da provincia, monográficos de xente da provincia ou de xente que veu de fóra e leva aquí moito tempo”.
Jose María Seijas	Federación	“Debates con xente de Lugo sobre os problemas e publicidade da nosa organización, explicar o que é”.
Jaime López	Federación	“Temas culturais, sociais, empresariais, temas que nos doten de máis personalidade como lucenses a nivel provincial, que nos identifiquen e que nos preocupen”.
Luís Abel	Federación	“Informativos provinciais”.
Luís Eusebio Fidalgo	Federación	“Informativo local veraz, reportaxes da zona e algúns programas de entretemento”.
Gerardo Castedo	Federación	“Representatividade de todo o que se fai, programas feitos por xente nova, fomentar a cultura, o deporte, información asociativa, promover o voluntariado e programas lúdicos”.
Iria Santidrián	Federación	“Un espazo para persoas con discapacidade intelectual, accesible cognitivamente, é dicir, que eses contidos estiveran adaptados a unha forma sinxela de comunicar; e cousas que temos na provincia: paisaxes, comida, cultura...”.
Vanesa Fernández	Federación	“Temas de sensibilización para a sociedade, porque nós traballamos na normalización das persoas que sofren algún problema de saúde mental, e contidos que escapen do entretemento tipo Sálvame, que sexan máis culturais, entretemento máis de adquirir coñecementos”.
Juan Gude	Federación	“Noticias, deportes, a vida cultural da cidade, actividades, sucesos, unha parte máis lúdica, unha parte máis enfocada ao tema social en todas as súas dimensións: falar de temas de accesibilidade, e tamén unha conexión entre os alcaldes e a poboación”.
Fernando González	Asociación	“Gustaríame saber que se está facendo para traballar polas persoas maiores, cal é a previsión de crecemento de Lugo, de que maneira estase organizando Lugo acorde co cambio social que se está producindo e como se intenta garantir o futuro da sociedade a través de formación e sensibilización dos colectivos más novos. Os medios teñen que explicar como estaba Lugo, como quere a cidadanía que estea e en que cousas tense que incidir”.

Iria Abel	Asociación	“Darlle visibilidade a temas de saúde, de discapacidade, darlle voz a xente con discapacidade que pertence aos diferentes colectivos de todas as asociacións...”.
Estefanía Sánchez	Asociación	“Contidos de sucesos, de ocio, de cultura, e un Vivalugo na televisión para saber que oferta cultural hai na cidade”.
Patricia Casal	Asociación	“Noticias, información das actividades que temos aquí a nivel social e cultural e, como entidade, que se nos dea a coñecer, á enfermidade renal, alimentación e concienciarnos sobre a doazón de órganos”.
Eduardo Fernández	Asociación	“Eu, o que máis boto en falta é a descrición de paisaxes e comarcas, que Lugo é un gran descoñecido e de norte a sur cambia de fisionomía e de xentes, e sería unha forma de potenciar o turismo vencellado á cultura”.
Verónica Fernández	Asociación	“Algún contido ou documental de enfermidades e entretemento que fose dedicado aos nenos”.
Lucía Martínez	Asociación	“Calquera cousa que non sexa programa do corazón”.
Jose Castro	Asociación	“Información local, entrevistas a sectores locais, contido de natureza ou medioambiental que é interesante de divulgar pola riqueza medioambiental e naturalista que temos, e tamén o patrimonio artístico que non está suficientemente potenciado”.
Ángel Trabada	Asociación	“Temas relacionados coa cultura, co Camiño de Santiago, as cousas romanas, temas culturais, noticias en xeral do ámbito municipal de todo tipo: política, deportiva, turística...”.
María Ángeles Valero	Asociación	“Algún programa no que se incluíse o benestar animal, que se fomentase a tenencia responsable dos animais, que se fixeran un magazine de tarde e que houbese unha sección na que a Protectora contribuíse, tamén dar a coñecer a Protectora, noticias, sucesos, que leven a xente diferente de comercios ou locais, algún concurso, tamén películas ou series e tamén cousas da saúde”.
Jose Luís Díaz	Asociación	“Difusión ou información do que pasa aquí e que non sae en outros medios, facer concertos de grupos de aquí, información de actos a pé de rúa e darlles espazo”.
Cristina Gómez	Asociación	“Noticias, entrevistas a deportistas, políticos, empresarios...; contido cultural de calidade que puxera en valor a nosa historia como as actividades que facemos en representación da nosa cultura e dos nosos antepasados”.
Jesús Varela Zapata	Organismo	“Contidos informativos, educativos, culturais; non debería entrar tanto en la sección do entretemento”.

Encarna Lago	Organismo	“Facer que o Campus de Lugo tivese unha presenza importante, todo o que teña que ver co mundo da sustentabilidade, mostrar as dificultades e as oportunidades de ser unha provincia na que non hai tanto desenvolvemento industrial, poñer en valor o que é Lugo de verdade, facer unha programación pensada en todos os públicos, porque en Lugo cidade viven máis de 103 nacionalidades e hai que ser capaz de chegar a eses lugares onde están os novos lucenses, que son as persoas doutros países que hoxe viven aquí”.
Jose Luís Fernández	Organismo	“Algo que servise para informarme do que está pasando no meu entorno, do que pensan as persoas do meu entorno, e dar a coñecer todo o que está pasando desde as empresas, os distintos colectivos, as asociacións… Poder coñecer o que está pasando na cidade informativa, cultural e historicamente. E contidos que poidan visibilizar a Cruz Roja, como informar de como podemos chegar ás persoas ou informar do que estamos a facer”.
Mario Vázquez	Organismo	“Noticias, faladoiros, programas de entretemento infantís para os nenos en galego, programas rurais que potenciasen o tema rural, polo tema do abandono rural e que Lugo é moi gandeira e industrial. E logo, habería que encher con películas para potenciar tamén o cinema galego. E, a nós, gustaríanos que houbese un informativo diocesano, polo menos unha vez á semana, e que se puidese celebrar a Santa Misa a nivel local”.
Raúl Fernández	Organismo	“Os contidos poderían ser os relativos ao ámbito galego, ao ámbito lucense, a desenvolvementos, cousas que se están facendo na provincia moi interesantes porque é extraordinariamente rica e ten moitísima diversidade variedade económica, filosófica e natural”.
Bibí Bouza	Organismo	“Como se avanza na mellora da cidade, que lles preocupa aos lucenses, escoitar a quen ten algo que dicir, falar coa xente da rúa para saber que lles preocupa...”.
Paco Nieto	Perfil concreto	“Creo que o ámbito local, non localista, o ámbito da información local, do entretemento local, está falto de servizo agora mesmo. Necesitamos debate social con participación, con público, e en redes”.
Guido Álvarez	Perfil concreto	“Os contidos culturais, de concienciación ambiental, a nivel patrimonial, moitas entrevistas, reportaxes para dar a coñecer persoas... porque creo que é moi importante ter referentes: persoas especiais da cidade e da provincia. Dar a coñecer e demostrar o valor que temos, é dicir, iso é autoestima.

Fonte: Elaboración propia

Tras ter analizados a cantidade e a heteroxeneidade de contidos que propón a sociedade lucense, necesitamos saber en que lingua prefiren as persoas entrevistadas a emisión deses contidos. Así, na seguinte gráfica mostramos as diferentes respostas dos e das representantes dos diferentes sectores da sociedade lucense:

Gráfica 5: Respostas á cuestión: 'Que tipo de cobertura sería máis adecuada?'



Fonte: Elaboración propia

Como podemos apreciar na gráfica 5, a meirande parte das persoas entrevistadas están a favor do uso da lingua galega nos contidos da televisión local lucense no caso de habela, aínda que hai moitas que tamén están de acordo con que os contidos poidan estar en ambas linguas, compartindo espazo comunicativo. O que está claro é que a lingua castelá non tería espazo ela soa na televisión local lucense.

Con respecto ás persoas entrevistadas do ámbito político, agás Ramón Carballo e Olga Louzao, que prefiren a convivencia de ambas linguas na televisión local de Lugo porque "en Galicia temos dous idiomas oficiais e temos a liberdade de escoller calquera dos dous", como sostén Louzao; os e as demais prefiren a utilización única do galego como "lingua de referencia", segundo Lara Méndez, porque "televisións en castelán temos un montón", explica Rubén Arroxo, e porque "é a nosa lingua e hai que normalizala e hai que seguir

apostando por ela", argumenta Paula González. Estas opinións son compartidas tamén por Carlos Portomeñe e José Tomé, e este último expresa que a utilización do galego é necesaria "como maneira de contribuír tamén para ao afianzamento da nosa lingua".

Con respecto aos líderes sindicais, agás Daniel Sinde e Víctor Manuel Álvarez, que prefiren a utilización de ambas linguas, os demais defenden unha televisión local lucense exclusivamente en galego. Así, Julio Díaz di que "se estamos en Galicia, debería ser en galego", idea que comparten Jesús Varela Lodeiro, Jesús Pedreira, Verónica Marcos, Ángel Tomé, José Berciano e Brais Álvarez, que engaden que "en Lugo fálase habitualmente en galego", sostén Berciano, e que "os contidos deberían estar 100% en galego", afirma Álvarez. Ademais, Antonio Niño destaca que "representamos todos a lingua do noso país e hai que facer unha aposta clara por ela" e que "debemos promocionar a lingua galega", como expón Fernando López, porque, como critica Lois Pérez, "o galego é unha lingua minorizada e é a lingua propia do ámbito de actuación da televisión local lucense". Pola súa parte, Verónica Peteiro di que o uso do galego "sería unha boa opción porque todo o mundo o entendo e o fala, pero tamén habería que valorar a situación da poboación que temos en Galicia que non fala galego".

No caso dos e das representantes federativas, hai un empate, xa que 5 persoas preferirían galego unicamente e 5 en ambas linguas. Con respecto ás persoas que están a favor dunha mestura de idiomas, destaca María Eugenia Díaz-Valverde, quen é moi crítica: "eu creo que no idioma que cada un se sinta cómodo porque a min si me chaman a un programa e me obrigan a falar en galego, non vou porque non é a miña lingua materna e eu non quero que me obriguen a nada". Outros, como Jose María Seijas, Jaime López e Luis Eusebio Fidalgo, defenden o uso "de convivencia de ambas linguas", como sostén Fidalgo, porque "se poden combinar os nosos idiomas perfectamente", explica López. Pola súa parte, Iria Santidrián explica a súa elección de ambas linguas por un motivo de inclusión, xa que dende FADEMGA fanse contidos de lectura fácil para xente con diversidade funcional e "a lectura fácil ten moita máis andaina en castelán que en galego".

Con respecto aos que elixiron o galego como lingua da televisión local lucense, Luís Abel e Vanesa Fernández non expoñen os seus motivos, pero os demais si. Isabel Calvete sostén que elixe o galego porque "non podemos permitir perder o noso idioma, porque é perder parte da nosa cultura". Así, Gerardo Castedo critica que "cada vez fálase menos o galego", igual que Juan Gude, quen considera que "as novas xeracións están a utilizalo menos, entón creo que é a lingua que hai que potenciar un pouco máis, que é unha lingua característica da nosa comunidade".

Cambiando de sector, os e as representantes asociativas, 7 prefiren o uso exclusivo do galego na televisión local lucense, agás 5 persoas. Desta maneira, Iria Abel, Estefanía Sánchez, Verónica Fernández, Ángel Trabada e María Ángeles Valero cren que se poden combinar os dous idiomas. En concreto, Sánchez, como presidenta dunha asociación social, explica que "por unha parte diría que galego, porque hai que potenciar o idioma, pero tamén penso en todas as persoas inmigrantes que chegan á nosa comunidade, polo que unha combinación de linguas sería perfecta". Por outra parte, tanto Ángel Trabada como María Ángeles Valero elixen a convivencia de ambas linguas porque "non me gustan as imposicións", como explica Trabada, e porque "con tal de que non lle faltes ao respecto a ninguén, podes facer o que queiras" e que "cantos menos conflictos, mellor", sentencia Valero.

Pola outra banda, Fernando González, Patricia Casal, Eduardo Fernández, Lucía Martínez, Jose Castro e Cristina Gómez cren que debería ser "exclusivamente en galego", como afirma Castro, porque "hai que fomentar o galego porque é a nosa lingua", sostén González, e porque "a maior parte da xente, aínda que non o fale, o entende", como argumenta Cristina Gómez.

Con respecto aos organismos contactos, os seus portavoces opinan, agás Jesús Varela Zapata e Encarna Lago, que o idioma da televisión local debería ser o galego. Nos casos concretos, Zapata defende que "ambos idiomas teñen arraigo social e poderían convivir" porque, como defende Lago, "haberá contidos que teriamos que facelos en castelán, cando te refires a diferentes comunidades e outros en galego porque, aínda que o galego é un valor patrimonial, a lingua é unha ferramenta de comunicación".

Pola súa parte, Jose Luís Fernández, Mario Vázquez, Raúl Fernández e Bibí Bouza cren que os contidos deberían emitirse en lingua galega para “fomentar a galeguidade”, como defende Vázquez, e “porque estamos en Galicia e na provincia de Lugo, onde maioritariamente fálase o galego, e debería ser unha televisión específica, diferenciada e especializada no ámbito galego e no ámbito rural”, expón Raúl Fernández.

Por último con respecto a esta cuestión, tanto Paco Nieto como Guido Álvarez comparten a opinión de que a televisión local lucense debería emitir os seus contidos en lingua galega. Como proclama o ex xornalista, “debemos priorizar por encima de todo a lingua nai: o galego, temos que potenciar o noso idioma e que non morra nunca”, e defende un “bilingüismo harmónico, sensato, tranquilo e sosegado”. Pola súa parte, Guido Álvarez opina que “necesitamos unha televisión local de Lugo en lingua galega que axude a preservar o patrimonio tan importante e valioso como é o galego”.

Tendo en conta estas declaracións, é necesario pasar ao análise do criterio das persoas entrevistadas con respecto a unha cuestión máis técnica: ‘Que tipo de emisión sería máis propicia para a nova televisión lucense?’. Así, na seguinte gráfica poderemos coñecer as respostas da sociedade lucense a esta pregunta.

Gráfica 6: Respostas á cuestión: ‘Que tipo de emisión sería máis propicia?’



Fonte: Elaboración propia

Como podemos observar na anterior gráfica, a maioría das persoas entrevistadas inclínanse a favor dunha emisión a través de TDT, aínda que non moi lonxe da segunda opción elixida por elas, a de combinar as emisións a través TDT e a través de novas plataformas dixitais. Polo outro lado, hai 7 persoas que non arriscan a dar unha resposta concreta e 5 que estarían a favor dunha emisión só a través de plataformas.

Para comezar, analizaremos as razóns dos que non deron unha contestación clara, entre as que destaca a de Lara Méndez, quen defende que as emisións deberían a través "daqueles formatos ou variedade de formatos a través dos que sexa máis fácil chegas ás distintas audiencias"; a de José Tomé, quen sostén o emprego "do sistema que consideren tecnicamente mellor pero garantindo que, se non a totalidade, pero si a inmensa maioría dos cidadáns da provincia de Lugo puideran desfrutar deste medio de comunicación"; e a de Ángel Trabada, que explica que "Lugo ten moitas zonas rurais, polo que o que sexa máis fácil e máis práctico e para que o reciba o maior número de persoas". Por outra banda, están os que dubidan, como Rubén Arroxo, que recoñece "non o teño claro, teriamos que estudar o que é máis rendible e, ademais, igual en 5 anos vai todo por plataformas". Da mesma opinión son Jesús Varela Zapata, que di que "habería que facer un estudo técnico e sopesar todo", e Encarna Lago: "agora co 5G, todo o que digamos e ante a fenda dixital, imos ter que ver realmente que recursos imos utilizar". Pero fáltanos un, Luís Eusebio Fidalgo, que asume que "non te podo contestar porque non teño a suficiente información e non me gusta opinar do que non coñezo".

Tendo en conta as opinións das persoas que non se inclinan nin por emisión a través de TDT, nin a través de plataformas, nin polas dúas; é tempo de analizar os que si teñen clara a súa postura con respecto a este tema. Así, dos portavoces políticos, Ramón Carballo e Carlos Portomeñe apostarían pola transmisión de contidos a través de TDT, "o convencional de televisión", como afirma Portomeñe; e tanto Olga Louzao como Paula González estarían a favor dunha emisión de contidos a través de TDT e plataformas porque "sería interesante que puidese existir en TDT, pero que poidas acceder a elo a través de medios dixitais", como defende Louzao.

En referencia aos representantes dos diferentes sindicatos, agás dúas persoas, as demais apostan pola emisión a través de TDT. Estas persoas son Antonio Niño e Verónica Peteiro, que defenden que a mellor forma sería "a convencional de toda a vida compaxinada cunha plataforma online que subise contidos á carta", como sostén Niño, porque "sería algo que complementaría e estaría moito mellor". Os demais defenden a emisión a través de TDT, entre os que Daniel Sinde, Jesús Pedreira, Fernando López e Víctor Manuel Álvarez non aportan ningún motivo concreto.

Por outra banda, outros líderes sindicais si que mostran motivos importantes polos que se decantaron nesta elección. Julio Díaz, pola súa parte, sostén que "se queremos facer unha televisión para todos, hai que buscar unha canle de TDT" porque, explica Jesús Varela Lodeiro, "hai que ver a sociedade de Lugo e respirar o aire que eles respiran" e porque "as plataformas son complicadas porque non ten acceso a elas boa parte do público", segundo José Berciano; argumento que tamén expón Verónica Marcos ao dicir que "no rural seguimos tendo unha fenda dixital importante".

Ademais do motivo do acceso ás novas tecnoloxías que defenden as persoas entrevistadas ao elixir a emisión a través de TDT, hai outro igual de preocupante que expón algún dos entrevistados: a poboación envellecida. Así, Brais Álvarez, defende que "tendo en conta a media de idade que temos en Lugo, que é das máis envellecidas do territorio español, eu diría que por TDT, porque, se non, eliminas un amplo grupo de xente que non pode vela".

Outro dos motivos polos que, neste caso, Ángel Tomé cre que é mellor a emisión a través de TDT é que esta "dá sustento de seriedade". E Lois Pérez, pola súa parte, apostaría polo formato tradicional porque "subirse a ese carro de Youtube, de Twitch e do Tik Tok e Twitter e Facebook e tal, que está moi ben, pero quita tempo, impide un labor xornalístico crítico e reflexivo".

Con respecto ás persoas representantes das diferentes federacións, as opinións son dispares, xa que 4 prefiren a emisión a través de TDT, 4 a través das dúas formas e só Jose María Seijas a través de plataformas porque "a tendencia e o futuro está nas plataformas". Con respecto ás que prefiren a través de TDT, como Luís Abel, destacan Isabel Calvete e María Eugenia Díaz-

Valverde, as dúas presidentas de federacións educativas que defenden que a través de TDT "pódese chegar a máis xente porque a xente do rural podería vela", defende Calvete, e porque "hai moita xente maior", explica Díaz-Valverde. Este argumento tamén é sostido por Vanesa Fernández, quen di que "debería ser a través de TDT polas características da poboación, que é moi envellecida".

Polo outro lado, atópanse os e as representantes asociativos que prefiren unha combinación de ambas, como Jaime López, que defende "o tradicional e tamén veo viable na televisión o *streaming* e que se comuniquen as cousas a través de diferentes canles" para "acoller á xente que non entende de novas plataformas e aos que non prende o televisor en todo o día", como explica Gerardo Castedo, e así "beneficiarse todas as persoas e rangos de poboación de Lugo", como expón Iria Santidrián", argumento que comparte Juan Gude, quen cre que "debería ser coa televisión tradicional e mirar cara esas plataformas porque a xente máis nova é o que busca".

En canto ás asociacións que representan as persoas entrevistadas, as opinións tamén son heteroxéneas. Por un lado, Fernando González aposta pola emisión de contidos a través de plataformas dixitais porque "TDT é parte do pasado, a min sóname a anos 90 e actualmente creo que a televisión debería estar en outro soporte e en outro desenvolvemento". Por outro, Iria Abel, Patricia Casal, Eduardo Fernández, Jose Castro e Jose Luís Díaz cren que sería mellor combinar ambas técnicas de emisión porque "hai que aproveitar as novas plataformas dixitais, pero hai moita xente á que lle custa ter acceso a elas", como explica Abel, e porque "temos unha poboación moi maior", como defende Casal, e "non se pode renunciar a ningún público", como sostén Díaz.

Os e as demais representantes asociativas preferirían unha emisión de contidos a través de TDT, como Estefanía Sánchez, que afirma que "a través de plataformas dixitais xa nos chega a información e aquelas persoas que non as utilizan a televisión pode ser unha vía de acceso a esa información", argumento que comparte Verónica Fernández: "non todo o mundo ten plataformas dixitais". Da mesma maneira, Lucía Martínez, María Ángeles Valero e Cristina Gómez tamén defenden a TDT por enriba das novas plataformas porque "hai moita xente

no rural que non dispón de conexión a internet de calidade", como explica Gómez.

No caso dos e das representantes de organismos lucenses, xa vimos que Zapata e Lago non apostaban por ningún tipo de emisión en concreto. Con respecto aos demais, as opinións son diferentes. Bibí Bouza, pola súa parte, opina que "excepto as plataformas de pago, todas as demais son interesantes", polo que aposta pola emisión a través das dúas. Pola outra, Jose Luís Fernández e Mario Vázquez apostan pola emisión a través de plataformas porque, segundo Fernández, "na TDT hai moitas canles e a televisión local pode quedar sepultada pola oferta que hai, entón coa plataforma dixital quizais é máis fácil achegarse ás persoas" e, segundo Vázquez, porque "a través de plataformas dixitais sería máis barato e a calidade pode ser moi boa nos tempos nos que vivimos tecnoloxicamente".

Raúl Fernández, pola súa parte, como xefe provincial da Xefatura de Telecomunicacións de Lugo, afonda nesta cuestión: "creo que deberían realizarse as emisións mediante unha canle, como xa teñen concedido, na TDT, na canle 46, que é o que teñen autorizado e é o que teñen que utilizar, non poden utilizar outra canle, ten que ser ese. Con respecto ao de se poden emitir por IP ou por internet, si que o poden realizar, pero teñen que facer unha adaptación importante destes contidos para a rede. Con todo, eu creo que esa debería ser unha decisión dos directivos e a longo prazo, porque evidentemente a maioría das persoas que viven aquí son maiores, hai unha fenda dixital bastante importante e, por tanto, non habería moitas persoas que soubesen, primeiro, que tivesen equipamento, segundo, e que quixesen, terceiro, ver unha televisión nun computador, que supón un coñecemento e un uso máis complexo que soamente acender un televisor. Creo que co tempo si podería ser posible, podería ser alternativo, pero creo que nestes momentos deberían aproveitar o que teñen, que é unha autorización administrativa da canle 46 do rango de frecuencias en UHF e que está sen explotar, non hai transmisión e non teñen contidos, e que deberían empezar por aí e despois o futuro é totalmente móbil e xa veriamos que sucede co asunto". Con estas explicacións, Fernández considera que as emisións do novo proxecto televisivo local deberían ser a través de TDT e da canle que posúe El Progreso, polo que engadimos unha pregunta ao cuestionario

de Raúl Fernández na que preguntámoslle que se houbese un novo grupo de persoas interesadas en poñer en marcha unha televisión local con emisións a través de TDT, que terían que facer. A isto, contesta: “Se houbese unha nova iniciativa na cidade que quixese aproveitar os sistemas, os medios, a infraestrutura que xa hai agora mesmo, tería que chegar a acordos cos actuais propietarios e, ou ben adquirir esas infraestruturas, ou ben alugalas; mesmo alugar ou adquirir esa concesión administrativa e volver explotala, pero o máis importante xa o teñen feito, que é a creación desas infraestruturas e a obtención desa autorización administrativa. O espectro radioeléctrico é bastante limitado, se unha persoa quixese adquirir outra nova concesión administrativa sen ter que chegar a acordos co Progreso, tería que iniciar de novo o proceso para adquirir esa concesión e esperar unha chea de anos a que a Xunta de Galicia xerase e emitise unha nova licitación para outra canle, cousa que é moi complicada. Entón o lóxico nestes momentos é que, xa que se dispón desa infraestrutura e desautorización explotala, reexplotala”.

Por último, os perfís concretos entrevistados, Paco Nieto e Guido Álvarez, difiren nas súas apreciacións con respecto da emisión de contidos na posible televisión local lucense. Por un lado, Nieto cre que debería ser a través de novas plataformas dixitais como “unha canle de Youtube cunha serie de emisións, de podcasts de autoconsumo...” porque “unha televisión local tradicional non a vexo, por varios motivos: polo mundo en que vivimos agora mesmo, que a ver onde vai, porque ten que organizarse todo isto, pero é que é tamén é o tema dos custos porque son altísimos e importantes e tes que dar calidade”. En contraposición, Guido Álvarez di que lle gustaría que fose “das dúas maneiras, imaxinándoa en certo xeito como a TVG, porque creo que é moi interesante xerar contidos en diversas plataformas dixitais”.

7. Conclusións

Para concluír o presente traballo, mediante un enfoque holístico, trataremos de expoñer as principais ideas que extraemos da investigación, así como reafirmaremos ou refutaremos as hipóteses de partida para manifestar o logro dos obxectivos propostos nos apartados anteriores.

Para comezar, tendo en conta os resultados obtidos da nosa investigación, podemos constatar, tras a entrevista co director de El Progreso, que o grupo de comunicación non ten intención de retomar as emisións de contido televisivo a través do canle 46 que posúen de TDT no proxecto televisivo, Telelugo, que cesou a súa actividade no ano 2017.

De todas formas, Riveiro defende que o xornal 'El Progreso de Lugo' ten a intención de ampliar a nivel dixital os seus contidos audiovisuais, xerando máis noticias, reportaxes e retransmisións en directo a través da sección do xornal dixital 'El Progreso TV' e tamén a través da súa canle de Youtube, mais non como unha televisión tradicional, senón como contidos audiovisuais individuais.

Porén, están abertos ao entendemento con outras persoas ou grupo de persoas que, dende iniciativas empresariais e comunicativas, tivesen como finalidade a posta en marcha dun proxecto televisivo local en Lugo. Desta forma, poderían chegar a un acordo ambas partes para alugar ou comprar as infraestruturas propiedade do Progreso e a licenza administrativa para emitir contidos a través da canle 46 de TDT.

Así, respondemos ás tres primeiras preguntas expostas nos obxectivos:

- É posible o rexurdimento de Telelugo, propiedade de El Progreso, no contexto actual?
- Estaría disposto o grupo de comunicación lucense a poñer en marcha un novo proxecto de televisión local na provincia de Lugo?
- Permitiría o grupo de comunicación El Progreso que outro grupo de persoas alleas ao medio recuperase a televisión local mediante o alugamento das infraestruturas e da licenza que posúe El Progreso?

Con respecto á primeira e á segunda, a resposta é, como deixou claro Alfonso Álvarez Riveiro, que non porque tanto el como os seus compañeiros do Progreso consideran que sería un “paso atrás”. Con respecto á terceira, si que deixan a porta aberta a que un grupo de persoas puidese utilizar os seus recursos para levar a cabo un proxecto televisivo.

Da mesma maneira, tendo en conta as conclusións ás que chegamos despois de analizar os resultados da investigación, podemos reafirmar as dúas primeiras hipóteses de partida que propuxemos:

- O grupo de comunicación El Progreso, propietario da licenza de TDT para emitir a través dunha televisión local en Lugo, non manifesta interese por recuperar as súas emisións.
- O grupo de comunicación El Progreso amosa a súa conformidade con que un novo grupo de profesionais poidan asumir a dirección da televisión local en Lugo, pagando por utilizar as infraestruturas propiedade do grupo de comunicación.

Por outra banda, na segunda parte da investigación, analizamos os resultados obtidos das conversas mantidas coas persoas que representan os diferentes sectores que compoñen a sociedade lucense.

Con respecto ao primeiro bloque de cuestións ás que foron sometidas as persoas entrevistadas, podemos concluír que moi poucas recordan todos os proxectos televisivos que houbo en Lugo. Como vimos anteriormente, soamente 6 das 50 persoas entrevistadas recordan a primeira televisión lucense, Televisión Lugo. A grande maioría dos entrevistados cren que Telelugo foi a única que existiu, xa que El Progreso ao comprar Televisión Lugo, e fusionala coa que xa tiñan, Lugovisión, adoptou o nome da primeira televisión local, pero abreviado, que era a forma que a xente de Lugo utilizaba, de forma popular, para falar da primeira televisión local lucense. Isto provocou que moitas persoas só concibisen a existencia dun único proxecto televisivo local. Pola súa parte, Lugovisión é claramente confundida con Telelugo no relato das declaracións das persoas entrevistadas, agás en dous: as únicas persoas que recordan con nitidez os tres proxectos televisivos que houbo, que son Jose María Seijas, presidente da Federación Provincial de Comercio en Lugo e o ex xornalista Paco Nieto.

Con isto, podemos contestar á pregunta obxecto de estudo que expuxemos no apartado de ‘Obxectivos’ con respecto a esta cuestión:

- A sociedade lucense recorda as experiencias de televisión local en Lugo?

A resposta é non. A sociedade non recorda da mesma maneira as distintas experiencias de televisión local en Lugo. A máis recordada é, sen dúbida, a televisión local do grupo de comunicación El Progreso, que puxo en marcha Telelugo no ano 1998, tras comprar Televisión Lugo e fusionala con Lugovisión, e mantívose ata o ano 2017, aínda que moitas das persoas entrevistadas cren que deixou de emitir antes, xa que dende o 2010 e co cambio de emisión analóxica a dixital, experimentou grandes custos que supuxeron que houbese menos contidos locais e a xente comezara a deixar de interesarlle tanto como antes e, como consecuencia, deixar de vela, provocando o seu consecutivo peche.

Así, refutamos tamén unha das hipóteses con respecto a este asunto porque a sociedade lucense, en xeral, non lembra cada unha das experiencias de televisión local, senón unha soa:

- A sociedade lucense lembra as experiencias de televisión local nas distintas etapas da súa existencia (Televisión Lugo, Lugovisión e Telelugo).

Porén, con respecto a outra das hipóteses formuladas no apartado ‘Hipóteses’ con respecto a este tema, esta si que a reafirmamos:

- A sociedade lucense valora positivamente estas experiencias de televisión local.

Reafirmamos esta hipótese porque, a pesar de que soamente 6 persoas recordan Televisión Lugo, o fan de forma positiva. Do mesmo xeito, as dúas que tamén recordan Lugovisión, expresan o seu sentimento positivo cara este proxecto televisivo. E, tamén e, sobre todo, as que recordan Telelugo, 48 persoas das 50 entrevistadas, recordan con agarimo e nostalxia esa televisión local que formou parte da vida da sociedade lucense durante case 20 anos.

Con respecto ao seguinte bloque do cuestionario, no que analizamos se a sociedade lucense, a través do testemuño das persoas entrevistadas, botaba en falta unha televisión local en Lugo, concluímos que a maioría, como demostramos, estraña un proxecto televisivo, aportando, ademais, as súas apreciacións sobre o que podería aportar esta televisión de habela.

Así, no que atinxe á pregunta exposta nos obxectivos: 'Hai oportunidade real no escenario actual para emprender un novo proxecto de televisión local en Lugo?', contestamos que si, haino, porque o conxunto das forzas vivas entrevistadas dinnos que lles gustaría que houbese unha televisión local no contexto de Lugo. E, á súa vez, reafirmamos a hipótese formulada con respecto a esta cuestión: 'Detéctanse na sociedade lucense ganas por recuperar a existencia dunha televisión local en Lugo", xa que, como dixemos, o conxunto de persoas representativas dos diferentes colectivos expresan as súas ansias por ter unha televisión propia en Lugo.

Por outra banda, neste mesmo segundo bloque, as respostas ás preguntas sobre se as diferentes persoas entrevistadas colaborarían coa futura televisión lucense, no caso de colaborar participando nela, a maioría, 40 persoas das 50 entrevistadas, expoñen a súa dispoñibilidade a compartir o seu tempo e coñecementos na televisión local. Porén, con respecto a se colaborarían coa televisión local a nivel económico axudando ao seu financiamento, cambian completamente as tornas, xa que a maioría, 20 de 50 entrevistadas, di que 'depende', 17 din directamente, que 'non', e as demais, 13 persoas, responden afirmativamente esta cuestión.

Así, con respecto á pregunta obxecto de estudo: 'Tería apoio da sociedade?', concluímos que, se é a nivel colaboración social e participativa, a maioría si; pero se tiveran que contribuír economicamente, a maioría non.

Por último, fáltanos por analizar en profundidade as respostas das persoas entrevistadas que conforman unha representación da sociedade lucense ao terceiro bloque de preguntas, que estaban enfocadas a coñecer o tipo de televisión local que imaxina a cidadanía de Lugo se este proxecto se puxese en marcha.

Por tanto, imos ir contestando á pregunta do apartado de ‘Obxectivos’: ‘Como imaxinan os cidadáns e cidadás de Lugo esa nova televisión local?’. Así, tras analizar os resultados da investigación no apartado anterior, vemos con claridade que a maioría, 32 persoas das 50 entrevistadas, prefiren que a posible televisión local lucense combinase o financiamento das institucións públicas coas aportacións privadas de empresas, comercios, negocios ou persoas concretas da sociedade lucense.

Por outra banda, a maioría de persoas entrevistadas, 41 de 50, defende que esta televisión local debería ser de cobertura provincial, é dicir, debería tratar as problemáticas da sociedade de Lugo provincia na súa totalidade e deberían verse eses contidos en todos os recunchos da provincia. Como dicía Ángel Tomé, “Lugo non se entende sen a súa provincia”. Así, defenden que, aínda que as infraestruturas estiveran en Lugo e, por tanto, se tratasen máis temas do municipio lucense, deberían tratarse temas que afecten e importen aos cidadáns dos diferentes municipios da provincia e, ao mesmo tempo, que poidan ser consumidores deles.

Da mesma forma, as diferentes persoas entrevistadas tamén puideran dar a súa opinión sobre o tipo de contidos que lles gustaría consumir na nova televisión local, expostos na táboa 4 do anterior apartado. Para resumir, podemos dicir que os programas que máis se repiten entre as respostas son: informativos, debates, política, deportes, sucesos, reportaxes sobre colectivos lucenses, programas sobre cultura (documentais, reportaxes, axenda cultural diaria, falar con persoas importantes de Lugo que traballen pola cultura...), espazos de entretemento con entrevistas, espazos lúdicos para nenos (debuxos), espazos de conversa sobre sanidade (nutrición, enfermidades...) e sobre educación (educación sexual, *bullying*, igualdade, redes sociais...), reportaxes históricas, documentais sobre os recursos naturais da provincia de Lugo (camiños, sendeiros, natureza) e sobre o patrimonio histórico e artístico da provincia de Lugo, problemática social, conflitos laborais, reportaxes sobre negocios e empresas lucenses, concursos, series galegas, programas sobre a vida no rural (gandaría, agricultura, despoboamento...), programas sobre o desenvolvemento da cidade de Lugo a nivel infraestrutura e a nivel social, turismo lucense, e programas musicais (dar cabida a grupos e persoas que fan música).

Sabendo o tipo de contidos que demanda a sociedade lucense como necesarios se houbese unha televisión local, é importante coñecer se as persoas entrevistadas desfrutarían máis deles en galego ou castelán. Como se pode apreciar no anterior apartado cando tratamos esta cuestión, a maioría das persoas representantes da sociedade lucense cren que os contidos deberían emitirse en galego ou, como di Paco Nieto, "na lingua nai", mentres que as 16 persoas restantes apostarían por unha convivencia pacífica de ambas linguas na que puidese haber programas nun idioma e outros na outra. Pola súa parte, ninguén defende o uso exclusivo do castelán.

Por último, con respecto á pregunta máis técnica e complicada, xa que, como se pode ver na transcrición das entrevistas no apartado '9. Anexos', a maioría dos entrevistados dubidan na súa resposta; que fai referencia a 'Que tipo de emisión de contidos sería mais propicia: a través de TDT ou a través de novas plataformas dixitais?', a maioría das persoas entrevistadas apostarían pola transmisión de contidos a través de TDT, 23 persoas das 50 entrevistadas, mentres que 16 persoas defenden a combinación de ambos modelos de emisión de contidos: a través de TDT e de plataformas dixitais. Con respecto á minoría, 7 persoas non son claras na súa resposta porque 'non saben', e 5 apostarían pola emisión a través de plataformas dixitais unicamente porque, como afirma Paco Nieto, "o futuro está nas plataformas".

Así, 23 persoas, apostan principalmente pola emisión a través de TDT porque son conscientes da, aínda, profunda fenda dixital existente na provincia lucense. Ademais, outra razón para apostar por este tipo de emisión é que nos ofrece Raúl Fernández, quen sostén que, se existise un novo grupo de comunicadores e empresarios que tiveran ansias de poñer en marcha un novo proxecto de televisión local, "deberían utilizar as infraestruturas que xa están creadas e a licenza administrativa que posúe El Progreso para emitir a través da canle 46 de TDT, tendo que chegar a acordos co grupo de comunicación".

Por outra banda, algúns dos que prefiren a emisión de contidos, principalmente, a través de TDT, non pechan as portas a un futuro no que as novas plataformas tamén recollan ese contidos. E, ademais, 16 das 50 persoas entrevistadas contemplan ese futuro no presente, defendendo a transmisión de

contidos da posible televisión local lucense a través de ambos modelos, como afirma Gerardo Castedo, quen di que desa maneira “acollería a esa xente que non entende nada de novas plataformas e tamén aos que non prenden a televisión en todo o día”.

Así, sería interesante ter en conta ambos criterios para incluír a todos os grupos de poboación na televisión local lucense e queda reafirmada a última hipótese, que reza así: ‘As forzas vivas lucenses apostan por un novo proxecto de televisión local en Lugo a través de TDT, combinado con emisións a través de plataformas dixitais’, porque nesta hipótese, afirmáramos que a sociedade lucense aposta por un proxecto a través de TDT, principalmente, que logo pode ser combinado con emisións a través de plataformas.

Desta maneira, a investigación realizada no presente traballo pódese resumir en tres puntos conclusivos finais:

- A sociedade lucense recorda o proxecto televisivo de Telelugo con máis nitidez que os demais.
- A sociedade lucense bota en falta un novo proxecto televisivo local lucense, que aportaría información e coñecemento do que sucede na nosa contorna, e colaboraría con ela a nivel participativo, mais con reticencias a contribuír ao seu financiamento.
- A sociedade lucense imaxina a televisión local lucense como unha televisión con financiamento público e privado, de cobertura provincial, con un amplo abanico de contidos da provincia, en galego e que fomente o uso do idioma galego, pero que permita as intervencións no idioma que cada un queira; e unha televisión na que os contidos se emitan a través de TDT e que poidan ser subidos ou retransmitidos por plataformas dixitais.

8. Referencias bibliográficas

Badillo, Á. (2005). Políticas públicas del audiovisual y desregulación de la televisión local por ondas en España (1980-2004). *Sphera Pública* (5), 201-219. http://sphera.ucam.edu/index.php/sphera-01/article/view/29

Badillo, Á. (2010). Competencia, crisis, digitalización y la reordenación de la televisión de proximidad en España. *Quaderns del CAC*, *XIII* (35), 23-32. https://www.cac.cat/sites/default/files/2019-02/Q35_Badillo_ES.pdf

Beceiro, P. (2017). Los inicios de la televisión en España. *RTVE*. http://www.rtve.es/rtve/20170302/inicios-television-espana/1497361.shtml

Besteiro, J. M. (1998). *Televisión e Sociedade. A televisión local en Galicia.* Editorial Lea.

Bordieu, P. (2006). *Sobre la Televisión*. Editorial Anagrama. https://sociologiaycultura.files.wordpress.com/2014/02/p-bourdieu-sobre-la-television.pdf

Bravo, G. (2008). Prisa cierra su red de televisiones locales (Localia TV). *El Confidencial.* https://www.elconfidencial.com/comunicacion/2008-11-13/prisa-cierra-su-red-de-televisiones-locales-localia-tv_396098/

Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. (2005, 14 de abril). *DECRETO 81/2005, de 14 de abril, por el que se regula el régimen jurídico de la gestión del servicio público de televisión digital en la Comunidad Autónoma de Galicia*. Diario Oficial de Galicia. https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2005/20050426/AnuncioC036_es.html

Constitución Española [Const]. Artigo Nº 2. 29 de decembro de 1978. España.

Corominas, M., Bonet, M., Fernández, I., Guimerà, J. A., Sanmartín, J. e Blasco, J. J. (2007). Televisión digital terrestre local (TDT-L) en España: los concesionarios privados. Universitat Autónoma de Barcelona.

https://addi.ehu.eus/bitstream/handle/10810/40938/3670-12872-1-PB.pdf?sequence=1&isAllowed=y

Cortes Generales. (1983, 26 de decembro). *Ley 46/1983, de 26 de diciembre, reguladora del tercer canal de televisión*. Boletín Oficial del Estado. https://www.boe.es/boe/dias/1984/01/05/pdfs/A00247-00248.pdf

Cortes Generales. (1987, 18 de decembro). *Ley 31/1987, de 18 de diciembre, de Ordenación de las Telecomunicaciones*. Boletín Oficial del Estado. https://www.boe.es/boe/dias/1987/12/19/pdfs/A37409-37419.pdf

Cortes Generales. (1988, 3 de maio). *Ley 10/1988, de 3 de mayo, de Televisión Privada*. Boletín Oficial del Estado. https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-1988-11073

Cortes Generales. (1992, 3 de decembro). *Ley 32/1992, de 3 de diciembre, de modificación de la Ley 31/1987, de 18 de diciembre, de Ordenación de las Telecomunicaciones*. Boletín Oficial del Estado. https://www.boe.es/boe/dias/1992/12/04/pdfs/A41268-41273.pdf

Cortes Generales. (1995, 22 de decembro). *Ley 41/1995, de 22 de diciembre, de televisión local por ondas terrestres*. Boletín Oficial del Estado. https://www.boe.es/boe/dias/1995/12/27/pdfs/A36940-36944.pdf

Cortes Generales. (1997, 30 de decembro). *Ley 66/1997, de 30 de diciembre, de Medidas Fiscales, Administrativas y del Orden Social*. Boletín Oficial del Estado. https://www.boe.es/boe/dias/1997/12/31/pdfs/A38517-38616.pdf

Cortes Generales. (1999, 1 de setembro). *Ley 6/1999, de 1 de septiembre, del Audiovisual de Galicia*. Boletín Oficial del Estado. https://www.boe.es/buscar/pdf/1999/BOE-A-1999-19687-consolidado.pdf

Cortes Generales. (2002, 30 de decembro). *Ley 53/2002, de 30 de diciembre, de Medidas Fiscales, Administrativas y del Orden Social. Boletín Oficial do Estado*. https://www.boe.es/eli/es/l/2002/12/30/53/dof/spa/pdf

Cortes Generales. (2005, 14 de xuño). *Ley 10/2005, de 14 de junio, de Medidas Urgentes para el Impulso de la Televisión Digital Terrestre, de Liberalización de la Televisión por Cable y de Fomento del Pluralismo.* Boletín Oficial del Estado. https://www.boe.es/boe/dias/2005/06/15/pdfs/A20562-20567.pdf

Cortes Generales. (2007, 28 de decembro). *Ley 56/2007, de 28 de diciembre, de Medidas de Impulso de la Sociedad de la Información*. Boletín Oficial del Estado. https://www.boe.es/buscar/pdf/2007/BOE-A-2007-22440-consolidado.pdf

Cortes Generales. (2010, 31 de marzo). *Ley 7/2010, de 31 de marzo, General de la Comunicación Audiovisual*. Boletín Oficial del Estado. https://www.boe.es/buscar/pdf/2010/BOE-A-2010-5292-consolidado.pdf

Cortes Generales. (2011, 9 de novembro). *Ley 9/2011, de 9 de noviembre, de los medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia*. Boletín Oficial del Estado. https://www.boe.es/buscar/pdf/2012/BOE-A-2012-549-consolidado.pdf

Faus Belau, Á. (1995). La era audiovisual. Historia de los primeros 100 años de la radio y la televisión. Ediciones Internacionales Universitarias.

Fernández, I., Corominas, M., Bonet, M., Guimerà, J. Á., Sanmartín, J. (2006). *Políticas de implantación de la TDT local en España (2005-2006): Los casos de las comunidades autónomas de Islas Baleares, Madrid, Navarra, Región de Murcia, Comunidad Valenciana, Galicia, Cataluña y Aragón*. Universitat Autònoma de Barcelona. https://ddd.uab.cat/pub/artpub/2007/112578/observatorio_a2007v1n1p205.pdf

García, Á. (2015). Radio y televisión local. Ciudad y ciudadanía en los medios audiovisuales. *Revista Internacional de Comunicación y Desarrollo*, *1* (4), 119-132. https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=5862470

García, B., López, S. e López, X. (2003). *As televisións locais en Galicia: cara a profesionalización*. Comunicación do I Congreso Luso-Galego de Estudios

Xornalísticos: a Investigación e o Ensino do Xornalismo no Espacio Luso-Galego. Consello da Cultura Galega, Sección de Comunicación.

http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/c_tv_local.pdf

García, B., López, S. e López, X. (2004). *Achegas para o mapa das televisións locais en Galicia 2000-2002*, Consello da Cultura Galega, Sección de Comunicación. http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/c_tv_local_achegas.pdf

Guimerà, J. Á., Monedero, C. e Martori, A. (2017). Digitalización, crisis económica y televisión pública local en España. Los casos de Andalucía y Cataluña (2010-2015). *Revista Latina de Comunicación Social* (72), 574-589. http://www.revistalatinacs.org/072paper/1180/30es.html

Haro, F. (2014). Aproximación histórica a la regulación de la televisión local en España. *Revista Derecom* (16). https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=4796009

Iglesias, A. Z. (2007). *La televisión local pública en España: la producción propia informativa como esencia de una verdadera comunicación de proximidad de servicio público* [conferencia]. Los desafíos de la televisión pública en Europa: actas del XX Congreso Internacional de Comunicación.

Jamart, V. (2010). Historia de la Televisión en España. *Blog*. http://blogmastervero.blogspot.com/2010/01/historia-de-la-television-en-espana.html

Llinés, M. e Corominas, M. (1988). *La televisió a Catalunya*. Editorial Els llibres de la frontera.

López, F. J. (2003). *La televisión local en el contexto audiovisual. Análisis del sector en la provincia de Castellón*. Tese doutoral, Universitat Jaume I. https://www.tesisenred.net/bitstream/handle/10803/10450/lopez.pdf?sequence=1&isAllowed=y

López, X. (2000). *La comunicación del futuro se escribe con L de local*. *Ámbitos*, (5). https://idus.us.es/bitstream/handle/11441/67340/revista-comunicacion-ambitos-05_107-117.pdf;jsessionid=FC6C5C28B3758852889134BD113BB7A5?sequence=1

López, X. (2008). *Ciberperiodismo en la proximidad*. Editorial Comunicación Social.

López, X. (2004). *Desafíos de la comunicación local. Guía para la práctica de la información en los ámbitos de proximidad*. Editorial Comunicación Social.

López, X. (1992). *A prensa local e comarcal en Galicia*. Editorial Lea.

López, X. (2003). La experimentación con proyectos transfronterizos en el periodismo multimedia: posibilidades, realidades y retos. Estudios sobre el Mensaje Periodístico, (9), 215-228. https://revistas.ucm.es/index.php/ESMP/article/view/ESMP0303110215A/12691

López, X. (2004). *Tres décadas de televisión en Galicia*. Consello da Cultura Galega. http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/tres_decadas_de_television.pdf

López, X., Soengas, X. e Rodríguez, A. I. (2015). La televisión de proximidad como eje de la oferta audiovisual cercana. El papel de TVG en Galicia. *Revista adComunica* (11). https://www.e-revistes.uji.es/index.php/adcomunica/article/view/4889/5023

López, X. e Soengas, X. (2005). *Comunicación audiovisual en la era digital*. Universidad de Santiago de Compostela.

Martínez, M. (2001). *Televisión local en Galicia: unha aproximación á comunidade de interese e ás relacións medio-comunidade*. Estudos de Comunicación, Consello da Cultura Galega, núm. 0. http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/c_tv_local.pdf

Marzal, J. e Casero, A. (2007). *La investigación sobre la televisión local en España: nuevas agendas ante el reto de la digitalización*. *ZER*, 13 (25). https://ojs.ehu.eus/index.php/Zer/article/view/3576/3204

Máxima, J. (2020). *Historia de la televisión*. Caracteristicas.co. https://www.caracteristicas.co/historia-de-la-television/

Ministerio de Ciencia y Tecnología. (2004, 12 de marzo). *Real Decreto 439/2004, de 12 de marzo, aprobación del Plan Técnico nacional de la televisión digital local*. Boletín Oficial del Estado. https://www.boe.es/boe/dias/2004/04/08/pdfs/A14694-14716.pdf

Ministerio de Fomento. (1998, 16 de outubro). *Real Decreto 2169/1998, de 9 de octubre, por el que se aprueba el Plan Técnico Nacional de la Televisión Digital Terrenal*. Boletín Oficial del Estado. https://www.boe.es/boe/dias/1998/10/16/pdfs/A34244-34248.pdf

Ministerio de Industria, Turismo y Comercio. (2004, 3 de decembro). *Real Decreto 2268/2004, de 3 de diciembre, por el que se modifica el Real Decreto 439/2004, de 12 de marzo, por el que se aprueba el Plan técnico nacional de la televisión digital local*. Boletín Oficial del Estado. https://www.boe.es/boe/dias/2004/12/04/pdfs/A40315-40321.pdf

Ministerio de Industria, Turismo y Comercio. (2005, 29 de xullo). *Real Decreto 944 /2005, de 29 de julio, por el que se aprueba el Plan técnico nacional de la televisión digital terrestre*. Boletín Oficial del Estado. https://www.boe.es/boe/dias/2005/07/30/pdfs/A27006-27014.pdf

Montes, F. J. (2006). Historia de la Televisión Española. *Anuario Jurídico y Económico Escurialense, XXXIX*, 637-696. https://www.rcumariacristina.com/wp-content/uploads/2010/12/20-FRANCISCO-JOSE-MONTES.pdf

Munarriz, B. (1992). *Técnicas y métodos en investigación cualitativa*. Universidade da Coruña, Servizo de Publicacions, 1992, p. 101-116.

Negreira, M. C. e López, X. (2016). *El crecimiento de los cibermedios hiperlocales en Galicia y Portugal. Tendencias en un contexto de experimentación e inestabilidad.* XXII Congreso Internacional Sociedad Española de Periodística, 104-124. https://www.periodistica.es/sep2016r/images/LibroActasXXIICongresoSEP_UCJC.pdf

Otero, M. e Martínez, M. (2002). *Radio y televisión en el ámbito local*. Observatorio de comunicación, 593-607. https://observatoriodecomunicacion.files.wordpress.com/2017/02/tele-local.pdf

Palacio, M. (2002). Francisco Franco y la televisión. *Revista de estudios históricos sobre la imagen*, *2* (42-43), 72-95. https://www.uv.es/imagengc/articulos/Francisco%20Franco%20y%20la%20television.pdf

Pérez, P. (2008). *La evolución de la televisión local en el sistema audiovisual. Hacia la desaparición de las emisoras independientes en Galicia. El caso Televigo, 1995-2007* [Tese doutoral, Universidade de Vigo]. https://docplayer.es/69918772-La-evolucion-de-la-television-local-en-el-sistema-audiovisual-hacia-la-desaparicion-de-las-emisoras-independientes-en-galicia-el-caso-televigo.html

Prado, E. (2005). *La televisión local entre el limbo regulatorio y la esperanza digital* [documento de trabajo]. https://www.fundacionalternativas.org/public/storage/laboratorio_documentos_archivos/xmlimport-Fj0Jc0.pdf

Prado, E. e Moragas, M. (1991). *Televisiones locales: tipología y aportaciones de la experiencia catalana*. Col.legi de Periodistes de Catalunya.

Prado, E. e Moragas, M. (2002). *Les televisions locals a Catalunya. De les experiències comunitàries a les estratègies de proximitat*. Consell de l'Audiovisual de Catalunya. https://www.cac.cat/sites/default/files/migrate/quaderns_cac/tvlocal.pdf

Rodríguez, A. (2014). Del blanco y negro de la dictadura a la televisión en color. *ElPlural*. https://www.elplural.com/el-telescopio/tech/del-blanco-y-negro-de-la-dictadura-a-la-television-en-color_39492102

Rodríguez, A. I. (2001). *Os informativos diarios nas televisións locais de Galicia.* [Tese doutoral, Universidade de Santiago de Compostela].

Rodríguez, A. I. (2002). *20 anos de TVL en Galicia. Estigmas, condicionamentos e retos*. Traballo inédito. Xunta de Galicia.

Rodríguez, A. I. (2004). *A televisión local na estructura audiovisual de Galicia. O impacto tecnolóxico no valor de identidade. Estigmas, condicionamentos e retos do medio televisivo local*. Traballo inédito.

Rodríguez, A. I. (2005). *A Televisión Local en Galicia ante a dixitalización. Transformacións no mapa e redefinición do modelo televisivo de proximidade.-*. Traballo inédito.

Rodríguez, A. I. (2016). *A televisión local en Galicia. Experiencias lucenses*. Traballo inédito.

Rodríguez, A. I. e Martínez, M. (2003). *A televisión local en Galicia: inquedanzas e problemas non resoltos fronte o futuro dixital e a concentración*. Traballo inédito.

Román, M. (2005). La televisión local en España. *Sphera Publica*, (5). https://www.redalyc.org/pdf/297/29700514.pdf

Román, M. (2008). Televisión Digital Terrestre Local en Galicia. *Ámbitos*, (17), 37-57. https://institucional.us.es/revistas/Ambitos/17/Ambitos.2008.i17.03.pdf

Ruiz del Olmo, F. J. (1997). *Orígenes de la televisión en España*. Estudios y Ensayos de la Universidad de Málaga.

Sanjuán Pérez, A., Martínez, S. e Díaz, N. J. (2013). *A televisión en Galicia 2010-2012*. Universidade da Coruña.

Sierra Bravo, R. (1994). *Técnicas de investigación social Teoría y ejercicios*. Paraninfo. https://abcproyecto.files.wordpress.com/2018/11/sierra-bravo-tecnicas-de-investigacion-social.pdf

Soengas, X. (2005). Los contenidos informativos en las televisiones generalistas. *Ámbitos*, (13-14), 59-77. https://www.researchgate.net/publication/28104514_Los_contenidos_informativos_en_las_televisiones_generalistas

Soengas, X. e Rodríguez, A. I. (2006). *A televisión local en Galicia ante a dixitalización: transformacións no mapa e redefinición do modelo televisivo de proximidade.* Congreso Internacional Lusocom.

Televisión digital terrestre en España. (2021). En *Wikipedia*. https://es.wikipedia.org/w/index.php?title=Televisi%C3%B3n_digital_terrestre_en_Espa%C3%B1a&oldid=133737370

Vicepresidencia y Consellería de Presidencia, Administraciones públicas y Justicia. (2014, 29 de decembro). *RESOLUCIÓN de 29 de diciembre de 2014, de la Secretaria General de Medios, por la que se da publicidad al otorgamiento de licencias para la prestación del servicio de comunicación audiovisual televisiva de titularidad privada de ámbito local*. Diario Oficial de Galicia. https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2015/20150115/AnuncioG0244-291214-0005_es.html

Viché, M. (1991). *Animación, sistema de comunicación (redes de comunicación y televisiones locales)*. Editorial Grup Dissabte.

Xiz, X. (2002). Historia de TELEVISIÓN LUGO. *Revista Lvcensia. Miscelánea de cultura e investigación* (25), 215-227. http://www.seminariodelugo.org/web/images/Lucensia/L-25.pdf

Mazoy, Y. *Home* [perfil de Linkedin de Yago Mazoy]. Linkedin. Consultado en marzo de 2021. https://www.linkedin.com/in/yago-mazoy-66021760/?originalSubdomain=es

9. Anexos

9.1. Anexo 1: Entrevista a Alfonso Riveiro, director de El Progreso

Preguntas de cortesía

- **Prefires que te trate de ti ou de vostede?**

"Como ti queiras, eu sempre prefiro que me traten de ti".

- **Prefires a entrevista en castelán ou en galego?**

"A min dáme exactamente igual, o que ti queiras".

- **Podes dicirme o teu nome completo e cargo para que conste?**

"O meu nome completo é Alfonso Álvarez Riveiro, aínda que todo o mundo me coñece por Alfonso Riveiro, porque Álvarez hai moitos, e son o director do Progreso dende o 1 de marzo de 2019, é dicir, levo dous anos e dous meses".

Transcrición do cuestionario

- **Como recordas Telelugo?**

"Eu me lembro de Telelugo, pero xa da última etapa me pillou en Santiago porque traballei en Santiago, pero si de seguilo e de todo iso. E, despois, desde que desapareceu Telelugo, había dous compañeiros aquí que mantiñan unha sección na páxina web e facían contidos audiovisuais para a nosa web".

- **Cales foron as causas do cese de actividade da televisión local?**

"Eu penso que non é unha cuestión concreta de Lugo, senón que na maioría dos sitios, salvo rarísimas excepcións -temos o caso de Telemiño en Ourense que segue funcionando e tamén hai en Vigo Televigo, creo, e non se se hai algún máis-, pero o resto de televisións locais foron desaparecendo, basicamente por unha razón económica. É dicir, as televisións locais, é certo que teñen a súa chegada e o seu público, o target que é como se di agora; pero teñen un custo económico moi grande. Entón, moitas delas ao final fóronse caendo. Eu coñezo casos en Santiago e en Coruña. É certo que tiñan a súa audiencia, pero nestes últimos tempos, a audiencia era limitada, porque ti sabes que isto está moi fragmentado co consumo de televisión: primeiro, que descendeu o consumo de televisión entre a xente nova, pero tamén está moi fragmentada porque hai televisión de pago, televisión convencional... unha chea de canles. Ademais, a xente nova xa non consume propiamente televisión, senón que a través dun smartphone ou dunha tablet, entón eu creo que os tempos foron cambiando".

- **Botas en falta unha televisión en Lugo?**

"Si, bueno, eu creo que unha televisión local sería interesante desde o punto de vista de nós que temos o xornal e iso dáche un reforzo, é dicir, dáche máis penetración ante un público obxectivo ou que ten un sentimento identitario, como é o da televisión. Pero, ao mesmo tempo, é complexo, porque os tempos agora cambiaron e a apreciación que ten a xente, é dicir, o consumo da televisión é diferente. Cambiou moito o concepto: de *prime time* a *my time,* é dicir, ti elixes cando ves as cousas, como o caso da radio cos podcasts e tamén a prensa impresa está sendo comida por internet. Aquí, El Progreso é unha excepción porque aquí en Lugo, non sei por que razón, hai unha poboación máis envellecida e hai un sentimento identitario, pero eu agora mesmo vería difícil implantar unha televisión local, a vexo máis unha televisión a través de web, seguramente. O outro día, comentaba isto con Paulo Monteiro, que é un xornalista portugués e director do Correiro do Minho, en Braga, que ía poñer en marcha, agora, unha televisión local e tivemos un debate, unha charla de amigos, e eu comentáballe que se cadra era mellor apoiarse no tema

dixital porque montar unha televisión local... Aínda que esteas asociado a unha canle que, por exemplo, polo día dáche unha programación xeneralista e ti teñas momentos de emisión, por exemplo, un informativo de mediodía e pola noite de 8 a 12 e o resto de contidos asociados a unha canle de ámbito xeral, pois esas horas de emisión son tremendamente caras. A diferenza da radio ou da web, porque ti na web chegas a todo o mundo, non tes límite espazo temporal e cada un consume cando quere. Por tanto, eu creo que hoxe sería difícil no contexto actual montar unha televisión local, sería interesante si, pero é complicado hoxe montala".

- **Dende o ano que deixaron de emitir, en 2017, posúen a licenza que permite emitir en TDT, pero está sen utilizar, por que non a venderon?**

"Pois a verdade é que non o sei. Tes ti, de feito, máis información que eu porque eu estou máis centrado aquí, eu acabo de chegar como quen di, hai dous anos, e estiven estes tempos máis centrado no que é o xornal. Eu, que veño do campo dixital, estiven máis centrado no papel, porque ten un plus de resistencia e non che podería dicir. Supoño que na empresa non xurdiría ningunha oferta nese aspecto, entón tería que consultalo e que preguntalo, pero non che podería dicir por que non o sei".

- **Concretamente, o grupo El Progreso estaría disposto a retomar as emisións da Televisión local?**

"Eu non o vexo a día de hoxe posible. Véxoo vencellado á nosa páxina web. Podería haber un apartado dentro da páxina web do Progreso e entón aí si podes ter un percorrido porque as webs están apoiadas por redes sociais, por notificacións push e por unha serie de alertas que che levan a vela. Eu na época na que houbo Telelugo, que tivo a súa época de esplendor, nas últimas etapas ti chegabas a un bar e era raro que alguén tivese posto Telelugo. E logo tes o tema de que aquí en Galicia pois temos a Galega e ten unha parte de desconexión local, entón é complexo e é complicado montar no contexto actual unha televisión local".

Coméntolle que, en contraposición co que el me di, o xefe provincial de Telecomunicacións de Lugo manifestou na nosa entrevista que poñer en funcionamento, de novo, Telelugo, era moi doado porque contan coa autorización administrativa que lles permite emitir a través do canle 46 en TDT e, ademais, posúen as infraestruturas, medios e recursos necesarios para facelo.

"É fácil e, de feito, temos material, temos infraestruturas, temos unha nave no Ceao, independente da do Progreso, unha nave que é específica de Telelugo (en realidade son dúas naves xuntas) pero iso considerámolo un paso atrás. É dicir, volver agora... Eu creo que cada cousa ten o seu tempo. Eu coñezo outro exemplo, de prensa gratuíta cunha periodicidade determinada: ese boom que houbo dos gratuítos en Galicia diarios de luns a venres, ese fenómeno, agora mesmo non o podería haber porque os tempos cambian e agora a xente vai máis a un consumo directo, facemos un consumo dixital. Levas o teu teléfono e levas aí todo. Entón, claro que sería bo ter unha televisión local en Lugo, pero a experiencia dinos que ese tipo de televisións desapareceron. Nós, creo que nos temos que adaptar aos tempos nos que estamos, nos actuais, e os tempos actuais demandan unha aposta dixital. Entón, pode haber unha televisión de Lugo e nós, de feito, agora queremos facer cambios na web, queremos darlle máis profundidade á web e imos apostar polos contidos audiovisuais, pero non pola televisión esa tradicional da que estamos a falar. Eu creo que foi un tempo e agora mesmo é complicado. Estaría ben, si, claro que estaría ben, porque había uns faladoiros moi interesantes e debatíase sobre os temas que interesaban na cidade, pero hoxe non tería sentido".

- **É posible un novo proxecto de televisión local en Lugo por parte doutro grupo de profesionais que quixera asumir as emisións de televisión local? (Alugando as infraestruturas, medios e licenza do Progreso)**

"Nós estamos abertos a todo, é dicir, a negociar, é máis, nós cando ti citas a palabra Lugo nós todo o que estea vencellado a Lugo e que haxa que apostar por iso, nós sempre imos estar aí para apoiar e implicarnos. Se xurdise ese escenario, pois posiblemente estariamos aí e poderiámolo ver".

- **É posible unha televisión local a través da web dixital do Progreso?**

"Si, e non só iso, senón ir cara a iso. É dicir, o dixital dáche moito máis profundidade nas visitas e chegas a moito máis público. Non quero dicir que a xente non lea, pero á xente se moitas cousas dásllas en formato audiovisual, eu creo que chegas máis. Entón, nós aí temos unha carencia que temos que tentar subsanar, é dicir, intentar ter máis contidos audiovisuais vinculados con Lugo ou vencellados a Lugo".

- **Autorizas a difusión destes datos no Traballo Final de Grado de Jessica Fernández Cerdeira, titorizado pola doutora Ana Isabel Rodríguez Vázquez?**

"Si, como non".

9.2. Anexo 2: Entrevista a Lara Méndez, alcaldesa de Lugo

Transcrición do cuestionario

BLOQUE 1: RECORDAR OS PROXECTOS DE TELEVISIÓN LOCAL

- **Recorda Televisión Lugo?**
    - **Con que sentimento recorda esta televisión local?**

"Con curiosidade e interese porque era a primeira televisión local lucense, que se ocupaba dos asuntos máis próximos a nós cando Lugo sempre estivo bastante desaparecida como cidade, e incluso como provincia, tanto nas información como nos programas de entretemento das distintas televisións nacionais, pero tamén na televisión pública galega. Foi unha iniciativa privada e, polo tanto, valente neses anos".

    - **Cales son os contidos que máis lle gustaban?**

"As miñas ocupacións nunca me deixaron moito tempo para consumir televisión, pero lembro 'Foro Lucense', que era un debate de actualidade, e 'Buxainas', que era un programa de variedades".

    - **Recorda cando deixou de emitir?**

"Creo lembrar que se uniu a Lugovisión para fusionarse finalmente en Telelugo".

- **Recorda Lugovisión?**

"Insisto, nunca tiven moito tempo para ver a televisión, pero lembro o programa do 'Concello responde', onde o alcalde contestaba as distintas preguntas da cidadanía".

    - **Recorda cando deixou de emitir?**

"Quizá no 98, cando foi comprada polo Grupo El Progreso".

- **Recorda Telelugo?**
    - **Con que sentimento recorda esta televisión local?**

"É a televisión que lembro con maior nitidez. Foi a televisión do Grupo El Progreso, unha aposta decidida, con programas realmente interesantes, que a levou a ser a cadea local con máis audiencia de todas as televisións locais de España".

    - **Cales son os contidos que máis lle gustaban?**

"Os programas 'O alcalde, dígame', 'Unha cociña na praza', no que tiven a ocasión de participar como vicepresidenta da Deputación, e 'Pequexentes' son algúns dos que lembro con máis simpatía".

- **Recorda cando deixou de emitir?**

“Pechou no 2017”.

BLOQUE 2: OPORTUNIDADE ACTUAL

- **Bota en falta unha televisión local en Lugo?**

“Si. E boto en falta contidos locais, serios e rigorosos sobre información e novas locais, na TVG, a televisión pública que xa pagamos entre todos. Pola mesma razón que nos anos 90, que foi cando comezaron a saír as televisións locais das que falamos. Porque actualmente, a información local só ten presenza en medios escritos e radios. As realidades máis próximas non ten case espazo nos medios audiovisuais, incluso na canle autonómica, e a pesar de estar concibida como un servizo público, onde vemos ademais como as informacións e as reportaxes que emiten soen ser sucesos ou mesmo novas de carácter case folclórico no seu tratamento”.

- **Que aportaría hoxe unha televisión local en Lugo?**

“Unha televisión local ben feita pode desenvolver un servizo público moi necesario, informando sobre os temas que a xente da rúa máis lle preocupan, loitar contra as fake news, que tamén abondan nos ámbitos locais, e pódelle dar voz a colectivos que hoxe en día ten escasa cabida nos medios que existen. E dicir, podería facilitar a participación e o debate social e representar a realidade e a identidade local como un feito diferencial da realidade nacional e transnacional, así como potenciar a cultura propia e máis próxima”.

- **Colaboraría dalgunha maneira coa televisión local?**
  - **Se resposta que si: De que maneira?**

- **Contribuiría ao financiamento da nova televisión local en Lugo?**
  - **Se resposta que si: De que maneira?**

“Para contestar a estas preguntas, tanto como cidadá que podería incluso valorar pagar polos contidos de calidade dunha televisión local como polo meu cargo de alcaldesa, primeiro habería que definir e deseñar un formato de televisión que chegase á veciñanza, cunha programación realmente de interese para os distintos colectivos e que tivese unha viabilidade económica sen comprometer os contidos como servizo público”.

BLOQUE 3: MODELO DA FUTURA TELEVISIÓN LOCAL EN LUGO

- **Que tipo de financiamento debería ter esa televisión local: público ou privado?**

“O ideal será dispor dunha programación local cun financiamento público, ou mixto, pero sempre e en todos os casos cun réxime de control que poida garantir a súa independencia. Pero tamén penso que os concellos non dispoñen actualmente da capacidade económica e dos recursos necesarios para desenvolver proxectos minimamente ambiciosos”.

- **Que tipo de cobertura cre que sería máis adecuada: municipal, comarcal ou provincial?**

“Calquera delas pode ser interesante, sempre que falemos de programación e contidos de calidade”.

- **Que contidos lle gustaría ver na televisión local?**

“Contidos de servizo público, con información sobre o que acontece no día a día nos municipios e sobre as historias dos pobos e das súas xentes, contidos pensados para todas as idades e onde todos os colectivos poidan ter a súa voz”.

- **En que lingua cre que deberían emitirse eses contidos?**

“A lingua de referencia debería ser o galego, sen ningunha dúbida”.

- **Que tipo de emisión de contidos sería a máis propicia: a través de TDT ou a través de novas plataformas dixitais?**

"Naqueles formatos ou variedade de formatos a través dos que sexa máis fácil chegar as distintas audiencias".

- **Autoriza a difusión destes datos no Traballo Final de Grado de Jessica Fernández Cerdeira, titorizado pola doutora Ana Isabel Rodríguez Vázquez?**

"Si, autorizo".

9.3. Anexo 3: Entrevista a Ramón Carballo, portavoz municipal do PP de Lugo

Transcrición do cuestionario

BLOQUE 1: RECORDAR OS PROXECTOS DE TELEVISIÓN LOCAL

*****Non contesta ás anteriores porque soamente recorda Telelugo*.

- **Recorda Telelugo?**

"Si".

  - **Con que sentimento recorda esta televisión local?**

"A televisión local sempre foi un dos medios que máis empreguei para informarme, ao igual que a prensa local, xa que é onde podía atopar toda a información relacionada coa miña cidade e co meu entorno. O certo é que a boto en falta, xa que se convertera en parte do meu día a día, xa que todas as noites adoitaba ver os informativos e, cando non podía, aproveitaba para velos na repetición que facían despois".

  - **Cales son os contidos que máis lle gustaban?**

"Principalmente a información local. Recordo que ao primeiro, había programas nos que se debatía sobre a actualidade da cidade, incluso da provincia, que eran moi entretidos xa que neles participaba xente con ideas contrapostas, polo que eran perfectos para coñecer diferentes puntos de vista. Logo recordo que xa había só informativos, polo que se converteron no único programa deste medio que vía con regularidade".

  - **Recorda cando deixou de emitir?**

"Se non lembro mal, Telelugo rematou a súa emisión en xullo de 2017. Creo que foi no verán dese ano, pero non estou seguro".

BLOQUE 2: OPORTUNIDADE ACTUAL

- **Bota en falta unha televisión local en Lugo?**

"Como dixen anteriormente, a televisión local converterase en parte do meu día a día. Unha canle con contidos próximos, da actualidade máis próxima, para min é fundamental xa que sempre queres estar informado de todo en xeral, pero sobre todo do que pasa preto de ti".

- **Que aportaría hoxe unha televisión local en Lugo?**

"Penso que aportaría un dinamismo informativo que hoxe en día non temos. Podemos estar ao día do que pasa preto de nós gracias ás redes sociais, pero non é menos certo que hoxe en día nas redes sociais o que se busca, baixo o meu punto de vista, é a inmediatez. Xa non se coida tanto a forma e como se transmite a información. Ademais, non ten comparación un vídeo que calquera pode colgar en redes sociais ou enviar vía whatsapp, cos vídeos que pode elaborar unha televisión".

- **Colaboraría dalgunha maneira coa televisión local?**
    - **Se resposta que si: De que maneira?**

"Gustaríame poder participar en debates, charlas, entrevistas ou calquera outro formato que se puidera poñer en marcha, xa que unha televisión local precisa de moitos contidos e formatos, polo que participar en calquera deles sería un pracer xa que sería o meu xeito de colaborar a que un medio local siga vivo".

- **Contribuiría ao financiamento da nova televisión local en Lugo?**
    - **Se resposta que si: De que maneira?**

"Do mesmo xeito que se está a colaborar con outros medios de comunicación na actualidade".

BLOQUE 3: MODELO DA FUTURA TELEVISIÓN LOCAL EN LUGO

- **Que tipo de financiamento debería ter esa televisión local, público ou privado?**

"Un modelo mixto. Na actualidade, para unha entidade privada, é case imposible soster unha televisión xa que a televisión é un medio de comunicación moi custoso. Do mesmo xeito, sucede para unha entidade pública, polo que o modelo mixto pode ser o menos complicado de manter na situación actual".

- **Que tipo de cobertura cre que sería máis adecuada: municipal, comarcal ou provincial?**

"Provincial, pero dando moita importancia tamén a información da cidade, xa que aglutina unha porcentaxe moi alta da poboación".

- **Que contidos lle gustaría ver na televisión local?**

"Informativos, debates, magacines, contido deportivo, motor, cultura...".

- **En que lingua cre que deberían emitirse eses contidos?**

"Coido que poden ter cabida ambas linguas".

- **Que tipo de emisión de contidos sería a máis propicia: a través de TDT ou a través de novas plataformas dixitais?**

"Principalmente en TDT, sen descoidar outras plataformas".

- **Autoriza a difusión destes datos no Traballo Final de Grado de Jessica Fernández Cerdeira, titorizado pola doutora Ana Isabel Rodríguez Vázquez?**

Non me contestou, pero entendo que si.

9.4. Anexo 4: Entrevista a Rubén Arroxo, portavoz municipal do BNG de Lugo

<u>Preguntas de cortesía</u>

- **Prefires que te trate de ti ou de vostede?**

"De ti, por favor".

- **Prefires a entrevista en castelán ou en galego?**

"En galego".

- **Podes dicirme o teu nome completo e cargo para que conste?**

“Rubén Arroxo Fernández, son o primeiro tenente da alcaldesa do Concello de Lugo e concelleiro de Mobilidade e Infraestruturas”.

Transcrición do cuestionario

BLOQUE 1: RECORDAR OS PROXECTOS DE TELEVISIÓN LOCAL

Mestura os conceptos de Televisión Lugo e Telelugo, cre que son o mesmo. Explícolle a diferencia, pero dime que só recorda o proxecto de Telelugo.

- **Recordas Telelugo?**

“Si, tería eu 7 ou 8 anos cando se fundou Telelugo e recordo que empezaron a emitir nun San Froilán e que despois xa se mantivo. E había esa e outras dúas: houbese Lugovisión e Lugovoz”.

  - **Con que sentimento recordas esta televisión local?**

“Eu con bo sentimento, a verdade, porque igual que son importantísimos os xornais locais porque aquí, por exemplo, se non existise O Progreso ou La Voz de Galicia -que tamén ten edición local-, que iamos ver? O país ou que? Non tería ningún sentido. Todo o mundo quere saber o que pasa na súa cidade, por iso ese medio permitíacho”.

  - **Cales son os contidos que máis te gustaban?**

“De Telelugo recordo principalmente o tema dos informativos, que eu creo que tiñan bastante éxito porque -creo que pechou no 2018- os informativos, ata o último momento, eu era dos que os vía e ademais era información local. Así que daba interese e recordo uns programas que se deron moi ben a principios do 2001-2002 sobre o Breogán que tiñan moito éxito porque falaba un pouco con ton así humorístico. O Breogán estaba en ACB daquela, estaba ben posicionado, ían moitos xogadores alí... E logo tiña outros programas que levaban aos colexios ás veces, eu fun algunha vez, e facíase alí e facíase así de todo”.

  - **Recordas cando deixou de emitir?**

“Si”.

BLOQUE 2: OPORTUNIDADE ACTUAL

- **Botas en falta unha televisión local en Lugo?**

“Si, cando pechou Telelugo nos últimos anos, supoño que foi pola crise económica que houbo a partir do 2008, supoño que sufriu moito, porque si que houbo unha perda de persoas e de programas, e ao final pois se gravaban os informativos e pouco máis, e o demais non eran contidos propios. Foi unha pena, unha cousa moi mala para Lugo, porque tiñas un medio de comunicación que permitía ter as noticias locais. Eu, por exemplo, na miña parroquia, a xente maior era como se decataba das cousas que pasaban en Lugo, entón quitámoslle esa ferramenta que era importantísimo para que eles estivesen informados”.

- **Que aportaría hoxe unha televisión local en Lugo?**

“Eu creo que achegaría moitísimo. Achegaría que a xente soubese o que pasa en Lugo. Hoxe en día calquera persoa sabe á perfección o que está a pasar en Madrid e sobre todo agora que estamos coa madridificación e sabemos todo o que pasa alí… Pero non se sabe o que se está facendo en Lugo. É triste que unha persoa de Lugo saiba moito máis de Madrid que do que pasa aquí. Ao final acabamos bombardeados de noticias de alí, pero non sabemos o que temos aquí porque non se nos explica. Iso contrarrestaríase se tivésemos medios aquí”.

- **Colaborarías dalgunha maneira coa televisión local?**
    - **Se resposta que si: De que maneira?**

"Si, por suposto. Creo que, ademais, igual que colaboramos con medios locais, teriamos que colaborar con isto por unha razón moi básica: porque as institucións teñen que apoiar aos medios de comunicación, porque é un dereito e para que a sociedade teña acceso a ela e para que teña acceso universal a unha televisión. E para que iso funcione ten que haber quen o financie, ten que haber institucións ou publicidade privada. Se houbese unha televisión en Lugo, as institucións deberiamos facer os esforzos que fixesen falta para que funcionase. Sería un proxecto interesante. Ás veces é máis difícil facer algo novo… quizá no seu momento o erro foi permitir que caese o que xa existía, igual economicamente non era viable, pero eu creo que si que hai que tentar facer esforzos para poder recuperar unha televisión local, que é básico".

- **Contribuirías ao financiamento da nova televisión local en Lugo?**
    - **Se resposta que si: De que maneira?**

"Si, si, eu incluso a nivel persoal, se fixese falta. Ademais, agora mesmo están a aparecer plataformas diferentes como Twitch, que polo que vexo a xente subscríbese, paga unha cota. Igual tamén iso ten que ser por aí e na televisión local ten que haber persoas que voluntariamente paguen unha cota para que exista. Pero eu persoalmente si que estaría disposto a poñer diñeiro persoal para que houbese unha televisión local".

BLOQUE 3: MODELO DA FUTURA TELEVISIÓN LOCAL EN LUGO

- **Que tipo de financiamento debería ter esa televisión local: público ou privado?**

"A idea sería que fose público, sería o ideal, pero tamén a día de hoxe que un Concello poida soster a unha televisión local tal como está agora mesmo a lexislación… Está tan enredada a lexislación nos últimos anos, como non se cre nos servizos públicos desde arriba, pois se afogan os concellos. Entón, se cambia a lexislación para darlle máis autonomía ás administracións locais, pois se podería tentar. Eu son un firme defensor dos servizos públicos, pero coas trabas legais que hai, non ía funcionar. Deberiamos ter un período de televisión privada ou televisión privada-pública mixta na que o concello tería que poñer diñeiro, porque ti apoias un proxecto que o que está a dar é un servizo, unha información á sociedade, é un dereito. Tes que conseguir que a sociedade estea informada para que a sociedade tamén creza. A sociedade sen información é volver a tempos pasados".

- **Que tipo de cobertura cres que sería máis adecuada: municipal, comarcal ou provincial?**

"Eu creo que se podería mirar Telelugo, eles chegaban ata a mariña lucense, entón eu creo que se se mete no tema de TDT, ou a través de plataformas, pódese chegar a calquera sitio. Tería que estar a nivel local, pero tamén ter noticias máis de ao redor. Se o incendio que tivemos o outro día é en Vigo, pois tamén entendo que se tería que meter no informativo. Que o centro sexa Lugo, pero que tamén recolla outras cousas ao redor".

- **Que contidos che gustaría ver na televisión local?**

"Informativos sería fundamental. Creo que deberían recuperarse os debates, son moi interesantes e sabemos que funcionan: A Sexta Noite ten unha audiencia bestial, no programa que hai pola noite en 24 horas de Televisión Española que leva Xavier Fortes tamén leva debates que son enriquecedores… Os debates á xente gústalles. E despois, recuperar un pouco tamén aqueles programas sobre colectivos de Lugo, que ademais os dan a coñecer. Poñer en valor o que todo o que temos en Lugo".

- **En que lingua cres que deberían emitirse eses contidos?**

"Eu creo que en galego a poder ser. Logo, tamén como na TVG se vén un invitado para falar noutra lingua non pasa nada. Ademais, o galego é a lingua propia e nos medios de comunicación se non defendemos o noso idioma… Televisións en castelán temos un montón".

- **Que tipo de emisión de contidos sería a máis propicia: a través de TDT ou a través de novas plataformas dixitais?**

“Aí xa me pillas. Non o teño claro, sinceramente. Teriamos que estudar se é máis rendible. E, ademais, como igual a TDT dentro de 5 anos igual parécenos un desastre porque isto vai tan rápido, varía todo, vai todo por plataformas tipo Twitch ou Youtube… Non o sei igual. Teriamos que ter a persoas que terían que analizar onde se vería máis e onde sería máis interesante”.

- **Autorizas a difusión destes datos no Traballo Final de Grado de Jessica Fernández Cerdeira, titorizado pola doutora Ana Isabel Rodríguez Vázquez?**

“Por suposto, conta con nós”.

9.5. Anexo 5: Entrevista a Olga Louzao, portavoz municipal de Ciudadanos en Lugo

Preguntas de cortesía

- **Prefires que te trate de ti ou de vostede?**

“De tú”.

- **Prefires a entrevista en castelán ou en galego?**

“Me da igual, como prefieras”.

- **Podes dicirme o teu nome completo e cargo para que conste?**

“Soy Olga Louzao Aldariz y soy portavoz concejal en el Ayuntamiento de Lugo por Ciudadanos y, bueno, también tengo responsabilidades en el partido a nivel Galicia”.

Transcrición do cuestionario

BLOQUE 1: RECORDAR OS PROXECTOS DE TELEVISIÓN LOCAL

Pregúntolle soamente por Telelugo, porque díxome que é a que recorda.

- **Recordas Telelugo?**

“Sí, sí. A ver, ya hace años, pero sí que la recuerdo. De hecho, se veía y había programas en los que sí estábamos pendientes”.

  - **Con que sentimento recordas esta televisión local?**

“Era algo nuestro, entonces recuerdo que toda la información local se contaba de una forma diferente en comparación con otros medios, porque en Televisión de Galicia si no es algo muy destacado, pues no se trata con la misma importancia. Era como tener el periódico, pero de forma visual, lo que te daba una cercanía. Y además que había otro tipo de programas, no solo políticos ni noticias, como reportajes de Lugo o programas de entretenimiento y la verdad es que estaba bien. De hecho, en otros ayuntamientos y ciudades aún sigue existiendo, pero bueno aquí dicen que fue por problemas económicos”.

  - **Cales son os contidos que máis te gustaban?**

“A mí me gustaba mucho el tema de las noticias y recuerdo que veía siempre a Orozco en el programa del alcalde. Es más, toda nuestra campaña de años anteriores era de ‘una alcaldesa en la calle’, porque es una forma de mantener una forma de cercanía que él empezó muy bien, que era como que la gente llamaba y le decía: ‘oye que está mal esto’, y lo anotaba y tenía esa cercanía. Pero bueno, después pasamos a la fase de que lo llamaban y que nunca hacía nada, pero bueno, creo que realmente es muy interesante para mantener un contacto directo con la

ciudadanía, que en una ciudad como Lugo es perfectamente factible, permite que no tengas que pedir cita, y ese contacto directo a mí me gustaba mucho. Aparte, creo que desde una visión objetiva política veías la trayectoria: cómo empezó siendo algo útil y al final no".

- **Recordas cando deixou de emitir?**

"Creo que fue por problemas económicos".

BLOQUE 2: OPORTUNIDADE ACTUAL

- **Botas en falta unha televisión local en Lugo?**

"Yo creo que sería muy positivo, porque los medios de radio o de prensa te permiten posicionarte y envías tus notas de prensa y tu opinión y te centras en ciertos temas, pero creo que la forma visual, y sobre todo en estos momentos, es muy importante en una sociedad en la que nos movemos mucho por imágenes y por contenidos visuales. Poder tener el trato y poder visualizar algún representante público de forma directa, viendo cómo interactúa, cómo se mueve, cómo habla, y poder verlo, creo que es muy importante, y aparte que creo que da a la sociedad en general una visión distinta".

- **Que aportaría hoxe unha televisión local en Lugo?**

"Cercanía, yo creo, conocimiento y visibilidad. Siempre tenemos que hablar de una televisión que sea un medio independiente, un medio que no esté politizado, un medio que no se mueva por ayudas públicas, que al final acaba dependiendo de aquellos que ponen más dinero, que por desgracia es algo que vemos en muchísimos medios públicos. Pero sí que sería una forma de que la política fuera una forma mucho más cercana a los ciudadanos y también para los que estamos dentro de esta actividad política poder acercarnos más y poder formar parte de una forma más cercana de nuestros vecinos".

- **Colaborarías dalgunha maneira coa televisión local?**
  - **Se resposta que si: De que maneira?**

"Sí, sí, yo creo que como representante público todo aquello que te facilite o que te permita tener contacto directo con la sociedad en general es fundamental. Es verdad que estamos más en redes sociales, que eso es muy útil, yo soy más de Twitter porque es muy ágil y rápido. Ves un video de un minuto y ese video te da mucha información y nos movemos a golpe de imagen y yo creo que es muy importante".

- **Contribuirías ao financiamento da nova televisión local en Lugo?**
  - **Se resposta que si: De que maneira?**

"Ahora funcionan muy bien todos estos temas de crowdfunding y si esto se presentase como algo local, como algo que tuviese contenidos, como un proyecto, que como ciudadano puedes valorar qué tipo de contenidos puede haber y cómo se presenta, pues podría ser una forma de poder darle proyección y yo creo que mucha gente sí que colaboraría".

BLOQUE 3: MODELO DA FUTURA TELEVISIÓN LOCAL EN LUGO

- **Que tipo de financiamento debería ter esa televisión local: público ou privado?**

"Yo creo que la financiación pública sería interesante siempre y cuando no entren a dirigir o intervenir los contenidos de esa televisión. Al final todos los medios de comunicación privados tienen ayudas públicas. Una televisión se podría financiar por publicidad, por colaboraciones, por convenios con empresas y seguramente también acudiría a financiación pública, siempre y cuando esa financiación no se inmiscuya en dirigir por detrás los contenidos políticos".

- **Que tipo de cobertura cres que sería máis adecuada: municipal, comarcal ou provincial?**

"Si lo haces a nivel provincial tienes mucha más cobertura y muchas más posibilidades para dotarla de contenidos. La provincia de Lugo es muy rica en muchísimos aspectos y sería una

forma de darle más contenido diario, más posibilidades de tratar temas distintos que si solo se centra a nivel local. En ese caso, quien se animara a ponerla en funcionamiento también valoraría un impacto del mercado, cuántas visualizaciones podría tener… Pero yo creo que sería posible y habría muchísimas posibilidades para darle mucho contenido".

- **Que contidos che gustaría ver na televisión local?**

"Yo no veo mucha televisión porque al final tampoco tienes mucho tiempo y cuando tienes tiempo es verdad que te mueves más en series o plataformas digitales, pero sí que veo siempre las noticias a nivel de Galicia porque es lo más cercano y también te da otra visión de cómo es realmente la realidad en comparación con cómo se refleja en los medios. Todo aquello que esté centrado en Lugo, en poner en valor nuestra ciudad, en aquellos contenidos para conocer nuestra ciudad, que haya espacios divulgativos de patrimonio histórico y cultural que estén dirigidos no a generaciones adultas, sino a generaciones más jóvenes. Para que los jóvenes conozcan el origen de nuestra ciudad, del patrimonio, las actividades culturales… Creo que sería muy importante que existiese un espacio con una agenda cultural para que la gente conociera qué actividades se pueden hacer durante determinados días e incluso entrevistando, conociendo y poniendo en valor a determinados artistas locales que hacen exposiciones, obras de teatro… todo aquello que pone en valor el conjunto de nuestra sociedad, tanto políticos, como artistas, como movimientos culturales, movimientos vecinales, deportistas, artistas lucenses ilustres… toda esta gente que pone a Lugo en el mapa, que tengan espacio para que los demás podamos conocer su trabajo y podamos ponerlo en valor. Creo que no existe mayor reconocimiento para alguien que es de Lugo que tu propia ciudad y sociedad se ponga en valor".

- **En que lingua cres que deberían emitirse eses contidos?**

"Yo creo que cada uno tiene que expresarse en la forma que se sienta más cómodo. Por suerte, en Galicia tenemos dos idiomas oficiales que son el gallego y el castellano y tenemos la libertad para poder escoger cualquiera de los dos idiomas. Si se siente más cómodo haciéndolo en gallego, como si se siente más cómodo haciéndolo en castellano, que pueda escoger el idioma que prefiera, que no se etiquete ni se priorice un idioma sobre otro. Existe libertad para poder escoger el idioma con el que cada uno se sienta más cómodo".

- **Que tipo de emisión de contidos sería a máis propicia: a través de TDT ou a través de novas plataformas dixitais?**

"Creo que son públicos distintos. Una televisión con TDT llegaría a una población de mayor edad y creo que la gente más joven se mueve más por plataformas o por redes sociales. En nuestra generación estamos en un momento en que nos movemos entre los dos lados, que no queremos renunciar todavía a la tele tradicional, pero que ya estamos en plataformas. Sería interesante que pudiese existir TDT, pero que tengas también la posibilidad de acceder a ello a través de medios digitales".

- **Autorizas a difusión destes datos no Traballo Final de Grado de Jessica Fernández Cerdeira, titorizado pola doutora Ana Isabel Rodríguez Vázquez?**

"Sí, sin problema".

9.6. Anexo 6: Entrevista a Carlos Portomeñe, portavoz de Esquerda Unida de Lugo

Preguntas de cortesía

- **Prefires que te trate de ti ou de vostede?**

"De ti mellor".

- **Prefires a entrevista en castelán ou en galego?**

“Dáme exactamente igual”.

- **Podes dicirme o teu nome completo e cargo para que conste?**

“Son Carlos Portomeñe, portavoz de Esquerda Unida en Lugo”.

Transcrición do cuestionario

BLOQUE 1: RECORDAR OS PROXECTOS DE TELEVISIÓN LOCAL

- **Recordas Televisión Lugo?**

“Si, a recordo porque ademais participei en moitos debates da propia televisión. Eu estaba nas Mocidades e había un día da semana fixo que ía un rapaz de cada partido para falar sobre temas locais. Esa televisión foi unha iniciativa que naceu, desde o punto de vista legal, amparada na alegalidade, porque había unha falta de lexislación sobre televisións locais e foi unha iniciativa que estivo moi ben. Unha iniciativa que ademais era bastante plural e enganchou enseguida á poboación lucense porque, aínda que tiña pouca cobertura e non era fácil tela no televisor, enseguida as noticias locais e tratou todo o que tiña que ver coa propia cidade e municipio. Conectou moi rápido coa xente daquel momento”.

- **Con que sentimento recordas esta televisión local?**

Contestada na anterior.

- **Cales son os contidos que máis te gustaban?**

“Sobre todo esas mesas de debate que había. Antón Grande era ou que presentaba todos eses faladoiros que había de todo tipo de temas variados. Logo tamén logo había un programa de deportes, había as noticias que estaban moi ben… Non había moitos medios, pero a televisión estaba moi lograda. Logo tamén había emisión de películas… Eu creo que había unha película de fin de semana que estaba bastante ben, eran sobre todo películas vellas”.

- **Recordas cando deixou de emitir?**

“Recordo que deixou de emitir. Paréceme que empezou a haber un problema en Lugo de cruzamento de cadeas de televisión. A primeira empezou a emitir alegalmente, despois houbo competencia e ao final foi todo isto de Localia, que empezou a asumir o grupo Prisa todas as emisoras locais que había. Dáme a sensación de que pechou ante a imposibilidade de competir con outras televisións, que non era unha televisión local, senón unha cadea de televisión local que encubría unha televisión estatal”.

- **Recordas Lugovisión?**

“Non”.

- **Recordas Telelugo?**

“Si, empezou a ser máis profesional. Pero non teño televisor, entón non son moi pegado á televisión. De feito, recordo que nunha entrevista que me fixeron en Telelugo, a propia directora enfadouse comigo o final do programa porque me preguntou se o ía a ver en casa e díxenlle que non tiña televisión e chamoume *esnob* e non sei cantas cousas. Foi unha opción persoal que tomei, levo máis de 20 anos sen ter televisor. Pero había contidos que eu vía e sobre todo lembro os faladoiros porque eu ía a algunha. Despois empezamos a ter máis problemas e máis diferenzas con esta televisión, en comparación coa inicial polo tema da pluralidade. Non había a mesma pluralidade en Telelugo que na anterior. Na anterior había máis participación, vías á xente coñecida da cidade de diferentes ámbitos culturais do ámbito local. A min a sensación que me dá é que despois se foi perdendo un pouco esa pluralidade e por tanto había menos cousas que ver, aínda que houbese programas de Localia. Pero, desde logo, en positivo, lembro os

noticieros, que nos cubrían moito, había un altofalante que hoxe xa non existe, xa que os medios de comunicación está en mans privadas. Pero a televisión preocupábase máis por cubrir as noticias e bótase bastante de menos".

BLOQUE 2: OPORTUNIDADE ACTUAL

- **Botas en falta unha televisión local en Lugo?**

"Esa pregunta é complexa. Eu boto de menos unha televisión local, pero iso tamén depende de en que termos. Os medios de comunicación son un debate, nós como organización política vemos a falta de pluralidade. Eu fun conselleiro durante 4 anos e neses 4 anos o que teño que constatar é que hai unha diferenza absoluta de trato, a nivel de cobertura mediática, cando es dunha organización política ou cando es doutra. E sobre todo cando o teu discurso e as túas mensaxes non cadran moito co modelo estándar de ideoloxía que impera nesta idade sociedade. Eu son sempre respectuoso cos medios de comunicación, pero se hai unha televisión local ten que ter unhas características determinadas. E estas son: que sexa pública, porque sempre ten que estar o público por encima do privado. Logo hai experiencias privadas como foi Televisión Lugo, que estivo moi ben, que é de xente vinculada ao mundo do audiovisual, xente da comunicación; despois nace outra que xa perverte isto, é como unha multinacional que colle o negocio a nivel local e crea unha emisora unha televisión de ámbito estatal, pero que é unha suma de emisoras locais… e despois hai unha experiencia, entre comiñas, da que case ninguén fala porque ninguén sabe que existe, só no ámbito institucional, que se chama Fundación TIC e non se sabe se é unha televisión, se é un chiringuito… Eu defendo unha televisión pública, pero non para que sexa o chiringuito dunha institución. Eu para iso estou totalmente en contra. Iso foi un chiringuito que montou Francisco Cacharro, presidente da Deputación, cacique tradicional de toda a vida, o cacique con máis soleira de toda Galicia e da historia da democracia. E resulta que hai xente que aproveitou o chiringuito. Fai falta unha televisión, pero unha televisión que cumpra cuns determinados criterios. Primeiro, para min ten que ser pública e se non pode ser pública, pois o máis parecido, pero ten que garantir o que se ensina nas facultades de xornalismo e que logo ao chegar ao medio de comunicación se desvanece e desaparece e sufrímolo. Eu creo firmemente na participación cidadá, creo que unha cidade que non chega aos 100.000 habitantes debería ter capacidade para ter unha televisión para demostrar todo o que pasa na cidade, que é moito máis do que pasa nas institucións".

- **Que aportaría hoxe unha televisión local en Lugo?**

"A min paréceme interesante xa de entrada que exista, porque me parece importante que haxa información que cubra, sobre todo, no ámbito local. O que demostrou calquera das 3 televisións locais que houbo no momento anterior. E que cubra e dea unha información unha información que interese á xente, sobre todo o máis próximo, saber o que está a pasar na súa cidade paréceme importantísimo. Eu véxoo máis unha televisión como cidadán que como grupo político. A min o que me gustaría máis é apoiar a unha televisión a través de internet, que poida poñela e ir decatándome do que está a suceder en todos os ámbitos da miña localidade. Como organización política, a Constitución baséase no pluralismo político, pois unha televisión tamén ten que recoller a todos por igual. A min excluíronme tropecentas veces de debates de televisión local porque nos dicían que non estabamos na institución. E hai experiencias de medios de comunicación privados en Lugo que levaron a cabo experiencias televisivas bastantes limitadas. Eu o que lle pediría a unha televisión local é que dea cobertura e cabida a todos os grupos sociais, a todos os movementos sociais: ao movemento veciñal, ecoloxista, asociativo… Que ninguén senta excluído na televisión, que todo o mundo senta que está ante un medio de comunicación que informa, que dá cabida ás iniciativas artísticas, deportivas e de todo tipo. A min o que me gustaría é ensinar ese Lugo que non se ve, porque temos unha visión moi limitada do que é unha cidade. Na cidade móvense moitas cousas e sobre todo que hai moita xente que está a facer cousas fóra dos ámbitos oficiais e que necesitan difusión".

- **Colaborarías dalgunha maneira coa televisión local?**
    - **Se resposta que si: De que maneira?**

"Se é posible colaborar, eu colaboraría sempre. Eu, por exemplo, veño dunha experiencia de radio pirata, que era Radio Clavi, que no seu día se montou nos anos 80 ou 90 no Clavicémbalo e foi o xerme do movemento asociativo desta cidade, que ata ese momento non había movementos asociativos que se puidesen chamar como tal. Estamos a falar do que precedeu ás televisións. Esa radio sufriu o problema das institucións que actúan de forma aleatoria. Concedeuse unha licenza como radio cultural e esa licenza retiróuselle de forma caciquil hai anos e agora con esa licenza emite unha radio comercial. Tivemos a iniciativa de recuperar, entre moitos colectivos e moita xente, Radio Clavi en Lugo, chegamos a unha institución e preguntámoslle ao alcalde, tendo en conta que todos os partidos do Lugo incluían a creación dunha radio municipal e, tendo en conta que había experiencias radios municipais en todo o estado, se apoiaría a existencia dunha radio municipal na que nos puidésemos integrar todos os que defendiamos a existencia dunha radio local e díxonos que non, taxantemente, que era imposible facelo. Teño tendencia a ir atrás para volver ao presente e disme que se colaboraría cunha televisión. Pois claro que colaboraría cunha televisión, cun proxecto comunicativo para a miña cidade, pero teño esa experiencia e vexo sempre os atrancos que hai por ese tipo de cousas".

- **Contribuirías ao financiamento da nova televisión local en Lugo?**
    - **Se resposta que si: De que maneira?**

"Entón estasme propoñendo un modelo de cooperativa. Podería haber dous: cando estás cunha televisión con financiamento de máis xente, de cooperativa, ou hai un modelo de investimento, entón eu defendo o modelo de cooperativa. Para min unha televisión na que eu, en concreto, mesmo podería axudar economicamente e contribuír a esa televisión, si que vexo que a miña voz non debería ser menos que a doutra persoa que está a colaborar nesa televisión; ou que a outra non é menos que eu pola contía económica. Hai modelos de cooperativa nesta cidade que funcionaron, mesmo centros educativos de educativos de ensino como o Galén. Eu participaría máis a gusto nunha televisión que se crea cun modelo de cooperativa, economicamente, no canto dun modelo no que un socio maioritario imponse. Esta cidade é unha cidade por construír, ten uns altísimos valores, xente que fai cousas incribles, que ten un potencial enorme en todos os seus ámbitos, pero unha cidade que non é capaz de espertar. Eu vivo a parte institucional e a parte social, e gústame moito observar e analizar en profundidade e o que vexo son cousas que non me gustan: que só se coñece unha cousa de facer as cousas. Por outra banda, se che entran a financiarche os comercios e os negocios, eu creo que para min esa televisión está abocada ao fracaso absolutamente, porque hai unha cidade rancia, desde o meu punto de vista, porque hai partidos políticos que viven no pasado e sectores económicos que viven no pasado e que flutúan entre os dous para controlar esta cidade que non acaba de espertar".

BLOQUE 3: MODELO DA FUTURA TELEVISIÓN LOCAL EN LUGO

- **Que tipo de financiamento debería ter esa televisión local: público ou privado?**

*Contestada na anterior pregunta e na de: *botas en falta...**.

- **Que tipo de cobertura cres que sería máis adecuada: municipal, comarcal ou provincial?**

"Municipal. Eu penso que uno dos problemas que tivo Localia é que os intereses que tiña o grupo Prisa eran outros. Para min, o que necesitas é unha televisión municipal que a poida ver todo o municipio e iso significa que o municipio de Lugo, onde normalmente soamente falamos do ámbito urbano, integre o municipio, que é dos máis grandes de toda Galicia. Que tivese cobertura no ámbito municipal. Oxalá houbese unha televisión local ao nivel das localidades máis importantes da provincia. En Lugo hai unha Escola de Artes, hai un Conservatorio de Danza e outro de Música, hai unha Escola de Audiovisuais, hai iniciativas por todos lados, hai clubs como o Clavicémbalo que son unha referencia a nivel estatal, e unha televisión podería dar cabida a todo ese tipo de cousas, que esa televisión local cubrise todas eses ámbitos".

- **Que contidos che gustaría ver na televisión local?**

*Contestada na anterior pregunta e na de: *que aportaría...*.*

- **En que lingua cres que deberían emitirse eses contidos?**

"Eu non teño ningún problema co castelán nin co galego. Eu defendo o uso da lingua galega, da nosa lingua, pero nunca permitiría que se fixese discriminación por utilizar outra lingua. Non somos fundamentalistas nin reintegracionistas do galego, pero si o defendemos todo o posible para normalizalo. Por iso paréceme máis adecuado o galego, eu creo que o galego debería ser a lingua utilizada institucional e oficialmente".

- **Que tipo de emisión de contidos sería a máis propicia: a través de TDT ou a través de novas plataformas dixitais?**

"É que agora mesmo todo está dixitalizado. Eu, por exemplo, uso as redes desde hai moitos anos e ademais non teño televisor, pero uso internet e podo poñer o que queira e a televisión na miña casa entra á carta, pero esa non é a realidade da xente. E en Lugo temos un rural que practicamente non ten cobertura a Internet e, ademais, tamén no centro de Lugo a conexión a Internet é patética. Mesmo no Concello os computadores non funcionan ou funcionan a paso de boi, entón dar unha cobertura estritamente dixital dunha televisión que vai limitar a xente que o pode ver… Pois eu vería mellor por TDT, o convencional de televisión, que logo tamén se pode combinar. Para min a televisión ten que ter un carácter divulgativo e informativo e agora mesmo non sei onde está na televisión convencional. Cando digo unha televisión local de cobertura municipal, refírome a contido que teña a maior cobertura posible, en plan TDT, e despois pluralidade de contidos cun mínimo de calidade que non sexa pedante nin culta, pero si serio. Para resumir, eu creo que unha televisión local debería situar a Lugo no camiño que debería situar. As institucións e todo son a imaxe da cidade e da sociedade de Lugo e unha televisión pode ser un altavoz".

- **Autorizas a difusión destes datos no Traballo Final de Grado de Jessica Fernández Cerdeira, titorizado pola doutora Ana Isabel Rodríguez Vázquez?**

"Por suposto que si".

9.7. Anexo 7: Entrevista a Paula González, portavoz de Lugonovo

<u>Preguntas de cortesía</u>

- **Prefires que te trate de ti ou de vostede?**

"De ti, faltaría máis".

- **Prefires a entrevista en castelán ou en galego?**

"En galego, que é o idioma que falo sempre".

- **Podes dicirme o teu nome completo e cargo para que conste?**

"Son Paula González Fernández e son a responsable de organización actual de Lugonovo, a portavoz".

<u>Transcrición do cuestionario</u>

BLOQUE 1: RECORDAR OS PROXECTOS DE TELEVISIÓN LOCAL

Pregúntolle soamente por Telelugo, porque díxome que é a que recorda.

- **Recordas Telelugo?**

“Si, eu recordo Telelugo. Son bastante nova, teño 32 anos e vin vivir a Lugo con 13 anos. Era moi nova, pero si que lembro a televisión de Lugo. Eu aos 18 anos fun estudar e a traballar fóra e máis tarde, con 25, regresei á cidade, pero si teño os recordos e ademais acórdome de contidos moi centrados na cidade”.

  - **Con que sentimento recordas esta televisión local?**

“Bo sentimento”.

  - **Cales son os contidos que máis te gustaban?**

“Recordo especialmente os informativos porque eran como nos xornais, que son especificamente de Lugo. Estaban moi centrados e recordo que había un programa co alcalde de Lugo, que naquel momento era Orozco, e recibía chamadas telefónicas anónimas de cidadáns. E recordo tamén que había bastante contido de deporte da cidade: baloncesto e fútbol. E tamén recordo que había un programa dunha señora que era como vidente: Carmen de Foz, e tamén atendía a persoas telefonicamente”.

  - **Recordas cando deixou de emitir?**

“Nin idea, pero por aí por 2015 ou así. É que non se como foi isto, pero logo como que houbo unha colaboración coa TIC e que seguen mantendo unha canle de Youtube ou seguen facendo contido visual nas redes”.

BLOQUE 2: OPORTUNIDADE ACTUAL

- **Botas en falta unha televisión local en Lugo?**

“Eu creo que si. Nós cando tiñamos representación municipal viamos que moitos debates que se tiñan de portas cara dentro na institución non transcendían ou non se tomaban o suficientemente en serio nas rúas, nos fogares, á xente non quedaba iso. Ao ter só un xornal puramente local, que é O Progreso, ten o monopolio, e dependes exclusivamente deles. Actualmente si que hai algúns xornais dixitais que son súper interesantes e que se comparten moito en redes sociais, pero si que é certo que a televisión tamén che dá outro extracto, entón nunca hai demasiados medios de comunicación. E tampouco está ben que haxa monopolio na información e si que é bo se os medios son serios e tratan os temas en profundidade e non os polemizan. Todo o que sexan debates que poidan dar información comprometida pois sería interesante, pero centrada no local”.

- **Que aportaría hoxe unha televisión local en Lugo?**

“Eu creo que a televisión chega a un espectro de poboación de máis idade. Con esta situación que estamos a ter, as versións na internet dos medios tradicionais chegan ás persoas que chegan e os medios en papel evidentemente son unha tendencia para desaparecer ou a limitarse cada vez máis. Entón, ter unha televisión propia daría información máis accesible ou para xente que está afeita pasar horas e horas diante da pantalla, visionando a televisión e é unha realidade que non podemos esquecer”.

- **Colaborarías dalgunha maneira coa televisión local?**
  - **Se resposta que si: De que maneira?**

“Si, desde Lugonovo consideramos que temos un proxecto distinto e diverso e que temos uns puntos de vista que non teñen outros partidos políticos. Somos o único plenamente local e municipal, non é como outros partidos que son de ámbito galego ou mesmo estatal. E por suposto queremos participar de todos os debates que se dean na cidade e facer ver que unha nova visión de Lugo é posible”.

- **Contribuirías ao financiamento da nova televisión local en Lugo?**
    - **Se resposta que si: De que maneira?**

"Neste momento, nós non temos ningún tipo de financiamento público, dependemos plenamente das achegas das persoas rexistradas. Entón, para este tipo de decisións teriamos que ter unha asemblea e as persoas participantes deberían decidir que achegar e como achegalo. Eu non estou en disposición de falar máis aló disto".

BLOQUE 3: MODELO DA FUTURA TELEVISIÓN LOCAL EN LUGO

- **Que tipo de financiamento debería ter esa televisión local: público ou privado?**

"Eu creo que ambas porque é unha necesidade e non podes permitir que todo o capital sexa público porque evidentemente cando o financiamento é mixto é porque hai un interese e hai xente promovendo, pero tampouco é bo depender de financiamento público porque tamén estás atado a determinados intereses que poden ter as institucións que che financian. Entón, eu apostaría por un modelo mixto".

- **Que tipo de cobertura cres que sería máis adecuada: municipal, comarcal ou provincial?**

"Eu creo que, como mínimo, debería ser comarcal, porque isto sempre o reivindicamos en Lugonovo porque hai unha serie de asentamentos na contorna de Lugo, porque están totalmente esquecidos, que non saen nunca, desa xente non se preocupa ninguén. Non nos podemos esquecer desas persoas, como as que viven en Otero de rei ou en Rábade e en sitios máis pequenos que están a 10 minutos en coche. Entón, non sei se provincial, pero polo menos comarcal, seguro. Máis aló das fronteiras físicas da comunidade lucense, mínimo a comarca".

- **Que contidos che gustaría ver na televisión local?**

"Creo que debería centrarse en contidos de debate, un tipo de faladoiros tamén e contidos de calidade. Hai varios proxectos en Lugo que están a tratar de darlle unha volta a Lugo, de redescubrir Lugo, de poñer na mesa cuestiones que son totalmente reais, que están aí: sobre a nosa historia, sobre a nosa identidade… E creo que estaría moi ben e subiríanos a autoestima como lucenses. Por exemplo, Guido Guía é un comunicador excepcional porque comunica realidades que están aí e que as saca e as ensina".

- **En que lingua cres que deberían emitirse eses contidos?**

"Para min en galego, por suposto. Se hai alguén que participe que utiliza o castelán, pois non pasa nada, e hai que respectalo, pero para min o galego debería ser porque é a nosa lingua e hai que normalizala e hai que seguir apostando por ela".

- **Que tipo de emisión de contidos sería a máis propicia: a través de TDT ou a través de novas plataformas dixitais?**

"Eu creo que ambas. As novas maneiras de comunicarnos, como por Twitch, máis interactivas, parécenme súper interesantes. Podes permitir que a xente interveña e dar voz a xente que está do outro lado. Con todo, deixas fóra a un público, unha masa de poboación por idade. Por tanto, sería ideal que fose mixto".

- **Autorizas a difusión destes datos no Traballo Final de Grado de Jessica Fernández Cerdeira, titorizado pola doutora Ana Isabel Rodríguez Vázquez?**

"Si, autorizo".

9.8. Anexo 8: Entrevista a José Tomé, presidente da Deputación de Lugo

Transcrición do cuestionario

BLOQUE 1: RECORDAR OS PROXECTOS DE TELEVISIÓN LOCAL

Pregúntolle soamente por Telelugo, porque díxome que é a que recorda.

- **Recordas Telelugo?**

"Recórdoa con cariño, aínda que eu Telelugo non a vía habitualmente porque non se vía na zona sur que é onde eu vivo, en Monforte. Pero si teño participado en algúns debates que se gravaban nas propias instalacións de Telelugo para outras cadeas de ámbito máis local. E os contidos que máis me gustaban eran xustamente eses, os debates que se producían en relación coa provincia. E cando deixou de emitir pois claro, foi un desgusto, cando pecha un medio de comunicación, nunca é unha boa noticia".

BLOQUE 2: OPORTUNIDADE ACTUAL

- **Botas en falta unha televisión local en Lugo?**

"Eu creo que si, se as circunstancias empresariais o aconsellan, sería bo que houbese unha televisión local en Lugo, que ademais debería dar resposta ao conxunto da provincia porque unha provincia tan grande como é Lugo, que de norte a sur son 180 km, pois ás veces non se ve unha parte importante e do territorio da provincia, polo que sería bo, sen ningunha dúbida, que houbese unha televisión local que dese cobertura ao conxunto da provincia e dende o punto de vista de Deputación temos que aspirar a iso. Queremos que cubra o conxunto da provincia para acercar aquelas cousas que pasan nas casas dos veciños e non teñen forma de decatarse, porque os demais medios de comunicación dan información máis global, non tan detallada a nivel local, así que creo que sería moi bo que houbese unha televisión local de ámbito provincial".

- **Que aportaría hoxe unha televisión local en Lugo?**

"Cercanía, inmediatez e proximidade á xente e das preocupacións, ao redor da casa, da xente".

- **Colaborarías dalgunha maneira coa televisión local?**
    - **Se resposta que si: De que maneira?**

- **Contribuirías ao financiamento da nova televisión local en Lugo?**
    - **Se resposta que si: De que maneira?**

"Xa o temos feito a través da TIC, a televisión que ten a Deputación. E xa o temos colaborado cando existía a televisión de ámbito local en Lugo e en outros momentos. Contribuiriamos ao desenvolvemento deste novo canal de comunicación se se chega a producir".

BLOQUE 3: MODELO DA FUTURA TELEVISIÓN LOCAL EN LUGO

- **Que tipo de financiamento debería ter esa televisión local: público ou privado?**

"Eu creo que se a iniciativa se fose privada, mellor, porque as administracións públicas temos moitas competencias, algunhas delas impropias, onde investir os recursos públicos e tampouco creo que deba haber unha competencia co sector privado. O único que pido é que eses canles de comunicación privados sexan moi plurais para dar cobertura a todas as inquedanzas sociais e os cidadáns poidan estar informados dende diferentes puntos de vista, eu creo que é o mellor que se pode facer no ámbito da comunicación".

- **Que tipo de cobertura cres que sería máis adecuada: municipal, comarcal ou provincial?**

*Contestada na pregunta de: *botas en falta...**.

- **Que contidos che gustaría ver na televisión local?**

"O que dicía antes, programas de debate, programas informativos sobre todo, poñer en valor os recursos naturais que temos na nosa provincia e dar a coñecer ese tipo de documentais ou reportaxes de todo aquelo que temos na provincia, que é moi rica e moi variada dende a costa á chaira do interior, á montaña do Courel, á capitalidade coa súa bimilenaria románica ou o sur coa Ribeira Sacra... temos moitísima diversidade e moita variedade e creo que iso sería moi bonito de ver para que os veciños coñezan esta riqueza que temos e ao mesmo tempo facer atractiva a provincia para que nos visiten outras persoas".

- **En que lingua cres que deberían emitirse eses contidos?**

“De Telelugo, sobre todo, recordo cando era pequeno e emitían unha serie de documentais, que non se onde o botaban, e algún programa que había pola noite que era de debate de político, social e sindical. Eses son os recordos que teño. E tamén de adolescente creo que había unha serie que a botaban en Telelugo que era Rebelde Way. Teño recordos globais de saber que existía iso aí con Localía e tal”.

  - **Recordas cando deixou de emitir?**

“Eu creo lembrar que pode ser no 2011 ou 2012, pero tampouco che podo dicir 100 por 100. Creo que se foi difuminando sobre todo nos últimos anos que tivo que atravesar diferentes problemas e os últimos anos pois tampouco tiña unha oferta moi atractiva para a xente de Lugo”.

BLOQUE 2: OPORTUNIDADE ACTUAL

- **Botas en falta unha televisión local en Lugo?**

“Eu creo que unha televisión local é moi importante para chegar á cidadanía, para chegar á xente, para ter tamén outras canles de voz que igual noutros sitios non ves nin tes, porque aquí no mundo da comunicación moitas veces hai demasiada sobre información por redes, pero a nivel local non hai contidos. Por tanto, unha tele local si que nos viría ben non soamente ao sindicato, senón a calquera tipo de organización asociación de Lugo viríanos ben como un espazo para ter voz e para chegar aos veciños”.

- **Que aportaría hoxe unha televisión local en Lugo?**

“Eu creo que podería achegar, en primeiro lugar, unha plataforma de obter información a nivel local. Se alguén está interesado nun problema de Lugo, e busca unha información, a televisión debería darllo. Eu creo que debería de ir enfocado nese sentido. Ou, por exemplo, centrarse en deportes de Lugo que non saen noutros medios, sobre todo no ámbito local debería ser o máis interesante”.

- **Colaborarías dalgunha maneira coa televisión local?**
  - **Se resposta que si: De que maneira?**

“Si, claro, si colaboraría. Colaboramos como organización a nivel local sempre que sexa ferramenta para difundir. Aparte, nós somos un sindicato do agro maioritariamente, pero foi perdendo peso co paso dos anos e por iso estamos vetados a certa información. Todo o que sexa ter canles para difundir e para que a xente poida contrastar... Moita xente di que ao principio

da transición había máis liberdade nos medios de comunicación que agora. Non é unha censura do Estado, pero si unha censura imposta pola xente que paga os medios de comunicación. Por exemplo, nós denunciamos certas prácticas do ámbito forestal, pero ENCE pon millóns á Voz de Galicia. Unha tele local, debería ser algo mixto entre fondos públicos e fondos privados. Nós preferiríamos que fose con fondos públicos e, aínda que sexa, con certa iniciativa privada, como pode ser a publicidade, pero que non fose a principal fonte de financiamento. Que sexa un espazo onde todos podamos ter un lugar, que diso trátase unha democracia".

- **Contribuirías ao financiamento da nova televisión local en Lugo?**
    - **Se resposta que si: De que maneira?**

"A ver, vivimos na época das plataformas, entón ao final nós en casa temos plataformas que pagas por elas e que a xeración dos meus pais veno como algo inviable, non o concibían. Hai que ser realista, a televisión pública a nivel de Lugo, o número de subscritores que podería ter así de entrada sen contidos e competindo con outras plataformas como Netflix, véxoo complicado. Agora, outras cousas como campañas de micromecenazgo ou crowfunding, si poden ter un maior apoio social e eu non tería ningún problema en colaborar ou o que fose, pero a nivel de subscrición tería que ter uns contidos amplos para poder colaborar".

BLOQUE 3: MODELO DA FUTURA TELEVISIÓN LOCAL EN LUGO

- **Que tipo de financiamento debería ter esa televisión local: público ou privado?**

"Eu entendo que debería haber certo financiamento público que sexa accesible para todos os medios de comunicación, que non sexa sesgado nese sentido. Eu creo que debería haber partidas orzamentarias, neste caso do concello de Lugo e da Deputación, e iso non quita que exista tamén unha participación privada que pode vir por publicidade ou por outras cosas, pero tampouco é un tema que non teño profundado. Eu apoio os servizos públicos e a televisión ou os medios de comunicación son un servizo público tan importante como a sanidade e a educación. Entón, si que entendo que ten que ter unha parte de participación pública e en concreto, a tele pública estou convencido de que sexa un ente público e estea subvencionado. Logo tamén poden haber iniciativas privadas, que oxalá houbese máis, pero gustaríame ter unha televisión pública a nivel local".

- **Que tipo de cobertura cres que sería máis adecuada: municipal, comarcal ou provincial?**

"Eu creo que debería ser provincial. Debería ter a capacidade dun enfoque provincial. Hai outras na provincia, como Televinte en Chantada, pero debería haber unha a nivel provincial incluso en colaboración con esas televisións máis locais porque pode dotar de contidos á que sería esta televisión".

- **Que contidos che gustaría ver na televisión local?**

"É unha pregunta complicada. Eu creo que uns amplos telexornais que fixesen un seguimento diario do que pasa na cidade e sobre todo na provincia. Logo tamén era interesante tratar o deporte en xeral. Agora mesmo en Lugo temos dous equipos dun deporte minoritario que é o voleibol, que está en Superliga e non temos ningún sitio por onde seguilo, entón debería ser unha televisión que dea cabida a eses deportes. Tamén baloncesto feminino e masculino, outros deportes... Logo tamén sería interesante explorar programas que desen a coñecer o que é a provincia máis aló do turístico, a nivel cultural. Por exemplo, nós temos unha iniciativa que se chama 'Granxas Abertas' que se fai cada mes para coñecer granxas e para ver como traballan e como elaboran os seus produtos. Un pouco ese tipo de contidos: saber como se vive en certos lugares. Eu enfocaríao nese sentido. Series quizá non é o máis apropiado para unha televisión local porque xa che vén dado. Se ten 12 horas de misión levades bastante".

- **En que lingua cres que deberían emitirse eses contidos?**

"Aí que 100% en galego. Unha televisión local debería ter os contidos 100% en galego. Se vén alguén e fala castelán, non pasa nada, pero o día a día que se fale galego".

- **Que tipo de emisión de contidos sería a máis propicia: a través de TDT ou a través de novas plataformas dixitais?**

"Tendo en conta a media de idade que temos en Lugo, que é das máis envellecidas do territorio español, eu diría que por TDT, sobre todo porque eu creo que, se non, eliminas un amplo grupo de xente que non pode vela ou que non podería coñecela porque é máis difícil de acceder. En cambio as persoas que, como nós, manexamos a ambas, non nos custa. Eu apostaría por TDT, basicamente porque é máis inclusivo, pero podería ser tamén algo mixto".

- **Autorizas a difusión destes datos no Traballo Final de Grado de Jessica Fernández Cerdeira, titorizado pola doutora Ana Isabel Rodríguez Vázquez?**

"Si, si, sen problema".

9.16. Anexo 16: Entrevista a Jesús Pedreira, secretario provincial do Sindicato Libre de Correos e Telecomunicacións

Preguntas de cortesía

- **Prefires que te trate de ti ou de vostede?**

"De tú, por favor".

- **Prefires a entrevista en castelán ou en galego?**

"Como quieras".

- **Podes dicirme o teu nome completo e cargo para que conste?**

"Chámome Jesús Pedreira e son o secretario provincial do Sindicato Libre de Correos e Telecomunicacións".

Transcrición do cuestionario

BLOQUE 1: RECORDAR OS PROXECTOS DE TELEVISIÓN LOCAL

Só recorda Telelugo.

- **Recordas Telelugo?**

"Si, non sabía que pechara. Teño estado nalgunha ocasión".

  - **Con que sentimento recordas esta televisión local?**

"Agradable, porque queiras que non che axuda a saber un pouco de temas de interese que son información da nosa cidade. De feito, xa teño estado nela porque teño unha filla que bailaba e facían un programa de baile. Eu levo unha entidade deportiva e ás veces Telelugo promocionábanos sempre. É un medio de comunicación necesario".

  - **Cales son os contidos que máis te gustaban?**

"Sinceramente non a vía, pero cando te enterabas de que ían saír noticias de interese próximo, sobre todo deportivo, procuraba estar atento. Pero a verdade non vexo moito a televisión e menos a local a verdade".

  - **Recordas cando deixou de emitir?**

*Contestada na pregunta de: *con que sentimento...**.

BLOQUE 2: OPORTUNIDADE ACTUAL

- **Botas en falta unha televisión local en Lugo?**

"Si, porque eu recordo que había un programa que si que vía ás veces porque participaba o alcalde que tiñamos en Lugo, que era Orozco, e era un programa interesante. Ás veces ceando ou cando estaba na casa sen facer nada ou sen nada que ver na televisión -noutras cadeas-, poñía iso. Paréceme interesante que o alcalde se dirixa á poboación nun medio de comunicación onde se podía ver".

- **Que aportaría hoxe unha televisión local en Lugo?**

"Pois a posibilidade de ampliar os medios de comunicación, dar máis visibilidade a certas persoas do ámbito cultural, deportivo, e mesmo político. A radio non é o mesmo, estás a ver a unha persoa como fala, como actúa, coñécelo cara a cara -como quen di-. Paréceme moito máis directo ese tipo de comunicación, por suposto".

- **Colaborarías dalgunha maneira coa televisión local?**
    - **Se resposta que si: De que maneira?**

"Si, de feito aquí nos Sindicatos de Correos non estamos exentos de ter algunha polémica de empresa e ás veces interésanos comunicar ao usuario certas problemáticas que hai que atender. Un par de sindicatos agora están a promover mobilizacións, e nós fixémolos nalgún momento, e os medios de comunicación axúdannos a explicar ao usuario os motivos das nosas concentracións porque a prensa escrita non sempre chega a todo o mundo. É un medio máis de facelo".

- **Contribuirías ao financiamento da nova televisión local en Lugo?**
    - **Se resposta que si: De que maneira?**

"Os estatutos do sindicato que represento non contemplan tal cousa, pero non sei, todo sería estudar ata onde podemos chegar. A nivel persoal é complicado tamén, sobre todo cando non podes programar certas cousas, porque teño dous fillos e a subsistencia diaria é complicada. Gustaríame colaborar en certas cousas e gustaríame estar ao tanto con todas, pero é complicado. Unha cousa puntual igual si, pero unha cousa de compromiso é máis complicado".

BLOQUE 3: MODELO DA FUTURA TELEVISIÓN LOCAL EN LUGO

- **Que tipo de financiamento debería ter esa televisión local: público ou privado?**

"Non o sei, porque entendo que a televisión pública que temos agora mesmo non se financia na súa totalidade coa publicidade. A publicidade achega moito diñeiro ás televisións e entendo que é unha forma de subsistencia para calquera medio de comunicación, pero non sei ata que punto o Concello, a Xunta, o Estado pode financiar este tipo de televisións".

- **Que tipo de cobertura cres que sería máis adecuada: municipal, comarcal ou provincial?**

"Eu penso que sendo unha televisión lucense, debería ser máis provincial que local, mesmo para vós, porque teredes máis contido. Se, por exemplo, cando son as feiras vas centrar soamente en Lugo, como non vaias todos os martes e venres ao mercadillo de Frigsa, pois tampouco tes outra cousa. Pero se vas ao Corgo ou a Friol… É interesante ir ás feiras doutros sitios".

- **Que contidos che gustaría ver na televisión local?**

"Máis que nada, á parte do deportivo e cultural, pois feiras. Un programa sobre os nosos costumes, o que temos en Galicia e Lugo, que é moito. Sitios de sendeirismo, carreiros, camiños… A min gústame ir correr e hai algunhas rutas que están ben coidadas e outras non e iso sería tamén un estímulo para coñecer sitios, para que a cidadanía coñecese rutas e sitios. Poderían levarnos a coñecer eses sitios e achegar tamén a cidade ao rural".

- **En que lingua cres que deberían emitirse eses contidos?**

"En galego, evidentemente, porque a porcentaxe de xente que vai ver esa televisión de Lugo é xente que o entende e que o fala".

- **Que tipo de emisión de contidos sería a máis propicia: a través de TDT ou a través de novas plataformas dixitais?**

"Non se que dicir. Eu uso moito Youtube, pero de plataformas non se nada. Eu creo que polo medio tradicional chegaría a máis xente. Todos os arranques son difíciles e é complicado e tampouco temos aquí unha industria en Lugo moi forte e grande que poida apoiar este tipo de cousas, por tanto, os inicios van ser complicados, pero bo con traballo constante saen as cousas".

- **Autorizas a difusión destes datos no Traballo Final de Grado de Jessica Fernández Cerdeira, titorizado pola doutora Ana Isabel Rodríguez Vázquez?**

"Si, totalmente, como non".

9.17. Anexo 17: Entrevista a Lois Pérez, representante do Sindicato de Traballadores do Ensino Galego en Lugo

Preguntas de cortesía

- **Prefires que te trate de ti ou de vostede?**

"De ti mellor".

- **Prefires a entrevista en castelán ou en galego?**

"En galego".

- **Podes dicirme o teu nome completo e cargo para que conste?**

"Son Lois Pérez e levo a área de organización do sindicato a nivel galego e estou aquí en Lugo coa miña compañeira Carmen Anllo que é a secretaria da acción sindical do STEG a nivel galego e somos as dúas persoas representantes sindicais do STEG en Lugo para a localidade e para a provincia".

Transcrición do cuestionario

BLOQUE 1: RECORDAR OS PROXECTOS DE TELEVISIÓN LOCAL

Só recorda Telelugo.

- **Recordas Telelugo?**

"Recordo Telelugo, recordo Localia, recordo que estaba ubicada no polígono industrial do Ceao, recordo os platós porque estiven un par de veces neles, nalgunha entrevista. Recordo algún magazine interesante. Había un espazo onde o alcalde López Orozco atendía ás chamadas da cidadanía e creo que ese era un espazo interesante. Pero tamén lembro espazos máis de tipo cultural como o que presentaba Xulio Xiz sobre cinema, sobre literatura, e recordo ao meu sogro falando de cinema alí. Era un labor importante de difusión a nivel municipal das cousas e foise diluíndo porque non se podía levar a cabo un proxecto dese tipo no contexto no que estabamos".

  - **Con que sentimento recordas esta televisión local?**

Contestada na anterior pregunta.

- **Cales son os contidos que máis te gustaban?**

Contestada na anterior pregunta.

- **Recordas cando deixou de emitir?**

“Non o lembro, non era un espectador habitual desa televisión. Talvez nalgún momento entre o 2000 e o 2010 creo que se foi”.

BLOQUE 2: OPORTUNIDADE ACTUAL

- **Botas en falta unha televisión local en Lugo?**

“A nivel persoal non conta moito porque eu non vexo a televisión, pero ao ser un sindicato, pois si que consideramos que é de sentido común que no caso de haber unha televisión local, debería ser ben levada e de interese para a cidadanía e por tanto para as organizacións sociais, sindicais, colectivos… para saber, para estar mellor informadas, para estar ao tanto do que sucede no ámbito municipal da nosa cidade. Entón, si creo que estaría ben”.

- **Que aportaría hoxe unha televisión local en Lugo?**

“Contribuiría no caso de que fixese ben o seu traballo. Se o seu labor contribuíse a que a cidadanía estivese máis informada. En concreto, entre outras cousas, sobre elementos que poden cohesionar e son de importancia fundamental para calquera colectivo e para unha sociedade. E para o caso da educación pública: o que pasa nas escolas públicas, que cousas pasan no ámbito municipal, que problemas hai, como interpretamos, o que sucede no ámbito escolar e educativo… Eu creo que debería informar desas cousas, pero informar con rigor. Por exemplo, hai uns días ocupou espazos de radio e de prensa un anuncio do conselleiro anunciando a creación dun novo Instituto nas instalacións de maxisterio, e claro, a priori é unha noticia marabillosa, pero falta, ou se bota en falta nesa información dos principais medios de comunicación galegos, unha información que permita á cidadanía ter elementos de rigor para exercer o sentido crítico. É dicir, vaise maxisterio de alí, pero ábrese un Instituto: en que condicións, para canto alumnado, en que tipo de instalacións… Realmente esa instalación vai dar resposta ás necesidades educativas da cidadanía? Non. Pero iso non nolo din en ningún medio. Entón, esas cousas son as que un medio que tenta botar a andar tería que ir por aí, ten que ser crítico”.

- **Colaborarías dalgunha maneira coa televisión local?**
  - **Se resposta que si: De que maneira?**

“Depende, depende do tipo de colaboración. A priori si, colaborar en termos xenéricos non habería ningún elemento que o impida. Se un medio o noso sindicato xulga plural, democrático e responde verdadeiramente as necesidades de información, que supoño que si, pois como colaboramos como con outro colectivo que comparte minimamente os nosos principios de acción. Non con Popular televisión ou con Telemiño, non vou colaborar se vai ser unha televisión local como esa, como moitas televisións que hai, que non son medios de comunicación, senón son elementos de propaganda ao servizo dun partido político concreto, nese caso xa teriamos máis obxeccións”.

- **Contribuirías ao financiamento da nova televisión local en Lugo?**
  - **Se resposta que si: De que maneira?**

“Non o sei, en STEG somos unha organización horizontal, no caso de que ti afiliáseste hoxe con Carmen e comigo pasarías a ter desde o momento que estás afiliada os mesmos dereitos e o mesmo poder de decisión que nós porque as decisións son asemblearias, vótanse democraticamente e pode participar calquera afiliado en calquera dos nosos órganos de decisión e participación, e por tanto teriamos que sometelo a debate e se procedese, votalo; e en función diso, pois actuariamos. Temos liñas de axudas no ámbito formativo, colaboramos con diversos colectivos, non soamente en Lugo, senón tamén en Ourense e Coruña con familias con alumnado con Tea e autismo para formación e facemos informacións conxuntas e apoiámolos,

e son actividades sen ánimo de lucro. Parte dese diñeiro vai para eles. E cada ano dedicamos o 0,7 do noso orzamento a nivel galego a unha organización sen ánimo de lucro, un colectivo que se distingue pola solidariedade con outras persoas e con outras iniciativas e isto vótase cada ano e temos financiado a Pallasos en Rebeldía, ao Servizo de Urxencias da cidade da Coruña, á Federación Galega do Banco de Alimentos… Pois si colaborariamos na medida das nosas posibilidades, que non son moitas. STEG renunciou hai 5 anos que lle daba a Consellería ás organizacións sindicais, así que somos un sindicato independente e autónomo claramente progresista e de esquerdas. Entón bueno, se fose interesante e así o decidise a xente pois iriamos adiante".

BLOQUE 3: MODELO DA FUTURA TELEVISIÓN LOCAL EN LUGO

- **Que tipo de financiamento debería ter esa televisión local: público ou privado?**

"O noso posicionamento é o mesmo que con respecto ao ensino. Estamos a favor dun ensino totalmente público. Estamos en contra do concertado e tamén do privado e entendemos que é unha cuestión fundamental, como é a educación, que estea xestionada totalmente polo Estado, polos poderes públicos e non por ninguén máis. E na televisión tamén somos partidarios de medios públicos, pero de medios públicos que non estean en mans do poder político de quenda -que aquí xa sabemos cal é- e que deixan de ser medios de comunicación. É dicir, é unha anomalía democrática e un síntoma de sociedade enferma que non podamos ter a día de hoxe unha televisión galega e non a podamos ver, porque realmente non se pode ver. Sabemos máis do que pasa en Estados Unidos ou de que mataron a dous osos en Moscú, que do que pasa en Allariz, e iso non ten sentido e é anormal, non é normal. Non sabemos nada da deterioración dos servizos públicos, non se nos informa do paritorio de Verín, ou da ausencia de políticas forestais, ou de políticas de dinamización do rural… A televisión, un medio público que non informa disto, pois non é un medio de información. Volvemos ao de antes, é un instrumento de propaganda que se rexe polo funcionamento que rexe, desgraciadamente, a moitos medios de comunicación, de información, que xa non merecen ese cualificativo. Falo de xornais, de radios, que serven ao oligopolio e ao monopolio informativo dunha determinada ideoloxía política e conforme aos intereses do capital e do mercado capitalista. Ten que ser pública, ten que estar participada publicamente. Entendo que debe buscar tamén outras vías de financiamento e de participación que favorezan a supervivencia e a pluralidade. Aínda que estea participado publicamente, iso non significa que haxa cotas de poder e por tanto discursos que estean sometidos, teñen que ter independencia, pluralidade, rigor e liberdade ideolóxica para informar".

- **Que tipo de cobertura cres que sería máis adecuada: municipal, comarcal ou provincial?**

"Pois non sei. Se fixese a nivel de cidade, o seu labor xa sería moito, que hai moitas cousas que se poden atender. A televisión, xa por falar de escola, se fai ben o seu labor, podería ser unha escola de maiores no sentido de que alimentaria o seu sentido crítico, daríalles ferramentas para ter máis autonomía e independencia na súa vida, saber que sucede, saber como reaccionan as autoridades municipais, que moitas veces non o sabemos… A nivel de obra pública, de intervención urbanística, servizos esenciais… Moitas cousas das que non se sabe, e se o fai ben, pois tería moito do que informar. Por tanto, o ámbito dáme igual. Si que me parece que independentemente do ámbito que sexa pois tería que ter en conta estas cuestións fundamentais: sanidade, educación, dependencia, infancia, xente que está á marxe ou en exclusión social… Todas esas cousas que moitas veces non forman parte dos informativos pois creo que deberían formar parte para que a xente saiba a importancia que teñen as cousas".

- **Que contidos che gustaría ver na televisión local?**

"A nivel de contidos, hai unha cousa que non estaba a citar que tería que ver coa lingua. No STEG formamos parte do grupo promotor, xunto a outros colectivos, sindicatos e outras entidades; somos promotoras da canle Xabarín. Por unha banda, tería que ser interesante ofrecer, como contrapeso aos contidos actuais do resto de canles televisivas, contidos audiovisuais para infancia e para adolescencia galega. E tería que ter contidos relacionados co

que che digo: política municipal, educación, sanidade, ecoloxía, solidariedade; é dicir, temas que en xeral non forman parte da axenda informativa, pero como o que é noticia son decisións que toman persoas concretas dos medios nas esferas de poder, pois unha televisión local eu creo que debería exercer un contrapeso e ofrecer esta información sobre estas cuestións e aparte a poder ser en galego, que é unha lingua minorizada e é a lingua propia do seu ámbito de acción".

- **En que lingua cres que deberían emitirse eses contidos?**

Contestada na anterior pregunta.

- **Que tipo de emisión de contidos sería a máis propicia: a través de TDT ou a través de novas plataformas dixitais?**

"Aí hai un debate, porque discrepo moito de que o camiño que están a tomar as correntes de información sexa o apropiado na medida en que as novas tecnoloxías. Dotan de inmediatez e de axilidade e de moitísima información ás cousas, pero ata certo punto, xa que conlevan un certo perigo e risco, xa que entendo que case dá un pouco igual o contido, senón que o importante é a repercusión e a inmediatez e creo que iso favorece pouco ao sentido crítico e á reflexión para analizar a realidade. Estamos expostos continuamente ás redes sociais, creo que se xera unha dependencia excesiva tamén na infancia e a adolescencia, que nós como educadores estamos a ver e que soamente vai ir a máis: o enganche aos dispositivos e ás redes sociais, e non estou seguro de que subirse a ese carro de Youtube, de Twitch e do TikTok e Twitter e Facebook e tal, que impide un labor xornalístico crítica e reflexiva, creo que para facer contidos de interese, debería ser no formato tradicional. Outra cousa é que despois se poida mover e trasladar a eses ámbitos das novas tecnoloxías, pero o centro debe ser o outro para a creación de contidos con algo de afondamento de discurso de fondo".

- **Autorizas a difusión destes datos no Traballo Final de Grado de Jessica Fernández Cerdeira, titorizado pola doutora Ana Isabel Rodríguez Vázquez?**

"Pois si, tes o noso permiso".

9.18. Anexo 18: Entrevista a Verónica Marcos, secretaria de Igualdade en Unións Agrarias en Lugo

Preguntas de cortesía

- **Prefires que te trate de ti ou de vostede?**

"De ti, por suposto".

- **Prefires a entrevista en castelán ou en galego?**

"En galego".

- **Podes dicirme o teu nome completo e cargo para que conste?**

"Son Verónica Marcos e son secretaria de Igualdade en Unións Agrarias".

Transcrición do cuestionario

BLOQUE 1: RECORDAR OS PROXECTOS DE TELEVISIÓN LOCAL

Só recorda Telelugo.

- **Recordas Telelugo?**

"Si, nós participabamos. Faciamos moitas cousas e tiña moito en conta todas as cousas da provincia que, se cadra, moitas veces non saen, e moi ben. Refírome a Telelugo, á última porque eu acórdome da máis coñecida, da que estaba vinculada ao Progreso".

- **Con que sentimento recordas esta televisión local?**

Contestada na anterior pregunta.

- **Cales son os contidos que máis te gustaban?**

“Nós en Unións Agrarias, sobre todo, prestamos atención ás cousas que teñen que ver con agricultura e gandería, pero si nos interesaban as cousas que se movían en Lugo, en cada concello, os problemas, as cousas que hai en cada concello”.

- **Recordas cando deixou de emitir?**

“Non”.

BLOQUE 2: OPORTUNIDADE ACTUAL

- **Botas en falta unha televisión local en Lugo?**

“Eu creo que si porque os medios máis locais que hai agora é certo que sacan, ás veces, noticias locais, pero bo son temas máis xerais. E as cousas da provincia, non temos medios locais que as traten”.

- **Que aportaría hoxe unha televisión local en Lugo?**

“Pois información e coñecemento. Coñecernos entre nós, porque a maioría das problemáticas, sobre todo nunha provincia tan rural como Lugo, son moi parecidas duns concellos a outros. Por tanto, é información e educación, ver o que fan os outros e ver como mellorar nós vendo como o fan outros”.

- **Colaborarías dalgunha maneira coa televisión local?**
  - **Se resposta que si: De que maneira?**

“Si, se puidésemos si. Economicamente non, pero socialmente si. Difundir para que teña máis televidentes, para publicitala, pasariámoslle notas de prensa e información, que xa o facemos con outros medios”.

- **Contribuirías ao financiamento da nova televisión local en Lugo?**
  - **Se resposta que si: De que maneira?**

“No creo, nós non podemos. Somos unha organización agraria, que non temos beneficios”.

BLOQUE 3: MODELO DA FUTURA TELEVISIÓN LOCAL EN LUGO

- **Que tipo de financiamento debería ter esa televisión local: público ou privado?**

“Igual solo con financiamento público non. Pode ser cun modelo mixto público-privado”.

- **Que tipo de cobertura cres que sería máis adecuada: municipal, comarcal ou provincial?**

“Eu creo que provincial, por suposto. Provincial porque actualmente non hai nada provincial. Ademais, é complicado mantelo só no ámbito local. Entón provincial”.

- **Que contidos che gustaría ver na televisión local?**

“Pois todos os temas que traten da gandaría e da agricultura, todos os que nos afecten ao rural porque Lugo é unha provincia na que a meirande parte da poboación vive no rural e é gandeira e agrícola. Iso é o que quereriamos, contidos para este tipo de persoas”.

- **En que lingua cres que deberían emitirse eses contidos?**

“En galego”.

- **Que tipo de emisión de contidos sería a máis propicia: a través de TDT ou a través de novas plataformas dixitais?**

"Pola parte que nos afecta a nós e porque no rural seguimos tendo unha fenda dixital importante, eu creo que TDT. Ademais, vivímolo agora co tema da pandemia, que aquí no rural aínda queda moito por andar no tema dixital, entón TDT".

- **Autorizas a difusión destes datos no Traballo Final de Grado de Jessica Fernández Cerdeira, titorizado pola doutora Ana Isabel Rodríguez Vázquez?**

"Si, sen problema".

9.19. Anexo 19: Entrevista a Ángel Tomé, secretario xeral de UGT en Lugo

Preguntas de cortesía

- **Prefires que te trate de ti ou de vostede?**

"De ti".

- **Prefires a entrevista en castelán ou en galego?**

"Eu vou falar en galego".

- **Podes dicirme o teu nome completo e cargo para que conste?**

"Chámome Ángel Tomé e son o secretario xeral de UGT en Lugo".

Transcrición do cuestionario

BLOQUE 1: RECORDAR OS PROXECTOS DE TELEVISIÓN LOCAL

Só recorda Telelugo.

- **Recordas Telelugo?**

"Si que a recordo, como non a vou a lembrar… Aínda que non a vivín moito tempo. Eu cheguei aquí no 2011 e tardou moi pouco en pechar, pero si me acordo e a verdade é que facía un labor de información de primeira man moi importante da zona, da que nunca sae en ningún lado, a que se perde, que é a que interesa, moitas veces, aos veciños de Lugo. De feito, participei nun debate que se facía entre os sindicatos representativos e a Confederación de empresarios e dependendo un pouco de que tema trataban ese día, asistían tamén asociacións, e tiña bastante audiencia. Iamos alí, ao Ceao e gravamos alí en directo moitas veces. Estaba ben, a verdade é que era unha información de primeira man moi achegada aos lucenses, pero para a provincia tamén e eran cousas moi achegadas, moi próximas a nós, cousas que pasaban na cidade de Lugo. A televisión local daba informativos locais, programas do cotián, da vida cotiá, da zona… Os de Lugo temos unhas cuestións diferentes como as poden ter os de Ourense, entón eu véxoo positivo, a min gustábame aquilo da televisión de Telelugo".

  - **Con que sentimento recordas esta televisión local?**

"Teño un sentimento conxunto cara á televisión local de Lugo, non lembro que houbese dúas, lembro o proxecto de televisión local en Lugo, pero non diferencio unha doutra. Eu soamente vin a última parte, xa que eu fun elixido no 2011, entón cando pasei ás novas funcións da UXT, tratar cos medios e todo iso, pois si que empecei a ter contacto con esta televisión, vivín a última parte, pero xa a coñecía de antes, pero concibíaa como unha única televisión en Lugo e foi unha pena que ocorrese iso".

- **Cales son os contidos que máis te gustaban?**

"Eu é que non vía a televisión moito, pero si me gustaban os que coñecía porque mesmo nalgúns participaba e coñecía algúns programas ou televisaban algúns que me dicían: "oe, sae isto este día", entón esa cousa en concreto pois a vías, e eran programas pois moi relacionados coa vida cotiá da xente da zona, entón contidos de interese".

- **Recordas cando deixou de emitir?**

"Deixou de emitir coa crise económica de 2008 e, bo, a verdade é que botamos de menos eses debates, cando había calquera acto viñan e estaban en calquera acto que faciamos en Lugo. Era un medio de comunicación que nunca faltaba, que sempre estaba porque cubría as noticias e cubriu os actos da zona, entón iso é que o botamos de menos, porque xa pasamos a depender da Ser, de Onda Cero de Radio Nacional e medios escritos como da Voz e O Progreso, que é o medio que máis cobertura dános. Os medios de comunicación non están a ser tan libres, dependen da publicidade que lles pagan certas empresas ou administracións. Hai cousas que interesan e hai outras que, aínda sendo moi interesantes, como que quedan máis nun segundo plano. Esas noticias, esas cousas, eses eventos, eses acontecementos si que deberían saír".

BLOQUE 2: OPORTUNIDADE ACTUAL

- **Botas en falta unha televisión local en Lugo?**

"Si, unha televisión local e mesmo algún medio dixital ou un medio local tamén. Non fai falta que sexan 50.000 empresas de 2 persoas, pero si unha televisión local apoiada en medios dixitais ou en programas e contidos que fosen convenientes ou interesantes de contido social. Eu creo que é importante e ademais bótoo en falta, pero sobre todo é interesante e importante que existise que xa ese tipo de medios. Eu creo que para os grandes non existimos a menos que fagamos algo. Cando pasan cousas malas é cando veñen os medios estatais, as boas noticias non venden. As cousas cotiás, o que ocorre, os contidos do día a día… bótase en falta para cubrir ese día a día e para cubrir esas cousas do que pasa en Lugo e na provincia".

- **Que aportaría hoxe unha televisión local en Lugo?**

"Difusión. Cando estás moi pegado á rúa e á xente vas máis aló na obxectividade e está claro que hai intereses, como en todas as actividades, os medios de comunicación tamén, pero canto máis pegados á cidadanía, canto máis na rúa, máis obxectividade. Se estás pegado á realidade, estás pegado á rúa, estás pegado á xente, gañas obxectividade e difusión. A obxectividade é o que eu aprecio nos medios que traballan na rúa, no día a día, pegados á xente. Os medios máis pequenos en tamaño son máis obxectivos".

- **Colaborarías dalgunha maneira coa televisión local?**
  - **Se resposta que si: De que maneira?**

"Por suposto, calquera cousa que se pida en colaboración para ese novo medio, pois por suposto, tería a nosa colaboración de UXT de Lugo. E ao revés, se nós necesitamos calquera cousa, enviaríaselle -como se está facendo- á maioría dos medios de comunicación: convocatorias, notas de prensa, roldas de prensa, mobilizacións, sinaturas, convenios de sector que afectan a moitísima xente da rúa, e que non saben nin cando, nin como, nin por que, faise… E iso a través dun medio local sempre é máis fácil facelo. A desinformación vén por varios lados: porque non tes información ou porque esa información está terxiversada, desinformación provocada ou desinformación porque non hai quen o diga ou non hai quen o conte. Pois non sabes cousas básicas que son importantes para noso día a día, para o traballo e as súas relacións entre os ámbitos sociais".

- **Contribuirías ao financiamento da nova televisión local en Lugo?**
  - **Se resposta que si: De que maneira?**

"Seguramente, como cidadán, poderíame subscribir a nivel particular, pero como organización a min gustaríame, pero partimos dunha situación económica débil e precaria que temos as

organizacións sindicais. A nosa situación económica agora é, en xeral, do sindicato, bastante precaria. Entón a subscrición como sindicato a idea sería que si, eu creo que a todos os sindicatos de clase interesaríanos a todos, pero a posibilidade habería que vela no momento: canto sería esa subscrición, depende".

BLOQUE 3: MODELO DA FUTURA TELEVISIÓN LOCAL EN LUGO

- **Que tipo de financiamento debería ter esa televisión local: público ou privado?**

"Como funcionario que son da Xunta de Galicia, para min o público é un servizo e o privado é un beneficio. Ninguén dá un servizo se non é para sacar un rendemento, senón para que queres a empresa, non? A administración presta servizos, non pode ter beneficios, ten que prestar un bo servizo televisivo, e a empresa ten que prestar nun servizo e encima sacar beneficio. Como se consegue o beneficio? A conta dos traballadores, da calidade de vida e amolando a parte débil que é o traballador. Para min a idea é que sexa pública, que tivese unha participación ampla pública de institucións como o Concello de Lugo, da Xunta de Galicia. Logo pode ter unha achega privada, menos do dous do 50%, para manter esa televisión pública. Unha achega privada que os financiarse para que ese medio tivese que vivir, pero máis enfocado ao servizo que o beneficio. Se se crea como unha empresa para sacar beneficios a punta de publicidade e outras historias para min perdería e a maneira de evitalo en gran medida é coa participación das institucións públicas".

- **Que tipo de cobertura cres que sería máis adecuada: municipal, comarcal ou provincial?**

"Para min tería que ter Lugo e provincia. Lugo e provincia, Lugo non se entende sen a súa provincia. Como capital de provincia ten que ter cobertura e ten que saberse en Lugo o que está a pasar ao redor. Como vive a xente alí, o que pasa alí, que intereses teñen, que problemas ten a xente de alí, do norte ou do sur da provincia… Non se pode entender Lugo sen a súa provincia, Lugo só non vai ben".

- **Que contidos che gustaría ver na televisión local?**

"De lecer, información, cobertura de todas as cousas e eventos que pasan na provincia de Lugo, deportes… E tempo de lecer, porque creo que un medio ten que ter un pouco de entretemento. Faio máis completo e separa os horarios, porque se de 10 a 1 tes un tempo de dedicado a outras cousas, logo pode haber un informativo, logo un de deportes… Así é máis fácil facer un esquema que a xente asimile o esquema de programación".

- **En que lingua cres que deberían emitirse eses contidos?**

"Eu creo que o galego, é a lingua que falamos en Galicia e a que deberiamos saber todos".

- **Que tipo de emisión de contidos sería a máis propicia: a través de TDT ou a través de novas plataformas dixitais?**

"Non domino as telecomunicacións. Para TDT hai que ter certas cousas máis complexas. É máis fácil hoxe en día acceder a plataformas do mundo dixital. Con todo, podendo facelo e podendo chegar, eu tentaría e apostaría pola TDT porque dá sustento de seriedade. A información debe ser un pouco veraz, contrastada. Entón eu creo que se se pode por TDT, sería mellor, tería un arranque máis con vistas a futuro".

- **Autorizas a difusión destes datos no Traballo Final de Grado de Jessica Fernández Cerdeira, titorizado pola doutora Ana Isabel Rodríguez Vázquez?**

"Si".

9.20. Anexo 20: Entrevista a Fernando López, responsable provincial en Lugo da Unión Sindical Obreira

Preguntas de cortesía

- **Prefires que te trate de ti ou de vostede?**

"De ti, de ti".

- **Prefires a entrevista en castelán ou en galego?**

"Dáme igual, mellor en galego se queres".

- **Podes dicirme o teu nome completo e cargo para que conste?**

"Son Fernando López López e son o responsable provincial en Lugo da Unión Sindical Obreira".

Transcrición do cuestionario

BLOQUE 1: RECORDAR OS PROXECTOS DE TELEVISIÓN LOCAL

Só recorda Telelugo.

- **Recordas Telelugo?**

"Recórdoa vagamente, lembro unha televisión de Lugo que creo que era do grupo Progreso, se non recordo mal, e logo unha canle xeralista, Localia ou algo así, comprou esta televisión. Entón, lembro algún programa máis da primeira porque se dedicaba moito máis a facer reportaxes do que era Lugo e traballaban con xente do local. Logo xa houbo máis outros programas que eran comprados doutras canles, entón lémbroo vagamente a verdade, pero non creo que estivese moitos anos tampouco funcionando".

  - **Con que sentimento recordas esta televisión local?**

"Pois cun sentimento bo porque trataba os temas da provincia de Lugo e agora temos unha televisión autonómica que trata cousas nosas, pero isto era máis localizado, máis enfocado á provincia de Lugo. Entón, bótase de menos algún programa de tipo cultural, de museos, de paisaxes... Creo que todo iso, unha televisión de Lugo, si que lle daría moita máis publicidade e sacaría máis a nosa contorna que temos, porque ás veces imos de vacacións a outro país, pero non coñecemos a nosa provincia. Entón iso, darlle a coñecer á xente o que temos, que temos cousas moi bonitas e hai xente que non o sabe, así daríalle difusión e coñecemento do que temos aos demais".

  - **Cales son os contidos que máis te gustaban?**

"Eu recordo daquela que había un programa de entretemento que ían os institutos e os típicos programas de cultura que debatían entre eles e tal. E despois, si que se botamos de menos os faladoiros políticos, que os políticos locais se puidesen xuntar todos. Agora as canles son dun partido ou doutro e estaría ben que fose máis plural e que estivese representada toda a cidade. E programas culturais como un que se facía a nivel local".

  - **Recordas cando deixou de emitir?**

"Non".

BLOQUE 2: OPORTUNIDADE ACTUAL

- **Botas en falta unha televisión local en Lugo?**

*Contestada na pregunta de: *con que sentimento...*.

- **Que aportaría hoxe unha televisión local en Lugo?**

Contestada na pregunta de: con que sentimento....

- **Colaborarías dalgunha maneira coa televisión local?**
    - **Se resposta que si: De que maneira?**

“Se, sen problema ningún, ademais. Nós cando nos chaman participamos en todo, tanto sexa a nivel político, como en xornais ou televisións, ou sexa que sen problema. Se nos chaman, imos sen ningún problema. Igual que cos partidos políticos: non somos unha organización lineal nin temos ningún tipo de afiliación política, cada un decide a quen vota e decide quen lle gusta”.

- **Contribuirías ao financiamento da nova televisión local en Lugo?**
    - **Se resposta que si: De que maneira?**

“A min non me importaría persoalmente”.

BLOQUE 3: MODELO DA FUTURA TELEVISIÓN LOCAL EN LUGO

- **Que tipo de financiamento debería ter esa televisión local: público ou privado?**

“Eu creo que un pouco das dúas, porque realmente non entendo o que pode custar manter unha televisión. Pero tamén pode servir de plataforma para xente que empeza en xornalismo, como nicho de formación, e temos xente moi válida para o xornalismo. Creo que debería ter un pouco das dúas. É moi difícil que un Concello e que a Deputación poida chegar con X diñeiro, e coa privada pois igual, tampouco é demasiado grande, entón igual financiamento con anuncios e tal...”.

- **Que tipo de cobertura cres que sería máis adecuada: municipal, comarcal ou provincial?**

“Eu entendo que provincial. Gustaríame que fose máis provincial, creo que tería máis contidos e estaría máis representada a poboación en xeral de Lugo. Eu creo que sería interesante que fose máis a nivel provincial que a nivel local”.

- **Que contidos che gustaría ver na televisión local?**

“A min gustaríame ver o que che dicía antes, que se potenciase máis os recursos que temos dentro da provincia, que ademais eu creo que temos de todo. Vai un pouco por modas, agora ‘O banco máis bonito do mundo’ ou ‘O Fuciño do Porco’ vese por redes sociais, pero aínda segue habendo moitos sitios que non teñen ese recoñecemento en Lugo. Entón igual ese tipo de programas culturais, de redescubrir, de redes museísticas e exposicións, e amosar as zonas que igual temos un pouco máis abandonadas... Aínda queda moito máis por ensinar. E despois, as festas locais que hai en moitas poboacións, que iso crea arraigamento. E contidos a nivel de sindicato, pois que nos dean máis a coñecer, que expliquen o noso funcionamento e como vivimos, porque vivimos das cotas dos afiliados, e por que camiño imos. É interesante para darse un pouco máis a coñecer á poboación, se o sindicato ten máis representatividade noutras provincias ou noutras rexións. En Lugo é un sindicato menos coñecido, entón a televisión pode dar máis xogo a poder explicar as túas ideas e explicar a túa forma de traballar”.

- **En que lingua cres que deberían emitirse eses contidos?**

“Eu creo que deberían estar en galego polo tema de promocionar a lingua galega e porque debería estar máis enfocado á cidadanía da provincia de Lugo, en contraposición cunha canle xeneralista. Gustaríame máis que fose en galego que en castelán e que se protexese un pouco máis o tema lingüístico”.

- **Que tipo de emisión de contidos sería a máis propicia: a través de TDT ou a través de novas plataformas dixitais?**

“Se te vas a plataformas dixitais, xa tería que ser pois unha canle de pago, pero eu creo que debería ser por TDT ou a través da internet, que che dá moito xogo para estar en todos lados,

xa que os contidos que se fan aquí, pódense ver mesmo en Francia ou en Inglaterra. En TDT en aberto si, e o máis público posible e sen custo para a cidadanía, para que se poida conectar e ver o que queira, non todo o mundo pode pagar Netflix ou Movistar+, é a miña opinión persoal".

- **Autorizas a difusión destes datos no Traballo Final de Grado de Jessica Fernández Cerdeira, titorizado pola doutora Ana Isabel Rodríguez Vázquez?**

"Si, si, sen problema".

9.21. Anexo 21: Entrevista a Víctor Manuel Álvarez, secretario comarcal da Unión Sindical de Traballadores de Galicia en Lugo

Preguntas de cortesía

- **Prefires que te trate de ti ou de vostede?**

"De ti".

- **Prefires a entrevista en castelán ou en galego?**

"Como queiras, me dá igual".

- **Podes dicirme o teu nome completo e cargo para que conste?**

"Eu son Víctor Manuel Álvarez Priegue e son secretario comarcal de Lugo de Unión Sindical de Traballadores de Galicia".

Transcrición do cuestionario

BLOQUE 1: RECORDAR OS PROXECTOS DE TELEVISIÓN LOCAL

Só recorda Telelugo.

- **Recordas Telelugo?**

"Si, a recordo cun sentimento afectivo xa que realmente era a única televisión local que tivemos. Víaa sobre todo polos meus sogros que realmente eran os que vían a canle este de Telelugo".

  - **Con que sentimento recordas esta televisión local?**

Contestada na anterior pregunta.

  - **Cales son os contidos que máis te gustaban?**

"Sabías o que pasaba a nivel local, polo menos, porque agora sabes nas televisións públicas a nivel estatal e autonómico, pero a nivel local, o día a día viámolo aquí en Lugo con entrevistas a xente de aquí, sabías o que pasaba en xeral aquí en Lugo…".

  - **Recordas cando deixou de emitir?**

"A verdade é que non, pero tampouco vía moito a televisión. Vía máis as canles estatais antes que os locais, non che sabería dicir cando deixou de emitir".

BLOQUE 2: OPORTUNIDADE ACTUAL

- **Botas en falta unha televisión local en Lugo?**

"Si, porque de feito ás veces poño a galega para saber as noticias a nivel galego, pero si se bota en falta, pero bótase en falta máis profesionalidade. Debe ser por problemas de pagamento".

- **Que aportaría hoxe unha televisión local en Lugo?**

"Eu creo que coñecemento de todo o que pasa aquí, que a xente estea máis decatada das noticias de aquí. A nós, que somos un sindicato a nivel galego, pois nos interesa máis a televisión a nivel autonómico e local que as de nivel estatal. Así sairían máis noticias do que pasa en Lugo".

- **Colaborarías dalgunha maneira coa televisión local?**
    - **Se resposta que si: De que maneira?**

"Non tería ningún inconveniente. Este sindicato lévano a nivel Galicia desde Ferrol. Nós somos uns colaboradores, pero eu creo que non habería ningún inconveniente, sería cuestión de contactar con eles, pero imaxino que non habería problema".

- **Contribuirías ao financiamento da nova televisión local en Lugo?**
    - **Se resposta que si: De que maneira?**

"É o mesmo, porque nós dependemos de Ferrol, aquí nós realmente non temos un salario. Colaborar a nivel económico, pois sería cuestión de Ferrol. Eu non tería ningún inconveniente se o sindicato dime que colaboramos. Eu dependo deles, pero eu contento de que se puidese facer algunha achega económico".

BLOQUE 3: MODELO DA FUTURA TELEVISIÓN LOCAL EN LUGO

- **Que tipo de financiamento debería ter esa televisión local: público ou privado?**

"Na televisión local interesábannos moito os informativos porque é unha maneira de decatarse, porque unha televisión local ofréceche imaxes da realidade e neste momento en Lugo non hai unha televisión local, entón as noticias de Lugo aparecen no informativo galego, que si ten moita audiencia, pero aparece no contexto das noticias de Galicia e das outras provincias galegas, pero o que é un informativo específico lucense, non o hai. A nós iso interésanos porque é unha maneira de coñecer ás persoas, de chegar a elas coa imaxe, porque a imaxe é importante".

  - **Recordas cando deixou de emitir?**

"Pois non me acordo, igual hai 10 anos. Deume pena, pero certamente hoxe soster unha televisión local eu sei que é moi difícil, que non é rendible, e que require moitos medios, moito persoal e é difícil. Eu estivera no Ceao moitas veces nos estudos".

BLOQUE 2: OPORTUNIDADE ACTUAL

- **Botas en falta unha televisión local en Lugo?**

"Si, claro".

- **Que aportaría hoxe unha televisión local en Lugo?**

"Eu creo que o local é fundamental e, por tanto, achegaría moitísimo. Tamén vivimos nunha sociedade moi global, pero, sen dúbida, se non valoramos o suficiente o local, nin somos capaces de entender a realidade e de comprendela e facela visible, pérdese moito: pérdese o contacto coa realidade. Ao faltar unha televisión si que falta algo importante e significativo nunha cidade como é Lugo, que estamos ao redor de 100.000 habitantes".

- **Colaborarías dalgunha maneira coa televisión local?**
  - **Se resposta que si: De que maneira?**

"Si, ao mellor esporadicamente, igual non tería tempo para colaborar habitualmente, pero estaría moi agradecido de que convidasen á Diocese, sobre todo ao gabinete de medios de comunicación e ao gabinete de prensa a colaborar".

- **Contribuirías ao financiamento da nova televisión local en Lugo?**
    - **Se resposta que si: De que maneira?**

"Poderiamos colaborar de diferentes maneiras: poderiamos colaborar con persoal do noso gabinete de medios, poderíase colaborar enviando imaxes, igual algo tamén economicamente… Depende tamén das ofertas que nos faga a televisión, porque iso é un intercambio. De ter un informativo para nós, colaborariamos economicamente".

BLOQUE 3: MODELO DA FUTURA TELEVISIÓN LOCAL EN LUGO

- **Que tipo de financiamento debería ter esa televisión local: público ou privado?**

"Eu creo que financiamento público, se por público enténdese financiamento do Concello, non o vería mal. Que parte dos impostos do Concello e da Deputación fosen para aí. Pero, sen dúbida ningunha, non sería suficiente, porque iso é moi custoso, por tanto, tamén se podería financiar de forma privada a través de publicidade".

- **Que tipo de cobertura cres que sería máis adecuada: municipal, comarcal ou provincial?**

"Se se puidese ver a nivel provincial, eu creo que sería mellor, sería fantástico, ou a nivel de cidade, polo menos os concellos máis próximos a Lugo, pero bo, o ideal sería que fose provincial e aí tería que entrar tamén a Deputación".

- **Que contidos che gustaría ver na televisión local?**

"A nivel local, sen dúbida ningunha, unha cousa que é fundamental é a noticia. Podería tamén haber faladoiros, podería haber programas de entretemento infantís para os nenos en galego, potenciando o galego, a galeguidade. E sería moi interesante que houbese programas rurais que potenciasen o tema rural, polo tema do abandono rural e que Lugo é moi gandeira e industrial. E logo pois habería que encher, como en todas as televisións, con películas, e isto sería unha forma de potenciar tamén o cinema galego. A nós gustaríanos que houbese un informativo diocesano, polo menos unha vez á semana, que se puidese celebrar a Santa Misa a nivel local. Nós, por exemplo, estamos a transmitilo por Youtube e poderíase conectar coa televisión para a Santa Misa e seguro que ten audiencia. Tamén os grandes acontecementos aquí en Lugo como pode ser o Corpus, O Nadal, a Semana Santa, as procesións… Todo iso sería interesante que se puidese retransmitir a nivel local".

- **En que lingua cres que deberían emitirse eses contidos?**

Contestada na anterior pregunta.

- **Que tipo de emisión de contidos sería a máis propicia: a través de TDT ou a través de novas plataformas dixitais?**

"Eu creo que se se pode a través de plataformas dixitais, pois sería mesmo máis barato e a calidade pode ser moi boa nos tempos nos que vivimos tecnoloxicamente. Pero iso xa non sei, para facilitar as audiencias eu non se o que sería mellor".

- **Autorizas a difusión destes datos no Traballo Final de Grado de Jessica Fernández Cerdeira, titorizado pola doutora Ana Isabel Rodríguez Vázquez?**

"Faltaría máis".

9.48. Anexo 48: Entrevista a Raúl Fernández, xefe provincial da Inspección de Telecomunicacións de Lugo

Preguntas de cortesía

- **Prefires que te trate de ti ou de vostede?**

"De tú".

- **Prefires a entrevista en castelán ou en galego?**

"En castellano".

- **Podes dicirme o teu nome completo e cargo para que conste?**

"Raúl Fernández Tombilla, jefe provincial de la Inspección de Telecomunicaciones, que depende de la Secretaría de Estado de Telecomunicaciones e Infraestructuras Digitales".

Transcrición do cuestionario

BLOQUE 1: RECORDAR OS PROXECTOS DE TELEVISIÓN LOCAL

Refírese á televisión local en Lugo como un único proxecto, mesturando Televisión Lugo con Telelugo.

- **Recordas Televisión Lugo?**

"Claro que sí. Televisión Lugo fue una iniciativa que fue promovida por un grupo de periodistas y empresarios de la ciudad de Lugo allá por el año 1997 o 1998 y su misión inicial fue la de informar, crear un medio, un canal de comunicación de los asuntos que preocupaban y que se producían en la ciudad de Lugo. Aquella televisión derivó, tuvo ansias, de llegar a ser algo más. Creció desde una televisión meramente local a una televisión comarcal y se convirtió, incluso, en una televisión provincial debido a las concesiones y autorizaciones que se obtuvieron para poder transmitir esos contenidos no solamente en la zona centro, sino también en la zona sur de la provincia y en la zona norte. Como bien sabes, Lugo es la segunda provincia más grande de España, tiene una forma prácticamente rectangular y, evidentemente, las emisiones que se producen en la capital no se pueden transportar de una forma sencilla y fácil a la zona norte y a la zona sur".

  - **Con que sentimento recordas esta televisión local?**

"Para mí, demasiado orientada y enfocada al ámbito político".

  - **Cales son os contidos que máis te gustaban?**

"No, sinceramente no recuerdo ninguno. Era una televisión muy enfocada al ámbito local. Lugo es una ciudad pequeña y, por lo tanto, aquellas noticias que se producían eran prácticamente conocidas por todos. Evidentemente, la información que se daba era ampliada, pero incluso en aquellos momentos, aquella televisión localista estaba bastante orientada y enfocada al ámbito político, y existía en aquellos momentos un político de renombre y bastante conocido que ya falleció y que marcaba un poco las pautas, el ritmo y los contenidos que se producían, entonces, en sus momentos iniciales las personas lo veían, pero no tenía mucho interés. Además, en aquellos momentos, empezó el boom de las diferentes televisiones locales que querían un multicanal y los contenidos de la televisión de Lugo, aunque eran interesantes, en algunos casos eran seguidos por pocas personas. Hay una cosa importante y es que la televisión local de Lugo durante muchos años fue totalmente ilegal, no tenía autorización para transmitir y, a pesar de que había impulsos políticos y administrativos para ello, no se le concedió la autorización porque no existía todavía la ley de televisión local, que se promulgó a posteriori y basada en el desarrollo y en la implantación de numerosas televisiones locales a lo largo de España. De hecho, la televisión de Lugo fue de las primeras televisiones locales que hubo en el país, pero era

totalmente ilegal porque no estaba sujeta a ningún tipo de legislación y, por lo tanto, no tenía cobertura legal ninguna, era ilegal completamente. De hecho, era tan ilegal que se le hizo una inspección, se le levantó un acta de inspección y se le abrió un expediente sancionador. Varios, porque se le hicieron varias inspecciones debido al carácter continuo de las transmisiones ilegales".

- **Recordas cando deixou de emitir?**

"Es que hubo dos momentos, creo recordar, en los que se dejó de emitir. El primer momento fue el cambio de televisión local a televisión comarcal y después hubo un segundo periodo en el año 2017 en el cual ya obtuvo la autorización administrativa para poder continuar transmitiendo y una semana más tarde dejó de transmitir, hasta el día de hoy, a pesar de que ahora sí que tiene una autorización administrativa para el uso del espectro radioeléctrico. No está funcionando y realmente es una pena porque yo creo que sería interesante una televisión centrada en las problemáticas que existen en estos momentos en la ciudad, que son muchas".

BLOQUE 2: OPORTUNIDADE ACTUAL

- **Botas en falta unha televisión local en Lugo?**

"Yo sí, como ciudadano echo de menos una televisión que se enfoque en los problemas de la ciudad de Lugo y que esté transmitiendo de acuerdo con la ley de televisión local. Lo echo de menos porque hay muchos problemas en la ciudad que las personas deberían conocer y porque sería un altavoz importante para los regidores de la ciudad, ya sea la alcaldesa o el presidente de la Diputación; un medio que las fuerzas vivas pudieran utilizar para llegar a todos los conciudadanos".

- **Que aportaría hoxe unha televisión local en Lugo?**

"Reitero lo dicho antes: fundamentalmente contenidos enfocados a la problemática de la ciudad y después también mostraría la multitud de actividades que se llevan a cabo en la ciudad que son desconocidas para la mayoría de la población. Permitiría, incluso, informar sobre los sistemas de ayudas públicas y privadas que existen y que la ciudadanía desconoce y aportaría en general una visión del mundo adaptado a la idiosincrasia del gallego y del lucense".

- **Colaborarías dalgunha maneira coa televisión local?**
  - **Se resposta que si: De que maneira?**

"Yo no puedo colaborar con ellos debido a mi ámbito de creador, controlador y policía de las infraestructuras de telecomunicaciones. A nivel profesional no podría hacerlo debido a que mi misión es otra, la de crear los distintos servicios y sistemas de telecomunicaciones en la provincia para que las 400.000 personas que viven aquí tengan servicios de telecomunicaciones, lo más avanzados posible, y dentro de un cierto orden de prioridades. Pero sí que aportaría mi granito de arena como asesoramiento para que se pudiese implantar de nuevo la televisión local y, sobre todo, con las estructuras que ya tienen implantadas. Yo creo que sería muy fácil volver a ponerla a funcionar extraordinariamente fácil porque repito las infraestructuras están creadas".

- **Contribuirías ao financiamento da nova televisión local en Lugo?**
  - **Se resposta que si: De que maneira?**

Contestada na anterior pregunta.

BLOQUE 3: MODELO DA FUTURA TELEVISIÓN LOCAL EN LUGO

- **Que tipo de financiamento debería ter esa televisión local: público ou privado?**

"Yo creo que debería ser un financiamiento mixto, fundamentalmente porque es un servicio público, pero también es una televisión que debe navegar y tratar de ser autosuficiente. Durante los 3 o 5 primeros años de su puesta en marcha el apoyo público tendría que estar ahí y tendría que apoyar ese sostenimiento de la televisión, pero una vez que ya estuviese consolidada creo que debería ir recorriendo un camino para tener un sostenimiento personal, individual y privado,

y a los efectos incluso de crecer. Lo que no puede ser es que esa televisión estuviese sustentada siempre por el erario público".

- **Que tipo de cobertura cres que sería máis adecuada: municipal, comarcal ou provincial?**

"Creo que deberían tratarse contenidos a nivel provincial porque tendría que haber una diferenciación entre esta televisión y las televisiones generalistas. El público objetivo de esta televisión tiene que ser provincial, no puede competir en contenidos con otras con televisiones y, para que pueda ser de interés para las personas que viven en esta provincia, debería enfocarse fundamentalmente en ese ámbito, aunque después pueda tener programas de tipo autonómico o de tipo estatal. Pero, fundamentalmente, su público objetivo tiene que ser las personas que están en esta provincia y ese debería ser su enfoque y su factor diferencial con respecto a otras. Es decir, se tendría que especializar en el ámbito provincial. Existen en esta provincia zonas absolutamente diferenciadas desde el punto de vista natural, desde el punto de vista del pensamiento, desde el punto de vista de la idiosincrasia que rodea esas zonas con respecto de otras. Por ejemplo, Cervantes no tiene nada que ver con Trabada; Monforte no tiene nada que ver con Ribadeo; la zona de Chantada no tiene nada que ver con Viveiro… pertenecen a la provincia, pero la vida es muy diferente de un lado a otro y eso es interesante mostrarlo, desde mi punto de vista".

- **Que contidos che gustaría ver na televisión local?**

"Hay muchísimos contenidos que las televisiones generalistas no están dando. Entre otros, los contenidos podrían ser aquellos relativos al ámbito gallego, al ámbito lucense, a desarrollos, cosas que se están haciendo en esta provincia muy interesantes… Esta es una provincia extraordinariamente rica y que tiene muchísima diversidad y muchísima variedad económica, filosófica y natural. Se podían crear esos contenidos y mostrárselo a las personas. Si la televisión de Lugo tiene un interés provincial, pues sería muy interesante saber qué cosas se están haciendo por las personas que viven en Lugo, en el Corgo, en Sarria, en Monforte, en Ribadeo… pueden ser vistas por todas las personas que viven en la provincia y sus aledaños, porque también es interesante lo que se hacen en Ponferrada y asturianos que son primos hermanos. Yo creo que hoy en día sería muy muy interesante una televisión enfocada a estos ámbitos, conceptos y contenidos".

- **En que lingua cres que deberían emitirse eses contidos?**

"Puesto que estamos en Galicia y en la provincia de Lugo, donde se habla mayoritariamente el gallego, debería estar en gallego, debería ser una televisión específica diferenciada y especializada en el ámbito gallego y en el ámbito rural".

- **Que tipo de emisión de contidos sería a máis propicia: a través de TDT ou a través de novas plataformas dixitais?**

"Antes de contestarte a esto, hay una cuestión que es fundamental y que no hemos tratado y es la cuestión del funcionamiento o de dónde depende esta televisión desde el punto de vista jurídico-administrativo. De acuerdo con la sentencia del Tribunal Constitucional, la sentencia número 5 del año 2012, de la misma manera que los radiodifusores de radiofrecuencia modulada que se realicen en el ámbito autonómico, esas televisiones dependen concesionalmente de la Xunta de Galicia, por lo tanto, es la comunidad autónoma quien entrega y comunica la concesión administrativa de uso de los contenidos para que pueda la televisión ponerse en funcionamiento. Lo que sucede es que el medio de comunicación, el camino que utilizan para llegar a todas esas viviendas de la provincia, es un medio radioeléctrico y el medio radioeléctrico es de titularidad estatal. Por lo tanto, hay dos ámbitos jurídico-administrativos que intervienen en esta concesión: por una parte, la comunidad autónoma, que es la que tiene competencias en la licitación pública para la concesión y los contenidos; y después, el ámbito estatal, en este caso la Dirección General de Telecomunicaciones, la titular la propietaria del espectro radioeléctrico. Entendida esta cuestión, mientras la televisión utilice un canal radioeléctrico en las condiciones técnicas que se le imponen, no tiene ningún tipo de problema para funcionar y, mientras se ajuste a la

concesión administrativa que la Xunta de Galicia, en este caso, impone, puede funcionar sin ningún tipo de problema. De hecho, la concesión que tiene por parte de la Xunta de Galicia, si mal no recuerdo, es por 40 años, por lo tanto, el ponerla en marcha es fundamental. Y, para terminar con este bloque, el reglamento del uso del espectro radioeléctrico que se publicó en el año 2017 indica claramente en su artículo 95 que el hecho de tener una concesión o una autorización administrativa sin explotar, sin prestar un servicio público, es susceptible de ser revocada. Por lo tanto, si esa televisión continúa en estas circunstancias y en estas condiciones, se le puede revocar la concesión y la autorización administrativa para el uso del espectro radioeléctrico y perdería todos los derechos que le ha costado tantos años conseguir.

Con respecto a la pregunta, yo creo que, dado el enfoque que tiene, provincial, y dado el público objetivo, creo que deberían realizarse las emisiones mediante un canal, como ya tienen concedido, en la TDT, en el canal 46, que es el que tienen autorizado y es el que tienen que utilizar, no pueden utilizar otro canal, tiene que ser ese. Con respecto a lo de si pueden emitir por IP o por internet, sí que lo pueden realizar, pero tienen que hacer una adaptación importante de estos contenidos para la red. No obstante, yo creo que esa debería ser una decisión de los directivos y a largo plazo, porque evidentemente la mayoría de las personas que viven aquí son mayores, hay una brecha digital bastante importante y, por lo tanto, no habría muchas personas que supiesen, primero, que tuviesen equipamiento, segundo, y que quisiesen, tercero, ver una televisión en un ordenador, que supone un conocimiento y un uso más complejo que solamente encender un televisor. Creo que con el tiempo sí podría ser posible, podría ser alternativo, pero creo que en estos momentos deberían aprovechar lo que tienen, que es una autorización administrativa del canal 46 del rango de frecuencias en UHF y que está sin explotar, no hay transmisión y no tienen contenidos, y que deberían empezar por ahí y después el futuro es totalmente móvil y ya veríamos qué sucede con el asunto".

Ampliei o cuestionario porque parecíame moi interesante.

- **En todo momento defendes que El Progreso debería recuperar as emisións de Telelugo, pero se un novo grupo de persoas quixeran implantar unha nova televisión local en Lugo, que terían que facer?**

"Muy sencillo: si en vez de Telelugo, hubiese una nueva iniciativa en la ciudad que quisiese aprovechar los sistemas, los medios, la infraestructura que ya hay ahora mismo, tendría que llegar a acuerdos con los actuales propietarios y, o bien adquirir esas infraestructuras, o bien alquilarlas; incluso alquilar o adquirir esa concesión administrativa y volver a explotarla, pero lo más importante ya lo tienen hecho, que lo más importante es la creación de esas infraestructuras, la obtención de esa autorización administrativa y lo único que tiene que hacer es ponerla en marcha. Tendrían que encontrar personas para ponerla en marcha y unos mínimos medios para poder crear contenidos. Por otra parte, el espectro radioeléctrico es bastante limitado, si una persona quisiese adquirir otra nueva concesión administrativa sin tener que llegar a acuerdos con El Progreso, tendría que iniciar de nuevo el proceso para adquirir esa concesión y esperar un montón de años, esperar a que la Xunta de Galicia generase y emitiese una nueva licitación para otro canal, cosa que es muy complicada, y además ahora todos los canales son múltiplex, entonces no tendría un canal entero, como tiene Telelugo, sino que sería un subcanal dentro de los canales de la TDT. Esa es otra de las grandes ventajas que tiene Telelugo, que tiene un canal entero para ellos solos, que ese canal podría dividirse en cuatro con diferentes contenidos. Cuatro canales de televisión con cuatro contenidos distintos. Es decir, Telelugo tiene una ventaja competitiva porque tiene todo el canal para él solo. Ese grupo de comunicación que quisiera poner en marcha esa televisión, primero tendría que contar con la autorización administrativa, entonces lo lógico en estos momentos es que, ya que se dispone de esa infraestructura y desautorización explotarla, reexplotarla".

- **Autorizas a difusión destes datos no Traballo Final de Grado de Jessica Fernández Cerdeira, titorizado pola doutora Ana Isabel Rodríguez Vázquez?**

"Sí, por supuesto, encantado de hacerlo".

9.49. Anexo 49: Entrevista a Bibí Bouza, presidenta do Club Voleibol Arenal Emevé

Transcrición do cuestionario

BLOQUE 1: RECORDAR OS PROXECTOS DE TELEVISIÓN LOCAL

- **Recorda Televisión Lugo?**

"Si".

  - **Con que sentimento recorda esta televisión local?**

"Con agarimo e sentimento positivo".

  - **Cales son os contidos que máis lle gustaban?**

"Os que facía referencia ás cousas de Lugo, situacións cercanas".

  - **Recorda cando deixou de emitir?**

"Non".

- **Recorda Lugovisión?**

"Non o recordo".

- **Recordas Telelugo?**

"Si".

  - **Con que sentimento recorda esta televisión local?**

"Moi positivo".

  - **Cales son os contidos que máis lle gustaban?**

"O feito de que, no seu momento, era a única televisión que sacaba algo de Voleibol".

  - **Recorda cando deixou de emitir?**

"Non".

BLOQUE 2: OPORTUNIDADE ACTUAL

- **Bota en falta unha televisión local en Lugo?**

"Si, porque trataríanse os temas de Lugo dun xeito máis directo".

- **Que aportaría hoxe unha televisión local en Lugo?**

"Facerse eco das preocupacións dos e das lucenses".

- **Colaboraría dalgunha maneira coa televisión local?**
  - **Se resposta que si: De que maneira?**

"Si, respondendo a cada chamamento que me fixeran".

- **Contribuiría ao financiamento da nova televisión local en Lugo?**
  - **Se resposta que si: De que maneira?**

"Non".

BLOQUE 3: MODELO DA FUTURA TELEVISIÓN LOCAL EN LUGO

- **Que tipo de financiamento debería ter esa televisión local: público ou privado?**

"As dúas cousas son boas porque ambas aportan".

- **Que tipo de cobertura cre que sería máis adecuada: municipal, comarcal ou provincial?**

"Cada cobertura ten o seu público, as tres son importantes e as tres reflectirían as necesidades".

- **Que contidos lle gustaría ver na televisión local?**

"Como se avanza na mellora da cidade, que lles preocupa a os lucenses, escoitar a quen ten algo que dicir … falar coa xente da rúa para saber que lles preocupa".

- **En que lingua cre que deberían emitirse eses contidos?**

"Galego".

- **Que tipo de emisión de contidos sería a máis propicia: a través de TDT ou a través de novas plataformas dixitais?**

"Excepto as plataformas de pago, todas as demais son interesantes".

- **Autoriza a difusión destes datos no Traballo Final de Grado de Jessica Fernández Cerdeira, titorizado pola doutora Ana Isabel Rodríguez Vázquez?**

"Si, dou a miña autorización".

9.50. Anexo 50: Entrevista a Paco Nieto, ex xornalista

Preguntas de cortesía

- **Prefires que te trate de ti ou de vostede?**

"Por favor, somos compañeiros, de ti".

- **Prefires a entrevista en castelán ou en galego?**

"En galego".

- **Podes dicirme o teu nome completo e cargo para que conste?**

"Meu nome completo é Francisco Antonio Nieto Rodríguez. Nacín en Lugo fai agora no mes de xuño 67 años. Estou xubilado desde hai dous anos e felizmente xubilado. De profesión, xornalista".

Transcrición do cuestionario

BLOQUE 1: RECORDAR OS PROXECTOS DE TELEVISIÓN LOCAL

Contesta todas as preguntas nunha.

- **Recordas Televisión Lugo?**

"Claro. Como non me vou lembrar. Ademais, dous bos amigos, dous amigos matrimonios: Carlos e Pepita, que acaba de falecer, por certo, e Xulio Xiz e a súa muller xuntaron forzas xunto a outros colaboradores para sacar adiante unha historia que resultou ser moi bonita, como se suele dicir, mentres durou. Daquela, eu traballaba na Cope, rematando meus momentos na Cope e pedíronme colaboración. Xulio foi compañeiro meu moito tempo na Cope e díxome 'bótame unha man' para facer algunha sintonía de programas. A min, é que é moi doado meterme en proxectos

cando son así de bonitos. Fixen unha colaboración nese senso tanto de ideas como de programas e demais e dinme de conta de que aquelo non nacía como algo pequeno, aquelo levaba vistas de facer algo ben feito e grande, como así foi, hai que dicilo. Un pouquiño máis adiante, Xulio díxome que 'a ver se podiamos facer un programa de música na tele e eu non tiña experiencia nese senso, porque para min a radio sempre foi o que me gustou. Fixen un programa que se chamou 'Artesa Clip', onde eu presentaba videoclips de grupos, artistas internacionais... E dinlle algunha novidade: mesturaba imaxes vellas de Lugo para facer un concurso e funcionou bastante ben, non soamente dende o meu punto de vista persoal, senón polo que puiden ver e vivir alí, dinme de conta de que aquelo era algo serio, cun produto moi ben feito e sendo así, o seguinte paso é pensar que iso ten uns custos brutais, como resultou ser.

E logo, a raíz diso empezaron a xurdir varias cousas a nivel comercial, os propios comerciantes non vían claro facer o investimento dos seus comercios e establecementos nese produto. Démonos de conta de que a xente vía a televisión, o share de audiencia, eu non estaba nese tema, pero era importante e, ademais, había referencias que así o dicían: os estudos que se facían no Ceao. Pero bueno, hai que dicir que eu antes tamén tiven colaboración con eles, con Carlos e con Xulio, porque tiñan unha produtora de vídeo que se chamaba Ophiusa. Entón, eu fixen algunhas montaxes de vídeo moi bonitas de Díaz Castro, de Portomarín... e, francamente, non nacían de cero. Xulio era un profesional como un templo e Carlos exactamente o mesmo. Logo, posteriormente, implicouse moitísimo Ana, a filla de Carlos, que fixera xornalismo na Facultade de Xornalismo de Galicia e xa hai anos que dá clase alí; pois Ana tamén presentou os telexornais locais e facíao bárbaramente. Era profesional, nunha palabra: súper profesional. Nunca me esquecerei dese programa 'Ao Carón dá Lúa', que era espléndido e magnífico, con colaboradores de primeira liña.

Funcionando Televisión Lugo, aparece Lugovisión, promovida polo xornal El Progreso e, se nos preguntabamos como se pode manter unha televisión, a pregunta agora era: como se podían manter dúas televisións? Os custos creo que estaban máis aquilatados porque á fin e ao cabo había, entre aspas, unha dependencia dunha cadea nacional que era Localia, que era un produto que naceu no ventre de Prisa. Entón, daba servizo ás televisións locais. Eu aí non tiven nada que ver, non tiven ningún tipo de experiencia ata que pasa o tempo. En definitiva, dúas televisións, moi complicado de manter. Polo tanto, o propio Progreso fíxose cargo de Televisión Lugo e desaparece Localia, e aí aparece Telelugo. As circunstancias eu descoñézoas. Debido a isto, nace Telelugo e un día chámanme do xornal El Progreso e dinme: 'pensamos que ti podes facer unha colaboración que nos gustaría que así fose', que, ademais, o proxecto era grande. A min, ao principio meteume un pouco de medo, entón dixen: 'imos facer unha cousa, non teño ningún inconveniente de ningún tipo de facer 1, 2 ou 3 programas un piloto e vós xulgades, e se vedes que eu non dou o nivel, pois o deixamos e tan amigos'. Eu sempre tiven moi boa relación co Progreso e a verdade é que o primeiro programa que fixen do faladoiro considereino persoalmente un auténtico desastre, pero tiven a sorte de contar cuns compañeiros que eran do mellor, eran ouro moído, eran extraordinarios, apoiáronme desde o principio. E empecei a facer o programa e xa no segundo sentinme mellor, foi evolucionando e empecei a pedir colaboracións de compañeiros.

Hai un detalle que me gustaría subliñar: nunca na miña vida profesional, pero neste caso xornalística, ninguén me dixo: 'a ver se vas por aquí ou ten coidado por onde vas', nunca. A verdade é que eu sempre tiven liberdade, déronme liberdade, e para min iso sempre foi un pracer inmenso. Empecei a chamar a compañeiros de todos os medios: de Cope, da Ser, do propio Progreso... e todos colaboraron comigo. Tiñamos entrevistas, faladoiros de todo tipo, tivemos debates sobre cultura, de barrios, de violencia de xénero, debates políticos entre partidos políticos onde había tensión... E na propia empresa considerárono bo porque houbo segunda tempada. Mesmo coincidiron unhas eleccións xerais onde eu facía o programa que pode ser de 2016 e dixen: 'vou entrevistar a Feijóo e entrevisteino. Tiven un debate entre os 5 candidatos. Moi satisfeito. E logo tivemos un programa en directo de resultados con chamadas telefónicas a persoas políticas, de opinión, etcétera. Resultou francamente ben: tecnicamente impecable e de contido tamén ben porque estivemos ao día, ao momento e demais ".

- **Recordas cando deixou de emitir?**

"A ver, eu creo que a pouco que un se dese de conta de onde estaba e como estaba... Non é ningunha condena, pero os custos que ten unha televisión son importantes. Non é o mesmo que unha emisora de radio. E xusto coincidiu co estoupido das redes sociais, de Internet, de todo isto. Entón, houbo aí unha reflexión e unha parada e dixemos que isto non ía máis aló. Mesmo o propio grupo Prisa se desfai de Localia e tamén os propios empresarios de provincia e os shares de audiencia, sendo bos, son ridículos en comparación cos xenerais, aínda que ao principio hai que dicir competíase con contundencia. Logo, outros temas mecánicos e houbo que cambiar antenas e a xente non estaba moi polo labor... Ao final, todo iso eran hándicaps que non estaban ben. Esta é a miña opinión, era unha condena xa que se vía o esforzo, merecía a pena así, pero quedará para a historia".

BLOQUE 2: OPORTUNIDADE ACTUAL

- **Botas en falta unha televisión local en Lugo?**

"Boto de menos todo o que sexa local. Por exemplo, a radio deixou de existir. Iso é gravísimo. Na prensa de papel subsiste La Voz de Galicia e El Progreso, que teñen dedicación ao local, pero é o que nos queda, porque na televisión local neste momento non ten sentido. É o meu modo de ver. A xente nova non vai ver a televisión local, ou sexa, teñen as redes, teñen Youtube, teñen cantidade de canles: Twitter, Facebook, etc. Non é culpa da televisión, é culpa do mundo no que vivimos. É o que hai, non hai outra cousa".

- **Que aportaría hoxe unha televisión local en Lugo?**

Contestada na anterior pregunta.

- **Colaborarías dalgunha maneira coa televisión local?**
  - **Se resposta que si: De que maneira?**

"Home, eu vou cara a vello, pero bueno, xubilado pero inquieto. Si, home si, eu estaría disposto a colaborar con quen eu considero que o meu traballo ou a miña profesión puidese dar de si algo interesante. Eu si estaría disposto, pero xa che digo, son consciente de que un vaise esmorecendo e que vai perdendo o ritmo e hai que deixar sitio á xente nova, que vides cunhas ansias tremendas, como es ti, que che sigo no teu labor profesional e paréceme excelente o que fas, pero insisto, excelente. Eu creo que nos ides a comer as papas, como se dicía antes, nun chimpo".

- **Contribuirías ao financiamento da nova televisión local en Lugo?**
  - **Se resposta que si: De que maneira?**

"Nas miñas posibilidades".

BLOQUE 3: MODELO DA FUTURA TELEVISIÓN LOCAL EN LUGO

- **Que tipo de financiamento debería ter esa televisión local: público ou privado?**

"Eu creo que sempre do financiamento privado porque os cartos dos cidadáns, xa sexan do Concello ou da Deputación non se pode xogar con eles. Unha televisión como a Televisión Galega debería ser un servizo público, pero xa é, xa o hai e xa existe, por que ir a máis. Eu estou rotundamente en contra, en calquera ámbito, do mal uso dos cartos públicos, da política da subvención. Hai que acabar con isto dunha vez. A min paréceme ben que se impliquen empresas e empresarios".

- **Que tipo de cobertura cres que sería máis adecuada: municipal, comarcal ou provincial?**

"A ver, se é posible, tratándose dun medio como do que estamos a falar, se é posible, debería ser de ámbito provincial. Daría moito máis xogos nese sentido, pero claro, canto máis abarquemos, os custos tamén van ser maiores porque necesitamos unha unidade móbil, dúas

persoas para que se despracen... É unha sardiña que se morde a cola. Os custos son importantes, pero podendo, que igual habería que arriscar, pero bueno, eu agora non o vexo".

- **Que contidos che gustaría ver na televisión local?**

"Creo que o ámbito local, non localista, o ámbito da información local, do entretemento local, está falto de servizo agora mesmo. Contigo, Jessica, estamos no parque Rosalía de Castro e estamos a ver o deteriorado que está o propio parque. Pois igual é un motivo para crear un debate social con participación, con público, e en redes. Eu creo que se cadra, podería funcionar. De todos os modos, insisto en que isto ten que ordenarse un pouco porque a cantidade de información que o cidadán recibe, satura. É imposible quedar con toda a información. Insisto, ten que organizarse, e eu creo que para que isto se organice, aínda ten que pasar bastantes anos".

- **En que lingua cres que deberían emitirse eses contidos?**

"Eu penso que debemos priorizar por encima de todo a lingua nai: o galego. Agora ben, tamén é verdade que o castelán está aí e tamén se mamou e o mamamos todos. Para facer un bo labor, teriamos que potenciar o noso idioma e que non morra nunca. De todos os xeitos, o castelán está aí, teriamos que facer un bilingüismo harmónico, sensato, tranquilo e sosegado. Canta menos política mellor. É o meu modo de ver".

- **Que tipo de emisión de contidos sería a máis propicia: a través de TDT ou a través de novas plataformas dixitais?**

"Novas plataformas dixitais, pero iso sen dubidalo. Pero bueno, insisto en que creo que habería que reflexionalo moi ben. Fórmulas hai, poderíase facer unha canle de Youtube cunha serie de emisións, de podcasts de autoconsumo, do que cada un queira. Pero unha televisión local, con franqueza, non a vexo. Por moitos motivos: polo mundo en que vivimos agora mesmo, que a ver onde vai, porque ten que organizarse todo isto, pero é que é tamén é o tema dos custos porque son altísimos e importantes e tes que dar calidade. Subsiste en Galicia algunha televisión como Telemiño, pero se só é un plató minúsculo, unha ou dúas cámaras e dous micrófonos para facer entrevistas puntuais, eu creo que unha televisión debería ser algo máis".

- **Autorizas a difusión destes datos no Traballo Final de Grado de Jessica Fernández Cerdeira, titorizado pola doutora Ana Isabel Rodríguez Vázquez?**

"Para mi é un honor inmenso que Jessica Fernández me use e abuse nese senso para o que queira".

9.51. Anexo 51: Entrevista a Guido Álvarez, Guía Oficial de Turismo de Galicia en Lugo

<u>Preguntas de cortesía</u>

- **Prefires que te trate de ti ou de vostede?**

"De ti".

- **Prefires a entrevista en castelán ou en galego?**

"En galego".

- **Podes dicirme o teu nome completo e cargo para que conste?**

"Guido Álvarez Parga, Guía Oficial de Turismo de Galicia e creador do proxecto Guido Guía".

Transcrición do cuestionario

BLOQUE 1: RECORDAR OS PROXECTOS DE TELEVISIÓN LOCAL

Só recorda Telelugo.

- **Recordas Telelugo?**

"Si, de feito, para min era emocionante como neno, que eu era naquel tempo, que xurdira Telelugo. Recordo perfectamente programas nos que mesmo participou o meu pai, algunha entrevista fixéronlle, convidáronlle a algúns programas que había. Recordo ir a 'Batallas', que era un programa tipo concurso infantil e fun con dous amigos e compañeiros de colexio e competimos con outros da nosa clase, entón foi moi divertido. Teño moi bos recordos e lembro programas como o que tiña Orozco, que respondía preguntas dos cidadáns, o de Paco Rivera, que entrevistaba a lucenses...".

  - **Con que sentimento recordas esta televisión local?**

Contestada na anterior pregunta.

  - **Cales son os contidos que máis te gustaban?**

Contestada na anterior pregunta.

  - **Recordas cando deixou de emitir?**

"Non teño recordo nítido, pero si que lembro a pena de que desaparecese Telelugo porque me parece fundamental, e hoxe en día máis aínda, porque vemos o valor que teñen os contidos locais para poñer en valor certas cousas, certas persoas. Eu creo que é moi moi valioso".

BLOQUE 2: OPORTUNIDADE ACTUAL

- **Botas en falta unha televisión local en Lugo?**

"Si, moito. Sobre todo porque vexo que noutros lugares máis pequenos que Lugo hai televisións locais e creo que é moi positivo porque cando vemos algo nos medios, neste caso na televisión, pois parece que toma certo valor. E, aínda que temos que aprender e educar para ver as cousas con espírito crítico e non caer en que todo o que di a tele, ten moito valor para poñer en valor moitas cousas".

- **Que aportaría hoxe unha televisión local en Lugo?**

"Eu, falo desde a miña óptica e desde a miña experiencia e sobre todo en referencia ao mundo que eu máis coñezo, sobre todo no mundo no que traballo eu así cultural e turístico, creo que é moi interesante presentar os lugares e presentar as persoas, que se coñezan tanto os recursos naturais e históricos, como humanos. Creo que noutros ámbitos debe ser similar, porque por exemplo cando se creou en Facebook este grupo de compra en Lugo, de súpeto os lucenses descubrimos unha chea de negocios que non sabiamos que existían e historias persoais que están detrás dos negocios, e iso nun grupo de Facebook, imaxínache nunha televisión todo o que se pode chegar a presentar".

- **Colaborarías dalgunha maneira coa televisión local?**
  - **Se resposta que si: De que maneira?**

"Encantadísimo, xa o digo desde agora. Eu, aínda que estou moi contento co meu traballo como guía, afortunadamente tamén están a xurdir moitas posibilidades alternativas dentro do meu traballo. Por exemplo, na prensa escrita, na educación... E o mundo audiovisual encántame, fascíname especialmente e traballar con profesionais sería un luxo".

- **Contribuirías ao financiamento da nova televisión local en Lugo?**
    - **Se resposta que si: De que maneira?**

“Si, sempre que me vaia ben a min e póidamo permitir. Podo dicir que teño un caso parecido, porque cando empecei o meu proxecto moitas persoas e grupos e demais axudáronme e impulsáronme a levar adiante o meu proxecto e a dalo a coñecer, e estou súper agradecido. E sempre dixen que eu, no momento en que teña a oportunidade de devolver ese apoio e ese agarimo, pois o faría, e estouno facendo agora apoiando a certos proxectos que a min apoiáronme. Eu, na medida en que puidese colaborar en algo tan positivo como unha televisión lucense, pois sería estupendo”.

BLOQUE 3: MODELO DA FUTURA TELEVISIÓN LOCAL EN LUGO

- **Que tipo de financiamento debería ter esa televisión local: público ou privado?**

“Eu creo que público ten que haber, ademais eu son un gran defensor da televisión galega, que ten que coidarse moitísimo sobre todo porque as televisións grandes parece que xa caen máis de caixón, pero ás pequenas se cuestiona o valor que teñen. Eu son un gran defensor delas porque ese valor do que falabamos antes, de poñer en valor o próximo, véxoo moi importante. E nin falar de ter unha televisión en lingua galega, neste caso unha televisión local de Lugo en lingua galega que axude a preservar o patrimonio tan importante e valioso como é o galego”.

- **Que tipo de cobertura cres que sería máis adecuada: municipal, comarcal ou provincial?**

“Eu creo que cabe todo no sentido de que entendo que a idea sería situar esa televisión en Lugo cidade, pero creo que non ten por que ser excluínte. É dicir, pode abarcar moito máis, mesmo a nivel provincia. E aínda que non o abarcase, podería emitirse igualmente, a televisión local en Lugo podería verse noutros lugares”.

- **Que contidos che gustaría ver na televisión local?**

“Creo que é moi importante, como dicía antes, os contidos culturais, de concienciación... Tamén claro, eu falo desde o meu ámbito, de cousas nas que eu estou involucrado e que creo que teñen saída. Concienciación ambiental, a nivel para patrimonial, moitas entrevistas, reportaxes para dar a coñecer persoas... porque creo que é moi importante ter referentes: persoas especiais da cidade e da provincia. Dar a coñecer e demostrar o valor que temos, é dicir, iso é autoestima. Eu estaba moi enfocado na necesidade de que Lugo traballase na súa autoestima, como quen vai ao psicólogo, para xestionar esa cuestión de autoestima. Creo que estamos a mellorar moito e agora xa estou a falar menos diso porque creo que avanzamos, pero non debemos esquecernos, senón que creo que debemos seguir traballando ese tema e coidando a nosa cabeza individual e colectiva”.

- **En que lingua cres que deberían emitirse eses contidos?**

*Contestada na pregunta de: *que tipo de financiamento...*.*

- **Que tipo de emisión de contidos sería a máis propicia: a través de TDT ou a través de novas plataformas dixitais?**

“A min gustaríame que fose das dúas maneiras. Imaxino en certo xeito como a TVG, pero a nivel local ou provincial, pero creo que é moi interesante xerar contidos en diversas plataformas dixitais, e por poñer un exemplo que me parece excepcional, é o ‘ Dígocho eu’ de Esther Estévez, que creo que é un contido que se xera da televisión tradicional, pero logo sácase en TikTok e conéctase con outros tipos de públicos e creo que estamos nese momento e veremos onde imos, pero estamos nese momento”.

- **Autorizas a difusión destes datos no Traballo Final de Grado de Jessica Fernández Cerdeira, titorizado pola doutora Ana Isabel Rodríguez Vázquez?**

“Por suposto”.